

Ordenanzas fiscais

2022



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



INDICE

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DA TAXA POR TRAMITACIÓN OU EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.	7
ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DE VIXILANCIA DE ESPECTÁCULOS OU TRANSPORTES.	14
ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS...	17
ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.	24
ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.	31
ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS.	37
ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, SALVAMENTOS E OUTROS.....	41
ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA DE CEMITERIOS MUNICIPAIS CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES.	46
ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, RELACIONADOS CON ANIMAIS DE COMPAÑÍA E OUTROS SERVIZOS DE PREVENCIÓN.....	52
ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.....	55
ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS PARA INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES.	58

ORDENANZA FISCAL Nº 13

REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS
DE SERVIZOS URBANOS DE TRANSPORTE 61

ORDENANZA FISCAL Nº 14

REGULADORA DA TAXA POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA E ALMACENAMENTO DE VEHÍCULOS..... 64

ORDENANZA FISCAL Nº 15

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS..... 67

ORDENANZA FISCAL Nº 16

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MUSEOS
E OUTRAS INSTALACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DA CORUÑA..... 80

ORDENANZA FISCAL Nº 17

REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES..... 86

ORDENANZA FISCAL Nº 18

REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS..... 89

ORDENANZA FISCAL Nº 21

REGULADORA DA TAXA QUE REXE O ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE
TRACCIÓN MECÁNICA NAS VÍAS PÚBLICAS..... 93

ORDENANZA FISCAL Nº 22

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL..... 96

ORDENANZA FISCAL Nº 23

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SOLO E VOO DE VÍAS PÚBLICAS
E OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL..... 99

ORDENANZA FISCAL Nº 24

REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS
CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS POLAS EMPRESAS
EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS QUE LLE AFECTEN Á XENERALIDADE
OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DA VECIÑANZA..... 102

ORDENANZA FISCAL Nº 25

REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS DENDE A VÍA PÚBLICA AOS EDIFICIOS,
LOCAIS E SOARES E DAS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA, DESCARGA
E OUTRAS ACTIVIDADES EN INTERESE PARTICULAR..... 105

ORDENANZA FISCAL Nº 26

REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE
USO PÚBLICO, ASÍ COMO AS REMOCIÓNS DE PAVIMENTOS OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA..... 110

ORDENANZA FISCAL Nº 27

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCANCÍAS,
MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS
INSTALACIÓNS ANÁLOGAS..... 113

ORDENANZA FISCAL Nº 28

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS, TRIBUNAS, ELEMENTOS AUXILIARES, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.	116
--	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 29

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON QUIOSCOS.....	119
--	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 30

REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MERCADOS MUNICIPAIS.	122
---	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 31

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.	131
---	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 32

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON DEPÓSITOS E APARELLOS DISTRIBUIDORES DE COMBUSTIBLE E, EN XERAL, DE CALQUERA ARTIGO OU MERCANCÍA; ASÍ COMO POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DERIVADO DA UTILIDADE ASOCIADA A INSTALACIÓN DE DEPOSITOS, APARELLOS DISTRIBUIDORES, CAIXEIROS E OUTROS ELEMENTOS SIMILARES CON ACCESO O FRENTE A VIAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO.	134
---	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 33

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS PARA A INSTALACIÓN DEFIOS CONDUTORES, CABLES E OUTROS TRANSPORTADORES ANÁLOGOS.	137
--	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 51

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.....	140
--	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 52

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.....	146
---	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 53

REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.....	152
---	-----

ORDENANZA FISCAL Nº 54

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.	160
CATEGORÍA FISCAL DAS RÚAS.....	164

ORDENANZA FISCAL Nº 55

REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE, CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.	198
---	-----

ORDENANZA Nº 41

REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS.	205
---	-----

ORDENANZA Nº 42

REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE AOS MUNICIPIOS DA ÁREA DA CORUÑA.	207
--	-----

ORDENANZA Nº 43

REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DE
INSTALACIÓNS CULTURAIS, EDUCATIVAS, DE OCIO E ANÁLOGAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL..... 208

ORDENANZA Nº 44

REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DE
INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE PÚBLICA MUNICIPAL CUXA XESTIÓN ESTÁ ENCOMENDADA AO IMCE..... 216

ORDENANZA Nº 45

REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DE BENS DE PROPIEDADE MUNICIPAL. 222

ORDENANZA Nº 46

ORDENANZA REGULADORA DEL PRECIO PÚBLICO POR LA PRESTACIÓN DE SERVICIOS
Y UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES EN LOS CENTROS MUNICIPALES DE EMPRESAS
DE LA GRELA Y DEL PAPAGAIO..... 224

ORDENANZA FISCAL Nº 19

XERAL DE CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS. 229

ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS..... 236

ORDENANZA XERAL DE RECADACIÓN 241

ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN. 283

REGULAMENTO DA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS MUNICIPAIS 335

**ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO
NON TRIBUTARIA POLA SUBMINISTRACIÓN E UTILIZACIÓN DE AUGA POTABLE E SERVIZOS
AUXILIARES NO TERMO MUNICIPAL DA CORUÑA..... 350**

**ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO
NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO DE DEPURACIÓN E SANEAMENTO NO TERMO
MUNICIPAL DA CORUÑA. 361**

ORDENANZA FISCAL Nº 1

REGULADORA DA TAXA POR TRAMITACIÓN OU EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

1

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por tramitación ou expedición de documentos administrativos a que se refire o artigo 20.4 a) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, por instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.
2. Para estes efectos, entenderase tramitada por instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non medíase unha solicitude expresa do interesado.
3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais fronte a este municipio, así como as consultas tributarias, as solicitudes de devolución de ingresos indebidos, e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole. Tampouco estará suxeita a expedición de certificados esixidos polas administracións públicas na tramitación de expedientes para a concesión de axudas á adquisición ou rehabilitación de vivendas, pensións non contributivas, xustiza gratuíta, internamento en centros de acollida e outros beneficios asistenciais de carácter social.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cóos expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

1

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos que se vaian tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. Nas instancias nas que se solicite a tramitación de instrumentos de planeamento, a cota calcularase en función do aproveitamento lucrativo asignado ao polígono. Nas solicitudes presentadas para executar proxectos de urbanización, calcularase en función do orzamento de execución material das obras. Nas licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables e permisos, a cantidade que hai que aboar fixarase en función dos dereitos que correspondan na ordenanza correspondente.

ARTIGO 6. TARIFAS.

TARIFAS

1	Tarifa xeral:	
1.1	Planos e documentos técnicos	
	Das copias de planos existentes en calquera dependencia municipal, segundo formato:	
1.1.1	Planos tamaño DIN A-4	1,43
1.1.2	Planos tamaño DIN A-3	2,91
1.1.3	Planos tamaño DIN A-2	5,77
1.1.4	Planos tamaño DIN A-1... ..	11,59
1.1.5	Planos tamaño maior que DIN A-1	21,90
1.1.6	Planos dixitalizados editados en serie	66,86
1.2	Anuncios	
1.2.1	Carteis de calquera clase, non permanentes, expostos ao público	0,09
1.2.2	Anuncios, en iguais circunstancias, distribuídos en man.....	0,79
1.3	Antecedentes e outros:	
1.3.1	Por procura, busca ou cotexo de documentos e/ou expedientes finalizados	
1.3.1.1	ata cinco anos de antigüidade	4,06
1.3.1.2	de 5 a 10 anos de antigüidade	5,57
1.3.1.3	de 10 a 15 anos de antigüidade	7,08
1.3.1.4	de 15 a 20 anos de antigüidade	8,59
1.3.1.5	de 20 a 25 anos de antigüidade	10,10
1.3.1.6	de máis de 25 anos de antigüidade, por cada 5 anos ou fracción de exceso	1,51
1.3.2	Por verificación de poderes e autorizacións	6,37
1.3.3	Por exame ou cotexo de documentos nos cambios de titularidade de mausoleos, panteóns, sepulturas, nichos e cinceiros:	
1.3.4.1	Cando sexan de transmisión directa	12,89
1.3.4.2	Nos demais casos.....	14,00
1.4	Certificacións e copias:	
1.4.1	Certificacións municipais n.c.o.e	2,50
1.4.2	Certificacións municipais obtidas a través da páxina web	0,00

1.4.3	Copias de documentos incorporados a expedientes administrativos, compulsas, así como outros documentos, en xeral n.c.o.a.de ata 5 fotocopias DIN A4, por documento ou documentos que esixan fotocopias con outro formato	1,50
1.4.4	Copias de documentos incorporados a expedientes administrativos, compulsas, así como outros documentos, en xeral n.c.o.a.de mais de 5 fotocopias DIN A4, por documento ou documentos que esixan fotocopias con outro formato	2,91
1.4.5	Copias de planos de proxectos técnicos incorporados expedientes administrativos ou compulsas, por plano, cando se fotocopie o proxecto completo	2,50
1.4.6	Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais, por instancia de parte	27,99
1.4.7	Certificacións de cualificación urbanística, servizos urbanísticos, auga, rede de sumidoiros, alturas, sinalización de liña e outros análogos	27,99
1.4.8	Certificacións de acordos da Corporación	14,50
1.4.9	Certificacións de informacións testificais feitas na Alcaldía	14,50
1.4.10	De cada documento que a Alcaldía vise ou legalice coa súa sinatura.....	9,38
1.4.11	Documentos análogos non comprendidos nos apartados anteriores, incluíndo os visados e demais actuacións que teñan que producir efectos ante terceiros.....	6,10
1.4.12	Expedición, por instancia de particulares interesados, de copias de atestados policiais, tanto en papel como vía telemática.	51,18
1.4.13	Expedición, a instancia de particulares interesados, de copias de informes de accidentes de tráfico, tanto en papel como vía telemática	30,00
1.5	Instancias:	
1.5.1	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite licenza, comunicacións previas ou declaracións responsables de obras de nova planta, por construción ou reforma, así como licenza de demolición e escritos nos que se promovan expedientes de ruína ou inclusión de predios no rexistro de soares	27,99
1.5.2	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite licenza, comunicacións previas ou declaracións responsables de obras de tramitación abreviada (obras menores)	6,37
1.5.3	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite licenza comunicacións previas ou declaracións responsables para verificar movementos de terra, escavacións, desmontes e outras análogas..	27,99
1.5.4	En cada instancia en que se solicite o cerramento de predios ou valado de soares e obras	7,71
1.5.5	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite a apertura de establecementos, ou variación de outras circunstancias que non impliquen a realización da obra	16,40
1.6	Cemiterios:	
1.6.1	Nos títulos acreditativos de propiedade:	
1.6.1.1	De panteóns	97,51

1.6.1.2	De sepulturas subterráneas.....	14,50
1.6.1.3	De nichos	6,37
1.6.1.4	De cinceiros	2,45
1.6.2	En resolucións de cambio de titularidade de panteóns:	
1.6.2.1	Por venda ou cesión.....	57,93
1.6.2.2	Por herdanza.....	20,28
1.6.3	En resolucións de cambio de titularidade de sepulturas subterráneas:	
1.6.3.1	Por venda ou cesión.....	15,43
1.6.3.2	Por herdanza.....	2,54
1.6.4	En resolucións de cambio de titularidade de nichos:	
1.6.4.1	Por venda ou cesión.....	15,43
1.6.4.2	Por herdanza.....	2,54
1.6.5	En resolucións de cambio de titularidade de cinceiros:	
1.6.5.1	Por venda ou cesión.....	6,37
1.6.5.2	Por herdanza.....	2,54
1.7	Licenzas comunicacións previas ou declaracións responsables e permisos.	
1.7.1	Nas licenzas comunicacións previas ou declaracións responsables e permisos de calquera clase, sen prexuízo dos dereitos da correspondente ordenanza, adheriranse selos de acordo coa seguinte escala:	
1.7.1.1	Ata 30,05 euros de dereitos	5,45
1.7.1.2	De 30,06 a 60,10 euros de dereitos.....	10,95
1.7.1.3	De 60,11 a 150,25 euros de dereitos.....	21,90
1.7.1.4	De 150,26 a 300,51 euros de dereitos.....	54,74
1.7.1.5	Máis de 300,51 euros de dereitos, cada 30,05 euros ou fracción de exceso .	0,77
1.7.2	Licenzas para vehículos da clase A (autotaxis).....	139,32
1.7.3	Licenzas para vehículos da clase C (servizos especiais de aboamento).....	139,32
1.7.4	Licenzas para vehículos da clase D (vehículos sen condutor).....	139,32
1.7.5	Licenzas para vehículos non incluídos nos grupos anteriores.....	23,23
1.7.6	Permisos para condutor de automóviles de alugueiro e demais públicos ...	12,80
1.7.7	Permiso por expedición tarxeta de armas de 4ª categoría	20,00
1.8	Homologación de empresas privadas dedicadas á recollida e transporte de residuos municipais	
1.8.1	Pola homologación inicia.....	219,38
1.8.2	Por renovación	164,54
	As empresas que acrediten unha antigüidade no servizo de, polo menos, os cinco anos anteriores á solicitude de homologación, será reducida a súa cota pola aplicación, sobre as tarifas do punto 1.8.1, dun coeficiente do 0,20.	
1.9.1	Pola tramitación de expedientes de deficiencias.....	100
1.9.2	Pola tramitación de expedientes de declaración de ruina.....	350

1.9.3	Pola anotación no Rexistro da Propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custo da nota marginal nese rexistro	
1.10	Impresos e placas:	
1.10.1	Por cada exemplar do orzamento	17,46
1.10.2	Por cada ordenanza municipal.....	1,76
1.10.3	Por cada exemplar completo das ordenanzas fiscais.....	28,96
1.10.4	Exemplar completo do Plan Xeral, en calquera soporte	164,33
1.10.4.1	Normas zonais do Plan Xeral	28,45
1.10.4.2	Planos	75,86
1.10.4.3	Memoria.....	18,97
1.10.4.4	Catálogo	41,05
1.10.5	Por cada exemplar do rueiro municipal.....	15,82
1.10.6	Reposición de sinais de vao permanente e outras que subministre o Concello	49,15
1.11	Tarxeta Coruña Millenium	
1.11.1	Pola expedición de cada tarxeta.....	3,00
1.11.2	Pola expedición de cada tarxeta a empadroados no Concello da Coruña e que se encontren nun colectivo de protección social	0,00
1.11.3	Por reposición por roubo,extravío, deterioro, ou calquera outra causa imputable oa uso inadecuado da tarxeta	7,00
1.11.4	Por reposición por mal funcionamento ou erros de personalización non atribuíblesao titular da tarxeta.....	0,00
	Terán a consideración de colectivo de protección social aqueles así expresamente recollidos na normativa municipal reguladora da tarxeta Millenium, redactadas deconformidade co establecido no artigo 38 da Ordenanza municipal de Transportes [BOP 14/11/1992].	
1.12	Outras tarxetas	
1.12.1	Tarxeta de de circulación con vehículo por rúa peatonal, nominativa e por ano en curso: pola expedición, renovación, reposición por roubo, extravío, deterioro ou calquera outra causa imputable ao uso inadecuado da tarxeta .	3,00
1.12.2	Tarxeta de estacionamento reservado a persoas discapacitadas: pola emisión dun duplicado por roubo, extravío, deterioro ou calquera outra causa imputable ao uso inadecuado da tarxeta.....	3,00
1.13	Por tramitación das certificacións expedidas no Punto de Información Catastral situado nas oficinas municipais	6,18
2	Dereitos de exame:	
2.1	Exame para prazas encadradas no grupo A 1 ou asimilado.....	24,16
2.2	Prazas do grupo A 2 ou asimilado	19,31
2.3	Prazas do grupo C 1 ou asimilado.....	14,50

2.4	Prazas do grupo C 2 ou asimilado.....	9,65
2.5	Prazas de "outras agrupacións profesionais ou asimilado".....	4,85
2.6	Dereitos de exame para calquera dos grupos anteriores, para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente).....	0,00
3.	Regras complementarias:	
3.1	Os dereitos regulados nesta ordenanza son compatibles con calquera outro que poida esixirse por prestación de servizos ou aproveitamentos especiais.	
3.2	A pesar do sinalado na regra precedente, non serán obxecto de exacción os epígrafes correspondentes á presentación de instancias e reintegro de licenzas cando se xerasen as taxas reguladas nas ordenanzas de outorgamento de licenzas comunicación previa ou declaracións responsables urbanísticas e aperturas de establecementos, entendéndose incluídas naquelas. Cando por denegación das licenzas solicitadas tivese que procederse á devolución dos depósitos constituídos por aquelas ordenanzas, procederase a liquidar e deducir do importe que hai que devolver a taxa que corresponda á tramitación do expediente, conforme ás tarifas do número 1 deste artigo. No caso das licenzas comunicación previa ou declaracións responsables de apertura, a tarifa graduarase en función dos dereitos que se xerarian se se tivesen outorgado ou formalizado aquelas.	
3.3	Non están suxeitas ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza a expedición das certificacións necesarias para a inscrición no Rexistro da Propiedade dos inmobles obxecto de transferencias urbanísticas.	

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.
2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2, a xeración da taxa prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provexan a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen a solicitude previa do interesado, pero redunde no seu beneficio

ARTIGO 8. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación polo procedemento de selo municipal adherido ou impreso mecanicamente ao escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos, se aquel escrito non existise ou a solicitude non fose expresa.
2. As compañías de seguros acreditadas para a obtención telemática de copias de atestados, e sempre que asinasen o convenio correspondente, poderán aboar as liquidacións que lles correspondan nas condicións e periodicidade que se estableza nos convenios aprobados.

3. Os escritos recibidos polos condutos aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente; pero non serán tramitados sen que se corrixa a deficiencia, para cuxo fin será requirido o interesado para que no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes, co apercibimento de que, transcorrido o devandito prazo, a solicitude será arquivada. A mesma norma será de aplicación nos supostos contemplados no número 2 do artigo 2. En todos estes casos esixiranse, ademais, os gastos de correo que se orixinen.
4. Os funcionarios que teñan ao seu cargo a tramitación dos expedientes suxeitos ao pagamento desta taxa non admitirán nin tramitarán ningún documento sen que leve adherido o timbre correspondente, sobre o que se estampará a data para inutilizalo. As certificacións ou documentos expedidos por petición de xulgados ou tribunais para toda clase de preitos non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a cota correspondente.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 4 de novembro do 2021, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2022 e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA FISCAL Nº 2

REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DE VIXILANCIA DE ESPECTÁCULOS OU TRANSPORTES.

2

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa pola prestación de servizos especiais de vixilancia de espectáculos ou transportes, a que se refire o artigo 20.4 g) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos seguintes servizos especiais de competencia municipal, por instancia de parte:
 - a) Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calquera outro que sexa motivado pola realización de espectáculos e espaxamentos públicos que pola súa natureza, pola aglomeración de público que provoque ou polas necesidades de ordenar o acceso e a saída do público e vehículos, así o esixa.
 - b) Condución, vixilancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través das vías públicas do municipio.
 - c) Calquera outro servizo análogo aos anteriores que sexa motivado por actividades que exixan a súa prestación.
2. Entenderanse prestados por instancia de parte os referidos servizos cando estes fosen provocados polo suxeito pasivo ou redunden no seu beneficio, aínda que non os solicitase de forma expresa.

ARTIGO 3. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan:
 - a) Titulares, empresarios ou organismos, se é o caso, dos espectáculos e espaxamentos que motiven a prestación dos servizos especiais sinalados no número anterior.
 - b) Titulares da empresa que realice os servizos de transporte ou, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os seus propietarios.
 - c) Peticionarios dos demais servizos especiais e quen os provoque ou resulte beneficiario deles, aínda que non os solicite.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA E TARIFAS.

Tarifas

1. Por cada policía, bombeiro, funcionario ou empregado municipal, por hora ou fracción 22,31
2. Por cada vehículo municipal usado, por hora ou fracción:
 - 2.1 Automóbiles 40,19
 - 2.2 Motocicletas 17,18
 - 2.3 Camións 57,60
 - 2.4 Vehículos especiais (escaleira, grúa, motobomba, etc.) 91,74
3. Tarifa mínima.
En todo caso, os dereitos por prestación deste tipo de servizos non poderán ser menores de 92,39
4. Na aplicación da tarifa observaranse as seguintes regras:
 - a) As cotas incrementaranse nun 50% cando os servizos teñan lugar entre as 20 e as 24 horas do día e nun 100% se se prestasen entre as 0 e as 8 horas en domingos e días festivos.
 - b) O tempo de prestación efectiva dos servizos computarase tomando como momento inicial o da saída dos efectivos dos seus respectivos acuartelamentos e como final o da súa entrada, unha vez concluído o servizo.
 - c) O material consumible que se empregue, distinto do necesario para o funcionamento dos vehículos, será aboado polo suxeito pasivo.

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cós expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 6. XERACIÓN DA TAXA.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicia a prestación do servizo. Cando se actúa por petición de parte, enténdese iniciada a prestación cando se resolve positivamente a solicitude do interesado.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza presentarán un escrito dirixido á Xunta de Goberno Local determinando o día, a hora e o lugar en que debe ser prestado o servizo, o seu contido e a súa duración prevista. A petición deberá formularse cunha antelación mínima de oito días.

2. No momento de formular a solicitude, o contribuínte procederá a autoliquidar e ingresar a cota que corresponda en concepto de depósito previo, conforme ao previsto no artigo 27 do Real decreto lexislativo 2/2004.
3. A solicitude será resolta pola Xunta de Goberno Local, dando conta ao interesado e ao servizo que deba executalo. Se se denegase a súa prestación devolverase o depósito constituído; se se concede aprobarase a liquidación provisional.
4. Unha vez prestado o servizo, o xefe da dependencia dará conta do seu cumprimento, da súa duración e do seu contido, e executarase, se é o caso, a liquidación que corresponda polo exceso de tempo ou dos medios empregados.
5. No suposto do artigo 2.2º, a liquidación será aprobada pola Xunta de Goberno Local logo do informe previo do xefe do servizo, no que se farán constar as circunstancias do caso, o tempo empregado e os medios utilizados. Esta liquidación será notificada para ingreso directo unha vez que se prestou o servizo e o seu pago efectuarase nos prazos sinalados nas normas de recadación.
6. A renuncia á petición, unha vez iniciada a prestación do servizo, ou a menor duración deste sobre o solicitado e concedido non dará lugar a ningunha devolución.
7. En todo caso, o acordo de prestación do servizo quedará supeditado á prioritaria atención dos servizos de vixilancia xeral.

ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 19 de decembro do 2008, comezará a rexer a partir do 1 de xaneiro do 2009 e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA FISCAL Nº 3

REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS.

3

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa polo outorgamento de licenzas e outros servizos urbanísticos, a que se refire o artigo 20.4 h) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa toda realización de actividade municipal orixinada por outras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e tendente á transformación do solo para a súa edificación, así como á verificación de que os actos de edificación e uso de solo que teñan que realizarse no termo municipal se axusten ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas na lexislación urbanística e no Plan Xeral da Coruña.

En concreto, e sen que a enumeración teña carácter limitativo, quedan englobados no feito impoñible da presente taxa os seguintes servizos urbanísticos:

- a) Consultas previas, informes e certificados urbanísticos
- b) Cédulas urbanísticas
- c) Licenzas de parcelamento
- d) Obras ordinarias de edificación
- e) Proxectos de delimitación de ámbitos de actuación, áreas de reparto ou unidades de execución
- f) Proxectos de compensación ou de reparcelamento
- g) Expropiación forzosa a favor de particulares
- h) Sinalización de aliñacións e rasantes
- i) Licenzas de obras ou instalacións.
- j) Comunicacóns previas ou declaracións responsables.

ARTIGO 3. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan solicitantes da licenza ou que presenten comunicacóns previas ou declaracións responsables, así como aqueles que executen as instalacións, obras ou construcións sen que obtivesen a preceptiva licenza nin presentado comunicacóns previas ou declaracións responsables.
2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

3. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE.

Constitúe a base imponible da taxa:

- a) Nos servizos urbanísticos, o número de servizos prestados.
- b) Nos proxectos de compensación e reparcelamento, a edificabilidade resultante expresada en metros cadrados.
- c) Nas expropiacións a favor de particulares, os metros cadrados de superficie expropiada.
- d) Nas obras de nova planta e reconstrución, a superficie expresada en metros cadrados.
- e) Nas obras de reforma, a superficie expresada en metros cadrados.
- f) En demolicións, a superficie expresada en metros cadrados.
- g) En cerramentos de predios e soares, a lonxitude expresada en metros lineais.
- h) En obras ou instalacións na vía pública, a lonxitude ou superficie afectada polas obras ou instalacións, expresada en metros lineais ou cadrados, respectivamente, ou o número de unidades, segundo as características da actuación.
- i) Nas instalacións industriais de maquinaria e análogas, a potencia dos aparatos ou o número de unidades, segundo as súas características.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria dos diferentes servizos a prestar (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables) resultará de aplicar as seguintes tarifas:

1	Informes técnicos e outros servizos urbanísticos.....	
1.1	Por cada aliñación ou tira de corda realizada sobre o terreo:	
1.1.1	Ata 100 metros	193,09
1.1.2	Por cada metro lineal ou fracción de exceso.....	1,66
1.1.3	En zona rústica, sen actuación pericial sobre o terreo	36,22
1.2	Expropiacións en beneficio de particulares, por cada m2 de superficie obxecto de cada actuación	0,82
1.2.1	Proxectos de compensación, por cada m2 de edificabilidade.....	0,77
1.2.2	Proxectos de reparcelamento, por cada m2 de edificabilidade	2,03
1.2.3	Licenzas de parcelamento, por cada m2 de superficie	0,12
1.3	Informes técnicos sobre proxectos, non relacionados coa concesión de licenzas.....	80,82
1.4	Por expedición de placa identificadora da licenza de actividade prevista na Ordenanza medioambiental.....	122,57
2	Obras de nova planta e reconstrución:	
2.1.1	Ata 100 m2 da superficie que se vai construír, por m2	3,65
2.1.2	De 101 a 200 m2 da superficie que se vai construír, por m2	4,30
2.1.3	De máis de 200 m2 da superficie que se vai construír, por m2	4,85

2.2	Edificios destinados a oficinas, despachos, almacéns, comercio e outros usos de negocio, por m2 da superficie que se vai construír	4,85
2.3	Edificios destinados a actividades industriais e fabrís (naves industriais), colexios, clínicas, hospitais e usos análogos, por m2 da superficie que se vai construír	2,45
2.3.1	Instalacións deportivas, por m2 da superficie que se vai construír	1,15
2.4	Alpendres sen cerrar, por m2	1,15
3	Obras de reforma:	
3.1	Por reforma de fachadas sen afectar ao interior do edificio, por cada m2 ou fracción de superficie, sen deducir ocos	1,15
3.2	Por reparación de cubertas de edificios sen afectar ao interior nin á súa estrutura, por m2 ou fracción	1,15
3.3	Obras de reforma interior de edificios, por m2 ou fracción de superficie afectada pola obra	1,85
3.4	Obras de reforma e adaptación de locais para a realización de actividades económicas (comercio, industria, profesionais, artistas, espectáculos, etc.), por m2 ou fracción	2,45
3.5	Obras de rehabilitación de edificios declarados Ben de Interese Cultural, e edificios singulares cuxa única actuación posible, segundo o Planeamento, sexa a de conservación total do inmovble	0,00
3.6	Obras de conservación, rehabilitación ou edificación que poidan ser subvencionadas de acordo co previsto na Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmovbles, cando se soliciten e obteñan a correspondente subvención	0,00
4	Demolicións, desmontes e explanacións:	
4.1	Obras de demolición de edificios e construcións, por cada m2 ou fracción de superficie para demoler	0,65
4.2	Obras consistentes en desmontes, escavacións, movementos de terras ou explanacións de terreos, por m3 de terra removida	0,32
5	Cerramentos de soares e terreos.	
5.1	Obras de cerrado de soares:	
5.1.1	Por metro lineal ou fracción de cerca	4,85
5.1.2	En zona rural ou industrial, por metro lineal ou fracción cerrado con obra de fábrica	1,15
5.1.3	En zona rural ou industrial, por metro lineal ou fracción cerrado con postes e arame	0,65
6	Obras no solo, subsolo e voo de titularidade pública:	
6.1	Colocación de cables subterráneos, por metro lineal ou fracción	0,32
6.2	Colocación de tubos no subsolo da vía pública, por metro lineal ou fracción	0,32
6.3	Colocación de postes na vía pública, por unidade	37,51
6.4	Colocación de escuadras na vía pública, por unidade	3,65
6.5	Acometidas aos servizos de rede de sumidoiros, auga, electricidade, teléfono e outros similares tendidos no solo, subsolo e voo da vía pública, por acometida	19,31
6.6	Colocación de quioscos na vía pública, por m2 ou fracción de superficie ocupada	19,31
6.7	Colocación de rótulos e anuncios fixos (permanentes ou temporais), por m2 ou fracción	9,65

3

6.8	Instalación ou construción de galerías, terrazas, miradoiros ou balcóns que voen sobre a vía pública; por cada m2 ou fracción de superficie de tales elementos construtivos	37,51
6.8.1	Galerías cuxo elemento principal sexa a madeira e que se constrúan independizadas e sen formar parte como prolongación dos cuartos da vivenda, da que deben estar independizadas por muro ou plano de fachada; por m2 ou fracción de superficie de tales elementos construtivos	18,25
6.8.2	Restauración e reparación dos elementos a que se refire o epígrafe anterior	0,00
6.9	Colocación de toldos, cortinas e outros elementos salientes de material téxtil, por m2 ou fracción de superficie do elemento	1,94
6.9.1	Colocación de marquesiñas e outros elementos fixos de materiais duradeiros que saian cara á vía pública, por m2 ou fracción	11,59
7	Instalacións industriais:	
7.1	Instalacións de aparatos de calefacción e xeradores de vapor, por unidade ...	37,51
7.2	Instalacións de cámaras frigoríficas, por unidade	37,51
7.3	Instalacións de ascensores e montacargas, por unidade	24,34
7.4	Instalacións de depósitos de combustibles, líquidos, etc., por m3 ou fracción	0,97
7.5	Instalacións de transformadores, por Kw.	0,32
7.6	Instalacións de fornos industriais, por unidade	19,49
7.7	Instalación de motores, por HP ou fracción de potencia	0,32
8	Outras instalacións:	
8.1	Instalación de aparatos de calefacción, auga quente ou refrixeración para edificios destinados a vivendas, por planta	36,17
8.2	Instalacións de ascensores e montacargas para edificios destinados a vivendas, por planta	20,09
8.3	Antenas de televisión terrestre e satélite	40,07
	NOTA COMÚN AOS NÚMEROS 2 A 8: Os dereitos pola concesión de prórroga do prazo de licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables, cando se concedan, fíxanse no 3% da parte de obra que resta por executar.	
9	Tarifa mínima. En todo caso, os dereitos por presentación de comunicacións previas ou declaracións responsables, así como polo outorgamento das preceptivas licenzas para calquera clase de obras ou instalacións non poderán ser inferiores a	40,19

II. Regras complementarias:

1. Para determinar a superficie das obras e instalacións, terase en conta a totalidade das súas plantas e espazos construídos.
2. Os dereitos esixibles en virtude desta ordenanza son compatibles con calquera outro que resulte da prestación doutros servizos ou da realización de aproveitamentos especiais, sen prexuízo do establecido no apartado 1.7.1 do artigo 6. da ordenanza fiscal núm. 1.
3. As obras de reforma e adaptación de locais contempladas no epígrafe 3.4 serán obxecto, segundo a súa entidade, da tramitación da preceptiva licenza ou presentación de comunicación previa ou declaración responsable, que serán formuladas ao tempo das que corresponda para a apertura
4. Cando se trate de solicitudes de legalización de calquera tipo de obra, á cota resultante de aplicar as tarifas anteriores aplicaráselle un coeficiente corrector do a efectos de determinar o importe a pagar.

ARTIGO 6. SUPOSTOS ESPECIAIS DE NON SUXEIÇÃO.

Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa, pero si á obriga de solicitar a oportuna licenza, ou no seu caso a presentación de comunicación previa ou declaración responsable:

- a) As obras que teñan que efectuar os particulares na vía pública ou na fachada dos pisos baixos como consecuencia directa das modificacións de aliñacións ou rasantos, canalizacións ou redes de sumidoiros que realice o Concello da Coruña.
- b) O branqueo ou pintado de fachadas e muros e o tratamento de peches e valados existentes para o seu tratamento nas mesmas condicións que as autorizadas
- c) Os derrubamentos ou demolicións que se produzan como consecuencia de declaracións de ruína inminente e que fosen ordenados polo Concello.

ARTIGO 7. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cóos expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

ARTIGO 8. XERACIÓN DA TAXA.

1. Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza, nin presentado comunicación previa ou declaración responsable cando corresponda, a taxa xerárase cando se inicie a actividade municipal que conduce a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable.

ARTIGO 9. DEPÓSITO PREVIO E AUTOLIQUIDACIÓN.

1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior e a teor da facultade que confire o artigo 26 do Real decreto lexislativo 2/2004, esixirase o depósito previo do importe da taxa regulada nesta ordenanza, e para este fin o solicitante da licenza procederá a liquidar o seu importe e ingresar a cantidade resultante. O depósito será aplicado á satisfacción da cota tributaria no momento de outorgarse a licenza, e efectuarase a correspondente liquidación provisional, con reintegro do seu importe ao interesado se por causas non imputables a el non chegase a prestarse o servizo.
Se da liquidación practicada resultase unha cota superior ou inferior ao depósito constituído, procederase a requirir o ingreso da diferenza antes de expedir a licenza, no primeiro caso, e á devolución do exceso, no segundo.
Xuntamente co depósito previo ingresarase o importe estimado dos anuncios que sexa necesario publicar e outros gastos análogos que sexan por conta do interesado.
2. Nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, os obrigados tributarios virán obrigados a presentar ante o Concello autoliquidación segundo o modelo determinado pola Administración Municipal e simultaneamente procederá a ingresar en fondos municipais a cota que resulte. En devandito documento o declarante fará constar todos os elementos da relación tributaria que sexan necesarios para efectuar a liquidación e realizará a mesma.
3. Quedan excluídas da obriga de constituír depósito previo e no seu caso presentar au-

toliquidación, aquelas entidades públicas que, en virtude de lei, están exceptuadas da presentación de fianzas ou depósitos. Este beneficio non supoñerá a exención do tributo, que deberá ser aboado como requisito previo ao despacho da licenza.

3

ARTIGO 10.

NORMAS DE XESTIÓN.

1. Previamente ao outorgamento da licenza efectuarase a liquidación provisional dos dereitos ou taxas que procedesen e a Intervención Municipal procederá á censura correspondente.
- A Xunta de Goberno Local procederá a aprobar a liquidación no mesmo acto no que resolva sobre a concesión da licenza solicitada. A notificación será conxunta. As liquidacións así efectuadas terán carácter provisional ata que, unha vez rematadas as obras, sexa comprobado pola Administración Municipal o efectivamente realizado, requiríndolles para iso aos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. Á vista do resultado da comprobación efectuarase a liquidación definitiva.
- Nos casos en que as obras realícense previa presentación de comunicación previa ou declaración responsable, o Servizo de Urbanismo correspondente, comunicará ao Servizo de Xestión Tributaria os supostos nos que a autoliquidación inicial non alcanza a totalidade da cota, procedéndose por parte de Xestión Tributaria a aprobar a liquidación complementaria que corresponda.
2. Antes de que sexa ditado o acto administrativo sobre concesión da licenza, ou no seu caso dentro dos tres meses seguintes a presentación da comunicación previa ou declaración responsable, os interesados poderán desistir ou renunciar expresamente a execución das obras e obter a devolución do 50% do depósito constituído, debendo deducirse do importe que hai que devolver o importe da taxa regulada na ordenanza fiscal núm. 1.
3. En caso de caducidade da licenza por non iniciárense as obras no prazo de seis meses, por interrupción inustificada ou polo transcurso do prazo na súa finalización, a resolución que se dite resolverá respecto da débeda tributaria liquidada. Se non dispuxese o contrario, o obrigado tributario non terá, pola soa circunstancia de non realizar as obras, en todo ou en parte, dereito á devolución das cantidades aboadas. Tampouco terá dereito a devolución se non realizase as obra nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable. En caso de concesión de prórrogas dos prazos de iniciación ou execución, a liquidación dos dereitos a que se refire a nota común aos números 2 a 8 do artigo 5, aprobarase na resolución administrativa que se dite como resultado do expediente tramitado polo servizo municipal que xestione o despacho das licenzas, sen prexuízo da obriga de constituír o depósito no momento da solicitude.
4. Nos casos de resolución denegatoria da pretensión formulada, procederase á devolución do depósito constituído, seguindo o procedemento que rexe a devolución de ingresos, unha vez que se comprobe que o interesado non realizase as obras ou fíxese uso das instalacións solicitadas, sen prexuízo das sancións legalmente previstas.
5. Ao Servizo Municipal de Inspección de Tributos remitiráselle unha copia dos actos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable así como de concesión da licenza, co fin de que se comprobe o estrito cumprimento das previsións consignadas neles en canto teña transcendencia de carácter fiscal. Todos os expedientes que se tramiten, de oficio ou por instancia de parte, e que supoñan a revisión ou revogación das liquidacións efectuadas ou a devolución de ingresos, serán informados polo Departamento de Facenda do Servizo de Xestión Tributaria e fiscalizadas pola Intervención.

6. As licenzas , comunicacións previas ou declaracións responsables, e as cartas de pago ou fotocopias dunhas e outras figurarán no lugar das obras mentres duren estas, para poder ser exhibidas por requirimento dos axentes da Autoridade Municipal.

ARTIGO 11. OUTORGAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS.

As persoas que pretendan a realización de obras non suxeitas ao pagamento da taxa conforme ao establecido no artigo 6 e quen pretenda ter dereito ao goce de calquera beneficio fiscal, de acordo co artigo 7, instaranos do Excmo. Concello ao tempo de solicitar a correspondente licenza, ou no seu caso de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, acreditando suficientemente as circunstancias que amparan ou seu dereito.

ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de doce artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 23 de decembro do 2013, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2014 e permanecerá en vigor ata que non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA FISCAL Nº 4
REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL
NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS
RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE
APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

4

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por Intervención Municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de Licenzas de Apertura de Establecementos, a que se refire o artigo 20.4i) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado Real Decreto lexislativo.

ARTIGO 2.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por inmovilización, retirada e almacenamento de vehículos, a que se refire o artigo 20.4 z) do propio real decreto lexislativo, de acordo co previsto no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial e cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

1. Constitúe o feito impoñible da presente exacción a prestación do servizo de recepción obligatoria de retirada, traslado e almacenaxe de vehículos que se encontrasen na vía pública e terreos adxacentes, así como a súa inmovilización.

A retirada, inmovilización, traslado e almacenaxe de vehículos producírase nos casos previstos na lexislación vixente e nos sinalados na regulamentación para corrección de infraccións na zona de regulación e ordenación de aparcadoiros, de acordo coas disposicións municipais que regulan este servizo.

2. A obriga de contribuír nacerá, e xerárase a taxa, no momento en que interveñan os axentes municipais co fin de retirar, trasladar ou inmovilizar os vehículos. Na modalidade de almacenaxe, xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que o vehículo chega ao local destinado ao seu depósito.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da L.X.T. que resulten afectadas pola prestación do servizo. A falta de proba en contra, entenderase que o afectado pola prestación do servizo é o titular que figure no permiso de circulación do vehículo.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da L.X.T.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables beneficios fiscais, salvo os que poidan establecerse en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 5. BASE DE GRAVAME.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa determinada en función da natureza do servizo prestado.

Rexerán as seguintes tarifas:

1	Retirada e traslado ao depósito, por cada vehículo:	
1.1	Vehículos cuxo almacenamento derive dunha orde xudicial	0,00
1.2	Vehículos previamente denunciados por roubo	0,00
1.3	Motocicletas, motocarros e vehículos análogos	24,72
1.4	Turismos e furgonetas cun peso máximo, con carga de ata 1.100 Kg.	83,67
1.5	Turismos e furgonetas de tonelaxe, con carga, superior a 1.100 Kg. ata 2.500 Kg.	98,87
1.6	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 2.500 Kg., ata 4.500 Kg.....	149,58
1.7	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 4.500 Kg., cun límite de 10.000 Kg.....	763,09
1.8	No caso de que non se produza o traslado do vehículo, por facerse cargo del o suxeito pasivo antes da saída do coche-grúa cara ao depósito, percibirase o 50% das tarifas anteriores.	
2	Almacenaxe de vehículos, por unidade:	
2.1	Vehículos declarados residuos	0,00
2.2	Vehículos cuxo almacenaxe derive dunha orde xudicial	0,00
2.3	Vehículos previamente denunciados por roubo	0,00
2.4	Almacenaxe de vehículos durante as 2 primeiras horas de estancia no depósito.....	0,00
2.5	Almacenaxe de vehículos a partir de 2 horas de estancia no depósito, ata as 24 horas	
2.5.1	Motocicletas, motocarros e vehículos análogos, por hora	0,32
2.5.2	Turismos e furgonetas cun peso máximo, con carga, de ata 1.100 Kg., por hora.....	0,55
2.5.3	Turismos e furgonetas de tonelaxe, con carga, superior a 1.100 Kg. ata 2.500 Kg., por hora.....	1,13
2.5.4	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 2.500 Kg., ata 4.500 Kg., por hora.....	1,96
2.5.5	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 4.500 Kg., cun límite de 10.000 Kg., por hora.....	3,12
2.6	Almacenaxe de vehículos por período superior a 24 horas, por unidade, día ou fracción:	
2.6.1	Motocicletas, motocarros e vehículos análogos	8,92
2.6.2	Turismos e furgonetas cun peso máximo, con carga, de ata 1.100 Kg.	15,14
2.6.3	Turismos e furgonetas de tonelaxe, con carga, superior a 1.100 Kg. ata 2.500 Kg.	31,36
2.6.4	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 2.500 Kg., ata 4.500 Kg.....	54,09
2.6.5	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 4.500 Kg., cun límite de 10.000 Kg.....	86,53
2.7	Almacenaxe de vehículos por período superior aos dous meses, por mes ou fracción:	
2.7.1	Motocicletas, motocarros e vehículos análogos	28,45

14

2.7.2	Turismos e furgonetas cun peso máximo, con carga, de ata 1.100 Kg.	48,28
2.7.3	Turismos e furgonetas de tonelaxe, con carga, superior a 1.100 Kg. ata 2.500 Kg.	100,00
2.7.4	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 2.500 Kg., ata 4.500 Kg.	172,49
2.7.5	Vehículos de tonelaxe, con carga, superior a 4.500 Kg., cun límite de 10.000 Kg.	275,92
3	Inmovilización de vehículos:	
3.1	Vehículos de todas clases, con tonelaxe ata 1.000 Kg.	44,36
3.2	Vehículos de todas clases, con tonelaxe superior a 1.000 Kg. e inferior a 5.000 Kg.	62,11
3.3	Vehículos de todas clases con tonelaxe superior a 5.000 Kg.	151,47

ARTIGO 7. NORMAS COMPLEMENTARIAS E DE XESTIÓN.

- Os dereitos e taxas desta ordenanza son esixibles e plenamente compatibles coas sancións que procedan de acordo coa Ordenanza municipal de circulación.
- Trasladados os vehículos ao Depósito, a dependencia administrativa que corresponda ou o concesionario do servizo tramitarán a comunicación ao titular do vehículo para que, antes do último día hábil do mes seguinte a aquel en que reciba a comunicación, se faga cargo del e aboe o importe das taxas correspondentes cuxo importe terá que ser depositado no momento en que o titular ou a persoa interesada se presente a recoller o vehículo.
- A saída de toda clase de vehículos almacenados no Depósito deberá ser autorizada por quen dispuxo o seu ingreso ou a persoa habilitada para iso e unicamente poderán ser entregados aos seus titulares ou persoas autorizadas, os cales nese momento liquidarán a taxa e ingresarán o importe resultante de acordo coa tarifa contida no art. 5, ou constituirán garantía suficiente. Noutro caso, non se autorizará a saída do vehículo do Depósito. Contra a liquidación poderán interpoñer os recursos que en dereito procedan.
- De conformidade co previsto na Ordenanza xeral de xestión, encoméndase a xestión desta taxa á Área de Seguridade Cidadá (Sección de Circulación).
- Inmovilización de vehículos. Cando se proceda a inmovilizar un vehículo mediante a utilización de cepos ou outros procedementos mecánicos similares para impedir o seu uso, os seus condutores ou propietarios solicitaranlles aos axentes municipais a retirada do mecanismo, para o que deberán ingresar o importe da cota prevista no artigo 5, e aplicaranse o resto das normas de xestión previstas nesta ordenanza.

ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación das infraccións cometidas e á súa sanción, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T. e na Ordenanza Xeral de Xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 20 de outubro do 2017, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2018 e manterá a súa vixencia mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 15

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

15

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, a que se refire o artigo 20. 4o) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de servizos e a utilización das instalacións deportivas municipais seguintes:
 - a) Estadio Municipal de Riazor.
 - b) Palacio dos Deportes de Riazor.
 - c) Polideportivos e frontóns municipais.
 - d) Campos de fútbol.
 - e) Outras instalacións deportivas municipais.
 - f) Piscinas municipais – Piscina municipal de San Amaro
 - g) Escolas Deportivas Municipais.
 - h) Outros servizos relacionados coa práctica deportiva e o mantemento físico: Unidade de Fisioterapia.
 - i) Complexo Deportivo Municipal de San Diego.
 - j) Complexo Deportivo Municipal do Castrillón.
 - k) Campo de golf Torre de Hércules.
 - l) Polideportivos IES Rosalía Mera (antigo IES Calvo Sotelo) e IES Rafael Puga Ramón.
2. Non están suxeitas ao pago as actividades organizadas polo Concello da Coruña, tanto directa como indirectamente a través de contratistas.
3. Aos efectos da delimitación do feito imponible da presente taxa, a utilización das instalacións deportivas xestionadas directamente polo Concello comprenderá só as actividades físicas, quedando expresamente excluídas as actividades deportivas. Polo tanto :
 - 3.1 Considerase actividade física o exercicio físico desenvolto co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou ocupación activa do tempo de desenvolto co principal obxectivo de mellorar a condición física e/o a ocupación activa do tempo de lecer, e de favorecer o desenvolvemento integra das persoas. Excluindo expresamente do feito imponible en tales instalacións de xestión directa aquelas actividades encamiñadas a :
 - 3.1.1 Integración social ou a discapacidade
 - 3.1.2 Execución de programas.

- 3.1.3 Conciliación nos períodos non lectivos da ensinanza oficial obrigatoria.
- 3.2. Considerase actividade deportiva o exercicio físico regulamentado, tanto o adestramento como a competición en sí, cuxo único obxectivo é a participación e/ou a consecución dun resultado deportivo. Polo tanto na competición deberán concorrer polo menos un dos seguintes requisitos:
- 3.2.1 Que estea incluída no Calendario Oficial de competicións aos efectos da lexislación deportiva.
- 3.2.2 Que sexa unha actividade pública da Administración Deportiva.
- 3.2.3 Que estea dirixida tecnicamente pola federación respectiva ou organismo equivalente a través da intervención dos seus árbitros e xuíces.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as utilice aínda sen obter a preceptiva autorización.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

A determinación da contía que hai que pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo seguinte. Nos casos en que así se determina, aplicarase a porcentaxe sinalada sobre unha base fixada en función da recadación obtida.

ARTIGO 6. TARIFAS.

A ESTADIO MUNICIPAL DE RIAZOR

- | | | |
|-----|--|----------|
| 1 | Actividades físicas sen despacho de billetes: | |
| 1.1 | Cancha central..... | 158,96 |
| 2 | Espectáculos artísticos, recreativos e outras actividades análogas | 5.069,90 |

B PALACIO DOS DEPORTES DE RIAZOR

- | | €/hora | |
|-------|--|-------|
| 3 | Actividades físicas: | |
| 3.1 | Uso libre Pista central | 19,26 |
| | A anterior tarifa aplicarase cando o número de usuarios sexa igual ou menor que 25. | |
| | A partir desta cifra, por cada 10 persoas de exceso ou fracción, a cota resultante incrementárase nun: | 50% |
| 3.2 | Pista de atletismo (1 carreiro) | |
| 3.2.1 | Entrada diaria (por persoa física) | 1,55 |

3.2.2	Abono 20 usos (por persoa física)	15,45
3.2.3	Entrada diaria (por persoa xurídica).....	11,12
4	Outros actos	
4.1	Actividades físicas con asistencia de público	
4.1.1	Actividades físicas (dúas horas), sen despacho de billetes	778,05
4.1.2	Actividades físicas (dúas horas), con despacho de billetes	778,05

15

Á anterior tarifa aplicaráselle un 11% sobre recadación obtida. Cando a competición exceda de dúas horas, aplicaráselle a taxa proporcional polo tempo de exceso.

4.2	Festivais, concertos, mitins ou calquera outro acto de xuntanza alleo á actividade física ou deportiva :	
4.2.1	Por acto, sen despacho de billetes.....	3.589,09
4.2.2	Por acto, con despacho de billetes.....	4.433,69

A anterior tarifa incrementarase un 11% sobre o total da recadación obtida. Tódolos conceptos anteriores deste punto B serán obxecto dun pago proporcional en función da ocupación alugada: sempre e cando sexa viable tecnicamente a división en módulos da devandita instalación e o uso proxeitado sexa compatíbel con outros usos simultáneos.

C POLIDEPORTIVOS E FRONTÓNS MUNICIPAIS

5	Actividades físicas.	
5.1	Uso libre, 1 hora.....	16,74
	Cando o número de participantes exceda de 25 persoas, a cota incrementarase por cada 10 persoas de exceso ou fracción en	50%
5.2	Frontón curto (máximo 4 persoas)	10,49
5.3	Outros actos en polideportivos e frontóns	
5.3.1	Actividades físicas con asistencia de público:	
5.3.1.1	Actividades físicas, dúas horas, sen despacho de billetes	510,33
5.3.1.2	Actividades físicas, dúas horas, con despacho de billetes	510,33
	Á anterior tarifa aplicaráselle un 11% sobre a recadación obtida. Cando a competición exceda de dúas horas, aplicaráselle a taxa proporcional polo tempo de exceso.	
5.3.2	Festivais, concertos, mitins ou calquera acto de xuntanza alleo á actividade física ou deportiva:	
5.3.2.1	Festivais e actos non deportivos, por acto, sen despacho de billetes	1.271,65
5.3.2.2	Festivais e actos non deportivos, por acto, con despacho de billetes	1.798,72
5.3.2.3	Naqueles casos que os solicitantes das instalacións para a celebración festivais e actos non deportivos a realizar teñan carácter non lucrativo ou sexan realizadas por entidades veciñais radicadas na contorna das instalacións deportivas e non coincidan ca celebración de actividade propias ás que está dedicada o uso do pavillón e non se produza despacho de billetes a tarifa será de cero euros	
	No caso de que haxa despacho de billetes aplicarase un coeficiente de 0,5 a taxa do epígrafe 5.3.2.2	

6	Rocódromo (os usos serán de 2 horas) Só para actividades físicas	
6.1	Abono (20 usos/persoas e de carácter nominal)	15,45
6.2	Entrada diaria	1,55
7	Pista de Tenis e de Pádel Uso libre para actividades físicas. Partido individual ou dobres/unha hora .	3,09
8	Pistas de chave Alugamento 1 hora para actividade física	3,09
	Tódoos conceptos anteriores deste punto C serán obxecto dun pago proporcional en función da ocupación alugada: sempre e cando sexa viable tecnicamente a división en módulos da devandita instalación e o uso proxeitado sexa compatíbel con outros usos simultáneos.	
D	CAMPOS DE FUTBOL MUNICIPAIS	
9	Campos de herba natural e artificial	
9.1	Actividades físicas:	
9.1.1	Uso libre, campo completo, unha hora	16,74
9.1.2	Uso libre, unha metade, 1 hora	8,36
9.1.3	Cando o número de participantes exceda das 25 persoas a cota incrementase, por cada 10 persoas de exceso ou fracción nun: 50%	
9.2	Outros actos	
9.2.1	Actividades físicas con público (dúas horas), sen despacho de billetes	510,33
9.2.2	Actividades físicas con público (dúas horas), con despacho de billetes.....	510,33
	A anterior tarifa incrementárase nun 11% da recadación obtida a partir desa cantidade. Cando a competición exceda de dúas horas, aplicarase a taxa proporcional polo tempo excedido.	
	Nos dous supostos anteriores, cando o uso exceda de dúas horas, aplicarase a taxa proporcional polo tempo excedida.	
9.2.3	Festivais, concertos, mitins ou calquera outro acto de xuntanza alieo á actividade física ou deportiva (por acto), sen despacho de billetes.....	1.196,36
9.2.4	Festivais, concertos, mitins ou calquera outro acto de xuntanza alieo á actividade física ou deportiva (por acto), con despacho de billetes:.....	1.271,65
10	Campos de terra	
10.1	Actividades físicas:	
10.1.1	Uso libre, campo completo, 1 hora.....	10,91
10.1.2	Uso libre, medio campo, 1 hora.....	5,45
	Cando o número de participantes exceda de 25 persoas a cota incrementase, por cada 10 persoas de exceso ou fracción nun 50%	
10.2	Outros actos	
10.2.1	Actividades físicas con público (máximo dúas horas), sen despacho de billetes	317,92
10.2.2	Actividades físicas con público (máximo dúas horas), sen despacho de billetes	317,92
	A anterior tarifa incrementárase nun 11% da recadación obtida a partir desa cantidade. Nos dous supostos anteriores, cando o uso exceda de dúas horas, aplicarase a taxa proporcional polo tempo excedida.	

10.2.3	Festivais concertos, mitins ou calquera outro acto de xuntanza alleo á actividade física ou deportiva, por acto, sen despacho de billetes.....	1.196,36
10.2.4	Festivais, concertos, mitins ou calquera outro acto de xuntanza alleo á actividade física ou deportiva por acto, con despacho de billetes.....	1.271,65
11	Campo nº 4 e 5 da Cidade Deportiva da Torre	
11.1	Actividades físicas:	
11.1.1	Uso libre, campo completo, unha hora	8,36
11.2	Outros actos:	
11.2.1	Actividades físicas con público (dúas horas): sen despacho de billetes	255,17
11.2.2	Actividades físicas con público (dúas horas): con despacho de billetes.	255,17
	A anterior tarifa incrementarase nun 11% da recadación obtida a partir desa cantidade.	
	Nos dous supostos anteriores, cando o uso exceda de dúas horas, aplicarase a taxa proporcional polo tempo excedido.	
11.2.3	Festivais, concertos, mitins ou calquera outro acto de xuntanza alleo á actividade física ou deportiva (por acto): sen despacho de billetes.....	598,18
11.2.4	Festivais, concertos, mitins ou calquera outro acto de xuntanza alleo á actividade física ou deportiva (por acto): con despacho de billetes.....	635,83
	Tódolos conceptos anteriores deste punto D serán obxecto dun pago proporcional en función da ocupación alugada: sempre e cando sexa viable tecnicamente a división en módulos da devandita instalación e o uso proxectado sexa compatíbel con outros usos simultáneos.	

E OUTROS ESPAZOS DEPORTIVOS

12	Ximnasia e salas deportivas	
12.1	Actividades físicas (€/hora):	
	Actividades físicas.....	12,57
	Cando o número de participantes exceda de 25 persoas a cota incrementarase, por cada 10 persoas de exceso ou fracción 50%	
12.2	Aulas, vestiarios sen uso deportivo de la instalación, salas anexas e outros espazos nas instalacións deportivas	
12.2.1	Actos físicos (unha hora)	7,03
	Cando o número de participantes exceda de 25 persoas a cota incrementarase, por cada 10 persoas de exceso ou fracción: 50%	
12.2.2	Outros usos alleos á actividade física ou deportiva e que non estean vencellados á actividade laboral de contratistas municipais, por día	10,3

F PISCINAS MUNICIPAIS DE XESTIÓN DIRECTA E PISCINA DE SAN AMARO

TARIFAS

13	Tarifa xeral (para actividades físicas, sen despacho de billetes)	
13.1	Cota de entrada pública, por persoa e hora de uso	3,42
13.2	Abono de 20 usos de unha hora en horario de público	22,32
13.3	Uso exclusivo carreira por hora	21,43
13.4	Uso exclusivo piscina por hora	102,80
13.5	Actividades físicas que requiran o uso das seis carreiras por un período non superior a catro horas	145,64

14	Piscina Municipal San Amaro	
14.0	Tarifa Xeral (acceso, adestramentos e competicións, sen despacho de billetes)	
14.01	Cota de entrada pública, por persoa e hora de uso	3,42
14.02	Abono de 20 usos de unha hora en horario público	22,32
14.03	Uso exclusivo carreiro por hora	21,43
14.04	Uso exclusivo piscina por hora	102,8
14.05	Competicións que requiran o das seis carreiras por un período non superior a catro horas	145,64
14.1	Abonos usuario/a xeral:	
14.1.1	Cota de entrada para todas as modalidades	29,48
14.1.2	Abono mensual persoa maior de 15 anos, sen limitacións de tempo, de luns a venres de 8 a 15 horas	17,69
14.1.3	Abono mensual persoa maior de 15 anos, sen limitación horaria	28,02
14.1.4	Abono familiar (cónxuxes e fillos/as menores de 18 anos mensual, sen limitación horaria:	
14.1.4.1	Titular	23,58
14.1.4.2	Cónxuxe	4,91
14.1.4.3	Fillo/a menor de 18 anos/por fillo	4,91
14.2	Abonos usuario en réxime de convenio co Club do Mar San Amaro	
14.2.1	Abono familiar mensual:	
14.2.1.1	Titular	9,83
14.2.1.2	Cónxuxe	4,91
14.2.1.3	Fillo menor de 18 anos / por fillo	4,91
14.3	Cursos de natación	
14.3.1	Natación prenatal mensual, de 3 días por semana	33,61
14.3.2	Natación prenatal mensual, de 2 días por semana	23,53
14.3.3	Natación 0-2 anos, mensual de 2 días por semana	19,05
14.3.4	Natación menores de 3 a 5 anos, mensual, 3 días por semana	33,61
14.3.5	Natación menores de 3 a 5 anos, mensual, 2 días por semana	22,41
14.3.6	Natación menores de 3 a 5 anos, trimestral, 3 días por semana	68,44
14.3.7	Natación menores de 3 a 5 anos, trimestral, 2 días por semana	45,63
14.3.8	Natación maiores de 18 anos, mensual, 3 días por semana	33,61
14.3.9	Natación maiores de 18 anos, mensual, 2 días por semana	22,41
14.3.10	Natación maiores de 18 anos, trimestral, 3 días por semana	86,17
14.3.11	Natación maiores de 18 anos, trimestral, 2 días por semana	57,45

G ESCOLAS DEPORTIVAS E OUTRAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS.

EUROS CURSO

15	Nas Escolas Deportivas Municipais aplicaranse as seguintes tarifas:	
15.1	Menores de 18 anos (curso outubro a xuño)	
15.1.1	Un día/semana	18,26
15.1.2	Dous días/semana	36,50
15.1.3	Tres días/semana	54,30

15.2	Entre 18 e 64 anos (curso outubro a xuño)	
15.2.1	Un día/semana.....	27,58
15.2.2	Dous días/semana	55,17
15.2.3	Tres días/semana	82,32
15.3	Maiores de 65 (curso outubro a xuño)	
15.3.1	Dous días/semana	10,18
15.3.2	Tres días/semana	16,14
15.4	Recuperación funcional taxa mensual)	
15.4.1	Menores de 18 anos, dous días/semana	7,54
15.4.2	Menores de 18 anos, tres días/semana	9,15
15.4.3	Maiores de 18 anos, dous días/semana	10,56
15.4.4	Maiores de 18 anos, tres días/semana.....	13,48
15.4.5	Maiores de 65 anos, dous días/semana	6,40
15.4.6	Maiores de 65 anos, tres días/semana.....	8,00
15.5	Natación prenatal (1 sesión. Taxa mensual	6,80
15.6	Natación escolar (1 sesión/semana. Curso outubro a maio).....	53,47
15.7	Programa intensivo de tempada	
15.7.1	Adultos (18-65) (cinco días/semana, taxa mensual).....	42,43
15.7.2	Adultos(18-65) (tres días/semana taxa mensual).....	33,94
15.7.3	Adultos (18-65) (dous días/semana, taxa mensual).....	25,46
15.7.4	Menores de 18 anos (cinco días /semana, taxa mensual	33,94
15.7.5	Menores de 18 anos (tres días/semana, taxa mensual	20,36
15.7.6	Menores de 18 anos (dous días/semana, taxa mensual	13,58
15.7.7	Maiores de 65 anos, dous días/semana	10,18
15.7.8	Maiores de 65 anos , tres días/semana.....	16,15
15.7.9	Maiores de 65 anos, cinco días/semana	26,92
15.8	Actividades puntuais do Programa de Escolas Deportivas.....	8,48
15.9	Natación en familia. Curso outubro a xuño	
15.9.1	Un día/semana.....	18,26
15.9.2	Dous días/semana	36,50
15.9.3	Tres días/semana	54,30
15.10	Campamentos deportivos. €/día	
15.10.1	Sen transporte	8,50
15.10.2	Con transporte.....	10,00

Regra 1ª.- Pago proporcional: As taxas correspondentes aos apartados G.15.1 a G.15.6 (ambos os dous inclusive) e G.15.9 serán obxecto de pago proporcional a contar desde a data de formalización da matrícula, con independencia de que as instalacións nas que se impartan as actividades xestiónense directamente polo Concello da Coruña ou indirectamente a través dunha concesionaria. Estas Escolas realizaranse durante o calendario escolar, aprobado pola Consellería correspondente, excepto a actividade de Recuperación Funcional.

No caso de que os programas intensivos de tempada do apartado G.15.7.1 e G.15.7.2 se convoquen por un número de sesións inferiores ou superiores a 20, aplicárase a taxa que proporcionalmente corresponda.

Regra 2ª.- Redución de taxas: Poderán obter unha redución da taxa relativa a Escolas Deportivas Municipais, que quedaría fixada na correspondente á de maiores de 65 anos, aquelas persoas que contén cuns rendementos económicos brutos per cápita, computados anualmente por todos os conceptos e por unidade familiar, que non superen o indicador público de renda de efectos múltiples vixente no momento de efectuar a solicitude .

Tamén poderán obter unha redución do 50% para a taxa relativa campamentos aquelas persoas que se atopen na mesma situación.

Quen reúna os requisitos anteriores, deberá solicitar a redución con carácter previo á matriculación, acreditando o seu dereito mediante a presentación da última declaración do IRPF ou certificación expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria da unidade familiar; entendendo por tal a definida legalmente a efectos do IRPF.

H OUTROS SERVIZOS RELACIONADOS COA PRÁCTICA DEPORTIVA E O MANTEMENTO FÍSICO

TARIFA

16	Unidade de Fisioterapia	
16.1	Deportistas federados, €/sesión	17,14
16.2	Usuarios inscritos en escolas e programas deportivos municipais, €/ sesión ...	12,87

I COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE SAN DIEGO

EUROS

O titular da explotación poderá prestar os servizos e cobrar as tarifas que se indican a continuación:

17.1	Alugamentos	
17.1.1	Pista polideportiva (1/3) por hora	33,60
17.1.2	Pista central por hora	143,98
17.1.3	Carreiro piscina por hora	19,65
17.1.4	Piscina completa por hora	167,08
17.1.5	Piscina completa (xornada de apertura)	2.457,12
17.1.6	Pavillón polideportivo (xornada de apertura)	2.457,12
17.1.7	Complexo deportivo (xornada de apertura)	4914,22
17.2	Cursos de natación trimestrais persoas abonadas	
17.2.1	1 día á semana	27,52
17.2.2	2 días á semana	55,04
17.2.3	3 días á semana	80,59
17.3	Cursos de natación trimestrais persoas non abonadas	
17.3.1	1 día á semana	55,04
17.3.2	2 días á semana	108,10
17.3.3	3 días á semana	161,18
17.4	Natación terapéutica persoas abonadas por mes	
17.4.1	2 días á semana	19,65
17.4.2	3 días á semana	29,48
17.5	Natación terapéutica , persoas non abonadas por mes	
17.5.1	2 días á semana	39,33
17.5.2	3 días á semana	58,98

17.6	Servizos abonados.	
17.6.1	Gastos de inscrición:	
17.6.1.1	Gastos de matriculación individual (revisión médica, tarxetas, etc.)	29,48
17.6.1.2	Gastos de matriculación familiar (revisión médica, tarxetas, etc.)	39,33
17.6.2	Prezos mensuais:	
17.6.2.1	Individual mañás.....	21,77
17.6.2.2	Individual xeral.....	32,39
17.6.2.3	Familiar.....	32,89
17.6.2.4	Fillos	5,41
17.6.2.5	Terceira Idade (maiores de 65 anos)	21,25
17.6.2.6	Baño libre.....	0,00
17.6.2.7	Sauna	0,00
17.6.2.8	Sala de musculación (60 minutos)	0,00
17.6.2.9	Masaxe (15 minutos).....	7,87
17.6.2.10	Raios UVA.....	2,95
17.6.2.11	Aparcadoiro (primeiros 60 minutos).....	0,00
17.6.2.12	Aparcadoiro (cada 30 minutos adicionais ou fracción)	0,56
17.6.2.13	Adestramento persoal:	
17.6.2.13.1	Sesión puntual 1 hora	38,90
17.6.2.13.2	Bono 10 sesións	333,46
17.6.2.14	Adestramento persoal GRAVITY	
17.6.2.14.1	Sesión puntual 1 hora	38,90
17.6.2.14.2	Bono 10 sesións	333,46
17.6.2.15	Plataforma vibratoria (inclúe 1 sesión inicial de adestramento persoal)	
17.6.2.15.1	Bono 10 sesións	94,48
17.6.2.16	Programas específicos de adestramento persoal	
17.6.2.16.1	Opción 1 (1 sesión semanal de adestramento persoal + programa específico).....	200,09
17.6.2.16.2	Opción 2 (2 sesións semanais de adestramentos persoais + programa específico)	255,66
17.7	Servizos, persoas non abonadas.	
17.7.1	Entrada puntual xeral.....	8,97
17.7.2	Entrada puntual piscina (45 minutos)	4,97
17.7.3	Entrada puntual musculación (60 minutos).....	4,91
17.7.4	Masaxe (15 minutos)	12,79
17.7.5	Raios UVA	4,91
17.7.6	Sauna (20 minutos).....	4,91
17.7.7	Aparcadoiro (primeiros 60 minutos)	1,09
17.7.8	Aparcadoiro (cada 30 minutos adicionais ou fracción)	0,56
17.7.9	Adestramento persoal:	
17.7.9.1	Sesión puntual 1 hora	50,02
17.7.9.1.2	Bono 10 sesións.....	427,95
17.7.9.2	Adestramento persoal GRAVITY.....	0,00
17.7.9.2.1	Sesión puntual 1 hora	50,02
17.7.9.2.2	Bono 10 sesións.....	427,95
17.7.9.3	Plataforma vibratoria (inclúe 1 sesión inicial de adestramento persoal)	
17.7.9.3.1	Bono 10 sesións.....	133,39

17.7.9.4	Programas específicos de adestramento persoal	
17.7.9.4.1	Opción 1 (1 sesión semanal de adestramento persoal + programa específico)	238,99
17.7.9.4.2	Opción 2 (2 sesións semanais de adestramentos persoais + programa específico)	294,56
17.8	Alugamento de armarios para custodia en depósito (ao mes)	
17.8.1	En corredor.....	4,40
17.8.2	En vestiario	5,94
17.9	Estudo	
17.9.1	Grupo de 4 persoas	
17.9.1.1	Persoas abonadas. Estudo 1 sesión/semana/mes.....	40,00
17.9.1.2	Persoas abonadas. Estudo 2 sesións/semana/mes.....	80,00
17.9.1.3	Persoas non abonadas. Estudo 1 sesión/semana/mes.....	47,50
17.9.1.4	Persoas non abonadas. Estudo 2 sesións/semana/mes	95,00
17.9	Grupo de 8 persoas	
17.9.2.1	Persoas abonadas. Estudo 1 sesión/semana/mes.....	20,00
17.9.2.2	Persoas abonadas. Estudo 2 sesións/semana/mes.....	40,00
17.9.2.3	Persoas non abonadas. Estudo 1 sesión/semana/mes.....	23,75
17.9.2.4	Persoas non abonadas. Estudo 2 sesións/semana/mes.....	47,50
17.10	Obradoiros	
17.10.1	Grupo de 20 persoas	
17.10.1.1	Persoas abonadas. Obradoiros 1 sesión/semana/mes	33,72
17.10.1.2	Persoas non abonadas. Obradoiros 1 sesión/semana/mes	67,45

J CAMPO DE GOLF TORRE DE HÉRCULES

POR CURSO

18.1	Tarifa xeral - Cursos municipais	
18.1.1	Curso trimestral infantil (2 horas semana).....	28,94
18.1.2	Curso trimestral persoas adultas (2 horas semana)	48,22
18.1.3	Curso de verán infantil (10 horas/mes).....	14,45
18.1.4	Curso de verán persoas adultas (10 horas/mes)	28,94

A taxa será obxecto de incremento na mesma proporción en que se altere o número de horas á semana ou ao mes. Para estes cursos inclúese o servizo de bólas. En ningún caso poderá procederse á suspensión de ningún curso convocado sen a preceptiva autorización do Servizo Municipal de Deportes.

ANUAL MENSUAL

18.2	Tarifa de explotación por concesión	
	Ademais da tarifa xeral aplicable pola limitación á explotación prevista no contrato que a rexe e da que resulte doutros programas deportivos municipais, o titular da explotación poderá prestar os servizos e cobrar as tarifas que se indican a continuación:	
18.2.1	Cotas de inscrición de pago único anual	
18.2.1.1	Cota inscrición de mañá (8:00 a 14:00 h)	24,10

18.2.1.2	Cota inscrición individual	33,76	
18.2.1.3	Cota inscrición familiar	43,39	
18.2.1.4	Cota inscrición menores de 18 anos	24,10	
18.2.2	Cotas de Abono	0,00	
18.2.2.1	Cota de abono individual.....	214,81	17,90
18.2.2.2	Cota de abono familiar.....	268,52	22,38
18.2.2.3	Cota xuvenil (menor 18 anos).....	115,91	9,66
18.2.2.4	Cota familiar (3º e 4º de familia)	57,81	4,82
18.2.2.5	Cota de mañá (de 8:00 a 14:00 h)	160,70	13,39
Nota de aplicación: o/a usuario/a que satisfaga a cota de abono anual non aboará a cota de inscrición.			

		TARIFA	
18.2.3	Entrada ao campo de xogo		
18.2.3.1	Abonado.....	1,92	
18.2.3.2	Abonado xuvenil	0,98	
18.2.3.3	Non abonado	11,59	
18.2.3.4	Non abonado xuvenil.....	8,68	
18.2.3.5	Zona de prácticas-Non abonado.....	7,72	
18.2.3.6	Zona de prácticas-Non abonado xuvenil	4,32	
18.2.3.7	Concertada con outras entidades	8,68	
18.2.4	Inscricións en competicións		
18.2.4.1	Abonado.....	11,59	
18.2.4.2	Abonado xuvenil	5,78	
18.2.4.3	Non abonado	19,29	
18.2.4.4	Non abonado xuvenil.....	9,66	
18.2.5	Alugamento de equipos e materiais		
18.2.5.1	Alugamento abonados 35 bolas.....	1,25	
18.2.5.2	Carriño abonados.....	0,88	
18.2.5.3	Pau solto abonados	0,88	
18.2.5.4	Bolsa carro manual abonados	1,75	
18.2.5.5	Alugamento non abonados 35 bolas.....	1,25	
18.2.5.6	Carriño non abonados.....	1,75	
18.2.5.7	Pau solto non abonados.....	1,75	
18.2.5.8	Bolsa carro manual non abonados	3,52	
18.2.6	Clases especiais (1/2 hora - persoa)		
18.2.6.1	Clase individual abonados	15,57	
18.2.6.2	Grupo 2 persoas Persoas abonadas	13,18	
18.2.6.3	Grupo 3 persoas abonadas	11,13	
18.2.6.4	Grupo 4 persoas abonadas	9,43	
18.2.6.5	Clase individual Persoas non abonadas	31,12	
18.2.6.6	Grupo 2 persoas non abonadas	26,34	
18.2.6.7	Grupo 3 persoas non abonadas	22,26	
18.2.6.8	Grupo 4 persoas non abonadas	18,85	

18.2.7	Clases con vídeo-análise, sesión 1 hora:	
18.2.7.1	Clase individual abonados	33,53
18.2.7.2	Clase 2 persoas abonadas	23,95
18.2.7.3	Clase 3 persoas abonadas	19,17
18.2.7.4	Clase individual Persoas non abonadas	67,03
18.2.7.5	Clase 2 persoas non abonadas	47,88
18.2.7.6	Clase 3 persoas non abonadas	38,30
18.2.8	Cursos "SUPERA"	
18.2.8.1	Nivel Medio	
18.2.8.1.1	Persoas abonadas	
18.2.8.1.1.1	Integrado nun grupo de 6 a 8 persoas e 18 horas	65,22
18.2.8.1.2	Persoas non abonadas	
18.2.8.1.2.1	Integrado nun grupo de 6 a 8 persoas e 18 horas	130,44
18.2.8.2	Nivel de Perfeccionamento Hándicap	
18.2.8.2.1	Abonados	
18.2.8.2.1.1	Integrado/a nun grupo de 2 persoas e 15 horas	165,59
18.2.8.2.1.2	Integrado/a nun grupo de 3 persoas e 20 horas	165,59
18.2.8.2.1.3	Integrado/a nun grupo de 4 persoas e 25 horas	165,59
18.2.8.2.2	Non Abonados	
18.2.8.2.2.1	Integrado/a nun grupo de 2 persoas e 15 horas	331,17
18.2.8.2.2.2	Integrado/a nun grupo de 3 persoas e 20 horas	331,17
18.2.8.2.2.3	Integrado/a nun grupo de 4 persoas e 25 horas	331,17
18.3	Alugamento armarios para custodia en depósito	
18.3.1	Mensual	7,07
18.3.2	Anual	84,78

Regras para a aplicación das tarifas: Os gastos de persoal discontinuo, como vendedores de billetes, porteiros, electricistas, acomodadores, vixiantes e calquera outro que se requira en función da natureza do acto, correrán por conta dos seus organizadores. Será da súa exclusiva responsabilidade o cumprimento das obrigas laborais, fiscais ou doutra índole que se deriven de tal relación laboral. A selección do dito persoal será realizada polos órganos directivos do Servizo Municipal de Deportes.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta Ordenanza; agás para o servizo correspondente ao apartado G.15 ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, no que a obriga de contribuír nacerá no instante en que se inicie a prestación do servizo, con independencia de que a persoa obrigada ao pago asista ou non ás clases.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

A xestión e recadación da taxa encoméndase ao Servizo Municipal de Deportes. Nos centros xestionados por concesión administrativa ou outras modalidades de xestión indirecta, o contrato ou convenio poderá facultar ao concesionario para a xestión e recadación da taxa nos termos e coas condicións sinaladas no prego e demais normativa contractual.

Esixirase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso. O documento expedido servirá como notificación da liquidación practicada para todos os efectos.

Esixirase o depósito previo do importe dos dereitos polos servizos regulados nesta ordenanza cando estean suxeitos a autorización con anterioridade á súa prestación. Nestes casos poderá establecerse a obriga de liquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. As devolucións que procedan por falta de prestación do servizo debido a causa non imputable ao obrigado ao pago, tramitaranse polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos. Prestado o servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, e esixirase, se é o caso, a maior contía que resulte. O documento expedido servirá como notificación da liquidación practicada para todos os efectos.

O Servizo Municipal de Deportes redactará as cartas de pago, boletos, tickets ou documento que se estableza como xustificante de pago nos casos de actividades e espectáculos deportivos, festivais organizados por colexios e institucións e outros supostos similares.

As competicións deportivas, e espectáculos deportivos, e as autorizacións para realizar actos por parte de sociedades, partidos políticos ou de espectáculos artísticos de índole non deportiva solicitaranse por medio dunha instancia con entrada no Rexistro Xeral deste Concello cunha antelación mínima de tres meses á súa realización.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 4 de novembro de 2021, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2022 e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA FISCAL Nº 16
REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS
ESPECIAIS DE VIXILANCIA DE ESPECTÁCULOS OU
TRANSPORTES.

16

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación de servizos nos museos e outras instalacións culturais do Concello da Coruña, a que se refire o artigo 20. 4 w) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. A entrada, visita e uso das instalacións de Planetarium, Domus e Aquarium.
- B. A entrada, visita e uso das instalacións do Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón e a Torre de Hércules.
- C. A prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

- 1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as utilice aínda sen obter a preceptiva autorización.
- 2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
- 3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

A cota tributaria determinarase mediante o sistema de cotas fixas, conforme ás tarifas fixadas no artigo seguinte.

ARTIGO 6. TARIFAS.

6.1 Con carácter xeral, disfrutarán de cota cero:

- 6.1.1 As visitas realizadas no día dos museos, festas locais do municipio de A Coruña, semana de la ciencia eo día da ciencia na rúa.
- 6.1.2 Os menores de 4 anos
- 6.1.3 As persoas con discapacidade física ou psíquica, así como a persoa que o acompañe, a condición deque esta sexa imprescindible para que aquel poida realizar a súa visita
- 6.1.4 As visitas patrocinadas polo Concello previa resolución que así o declare.
- 6.1.5 Os guías turísticos no desenvolvemento das súas tarefas.
- 6.1.6 As persoas responsables acompañantes de grupos educativos.
- 6.1.7 O persoal docente, debidamente acreditado.
- 6.1.8 Periodistas e persoas do International Council of Museums que presenten acreditación oficial correspondente.
- 6.1.9 Persoas da Asociación española de Museólogos e da Federación española de amigos dos Museos
- 6.1.10 As persoas en posesión da tarxeta turística en vigor
- 6.1.11 Alumnado da UDC acreditado con carnet universitario en vigor
- 6.2 Con carácter xeral disporán de tarifa reducida
- 6.2.1 Con carácter xeral disporán de tarifa reducida
Menores de dezaseis anos, titulares do carnet xove ou carnet de estudiant e maiores de sesenta e cinco anos. Inclúese na categoría de carnet xoven ou carjnet de estudante o documenta equivalente emitido en calquera dos estados membros da Unión Europea
- 6.2.2 Público en xeral aqueeles outros días que, en caso concreto autorice a xunta de Goberno Local
- 6.2.3 Persoas desempregadas, mediante a presentación do documento acreditativo emitido polo Servizo Público de emprego Estatal ou polo Servizo Público de emprego dunha Comunide Autónoma
- 6.2.4 Os membros de familia numerosas, segundo a definición que das mesmas realice a normativa vixente, previa presentación do documento acreditativo correspondente
- 6.3 No caso de utilización singular ou excepcional das instalacións a Xunta de Goberno Local determinará a tarifa para cada caso concreto atendendo ao coste do Servizo
- 6.4 Bonificación do 10% aos grupos de máis de 20 persoas en visita previamente concertada e que satisfagan a taxa correspondente á entrada xeral
- 6.5 Entrada, visita e utilización das instalacións dos Museos Científicos
- 6.5.1 Entrada Xeral
- 6.5.1.1 Entrada Palacete 2,00
- 6.5.1.2 Domus 2,00
- 6.5.1.3 Aquarium Finisterrae 10,00
- 6.5.1.4 Bono tres casas 12,00

6.5.2	Entrada reducida	
6.5.2.1	Palacete	1,00
6.5.2.2	Domus.....	1,00
6.5.2.3	Aquarium Finisterrae	4,00
6.5.3	Suplemento de Audiovisuais	
6.5.3.1	Planetario dixital	2,00
6.5.3.2	Magnavisión	2,00
6.5.3.3	Magnavisión 3D.....	4,00
6.5.4	Suplemento de audiovisuais reducido	
6.5.4.1	Planetario dixital reducido	1,00
6.5.4.2	Magnavisión reducido	1,00
6.5.4.3	Magnavisión 3D reducido.....	2,00

Notas para la aplicación da tarifa reducida

A tarifa reducida á que se refiren os apartados 6.5.2 e 6.5.4 aplicarase, ademais dos casos xerais recollidos no apartado 6.2, nos seguintes casos:

1º Grupos de escolares de centros que non pertenzan ao concello da Coruña, en visita previamente concertada

2º Titulares da Tarxeta "VENTE" e "VENTE MINI"

6.5.5	Cota cero aos Museos Científicos	
	Ademais dos casos xerais sinalados no apartado 6.1, aplicarase aos seguintes casos:	
6.5.5.1	Grupos escolares que concerten a visita para os meses de xaneiro e febreiro na Casa das Ciencias, Domus ou Aquarium Finisterrae	
6.5.5.2	Membros da Asociación de Amigos da Casa das ciencias	
6.5.5.3	Grupos educativos do concello da Coruña, en vista previamente concertada.	
6.5.5.4	Grupos escolares, con reserva previamente concertada, cando o responsable asista con anterioridade a reunión de preparación da visita	
6.5.5.5	Visitas efectuadas na Semana da Ciencia	
6.5.5.6	Asistentes as salas audiovisuais en actividades extraordinarias	
6.5.5.7	Membros da Agrupación Astronómica Coruñesa para a entrada na Casa das ciencias e Planetario	

Notas para a aplicación da cota cero

1º Non se aplicarán a aqueles eventos que se celebren temporalmente nos museos e contén con acceso controlado, independente e suxeito ao pago dun suplemento.

2º No caso de que a dispoñibilidade estea suxeita ao aforo.

6.5.6	Tarxetas con acceso anual:	
6.5.6.1	Tarxeta "VENTE" de acceso anual a mc2	20,00
6.5.6.2	Tarxeta "VENTE MINI" de acceso anual a mc2, para menores de 16 anos e maiores de 65 anos.....	10,00

Notas para a aplicación da tarxeta especial "VENTE"

1º As tarxetas "vente", son nominativas, permiten ao acceso a Casa das

Ciencias, a Domus e ao Aquarium Finisterrae durante un ano natural contado desde a data de emisión e será necesario presentar o DNI cada vez que se utilicen. Permiten o acceso as salas de exposicións pero non inclúen sesións de planetario ou proxeccións de cine con entrada separada. 2º Non se inclúen aqueles eventos que se celebren temporalmente nos museos e contén acceso controlado, independente e suxeito ao pago dun suplemento.

6.5.7	Tarxetas Millenium	
6.5.7.1	Entrada Palacete	1,50
6.5.7.2	Entrada Domus	1,50
6.5.7.3	Entrada Aquarium	6,00
6.8	Entrada e visita as instalacións do Museo Arqueolóxico do Castelo de Santo Antón e Torre de Hércules	
6.8.1	Torre de Hércules, entrada xeral	3,00
6.8.2	Museo arqueolóxico Castelo de Santo Antón, entrada xeral	2,00
6.8.3	Torre de Hércules, tarifa reducida	1,50
6.8.4	Museo Arqueolóxicos, tarifa reducida	1,00

Notas para a aplicación da tarifa reducida

A tarifa reducida a que se refiren os apartados 6.8.3 e 6.8.4 será de aplicacións ademais dos casos xerais regulados no apartado 6.2 nos seguintes casos:

1º Grupos de mais de 20 persoas en visita previamente concertada

2º Os días e nos casos que determine a Xunta de Goberno Local.

6.8.5 Cota cero

C Escola municipal de Música

7.1.	Dereitos de matrícula por curso escolar	
7.1.1	Dereitos ordinarios de matrícula por curso escolar.....	69,52
7.1.2	Familias con varios fillos no centro: polos segundos menores de 18 anos ..	0,00
7.1.3	Xubilados ou menores de 18 anos pertencentes a familias con ingresos anuais netos menores a 3971 € por cada membro da unidade familiar, dereitos de matrícula por curso escolar.	30,00
7.2	Taxas mensuais de ensinanza	
7.2.1	Sección de música e movemento	44,25
7.2.2	Música e movemento con práctica instrumenta	56,08
7.3	Ensinanza musical de alumnos de educación especial.	40,00
7.4	Módulo semanal de clase 1ª	32,93
7.5	Cada módulo semanal de clase 2ª e 3ª.....	11,84
7.6	Cada módulo semanal de clase 4ª e 5ª	9,78
7.7	Cada módulo semanal de clase individual de instrumento de media hora de duración por mes.....	44,77
7.8	Cada módulo semanal de talleres.....	24,70
7.9	Xubilados ou menores de 18 anos pertencentes a familiar con ingresos anuais netos menores a 3971 euros por cada membro da unidade familiar	0,00
7.9.1	Mensualidades de ata 3 módulos semanais	30,00
7.9.2	Mensualidades de mais de 3 módulos semanais	50,00
7.10	Taxas de usos de locais	

7.10.1	Módulo de uso de 1 hora de cabinas pequenas	5,14
7.10.2	Módulo de uso de 1 hora de cabinas grandes.....	10,30
7.10.3	Módulo de uso de 1 hora de aula grande	20,57
7.10.4	Módulo de uso de 1 hora de aula magna	41,17

Normas para a aplicación das Tarifas:

As visitas a instalacións por parte de grupos de escolares deberán ser concertadas cos respectivos directores e efectuar a comunicación cunha antelación mínima de quince días sobre a data prevista. Durante a visita os alumnos deberán ir acompañados por un educador cada vinte e cinco estudantes, como mínimo.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza. Nos supostos xerais de entrada a museos e instalacións, entenderase solicitada no momento de presentarse nos despachos de venda de entradas ou accesos manifestando verbalmente a petición. Nos supostos en que media solicitude expresa, xerarase a taxa no momento da súa presentación.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. A xestión e recadación da taxa correspóndelles aos centros culturais que prestan os servizos. Nos centros xestionados por concesión, o prego de condicións pódelle encomendar ao concesionario a xestión e recadación da taxa. No caso da Escola de Música, a xestión e recadación correspóndelle ao concesionario do servizo nas condicións do contrato. Poderáselle encomendar ao Consorcio de Turismo a xestión e recadación das taxas por visitas a centros culturais, así como o rendemento das taxas por visitas á Torre de Hércules, nos termos que se establezan no convenio que se realizará con esta entidade. O convenio regulará, así mesmo, as condicións en que se efectuará a devandita xestión.
2. Nos supostos de entradas para visita das instalacións, o pago esixirase e acreditarase por medio dun boleto ou ticket que se obterá e expedirá no acceso aos edificios e aboaranse antes de ingresar nas instalacións. Cando medie unha autorización previa, ao solicitar a súa concesión aboaranse o importe estimado da taxa en concepto de depósito previo. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. A resolución que se dite aprobará a liquidación provisional e ordenará a imputación a esta do depósito constituído ou a súa devolución total ou parcial, se así procede.
3. As tarifas por matriculación na Escola Municipal de Música aboaranse no momento da inscrición e as mensuais, serán cargadas polo xestor da taxa na conta bancaria designada polo beneficiario cada mes, sen necesidade de notificación expresa.
4. Os servizos de cultura efectuarán as liquidacións periódicas pola utilización de vivendas en centros de ensino, segundo o establecido na Ordenanza xeral de xestión.
5. As cotas non teñen carácter reducible.
6. A Xunta de Goberno Local poderá autorizar a realización de convenios nos que se reduza ata o cen por cento do importe da entrada que terán que aboar os visitantes das instalacións culturais no momento de acceder a elas, quedando obrigada a entidade coa que se realice o convenio. O convenio que se realice determinará a garantía que debe prestar a entidade para garantir o pago.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o día 12 de novembro de 2020, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

16

ORDENANZA FISCAL Nº 17

REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

17

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación de servizos na Estación de Autobuses, a que se refire o artigo 20. 4) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa o cobro dos servizos de saída, chegada e tránsito con parada na Coruña, de autobuses de liñas regulares de transporte de viaxeiros, equipaxes e encargos deles, que non estean exceptuados de acudir á Estación.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que empreguen os servizos ou resulten beneficiados pola súa prestación e os concesionarios de servizos na Estación.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

A determinación da contía que hai que pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa, conforme ás tarifas mínimas establecidas no artigo seguinte.

Esixiranse as seguintes tarifas mínimas:

EUROS

17

1	Tarifa A. Por entrada ou saída dun autocar con viaxeiros ao comezar ou finalizar a viaxe e escala do vehículo en tránsito:	
1.1	Ata 15 Km.....	0,13
1.2	De 16 a 30 Km.	0,17
1.3	De 31 a 50 Km.	0,25
1.4	De 51 a 80 Km.	0,29
1.5	De 81 a 200 Km.	0,54
1.6	De 201 a 500 Km.	1,50
1.7	Máis de 500 Km.....	1,50
2	Tarifa B. Por utilización dos servizos xerais da Estación. Por cada billete expedido en todas as liñas, aboamento ou cargo do viaxeiro que saia ou renda viaxe a ela, por cada entrada ou saída:	
2.1	Ata 15 Km.....	0,00
2.2	De 15 a 30 Km.	0,06
2.3	De 31 a 50 Km.	0,06
2.4	De 51 a 80 Km.	0,18
2.5	De 81 a 200 Km.	0,27
2.6	De 201 a 500 Km.	0,62
2.7	Máis de 500 Km.	0,62
3	Tarifa C. Alugueiro de despachos de billetes. Por alugueiro mensual dun despacho para a venda de billetes das empresas concesionarias de servizos regulares de liña:	
3.1	Alugueiro de despachos de billetes ata 3 liñas.....	47,49
3.2	Por cada liña máis	14,16
4	Tarifa D. Facturación:	
4.1	Mínimo percepción por paquete.....	0,58
4.2	Por cada Kg. de exceso.....	0,06
5	Tarifa E. consigna:	
5.1	Ata 30 Kg.	0,63
5.2	Máis de 30 Kg.....	1,21
6	Tarifa G. Aparcadoiro de vehículos.	
6.1	De 22 a 7 horas	2,37
6.2	De 7 a 22 horas, 1ª hora	0,58
6.3	Resto de horas.....	0,29
7	Tarifa H. Aparcadoiros discrecionais	
7.1	Prezo por hora	3,58

Notas para a aplicación destas tarifas

De conformidade co establecido na Orde de 6 de marzo de 2008, pola que se regula a revisión das tarifas de servizos públicos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral por estrada e de estacións de autobuses, de competencia da Xunta de Galicia, a Xunta de Goberno Local, ou órgano en quen delegue, poderá incrementar o importe das tarifas establecida neste artigo 6, ata o límite e nos termos que dicte a Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento de solicitar a prestación dos servizos ou a utilización dos despachos de billetes. Se non media unha solicitude, xerarase a taxa no momento da utilización do servizo. Nos servizos continuados no tempo a taxa xerarase no primeiro día de cada mes natural.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. A xestión e recadación da taxa correspóndelle á Administración da Estación de Autobuses e o cobro efectuarase:
 - a) Mensualmente as tarifas A, B y C.
 - b) Na propia consigna a taxa por custodia de equipaxes ou encargos polo usuario, ao que se lle facilitará o talón no que constará o selo da Estación, número de orde correspondente que coincidirá coa da etiqueta que deberá unirse aos vultos, número e clase destes, data en que se verifique o depósito e peso daqueles.
 - c) O canon que deberá aboar o viaxeiro segundo o concepto B das tarifas, debe ser cobrado polos concesionarios das liñas de transporte obrigadas a utilizar a Estación, simultaneamente á expedición de todo billete con orixe ou destino na Coruña.
2. O Concello poderá esixir o pagamento da débeda polo procedemento administrativo de prema, de conformidade co establecido no Regulamento xeral de recadación e demais lexislación aplicable.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 23 de decembro do 2013, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2014 e producirá efectos mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a Taxa por prestación do catálogo de servizos domiciliarios, a que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no art. 57 do real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Axuda a domicilio nas súas tres modalidades: básico ou de libre concorrencia, dependencia e por urxencia sobrevida.
- B. Axudas técnicas.
- C. Teleasistencia.
- D. Comida a domicilio.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación de un ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cóos expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS.

- | | | |
|---|--|-------|
| 1 | SERVIZO DE AXUDA A Domicilio (en calquera das tres modalidades sinaladas no art. 2.A) [por hora ou fracción] | 12,70 |
|---|--|-------|

2	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO SERVIZO DE AXUDA A Domicilio DE DEPENDENCIA (segundo o establecido no apartado 9.5 da Ordenanza Reguladora do Servizo de axuda a Domicilio: guindastre, cama articulada, podoloxía, etc.)	
2.1	Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)	9,00
2.2	Podoloxía (por hora ou fracción)	16,00
2.3	Axudas técnicas (aluguer mensual)	
2.3.1	Cama articulada	45,00
2.3.2	Asento de ducha	5,00
2.3.4	Guindastre.....	60,00
2.4	Barbería (por hora ou fracción)	
2.4.1	Lavar e peitear	10,00
2.4.2	Corte de pelo.....	8,00
2.4.3	Lavar, cortar e peitear	16,00
2.5	Outros profesionais (fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, etc), (por hora ou fracción)	
2.5.1	Titulados universitarios de grao medio.....	25,00
2.5.2	Titulados universitarios de grao superior.....	30,00
3	SERVIZO DE COMIDA A DOMICILIO (menú por día)	6,98
4	SERVIZO DE TELEASISTENCIA (servizo mensual).....	5,00
5	A efectos de determinar o importe a pagar polos usuarios, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM (excepto para o apartado 4 no que a tarifa será de aplicación íntegra en todos os casos):	
5.1	Sobre as tarifas do apartado 1 os usuarios deberán abonar as seguintes porcentaxes:	
	Ingresos en relación ao IPREM	COPAGO
	Ata o 100%	Exento
	Superior ao 100% ata o 150	10%
	Superior ao 150% ata o 200	13%
	Superior ao 200% ata o 250%	16%
	Superior ao 250% ata o 300%	20%
	Superior ao 300% ata o 350%	25%
	Superior ao 350% ata o 400%	35%
	Superior ao 400% ata o 450%	45%
	Superior ao 450% ata o 500%	60%
	Superior ao 500%	65%

- 5.2 Sobre as tarifas do apartado 2 e 3 os usuarios deberán abonar as seguintes porcentaxes:

Ingresos en relación ao IPREM	COPAGO
Ata o 100%	Exento
Superior ao 100% ata o 150%	10%
Superior ao 150% ata o 200%	20%
Superior ao 200% ata o 250%	30%
Superior ao 250% ata o 300%	40%
Superior ao 300% ata o 350%	50%
Superior ao 350% ata o 400%	60%
Superior ao 400% ata o 450%	70%
Superior ao 450% ata o 500%	80%
Superior ao 500%	90%

Normas para a aplicación das tarifas:

1. A aplicación das tarifas efectuarase tendo en conta:
 - a) A capacidade económica da persoa beneficiaria.
 - b) Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:
 - Horas de atención
 - Dispositivos de teleasistencia
 - Comidas mensuais
 - Número e tipificación das axudas técnicas.
2. A capacidade económica das persoas usuarias será a determinada para cada unha delas pola Consellería competente da Xunta de Galicia a efectos da aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e a efectos da aplicación da Orde da Xunta de Galicia de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. No caso de non dispor o Concello desta información, realizarase o cálculo de devandita capacidade con arranxo ao establecido no art. 17 da última norma citada. Para a xustificación de devandita capacidade económica os usuarios deberán presentar a documentación esixida pola Ordenanza Municipal de Servizos de Axuda a domicilio, xunto coa solicitude do servizo, así como anualmente para a súa renovación, e cantas outras veces sexa requirida polo Servizo Municipal de Servizos Sociais.
3. A Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe justificativo de Servizos Sociais, ata o cento por cento o importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que contempla o punto 3 do artigo 18 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
4. No caso de que o servizo interrúmpase por causa imputable ao usuario, este deberá abonar o 20% da tarifa que lle corresponda, excepto no Servizo de Teleasistencia no que a tarifa será de aplicación íntegra.

ARTIGO 6. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO.

1. Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.

2. O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible calculándose en función do número de días de prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. A xestión da taxa correspóndelle á os Servizos Sociais Municipais segundo o disposto na Ordenanza reguladora do Servizo.
2. A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada polo solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.
3. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do servizo.
4. Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.
5. Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e ingreso das cotas en fondos municipais.
6. A actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, os usuarios do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polos usuarios.
7. Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de sete artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 26 de decembro do 2011, comezará a rexer o día 1 de xaneiro do 2012 e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 21

REGULADORA DA TAXA QUE REXE O ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA NAS VÍAS PÚBLICAS.

21

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas, a que se refire o artigo 20. 3 u) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa o estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías dos municipios, dentro das zonas que para tal efecto se determinen e coas limitacións que puidesen establecerse. Non están suxeitos ao pagamento da taxa:

- a) Os ciclomotores e motocicletas.
- b) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- c) Os vehículos que tivesen licenza municipal para actividades específicas de ocupación da vía pública.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que estacionen o vehículo na vía pública. En todo caso presumirase que o vehículo foi estacionado pola persoa que apareza como titular no permiso de circulación. Terán a consideración de residentes, para os efectos desta ordenanza, as persoas físicas que cumpran os requisitos que se establezan na Ordenanza reguladora do aparcamento.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

A cota determinarase en función do tempo de duración do estacionamento e da zona en que este se produza, segundo o cadro de tarifas do artigo 6.

ARTIGO 6. TARIFAS.

As tarifas que se aplicarán serán as seguintes:

- Xeral: Pagada previamente. Co máximo de 2 horas: EUROS

Por 30 minutos.....	0,30
Por 38 minutos.....	0,35
Por 45 minutos.....	0,40
Por 50 minutos.....	0,45
Por 55 minutos.....	0,55
Por 1 hora	0,60
Por 1 hora 5 minutos	0,65
Por 1 hora 10 minutos	0,70
Por 1 hora 15 minutos	0,75
Por 1 hora 20 minutos	0,80
Por 1 hora 25 minutos	0,90
Por 1 hora 30 minutos	0,95
Por 1 hora 35 minutos	1,00
Por 1 hora 40 minutos	1,05
Por 1 hora 45 minutos	1,10
Por 1 hora 50 minutos	1,15
Por 1 hora 55 minutos	1,25
Por 2 horas.....	1,30

- Xeral de corta duración (I): Prepagada.Co máximo de 1 hora:

Por 30 minutos.....	0,40
Por 36 minutos.....	0,45
Por 42 minutos.....	0,55
Por 48 minutos.....	0,60
Por 54 minutos.....	0,65
Por 1 hora	0,70

- Xeral de corta duración (II-Estacionamento-exprés): Pregada. Co máximo de vinte minutos:

Por 10 minutos.....	0,20
Por 20 minutos.....	0,40

- Tarifa por estacionamento sen título e tarifa por exceso

Por non ter título habilitante específico de autorización de estacionamento ou cando este non sexa válido, sempre que o pago se realice dentro do período de 60 minutos desde o aviso de denuncia	6,00
---	------

Por exceso do tempo sinalado no título habilitante, sempre que o pagamento se realice dentro do período superior a 60 minutos e inferior a 120 minutos desde a finalización do tempo autorizado..... 3,00

Por exceso do tempo sinalado no título habilitante sempre que o pagamento se realice dentro do período de 60 minutos desde a finalización do tempo autorizado 1,50

- Residentes: Pagada previamente. Sen límite de estacionamento..... 18,65

A cota de residentes aboarase ao facerse entrega da tarxeta de residente por ano natural ou fracción, e permitirá aparcarse en zona exclusiva de residente sen tarifa dentro do seu sector, mentres que se utiliza a zona de usuario xeral deberá axustarse á tarifa correspondente. Na zona de usuario xeral de curta duración, perderá a súa condición de residente independentemente do sector no que se encontre.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

A taxa xerarase cando se estacione o vehículo na zona de aplicación da Ordenanza de regulación de aparcamento ou cando solicite a tarxeta de residente. As cotas non se poderán reducir nos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

ARTIGO 8. XESTIÓN TRIBUTARIA.

1. A xestión e recadación da taxa corresponderalle ao concesionario do servizo nas condicións determinadas no contrato. Correspóndelle á Sección de Circulación a inspección do servizo e á Área Económica a tramitación das reclamacións presentadas polos usuarios que se refiran á xestión da taxa.

2. Salvo no caso da tarxeta de residente, os pagos realizaranse mediante a introdución de moedas ou sistemas electrónicos de pago nas máquinas expendedoras instaladas na vía pública.

3. En todo o non previsto nestas normas serán de aplicación a Ordenanza reguladora de aparcamentos, a Ordenanza xeral de xestión e as restantes normas legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 6 de febreiro do 2012, entrará en vigor o 17 de febreiro do 2012 e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 22

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, DO SOLO E DO VOO DAS VIAS PÚBLICAS E DOUTROS TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL

22

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a taxa pola ocupación do subsolo, do solo e do voo das vías públicas e doutros terreos de dominio público local, a que se refire o artigo 20. 3 e) e k) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas e outros terreos de dominio público.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten o subsolo, solo e voo dos terreos de uso público en beneficio particular. Cando se solicite unha licenza para a utilización ou o aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente.
2. **Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.**
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación da cota tributaria, o tempo de duración dos aproveitamentos e a magnitude deste, medida en metros lineais, cúbicos ou cadrados, segundo a natureza da ocupación.

Aplicaranse as seguintes:

EUROS

22

1	Ocupacións do subsolo:	
1.1	Por metro lineal ou fracción de tubos, cables ou conducións non pertencentes a empresas explotadoras de servizos públicos, cota anual....	0,64
1.2	Por metro cadrado ou fracción de subsolo ocupado con garaxes, cota anual	5,29
1.3	Por metro cadrado ou fracción de subsolo ocupado con corredores, cámaras e, en xeral, espazos destinados a outros usos, cota anual.....	6,55
1.4	Por metro cúbico ou fracción de subsolo ocupado con tanques ou depósitos de líquidos ou gases, cota anual.....	9,20
1.5	Tarifa mínima. Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se alcance a cifra que se fixa a continuación percibiranse	131,43
2	Aproveitamentos do solo:	
2.1	Transformadores, por cada metro cadrado ou fracción de superficie ocupada, ao ano	6,92
2.2	Caixas de distribución de rexistro, bocas de carga de combustibles, arquetas, postes e similares instaladas no solo da vía pública, por metro cadrado ou fracción ao ano.....	5,92
2.3	Carrís ou rieis, por cada metro lineal de carril ou riel, ao ano	0,07
3	Ocupacións do voo:	
3.1	Por cada metro lineal de conducións de enerxía ou comunicacións, ao ano	0,05
3.2	Caixas de distribución de rexistro, bocas de carga de combustibles, arquetas, postes e similares instaladas, por metro cadrado ou fracción, ao ano.....	2,91
3.3	Tribunas, taboados, plataformas ou outras instalacións semellantes, por metro cadrado ou fracción, ao día	1,59
3.4	Toldos, por metro cadrado ou fracción, ao ano.....	3,55
4	Cando os aproveitamentos non se realicen en rúas de 1ª categoría fiscal, a cantidade que resulte da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase polos seguintes coeficientes para o efecto de determinar o importe que hai que pagar:	
	Categoría de rúa	Coeficiente
	Segunda	0,9
	Terceira	0,8
	Cuarta	0,7
	Quinta	0,6
	Sexta	0,5

Nota para a aplicación da tarifa: As instalacións e os aparatos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes, pero que realizan un aproveitamento do subsolo, solo ou voo da vía pública substancialmente igual aos enunciados, estarán sometidos á tarifa do aparato ou instalación que máis se lles asemelle.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

A taxa xerarase cando se solicite a licenza para o aproveitamento ou, por falta de solicitude, cando se inicie este. Cando se trate de aproveitamentos continuados no tempo, o primeiro día do ano natural.

As cotas non serán reducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. No momento de solicitar a autorización para realizar os aproveitamentos previstos nesta ordenanza, os peticionarios deberán efectuar o depósito previo do importe correspondente ao primeiro período a que se refira a súa instancia. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. Concedida a licenza, aplicase o importe do depósito á liquidación provisional que se aprobará na mesma resolución. As cotas correspondentes a posteriores períodos poderán ser incluídas no correspondente Padrón, conforme ao previsto na Ordenanza xeral de xestión.
2. Solicitada a licenza de ocupación do subsolo, solo ou voo por medio dunha instancia dirixida á Xunta de Goberno Local e presentando os documentos que sexan necesarios en cada caso, procederase á tramitación do expediente. Adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local, notificaráselle ao interesado e comunicárselles aos servizos municipais encargados da súa execución.

Revisada a liquidación, efectuaranse os aboamentos ou esixiranse as diferenzas que procedan.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas lles corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 4 de novembro de 2021, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2022 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 23

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS EN SOLO, SUBSOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

23

ARTIGO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS, NATUREZA E OBXECTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello da Coruña establece a Taxa por Utilización Privativa e Aproveitamentos Especiais Constituídos no Solo, Subsolo ou Voo da Vía Pública a favor de Empresas Explotadoras de Servizos de Telefonía Móbil, que se rexerá por medio de ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 24.1.a) e concordantes do citado texto refundido.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e outros bens de uso público municipal, por empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil cuxos servizos se presten mediante utilización total ou parcial de recursos da súa titularidade tales como antenas, microceldas, redes ou instalacións que ocupen materialmente o dominio público municipal.
2. Considerase prestado dentro do termo municipal da Coruña todos os servizos que pola súa natureza, dependan ou estean relacionados directa ou indirectamente co aproveitamento do voo, solo ou subsolo da vía pública ou estean en relación.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa as empresas ou entidades explotadoras de servizos de telefonía móbil, con independencia do carácter público ou privado das mesmas, titulares das correspondentes antenas, microceldas, redes ou instalacións a través das que se efectúen as comunicacións.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5. EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

23

1. A cota tributaria, en función dos recursos útiles para a telefonía móbil instalados neste concello e do valor de referencia do solo municipal, cuantificarase individualizadamente para cada entidade operadora mediante a aplicación da seguinte fórmula de cálculo:

$$CT = \text{€/m}^2 \text{ básico} \times \text{CPM} \times \text{FCA} \times S \times T$$

Onde CT é a cota tributaria de cada suxeito pasivo, fixada en función dos seguintes parámetros:

- a) €/m² básico: 33,27 euros/m²
 - b) CPM: Coeficiente de ponderación dos servizos móbiles respecto á totalidade de servizos de comunicacións prestados pola empresa ou entidade obrigada a tributar. Exprésase nunha porcentaxe determinada para cada empresa ou entidade operadora en función do seu número de liñas móbiles prepago e pospago sobre o total das súas liñas fixas e móbiles activas no concello á data de devindicación.
 - c) FCA: Factor de corrección do aproveitamento cifrado nun coeficiente de 0,30 aplicable a aquelas empresas ou entidades obrigadas a tributar cuxo número de liñas móbiles prepago e pospago activas no Concello da Coruña non supere as 8000 liñas.
 - d) S: Superficie ocupada pola empresa ou entidade operadora. Fixarase aplicando aos metros lineais de apertura de gabias ou canalizacións executadas polo empresa ou entidade obrigada a tributar, o ancho de reserva marcado polo Servizo de Infraestruturas do Concello para a instalación de rede de telecomunicacións que é como mínimo de 0,40 m2 por cada metro lineal.
 - e) T: Tempo de duración da utilización privativa ou aproveitamento especial, expresado na unidade correspondente ao ano ou, no seu caso, fracción trimestral deste [1; 0,25; 0,5 ou 0,75].
2. Naqueles casos nos que o importe da cota tributaria, calculada consonte ao disposto no apartado anterior, dividido pola superficie ocupada pola empresa ou entidade obrigada a tributar sexa igual ou exceda de 16,63 euros/m², o parámetro a que se refire a letra a) do apartado anterior será de 16,63 euros/m², e o cálculo da cota será o resultado de multiplicar a dita cantidade pola superficie e o tempo, non sendo de aplicación o factor FCA.

A presente taxa ten natureza periódica, devindicándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso privativo ou o aproveitamento especial, en que o período impositivo se axustará a estas circunstancias, rateándose a cota por trimestres naturais, completos, consonte ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de alta, o período impositivo coincidirá cos trimestres naturais que resten para finalizar o exercicio, computándose dende aquel en que se inicia a utilización privativa ou o aproveitamento especial.
- b) Nos supostos de baixa, o período impositivo coincidirá cos trimestres naturais transcorridos dende o inicio do exercicio, computándose aquel no que se produce o cesamento da utilización privativa ou aproveitamento especial.

1. As empresas ou entidades obrigadas a tributar deberán presentar, antes do 31 de xaneiro de cada ano, declaración comprensiva dos datos que a continuación se especifican, referidos todos eles á data de devindicación, a efectos de que pola Administración tributaria

municipal se practique a liquidación anual que a cada empresa ou entidade obrigada a tributar corresponda:

a) Número de liñas de telefonía móbil, prepago e postpago, activas no Concello da Coruña correspondentes a persoas abonadas con enderezo no termo municipal.

b) Número de liñas de telefonía fixa activas no Concello da Coruña correspondentes a persoas abonadas con enderezo no termo municipal.

c) Número de microceldas, repetidores ou elementos similares instalados no termo municipal.

d) Lonxitude da rede da súa propiedade que ocupe dominio público municipal no termo municipal da Coruña. No caso de non declararse a lonxitude tomarase como valor o 25% da lonxitude de eixos varios en solo urbano no Concello da Coruña.

O servizo de Planeamento do Concello da Coruña indica que a lonxitude de eixos viarios no solo urbano do termo municipal da Coruña é de 316.213,42 metros.

2. As liquidacións que se emitan en base a estes datos terán o carácter de provisionais ata que, realizadas as comprobacións oportunas, se practique liquidación definitiva ou transcorra o prazo de prescrición de catro anos contados dende o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación a que se refire o apartado 1 do presente artigo.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas distintas calificacións, así como as sancións que ás mesmas correspondan, aplicaráselle o disposto na vixente Lei xeral tributaria, e normativa regulamentaria que a desenvolva, así como na Ordenanza xeral de xestión, recadación e no Regulamento de inspección do Concello da Coruña.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal consta de nove artigos e foi aprobada polo pleno en sesión celebrada o 30 de decembro de 2021, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2022 e producirá efectos en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 24

REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS QUE LLE AFECTEN Á XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DA VECIÑANZA.

24

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais polas empresas explotadoras de servizos de subministracións que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a que se refire o artigo 20. 3, en relación co 24.1, parágrafo terceiro, do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras, distribuidoras e comercializadoras de servizos de subministracións que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a elas.
2. Esta taxa é compatible con calquera outra que poida establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local das que deban ser suxeitos pasivos as empresas enumeradas no punto anterior, e queda excluída, polo pago da taxa regulada no punto un deste artigo, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, sempre que a dita utilización privativa ou o aproveitamento especial estea dirixido á instalación, ao mantemento e á reparación das súas redes.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e que realicen a actividade empresarial de explotación, distribución e comercialización de servizos de subministracións que lle afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación da cota tributaria o importe dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas, calculados segundo o disposto no artigo 24.1 do Real decreto lexislativo 2/2004.

ARTIGO 6. TIPO IMPOSITIVO.

O tipo impositivo que se aplicará á base imponible para calcular a cota será, en todo caso e sen ningunha excepción, o 1'5 por cento.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

A taxa xerarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial das vías públicas municipais por parte dun suxeito pasivo que realice a actividade de prestación de servizos de subministracións que lle afecten á totalidade ou a unha parte importante da veciñanza do municipio da Coruña.

Para que poida esixirse esta taxa é preciso que o suxeito realice efectivamente a actividade para o que será imprescindible que obteña ingresos derivados dela no termo municipal.

ARTIGO 8. XESTIÓN TRIBUTARIA.

1. Os suxeitos pasivos presentarán, dentro do mes seguinte á finalización de cada ano natural, unha declaración-liquidación da totalidade dos ingresos brutos obtidos no municipio da Coruña durante o ano anterior e procederán ao ingreso da cota resultante.

Nesta declaración, os suxeitos pasivos deberán indicar os datos que se detallan a continuación, ao obxecto de que por esta administración municipal practíquese a liquidación correspondente:

- a) Importe dos ingresos brutos procedentes da facturación aos consumidores finais, obtidos no termo municipal da Coruña, con indicación do número de clientes facturados.
- b) Importe das cantidades percibidas de terceiros por dereitos de acceso ou interconexión a redes propias, con indicación dos suxeitos que satisfíxeron tales cantidades e do importe correspondente a cada un deles.

- c) Importe das cantidades abonadas por dereitos de acceso ou interconexión a redes propiedade de terceiros, con indicación dos suxeitos titulares de tales redes e dos importes.
 - d) Importe, no seu caso, dos ingresos non incluídos na facturación, por ter a consideración de cantidades percibidas por conta de terceiros, con indicación destes.
2. Para permitir a comprobación das declaracións presentadas, as empresas que teñan a condición de suxeito pasivo deberán levar unha contabilidade específica dos ingresos obtidos no termo municipal.
 3. Para facilitar a xestión e recadación da taxa, poderán realizarse convenios, conforme ao previsto na Ordenanza xeral de xestión, coas empresas ou coas asociacións que estas poidan constituír.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 26 de decembro do 2012, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2013 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 25

REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS DENDE A VÍA PÚBLICA AOS EDIFICIOS, LOCAIS E SOARES E DAS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA, DESCARGA E OUTRAS ACTIVIDADES EN INTERESE PARTICULAR

25

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e soares e das reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga e outras actividades en interese particular, a que se refire o artigo 20. 3. h), do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial das vías municipais, nos casos seguintes:

- a) Entradas de vehículos en edificios, soares, fábricas, talleres e, en xeral, en inmoables de calquera destino, realizadas a través de terreos destinados ao uso público, xa teñan licenza de vao permanente, laboral ou nocturno.
- b) Reservas permanentes para actividades distintas do acceso a inmoables.
- c) Reservas de carácter temporal para diversas actividades de comercio, construción, servizos e subministracións.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten as entradas ou reservas. Cando se solicite unha licenza para a utilización ou o aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente. Se o aproveitamento se realizase sen obter licenza, considérase que ten a condición de suxeito pasivo o propietario do inmovible ou da empresa que utiliza-se a entrada ou reserva.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para determinar a cota:

- a) Nas entradas de vehículos, a lonxitude da entrada e a superficie do local ou solar ao que dá acceso.
- b) Nas reservas permanentes, a lonxitude do espazo reservado.
- c) Nas reservas temporais, a superficie ocupada e a duración do uso.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixiranse as seguintes:

	Permanente	Laboral
1 Entrada ou paso de carruaxes aos inmobles; por metro lineal ou fracción ao ano:		
1.1.1 Ata 100 m2 de superficie do local ou solar	92,48	92,48
1.1.2 De 101 a 250 m2 de superficie	143,29	143,29
1.1.3 De 251 a 500 m2 de superficie	194,14	194,14
1.1.4 De 501 a 750 m2 de superficie	252,07	252,07
1.1.5 De 751 a 1.000 m2 de superficie	311,12	311,12
1.1.6 De 1.001 a 2.000 m2 de superficie	491,36	491,36
1.1.7 Máis de 2.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción.....	246,73	246,73
Nocturno		EUROS
1.2.1 Ata 100 m2 de superficie do local ou solar		46,24
1.2.2 De 101 a 250 m2 de superficie.....		71,71
1.2.3 De 251 a 500 m2 de superficie.....		96,92
1.2.4 De 501 a 750 m2 de superficie.....		126,02
1.2.5 De 751 a 1.000 m2 de superficie.....		155,05
1.2.6 De 1.001 a 2.000 m2 de superficie.....		242,29
1.2.7 Máis de 2.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción		121,14
1.3 Locais destinados a garaxe da comunidade de propietarios do propio edificio ou dos contiguos, sempre que estean destinadas aos veciños, polo menos, as 2/3 partes das súas prazas: a cantidade resultante da aplicación da tarifa anterior multiplicarase polo coeficiente 0'5 para os efectos de determinar o importe que hai que pagar.		
1.4 Aparcadoiros establecidos no solo ou subsolo dos terreos de uso público municipal, en réxime de concesión administrativa para a prestación do servizo de aparcamento na modalidade de alugueiro por horas: a cantidade resultante da aplicación da tarifa anterior multiplicarase polo coeficiente 0,2 para os efectos de determinar o importe que hai que pagar.		

2	Reservas permanentes para actividades distintas do acceso aos inmobles, por metro lineal de espazo reservado, ao ano:	
2.1	Con horario limitado:	
2.1.1	De 8 a 14 horas	89,64
2.1.2	De 14 a 20 horas	89,64
2.1.3	De 8 a 20 horas	167,73
2.1.4	Outros, non comprendidos entre os horarios anteriores, nos que a tarifa non é reducible aínda que se solicite un tempo de aproveitamento inferior, por hora.....	15,26
2.2	Reserva permanente, 24 horas	194,05
3	Reservas de espazo de carácter temporal para diversas actividades de construción, comercio, servizos e subministracións:	
3.1	Vehículos de formigonado, bombeo, grúas, expositores, colectores aos que non sexa de aplicación outra ordenanza e aproveitamentos análogos; cota diaria por m2 ou fracción.....	8,74
3.2	Mudanzas, descarga de combustibles polas empresas distribuidoras e outros usos extraordinarios, por m2 ou fracción, por día	1,69
4	Reservas de espazo de carácter temporal para diversas actividades de promoción, información ou divulgación con instalación de casetas, carpas e instalacións análogas; cota diaria por metro cadrado ou fracción:.....	3,5
5	Cando os aproveitamentos se realicen en rúas que non sexan de 1ª categoría fiscal, o importe resultante da aplicación das anteriores tarifas multiplicarase polos seguintes coeficientes para os efectos de determinar o importe que hai que pagar:	
	Categoría rúa	Coeficiente
	Segunda	0,9
	Terceira	0,8
	Cuarta	0,7
	Quinta	0,6
	Sexta	0,5
6	Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da presente tarifa non se alcance o importe que se sinala, esixíranse	30,26

Normas para a aplicación das tarifas:

1. A tarifa por entrada ou paso de vehículos aos inmobles supón o dereito de reserva de espazo que é necesario para realizar a entrada, na mesma lonxitude que aquela.
2. Cando se produza o acceso dende unha vía pública a un grupo de terreos ou locais que compartan a mesma entrada, a lonxitude desta ratearase entre os distintos locais en proporción á súa superficie, sen que ningunha das fraccións que resulten poida ser inferior a un metro, e elevaranse as fraccións á unidade superior.
3. A superficie computable a efectos da Taxa por entrada de vehículos será a que a continuación se indica:
 - a) Se sé trata de garaxes computarase a destinada exclusivamente a garaxe, expresada en metros cadrados e sumando as plantas ou pisos do mesmo. En consecuencia non se computará a ningún efecto a superficie destinada a outros usos como

- ascensores, corredores exteriores ao garaxe, trasteiros, etc., aínda que, respecto da superficie do garaxe computarán os corredores interiores, viarios, ramplas de acceso, etc. No caso de non acreditarse o elemento superficie polo suxeito pasivo, computarase a que figure na resolución que conceda a preceptiva licenza.
- b) Se sé trata de locais, almacéns, naves industriais e similares, computarase a superficie destinada a carga e descarga de mercancias, que deberá coincidir a que figure para estes usos na resolución da preceptiva licenza.
 - c) Se sé trata de solares computarase a superficie do solar.
4. Nas reservas de carácter temporal, se un mesmo servizo supón a realización de aproveitamentos en distintas vías públicas ou en distintos lugares dunha mesma vía, levaranse a cabo tantas liquidacións independentes como aproveitamentos en lugares distintos se realicen.
 5. Non están suxeitas ao pago aquelas reservas de carácter temporal do artigo 2 c) nas que a resolución pola que se concede a autorización declare que a actividade se considera de interese público.
 6. A transmisión da licenza de vao concedida ás empresas construtoras a favor das comunidades de propietarios debidamente constituídas non estarán suxeitas ao pagamento e á taxa.
 7. A concesión das distintas modalidades de licenza, as súas facultades e limitacións, a súa revogación e demais particularidades do seu réxime administrativo, rexerase pola ordenanza municipal da expedición de licenzas de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos. A xestión da taxa rexerase pola presente ordenanza.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

A taxa xerarase no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza. Nos aproveitamentos continuados, a xeración da taxa producirase, respecto da totalidade da cota, o primeiro día do ano natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento.

As cotas non serán reducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na prestación do servizo non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para rematar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Constituirase un depósito previo no momento da solicitude, correspondente á cota do exercicio en que esta se formula. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. Concedida a licenza, a mesma resolución pola que se resolva o expediente, aprobará unha liquidación provisional á que se aplicará o depósito constituído e levaranse a cabo as devolucións ou as liquidacións complementarias que procedan. En caso de denegarse a licenza, devolverase o depósito, salvo que se acredite a utilización da entrada ou reserva. Esixirase o depósito previo da cota, que deberá ingresarse ao tempo de solicitar a autorización preceptiva.

2. As cotas de xeración da taxa periódica consignaranse nun Padrón que será elaborado anualmente, conforme ao establecido na Ordenanza fiscal xeral.

3. Cando se realicen aproveitamentos sen licenza ou excedendo do autorizado, executaranse de oficio as liquidacións que correspondan e imponse as sancións que procedan. O pagamento da taxa non supón a adquisición do dereito a realizar o aproveitamento, podendo

a administración municipal adoptar as medidas que procedan para evitar a continuación daqueles que non poidan ser autorizados por non cumprir as condicións requiridas, aínda que a actuación municipal neste sentido provocará a baixa en matrícula.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 07 de novembro do 2019 entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2020 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 26

REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO, ASÍ COMO AS REMOCIÓNS DE PAVIMENTOS OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.

26

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local pola apertura de gabias, calicatas e calas, así como as remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública, a que se refire o artigo 20. 3 f) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) A apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público, calquera que sexa a clase de pavimento que exista no lugar onde se realizan as obras.
- b) A remoción de beirarrúas ou de pavimentos nas vías públicas.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.
Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza, considérase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que execute as obras ou o dono destas, se fose coñecido.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base imponible o tempo de duración do aproveitamento e a súa dimensión, medida en metros lineais ou cadrados, segundo se trate de gabias ou pavimentos.

ARTIGO 6. TARIFAS.

		EUROS
1	Gabias ou calicatas, cota diaria por metro lineal ou fracción.....	2,13
2	Calas, cota diaria por m.2 de superficie ocupada.....	4,11
3	Remoción de pavimento ou beirarrúa, cota diaria por metro cadrado ou fracción	2,13
4	Cando o aproveitamento non se produza en rúa de 1ª categoría fiscal, a cantidade que resulte da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase polos seguintes coeficientes para os efectos de determinar o importe que hai que pagar:	
	Categoría rúa	Coeficiente
	Segunda	0,9
	Terceira	0,8
	Cuarta	0,7
	Quinta.....	0,6
	Sexta	0,5
5	Tarifa mínima. Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da presente tarifa non se alcance o dito importe, esixiranse	120,66

Nota: Cando a apertura dunha gabiá, calicata ou cala implique, ademais, a remoción do pavimento ou da beirarrúa, esixirase a cota que corresponde aos dous conceptos.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.
2. As cotas non serán reducibles.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Esixirase o depósito previo do importe da taxa a que se refire esta ordenanza. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.
2. As licenzas para realizar estes aproveitamentos solicitaranse por medio dunha instancia por triplicado dirixida á Xunta de Goberno Local, acompañada dos documentos que teña

que presentar o interesado. Tramitado o expediente ditarase a resolución que lles será notificada ao interesado e aos servizos encargados da súa execución. Nesta resolución revisarase a liquidación levada a cabo realizando os aboamentos ou esixindo as diferenzas que procedan. Non se devolverá a fianza constituída ata que se acredite o cumprimento das obrigas de toda índole.

3. As solicitudes de prórroga dos prazos inicialmente concedidos tramitaranse como unha nova licenza, e deberá constituírse un novo depósito polo prazo de prórroga que se solicita. A falta de solicitude de prórroga provocará que se considere o aproveitamento realizado como falta de autorización con aplicación das sancións que procedan.
4. As tarifas sinaladas non son reducibles e a obriga de pago xurdirá no momento de outorgarse a licenza ou no da iniciación do aproveitamento realizado sen obter previamente a autorización preceptiva.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 19 de decembro do 2008, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2009 e permanecerá eficaz ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 27

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

27

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local por ocupación con mercancías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, a que se refire o artigo 20. 3 g) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización das ocupacións seguintes:

- a) Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes, colocadas na vía pública para a protección ou o servizo das obras contiguas.
- b) Puntais, asnillas e toda clase de apeos de edificios.
- c) Ocupación con mercancías, materiais de construción, escombros ou outros elementos similares cuxo destino non sexa permanecer no dito lugar.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que execute as obras ou o dono destas, se fose coñecido.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para calcular a cota, o tempo de duración do aproveitamento e os metros cadrados de vía pública obxecto de ocupación.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixiranse as seguintes tarifas:

	EUROS
1 Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes colocadas na vía pública, por m2 ou fracción, ao mes.....	3,89
2 Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes con publicidade colocadas na vía pública, por m2 ou fracción, ao mes.....	5,65
3 Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes colocadas na vía pública, cando estean instaladas por período superior a seis meses, a partir do primeiro día posterior ao dito termo, por m2 ou fracción ao mes	4,62
4 Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes con publicidade colocadas na vía pública, cando estean instaladas por período superior a seis meses, a partir do primeiro día posterior ao dito termo, por m2 ou fracción ao mes	6,49
A partir do primeiro día do décimo terceiro mes, experimentarán un incremento mensual acumulativo, sobre as tarifas dos dous parágrafos anteriores, do 10%, excepto nos casos de paralización das obras imposta pola Administración Pública	
5 Puntais, asnillas e outros elementos de apeo dos edificios, por unidade e mes	1,02
6 Ocupacións con mercancías, materiais de construción, escombros ou outros elementos similares, incluso cando se depositen en vagóns, colectores e análogos, cota diaria por m2 ou fracción	0,56
7 Colectores de obra en vía pública	
7.1 Colectores de obra de ata 4 m3, por día ou fracción	4,39
7.2 Colectores de máis de 4 m3 ata 7 m3, por día ou fracción	6,58
8 Cando os anteriores aproveitamentos non se produzan en rúa de 1ª categoría fiscal, o importe resultante da aplicación das anteriores tarifas multiplicarase polos seguintes coeficientes para determinar a cota:	

Categoría rúa	Coeficiente
segunda.....	0,90
terceira.....	0,80
cuarta	0,70
quinta	0,60
sexta.....	0,50

- 9 Con carácter mínimo e sempre que por aplicación das anteriores tarifas non se alcance o dito importe, esixiranse..... 36,68

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.
2. As cotas non serán reducibles.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Esixirase o depósito previo do importe da taxa a que se refire esta ordenanza. Poderase establecer a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.
2. As licenzas para realizar estes aproveitamentos solicitaranse por medio dunha instancia por triplicado dirixida á Xunta de Goberno Local, acompañada dos documentos que teña que presentar o interesado. Tramitado o expediente ditarase a resolución que lles será notificada ao interesado e aos servizos encargados da súa execución. Nesta resolución revisarase a liquidación levada a cabo realizando os aboamentos ou esixindo as diferenzas que procedan. Non se devolverá a fianza constituída ata que se acredite o cumprimento das obrigas de toda índole.
3. Para a colocación de colectores de obra en vía pública deberá realizarse a comunicación prevista no artigo 46 da Ordenanza municipal de residuos e limpeza viaria. O Concello liquidará trimestralmente a taxa correspondente segundo a comunicación prevista, e de acordo coas comprobacións efectuadas pola inspección municipal ou policía local nos informes correspondentes.
4. As solicitudes de prórroga dos prazos inicialmente concedidos tramitaranse como unha nova licenza, e deberá constituírse un novo depósito polo prazo de prórroga que se solicita. A falta de solicitude de prórroga provocará que se considere o aproveitamento realizado como falto de autorización con aplicación das sancións que procedan.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 23 de decembro do 2010, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2011 e aplicaráse mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 28

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS, TRIBUNAS, ELEMENTOS AUXILIARES, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

28

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local por ocupación con mesas, cadeiras, tribunais, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, a que se refire o artigo 20. 3 l) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas, xardineiras, parasoles, felpudos, tribunais, taboados e outros elementos análogos.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou autorizacións, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.
Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza ou autorización, considerárase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecto o elemento situado en terreo de uso público.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para determinar o importe que hai que pagar o número de metros cadrados que comprenda o aproveitamento delimitado polas mesas, cadeiras, toldos, mamparas, xardineiras, parasoles e demais elementos que compoñen a instalación.

Establécense as seguintes:

1. Anual (do 1 de xaneiro ó 31 de decembro) Por cada m2 de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas, xardineiras, parasoles, felpudos, tribunas, taboados e outros elementos análogos, ao ano 25 €
2. Tempada. Por cada m2 de terreo de uso público delimitado cos mesmos elementos durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro, ambos os dous incluídos 15,00 €
3. No caso de que as terrazas dispoñan de cerramento estable, as cantidades que resulten da aplicación das anteriores tarifas se multiplicará por un coeficiente de 1,50 para os efectos de determinar o importe a pagar.
4. Sobre as cotas así calculadas, naqueles casos en que, de acordo co establecido no artigo 6.3 da Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, se autorizase un horario especial máis amplo que o xeneral previsto para esta clase de instalacións, as tarifas así calculadas incrementaranse na mesma porcentaxe que o que supoñan o incremento autorizado sobre o horario fixado con carácter xeral. Da mesma forma, cando, de acordo co preceptuado no artigo 6.2 da Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, a autorización administrativa reduza o horario xeral de funcionamento da instalación, se reducirá a cota calculada conforme aos puntos anteriores na mesma porcentaxe que o que supoña a redución sobre o horario fixado con carácter xeral.
5. Cando os aproveitamentos non se realicen en rúa de 1ª categoría fiscal, as cantidades que resulten da aplicación das anteriores tarifas multiplicaranse polos coeficientes que se indican para efecto de determinar o importe a pagar.

Categoría da rúa	Coeficiente
Segunda	0,90
Terceira	0,80
Cuarta	0,70
Quinta	0,60
Sexta	0,50
6. Tarifa mínima.
Sempre que por aplicación dos anteriores epígrafes non se alcance o importe establecido neste, esixiranse 51,63 €

1. A taxa xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza/autorización ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.
2. As cotas sinaladas nas tarifas non poderán reducirse, excepto no seguinte suposto: Cando con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados xa autorizados, o Concello revogue, modifique ou suspenda temporalmente a autorización concedida. Nestes casos, previa solicitude do interesado, e sen que se xere ningún tipo de dereito por parte do obrigado tributario a compensación algunha, procederase ao prorrateo, ou reintegro, no seu caso, da parte proporcional do período non utilizado do importe co-

respondente á taxa municipal polo aproveitamento especial correspondente ao período non utilizado. A estes efectos, requirirase a emisión de informe técnico sobre a efectiva incidencia das obras e prazo de efectos.

28

ARTIGO 8.

NORMAS DE XESTIÓN

1. Cando se presenten solicitudes de licenza ou autorización para a realización dos aproveitamentos previstos nesta Ordenanza haberá de efectuarse o ingreso anticipado en concepto de depósito previo correspondente á cota do exercicio en que esta se liquida, sen cuxo requisito non se tramitará o expediente para a concesión do aproveitamento. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. A resolución que conceda a licenza ou autorización aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. En caso de non se conceder a licenza ou autorización, devolverase o depósito constituído, salvo que se acredite a ocupación.
2. As posteriores cotas anuais serán esixibles dende o primeiro día do ano natural, se ben se poderá elaborar un Padrón anual, tanto para aqueles aproveitamentos cuxo período impositivo sexa anual coma para aqueles que se soliciten por tempada, segundo o establecido na Ordenanza Xeral de Xestión, sendo obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións que recollan o consignado en declaracións ou documentos presentados polo contribuínte.
3. Cando se realicen aproveitamentos sen licenza ou excedendo do autorizado, practicaranse de oficio as liquidacións que correspondan e imponse as sancións que procedan. O pagamento da taxa non supón a adquisición do dereito a realizar o aproveitamento, podendo adoptar a administración municipal as medidas que procedan para evitar a continuación daqueles que non poidan ser autorizados por non cumprir as condicións requiridas, se ben a actuación municipal neste sentido provocará a baixa na matrícula.
4. O período impositivo para as tarifas anuais sinaladas no artigo 6 desta Ordenanza, coincidirá co ano natural. Tales cotas son irredutíbeis, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na ocupación non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarase conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos.
5. Na tramitación da licenza observaranse as prescricións contidas na Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público ou normativa que a substitúa.

ARTIGO 9.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Non se exaccionarán as taxas establecidas no artigo desta ordenanzas durante o exercicio 2021, quedando en suspenso durante o antedito exercicio a aplicación do previsto no artigo 7.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 12 de novembro de 2020, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021 e aplicará mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local por ocupación con quioscos, a que se refire o artigo 20. 3 m) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con quioscos ou outras pequenas construcións removibles de características análogas.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as autorizacións administrativas, ou quen realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecta a instalación en terreo público.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5.

BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación do importe da taxa o tempo de duración do aproveitamento e os metros cadrados de terreos de uso público que son obxecto da ocupación.

ARTIGO 6.

TARIFAS.

Esixiranse as seguintes:

EUROS

1	Instalacións fixas:	
1.1	Quioscos e construcións análogas; por m2 ou fracción de superficie ocupada, ao ano.....	163,73
1.2	Quioscos cuxos titulares acrediten unha minusvalía do 33% e postos de venda da O.N.C.E., por m2 ou fracción de superficie ocupada, ao ano	73,02
2	Cando os aproveitamentos non se realicen en rúas de 1ª categoría fiscal, a cantidade resultante da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase por un coeficiente para os efectos de determinar o importe que hai que pagar:	
	Categoría rúa	Coeficiente
	Segunda	0,9
	Terceira	0,8
	Cuarta	0,7
	Quinta	0,6
	Sexta	0,5

ARTIGO 7.

XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa correspondente ao primeiro período impositivo xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza. As cotas periódicas posteriores xeraranse o primeiro día de cada exercicio natural.
2. As cotas sinaladas nas tarifas non serán reducibles.

ARTIGO 8.

NORMAS DE XESTIÓN.

1. No momento de presentar a solicitude para a obtención da autorización precisa para realizar os aproveitamentos descritos nesta ordenanza, deberá ingresarse o depósito previo do importe da taxa, sen cuxo requisito non se dará tramite á petición. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.
2. A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional e ordenará as devolucións ou a execución das liquidacións complementarias que procedan. En caso de non concederse a licenza, devolverase o depósito constituído.
3. As cotas periódicas posteriores esixiranse por anos enteiros conforme ao establecido no artigo anterior, aínda que se pagarán fraccionadas por trimestres. Anualmente formarase unha matrícula conforme ao establecido na Ordenanza xeral de xestión. A devandita matrícula anual estará dividida en catro trimestres e o exemplar

correspondente ao primeiro trimestre será aprobado por resolución da Xunta de Goberno Local e será exposto ao público e notificado mediante edictos. Se durante o exercicio se producisen modificacións que afectasen ao importe que hai que pagar en trimestres sucesivos e non fosen consecuencia de alteracións instadas polo propio obrigado ao pago, seranlle notificadas. Noutro caso, a matrícula do primeiro trimestre servirá como notificación de todas as cotas dos sucesivos períodos trimestrais que teñan a mesma contía. Para estes efectos, os obrigados ao pago quedarán requiridos para o pago das cotas trimestrais a partir do primeiro día do segundo mes de cada trimestre natural. O prazo de cobranza será dun mes contado a partir da publicación do correspondente edicto. Entenderase que a persoa que obtén a concesión dun quiosco está notificada da súa inclusión na matrícula para o cobro do canon mensual.

4. As licenzas deberán solicitarse da Xunta de Goberno Local por medio dunha instancia por triplicado xunto cos documentos necesarios para a súa tramitación. Instruído o expediente, ditarase a resolución que se lles notificará ao interesado e aos servizos municipais encargados da súa execución.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 19 de decembro do 2008, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2009 e aplicaráse mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación de servizos nos mercados municipais, a que se refire o artigo 20. 4u) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa:
 - a) A concesión de postos fixos nos mercados municipais.
 - b) A venda en ambulancia ou promocións con finalidade publicitaria dentro do recinto do mercado sen posto fixo.
 - c) A venda en ambulancia no recinto dos mercados.
 - d) A autorización, cando proceda, dos traspasos de postos.
 - e) A prestación dos servizos ordinarios establecidos nos mercados.
 - f) A utilización para a realización de exposicións, feiras ou eventos doutro tipo nos mercados municipais.
 - g) A prestación de calquera outro servizo que sexa requirido polo usuario e que non estea comprendido nos apartados anteriores. Para estes efectos non haberá lugar ao pago de ningunha cantidade por razón da limpeza ordinaria, vixilancia e inspección sanitaria dos artigos destinados ao consumo, cando non sexa realizada por instancia de parte interesada.

Esta Ordenanza Fiscal é de aplicación a tódolos Mercados e Galerías de titularidade municipal.
2. Non están suxeitos ao pagamento da taxa que se sinala por adxudicación do posto, os pais, fillos e cónxuxe do anterior titular nos casos de transmisión hereditaria ou xubilación.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor sexa outorgada a licenza ou concesión de posto, quen realice a venda en ambulancia e, en xeral, os usuarios dos servizos suxeitos ao pagamento da taxa, conforme ao artigo 6.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

A determinación da contía que hai que pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa, en cuxa concreción se terán en conta a situación do mercado, o destino dos postos e locais e a súa superficie, conforme ao establecido no artigo seguinte.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixiranse as seguintes:

1 MERCADO DA GUARDA.

	EUROS
1.1 Canon mínimo de adxudicación:	
Actividade	
1.1.1 Carnicería	3.090,00
1.1.2 Aves.....	2.575,00
1.1.3 Peixe.....	3.090,00
1.1.4 Demais artigos de alimentación.....	2.080,60
1.1.5 Demais artigos.....	2.060,00
1.1.6 Locais comerciais	3.090,00
1.1.7 Comestibles, e cantina	3.090,00
1.2 Canon mensual:	
1.2.1 Carnicería	
1.2.1.1 Postos Grupo 1.....	72,63
1.2.1.2 Postos Grupo 2.....	145,25
1.2.1.3 Postos Grupo 3.....	217,88
1.2.1.4 Postos Grupo 4.....	290,51
1.2.1.5 Postos Grupo 5.....	363,14
1.2.1.6 Postos Grupo 6.....	435,76
1.2.2 Aves.....	56,57
1.2.3 Froitas e hortalizas	
1.2.3.1 Postos Grupo 1.....	31,64
1.2.3.2 Postos Grupo 2.....	47,46
1.2.3.3 Postos Grupo 3.....	63,28

1.2.3.4	Postos Grupo 4.....	79,10
1.2.4	Panadería	
1.2.4.1	Postos Grupo 1.....	15,82
1.2.4.2	Postos Grupo 2.....	31,64
1.2.4.3	Postos Grupo 3.....	47,46
1.2.5	Queixos e ovos	
1.2.5.1	Postos Grupo 1.....	35,71
1.2.5.2	Postos Grupo 2.....	53,56
1.2.5.3	Postos Grupo 3.....	71,42
1.2.6	Peixe	
1.2.6.1	Postos Grupo 1.....	31,64
1.2.6.2	Postos Grupo 1/B.....	47,46
1.2.6.3	Postos Grupo 2.....	63,28
1.2.6.4	Postos Grupo 3.....	94,92
1.2.6.5	Postos Grupo 4.....	126,57
1.2.7	Produtos ecolóxicos.....	161,07
1.2.8	Comestibles e cantina	
1.2.8.1	Postos Grupo 1.....	72,63
1.2.8.2	Postos Grupo 2.....	145,25
1.2.9	Extremidades.....	24,31
1.2.10	Flores	
1.2.10.1	Postos Grupo 1.....	17,85
1.2.10.2	Postos Grupo 2.....	35,71
1.2.11	Demais artigos.....	21,09
1.2.12	Locais comerciais.....	102,28
1.3	Uso do espazo central do segundo andar	
1.3.1	Media xornada.....	250
1.3.2	Xornada completa.....	400

No caso de que as actividades a desenvolver no espazo central do segundo andar fosen para a realización de eventos ou actividades non lucrativas por entidades e asociacións, e non coincida coa celebracións de actividades propias do Concello, as tarifas anteriores multiplícaranse por un coeficiente do 0,5.

No caso de que a actividade a realizar sexa declarada de interese xeral para o Concello, a Xunta de Goberno local poderá decidir a non existencia da taxa.

2 MERCADO DE ELVIÑA

2.1 Canon mínimo de adxudicación:

Actividade

2.1.1	Carnicería.....	2.060,00
2.1.2	Aves.....	1.030,00
2.1.3	Froitas e hortalizas.....	824,00
2.1.4	Panadería.....	824,00

2.1.5	Queixos e ovos	824,00
2.1.6	Peixe.....	1.030,00
2.1.7	Demais artigos.....	824,00
2.1.8	Locais comerciais	2.060,00
2.1.9	Comestíveis, e cantina	3.090,00
2.2	Canon mensual:	
2.2.1	Carnicería	122,80
2.2.2	Aves.....	87,39
2.2.3	Froitas e hortalizas	78,68
2.2.4	Queixos e ovos	65,16
2.2.5	Peixe.....	65,16
2.2.6	Panadería.....	65,16
2.2.7	Demais artigos.....	65,16
2.2.8	Comestibles, e cantina	135,35
2.2.9	Postos comerciais.....	89,51

3 MERCADO DE MONTE ALTO

3.1 Canon mínimo de adjudicación:

Actividade

3.1.1	Carnicería	2.575,00
3.1.2	Aves.....	1.545,00
3.1.3	Froitas e hortalizas	824,00
3.1.4	Panadería.....	824,00
3.1.5	Queixos e ovos	824,00
3.1.6	Peixe.....	1.545,00
3.1.7	Demais artigos.....	824,00
3.1.8	Locais comerciais	3.090,00
3.1.9	Comestibles e cantina	3.090,00
3.2	Canon mensual:	
3.2.1	Carnicería	89,34
3.2.2	Aves.....	55,70
3.2.3	Froitas e hortalizas	51,10
3.2.4	Chacinería.....	123,46
3.2.5	Queixos e ovos	45,17
3.2.6	Panadería.....	45,17
3.2.7	Peixe.....	90,35
3.2.8	Conxelados.....	212,82
3.2.9	Quincalla	42,35
3.2.10	Demais artigos.....	45,17
3.2.11	Postos comerciais exteriores	85,93

4**MERCADO DE PALAVEA**

4.1 Canon mínimo de adxudicación:

Actividade

4.1.1	Carnicería	1.030,00
4.1.	Aves	515,00
4.1.3	Froitas e hortalizas	412,00
4.1.4	Panadería	412,00
4.1.5	Queixos e ovos	412,00
4.1.6	Peixe.....	515,00
4.1.7	Demais artigos.....	412,00
4.1.8	Locais comerciais	1.545,00
4.1.9	Comestibles e cantina	1.545,00
4.2	Canon mensual:	
4.2.1	Carnicería	56,12
4.2.2	Aves	23,75
4.2.3	Froitas e hortalizas	23,75
4.2.4	Panadería.....	16,07
4.2.5	Queixos e ovos	25,01
4.2.6	Peixe.....	25,01
4.2.7	Demais artigos.....	25,01
4.2.8	Locais comerciais	56,12
4.2.9	Comestibles e cantina	56,12

5**MERCADO DE RAMÓN CABANILLAS**

5.1 Canon mínimo de adxudicación:

Actividade

5.1.1	Carnicería	1.030,00
5.1.2	Aves	515,00
5.1.3	Froitas e hortalizas	412,00
5.1.4	Panadería.....	412,00
5.1.5	Queixos e ovos	412,00
5.1.6	Peixe.....	515,00
5.1.7	Demais artigos.....	412,00
5.1.8	Locais comerciais	1.545,00
5.1.9	Comestibles e cantina	1.545,00

5.2 Canon mensual:

5.2.1	Carnicería	56,12
5.2.2	Aves	23,75
5.2.3	Froitas e hortalizas	23,75
5.2.4	Panadería.....	16,07
5.2.6	Queixos e ovos	25,01
5.2.7	Peixe.....	25,01

5.2.8	Demais artigos.....	25,01
5.2.9	Locais comerciais	56,12
5.2.10	Comestíveis, e cantina	56,12

30

6 MERCADO DE SAN AGUSTÍN

6.1 Canon mínimo de adxudicación:

Actividade

6.1.1	Carnicería	1.545,00
6.1.2	Aves.....	824,00
6.1.3	Peixe.....	824,00
6.1.4	Demais artigos.....	824,00
6.1.5	Locais comerciais	2.060,00
6.1.6	Comestibles e cantina	2.060,00

6.2 Canon mensual:

6.2.1	Carnicería	
6.2.1.1	Posto superficie ata 8,84 m2	83,28
6.2.1.2	Posto superficie 10,40 m2	94,25
6.2.1.3	Posto superficie 13 m2	154,75
6.2.2	Aves	
6.2.2.1	Posto superficie 8,84 m2	68,77
6.2.2.2	Posto superficie 13 m2	101,94
6.2.3	Froitas e hortalizas	
6.2.3.1	Posto superficie 7,44 m2	32,77
6.2.3.2	Posto superficie 15,50 m2	60,75
6.2.3.3	Posto superficie 15,81 m2	61,83
6.2.3.4	Posto superficie 23,25 m2	87,64
6.2.4	Panadería.....	16,07
6.2.5	Queixos e ovos	47,48
6.2.6	Peixe	
6.2.6.1	Posto superficie 6,20 m2	35,26
6.2.6.2	Posto superficie 8,37 m2	44,59
6.2.6.3	Posto superficie 10,54 m2	53,93
6.2.6.4	Posto superficie 10,84 m2	55,22
6.2.6.5	Posto superficie 13,02 m2	64,59
6.2.6.6	Posto superficie 16,74 m2	80,59
6.2.7	Demais artigos.....	21,42
6.2.8	Comestibles, e cantina	
6.2.8.1	Posto superficie ata 8,84 m2	83,29
6.2.8.2	Posto superficie 13 m2	154,75
6.3	Uso andar superior do mercado	
6.3.1	Media xornada	250
6.3.2	Xornada completa	650

No caso de que as actividades a desenvolver no andar superior do mercado fosen para a realización de eventos ou actividades non lucrativas por entidades e asociacións, e non coincida coa celebración de actividades propias do Concello, as tarifas anteriores multiplicaranse por un coeficiente do 0,5.

No caso de que a actividade a realizar sexa declarada de interese xeral para o Concello, a Xunta de Goberno local poderá decidir a non esixencia da taxa.

7 MERCADO DE DURMIDEIRAS

7.1 Canón mínimo de adxudicación

7.1.1	Carnicería	2575
7.1.2	Aves	824
7.1.3	Froitas e Hortalizas.....	824
7.1.4	Demáis artigos de alimentación.....	824
7.1.5	Pan	824
7.1.6	Queixos e Ovos	824
7.1.7	Peixería	1525
7.1.8	Demais artigos.....	824
7.1.9	Locais comerciais	3090
7.1.10	Comestibles e cantina	3090

7.2 Canón mensual

7.2.1	Carnicería posto de ata 15 m2.....	89,34
7.2.2	Aves posto de ata 15 m2	55,70
7.2.3	Froitas e Hortalizas posto de ata 15 m2.....	51,10
7.2.4	Demais artigos de alimentación posto de ata 15 m2.....	123,46
7.2.5	Panadaría posto de ata 15 m2	45,17
7.2.6	Queixos e ovos posto de ata 15 m2.....	45,17
7.2.7	Peixería posto de ata 15 m2.....	90,35
7.2.8	Demais artigos posto de ata 15 m2	45,17
7.2.9	Locais comerciais posto de ata 15 m2	85,93
7.2.70	Comestibles e cantinas posto de ata 30 m2.....	123,75

8.1	Venda en ambulancia	
8.1.1	Ocupando postos fixos vacantes. En calquera mercado, por posto, ao trimestre:	
8.1.2	Froitas e hortalizas	77,25
8.1.3	Queixos e ovos	77,25
8.1.4	Pan	77,25
8.1.5	Flores	77,25
8.1.6	Carne.....	92,70
8.1.7	Peixe.....	92,70
8.1.8	Demais artigos.....	92,70

8. Traspasos. Cada traspaso que se autorice estará suxeito ao pagamento dunha participación no prezo acordado do 50% do mesmo.

- 8.1. Con carácter mínimo, e sempre que a cantidade acordada polas partes sexa inferior á sinalada nesta ordenanza como canon mínimo de adxudicación, esixirase o 50% deste. Cando este prazo vencese entenderase xerado o imposto dende a data de iniciación da actividade.

Normas para a aplicación das tarifas:

1. Os locais comerciais situados no exterior dos mercados que fosen obxecto de concesión administrativa rexeranse polas cláusulas contidas nos respectivos contratos, tanto no que se refire ao canon de adxudicación como no que afecta ao canon mensual e á súa revisión.
2. As tarifas establecidas no epígrafe 7 para a venda en ambulancia serán de aplicación en todos os mercados municipais.
3. Os vendedores en ambulancia deberán ter a disposición da autoridade competente a Resolución municipal de autorización de venda ambulante.
O pago efectuarase por trimestres naturais anticipados e non poderán comezar o exercicio da súa actividade sen acreditar estar en posesión da resolución municipal de autorización de venda ambulante. Os vendedores en ambulancia deberán exhibir a resolución dos correspondentes dereitos sempre que sexan requiridos para o efecto polos funcionarios encargados dos mercados ou outro persoal autorizado para levar a cabo o dito control. O incumprimento desta obriga será sancionado con multa e revogación do permiso concedido.
4. Respecto do Mercado de Durmideiras os postos que superen os 15 metros cadrados, e os de actividade de cantina que superen os 30 metros cadrados incrementarán a súa tarifa en 5 euros/m².

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- a) Respecto do canon de adxudicación, no momento da realización do contrato, e é requisito inescusable para que este se outorgue a presentación do xustificante de ter ingresado o importe dos dereitos correspondentes.
- b) Respecto do canon mensual e as cotas por venda en ambulancia en postos fixos, xeraranse o primeiro día de cada trimestre natural.
- c) As cotas por venda en ambulancia no recinto dos mercados xeraranse no momento de outorgarse a preceptiva autorización, e esixirase o seu pago anticipado.
- d) Respecto dos demais servizos, no momento da súa prestación.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Adxudicación de postos.
 - a) A adxudicación de postos fixos nos mercados municipais e a expedición das oportunas licenzas realizarase de acordo coas normas contidas no Regulamento de mercados e no prego de condicións que regule a subasta da concesión.
 - b) As bases da subasta poderán determinar un canon inicial distinto do que se consigna como mínimo nesta ordenanza; pero non poderá modificarse, salvo acordo de modificación da ordenanza, o canon mensual que se establece nela.
 - c) O desenvolvemento da subasta e a adxudicación da concesión realizarase de acordo coas normas que regulan a contratación administrativa e os licitadores e adxudicatarios deberán formalizar as fianzas provisionais e definitivas previstas en tales disposicións. A fianza definitiva responderá do pago do canon mensual e das demais obrigas que incumben ao adxudicatario.
 - d) A oficina xestora dos mercados tramitará os procedementos de adxudicación, traspaso, alta e baixa dos postos e comunicará as resolucións adoptadas aos servizos de xestión tributaria para os efectos de modificar a matrícula da taxa.

- e) A duración das concesións e licenzas será a que se determine no Regulamento de mercados e nos respectivos pregos de condicións. As prórrogas axustaranse ao establecido nas mesmas normas.

2. Traspasos.

- a) Os concesionarios de postos que, antes de finalizar o período de concesión, transmitan os seus dereitos sobre o posto, deberán obter a previa autorización do Concello e axustarse ás normas contidas no Regulamento de mercados. . Ademais de esixirá o depósito previo do importe das taxas correspondentes ao traspaso. Os suxeitos pasivos realizarán a autoliquidación de devanditas taxas.
 - b) O Concello ostenta dereito de tenteo nos traspasos de posto.
 - c) O adquirente dun posto mediante traspaso, deberá formalizar fianza.
 - d) As permutas que se realicen entre titulares de distintos postos terán a mesma consideración cós traspasos e a liquidación de dereitos efectuarase unicamente sobre o posto que apareza con máis valor nas tarifas desta ordenanza.
 - e) Non poderán ser adquirentes no caso de traspasos aquelas persoas ou entidades que fosen titulares de concesións anteriores extinguidas por falta de pago dos dereitos.
3. O persoal que preste o servizo de coidado de nenos anotará as horas de entrada e saída de cada neno nun libro ou ficha rexistro, percibirá as tarifas a que se refire o artigo precedente e entregaralle un boleto ou xustificante de pago á persoa que solicitou o servizo.
4. Cotas mensuais. Para o cobro das cotas mensuais, formarase anualmente unha matrícula conforme ao establecido na Ordenanza xeral de xestión. A devandita matrícula anual estará dividida en catro trimestres e o exemplar correspondente ao primeiro trimestre será exposto ao público e notificado mediante edictos. Se durante o exercicio se produci- sen modificacións que afectasen ao importe que hai que pagar en trimestres sucesivos e non fosen consecuencia de traspasos ou outras alteracións instadas polo propio obrigado ao pago, seranlle notificadas a este. A matrícula do primeiro trimestre servirá como noti- ficación de todas as cotas dos sucesivos períodos trimestrais que teñan a mesma contía e se baseen nos mesmos elementos esenciais.
- Os obrigados ao pagamento quedarán requiridos para o pago das cotas trimestrais a partir do primeiro día do segundo mes de cada trimestre natural. O prazo de cobranza será dun mes contado a partir da publicación do correspondente edicto.
- Entenderase que a persoa que obtén a concesión dun posto está notificada da súa inclu- sión na matrícula para o cobro do canon mensual.
5. As tarifas sinaladas nesta ordenanza non se poden reducir.
6. Os servizos de pesada, almacenaxe, gardería e outros análogos serán recadados median- te a entrega de boletos por parte dos encargados da súa prestación ao seu solicitante.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspon- den en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realiza- da o 4 de novembro de 2021, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2022, e producirá efectos ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 31

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

31

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, a que se refire o artigo 20. 3 n) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

- 1.Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as autorizacións administrativas, ou quen realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.
- Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza, considérase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecta a instalación ou actividade realizada en terreo público.
- 2.Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
- 3.Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

31

Tomarase como base para a determinación do importe da taxa o tempo de duración do aproveitamento e os metros cadrados de terreos de uso público que son obxecto da ocupación.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixiranse as seguintes:

		EUROS
1	Instalacións temporais:	
1.1	Postos, barracas e casetas dedicadas á venda de calquera clase de artigos autorizados, por m2 ou fracción, ao día	0,94
1.2	Tómbolas, bambáns, carruseis, autos de choque e demais atraccións de recreo, por cada m2 ou fracción, ao día	0,94
1.3	Circos, teatros ambulantes, monicreques e espectáculos análogos, por m2 ou fracción ao día.....	0,94
1.4	Rodaxes cinematográficas (películas, vídeos e gravacións televisivas) na vía pública, por m2 ou fracción ao día.....	0,94
1.4.1	Rodaxes cinematográficas (películas, vídeos e gravacións televisivas) na vía pública, de carácter profesional e nonpublicitario. Os interesados deberán obter a preceptiva autorización municipal, tendo que abonar os danos ocasionados pola deterioración e os danos que poidan producir..	0,00
2	Cando os aproveitamentos non se realicen en rúas de 1ª categoría fiscal, a cantidade resultante da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase por un coeficiente para os efectos de determinar o importe que hai que pagar: Categoría rúa	
	Segunda	0,90
	Terceira	0,80
	Cuarta	0,70
	Quinta.....	0,60
	Sexta	0,50
3	Tarifas mínimas. Con carácter mínimo e sempre que non se alcancen as cifras que a continuación se dirán coa aplicación das anteriores tarifas, esixiranse:	
3.1	Aproveitamentos aos que se refire o epígrafe 1.1 anterior.....	56,81
3.2	Aproveitamentos aos que se refiren os epígrafes 1.2 e 1.3 e 1.4.....	170,90
4	Cando se utilicen procedementos de licitación o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión autorización ou adxudicación.	

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa correspondente ao primeiro período impositivo xerárase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.
2. As cotas sinaladas nas tarifas non serán reducibles.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. No momento de presentar a solicitude para a obtención da autorización precisa para realizar os aproveitamentos descritos nesta ordenanza, deberá ingresarse o depósito previo do importe da taxa, sen cuxo requisito non se tramitará a petición. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.
2. A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou efectuando as liquidacións complementarias que procedan. No caso de non concederse a licenza, devolverase o depósito constituído.
3. No caso de prorrogarse o aproveitamento despois de transcorrido o período de concesión inicial, constituirase un novo depósito previo, na mesma forma que para a autorización inicial.
4. As licenzas deberán solicitarse da Xunta de Goberno Local por medio dunha instancia por triplicado xunto cos documentos necesarios para a súa tramitación. Instruído o expediente, ditarase a resolución que se lles notificará ao interesado e aos servizos municipais encargados da súa execución.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 07 de novembro do 2019, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2020 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 32

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON DEPÓSITOS E APARELLOS DISTRIBUIDORES DE COMBUSTIBLE E, EN XERAL, DE CALQUERA ARTIGO OU MERCANCÍA; ASÍ COMO POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DERIVADO DA UTILIDADE ASOCIADA A INSTALACIÓN DE DEPÓSITOS, APARELLOS DISTRIBUIDORES, CAIXEIROS E OUTROS ELEMENTOS SIMILARES CON ACCESO O FRENTE A VIAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO.

32

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público local con depósitos e aparellos distribuidores de combustible e, en xeral, de calquera artigo ou mercancía, a que se refire o artigo 20. 3 r) do propio real decreto lexislativo, así como, polo aproveitamento especial do dominio público local derivado da utilización asociada a instalación de depósitos, aparellos distribuidores, caixeiros e outros elementos similares con acceso ou fronte a vías públicas ou outros terreos de dominio público, en base ao disposto no art. 20.3 do mencionado Real Decreto; que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial de terreos de uso público local con depósitos, caixeiros automáticos, aparellos distribuidores de combustible e, en xeral, de calquera artigo ou mercancía, así como a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local derivado da utilidade asociada á instalación de depósitos, caixeiros, aparellos distribuidores e outros elementos similares con acceso ou fronte a vías públicas ou outros terreos de dominio público

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten as vías públicas e outros terreos de dominio público mediante a instalación de depósitos e aparellos distribuidores de combustible e, en xeral, de calquera artigo ou mercancía, así como quen realicen unha utilización privativa ou un aproveitamento especial do domi-

nio público local derivado da utilidade asociada á instalación de depósitos, aparellos distribuidores, caixeiros e outros elementos similares con acceso ou fronte a vías públicas ou outros terreos de dominio público. Cando se solicite unha licenza para a utilización ou o aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente. No caso de que non se solicite licenza, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo a empresa que explote a instalación e, se non é identificable, o distribuidor do produto vendido.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación da cota tributaria, o tempo de duración dos aproveitamentos e a magnitude deste, medida en metros lineais, cúbicos ou cadrados, segundo a natureza da ocupación.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Aplicaranse as seguintes:

1	Aparellos colocados no chan:	
1.1	Surtidores de gasolina; por unidade, ao ano	411,76
1.2	Aparellos de pesar, venda automática, fotografía e similares; por unidade, ao ano	12,95
2.1	Aparellos de venda automática e similares arrimados a edificios de forma que ocupen o voo da vía pública, por unidade, ao ano	8,16
2.2	Caixeiros e outros elementos similares con acceso ou fronte ás vías públicas ou outros terreos de dominio público, por unidade ao ano.....	649,53

3 Regras

- 3.1 Cando os aproveitamentos non se realicen en rúas de 1ª ou 2ª categoría fiscal respecto da tarifa regulada no punto 2.1 e a cantidade que resulte da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase polos seguintes coeficientes para o efecto de determinar o importe que hai que pagar:

Categoría de rúa	Coeficiente
Terceira	0,8
Cuarta	0,7
Quinta	0,6
Sexta	0,5

3. Para o resto de aproveitamentos non contidos na regra anterior cando non se realicen en rúas de 1ª categoría fiscal, a cantidade que resulte da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase polos seguintes coeficientes para o efecto de determinar o importe que hai que pagar:

Categoría de rúa	Coeficiente
Segunda	0,9
Terceira	0,8
Cuarta	0,7
Quinta	0,6
Sexta	0,5

Nota para a aplicación da tarifa: As instalacións e os aparatos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes, pero que realizan un aproveitamento do voo ou solo da vía pública substancialmente igual aos enunciados, estarán sometidos á tarifa do aparello ou instalación que máis se lles asemelle.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa xerarase cando se solicite a licenza para o aproveitamento ou, a falta de solicitude, cando se inicie este. Cando se trate de aproveitamentos continuados no tempo, o primeiro día do ano natural.
2. As cotas non serán reducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. No momento de solicitar a autorización para realizar os aproveitamentos previstos nesta ordenanza, os petitionarios deberán efectuar o depósito previo do importe correspondente ao primeiro período a que se refira a súa instancia. Poderá establecerse a obriga de liquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. Concedida a licenza, aplicarase o importe do depósito á liquidación provisional que se aprobará na mesma resolución. As cotas correspondentes a posteriores períodos poderán ser incluídas no correspondente Padrón, conforme ao previsto na Ordenanza xeral de xestión.
2. Solicitada a licenza de ocupación por medio dunha instancia dirixida á Xunta de Goberno Local e achegando os documentos que sexan necesarios en cada caso, procederase á tramitación do expediente. Adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local, notificaráse-lle ao interesado e comunicaráse-lles aos servizos municipais encargados da súa execución.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 4 de novembro de 2021, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2022 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 33

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS PARA A INSTALACIÓN DE FÍOS CONDUTORES, CABLES E OUTROS TRANSPORTADORES ANÁLOGOS.

33

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa pola colocación de fíos condutores, cables e outros transportadores análogos en infraestruturas de tipo canalizacións, galerías, redes ou tendidos de titularidade municipal, a que se refire o artigo 20.4 q) do propio real decreto lexislativo, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

1. Está constituído pola utilización de calquera infraestrutura de tipo canalización, galería rede ou tendido de titularidade municipal para a instalación de cables, tubos ou fíos condutores utilizables para calquera servizo ou subministración de electricidade, auga, gas, voz, datos, imaxe e outros análogos.
2. A obriga de contribuír nacerá cando se inicie a actividade administrativa dirixida a outorgar a autorización necesaria para a instalación das conducións utilizando as infraestruturas de titularidade municipal, cando media unha solicitude previa. Se non fose solicitada a devandita autorización, a obriga de contribuír nacerá e xerarse a taxa, cando se inicie a utilización do servizo. No caso de que a utilización do servizo teña unha duración superior a un ano, as sucesivas cotas anuais xeraranse o 1 de xaneiro de cada ano natural.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. É obrigado tributario contribuínte a persoa física ou xurídica ou as entidades a que se refire o art. 35.4 da L.X.T. que explote os elementos instalados nas infraestruturas de propiedade municipal.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da L.X.T.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

3

Non poderán concederse outros beneficios fiscais máis cóos expresamente previstos en disposicións con rango de lei.

ARTIGO 5. BASE DE GRAVAME.

A base de gravame estará constituída polos metros lineais ou fraccións de cable, tubos ou fío que se instalen nas infraestruturas e da sección destas que se ocupen.

ARTIGO 6. TARIFAS.

1	Por metro lineal ou fracción de elemento que se instale en infraestruturas de titularidade municipal, ao ano en función da porcentaxe da sección de tubo, galería ou condución ocupado polo elemento instalado:	
1.1	Menos do 25% da sección, por m.l. ou fracción/ano.....	2,05
1.2	Do 25 ao 50% da sección, por m.l. ou fracción/ano	2,46
1.3	Do 50 ao 75% da sección, por m.l. ou fracción/ano	2,87
1.4	Máis do 75% da sección, por m.l. ou fracción/ano.....	3,28
2	Tarifa mínima. Sempre que por aplicación da tarifa anterior resulte unha cifra inferior, esixírase con carácter mínimo unha cota anual de.....	205,26

ARTIGO 7. NORMAS COMPLEMENTARIAS.

1. O outorgamento das licenzas a que se refire esta ordenanza suxeitarase ás disponibilidades de espazo nos tubos ou galerías, así como ás esixencias técnicas e de seguridade, dando preferencia en todo caso ás instalacións para servizos municipais.
2. As licenzas serán concedidas discrecionalmente pola Xunta de Goberno Local, de acordo coas normas contidas nas disposicións de carácter xeral, logo da petición previa dos interesados e da emisión dos informes que se estimen oportunos.
3. Rematado o prazo de vixencia do permiso outorgado, os interesados que desexen continuar o exercicio da actividade deberán obter unha nova licenza.
4. Os custos de instalación, reparación, mantemento e retirada dos elementos instalados que sexan propiedade do usuario do servizo, serán por conta deste. As baixas non producirán efectos ata que constate o servizo a retirada efectiva dos cables ou tubos instalados nas infraestruturas municipais.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. As cotas que resulten da aplicación das tarifas non serán reducibles, aínda que o titular da licenza non exerza a actividade durante a totalidade do ano.
2. O outorgamento das licenzas axustarase ás disposicións contidas na lexislación sectorial e nas ordenanzas municipais.
3. Esixírase o depósito previo da taxa regulada nesta ordenanza, sen cuxo requisito non se tramitará o outorgamento das licenzas. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. O depósito que hai que constituír referirase ao ano en que se solicita a autorización. Unha vez concedida a licenza, aplicarase á liquidación que resulte o importe do depósito e se, por causas non imputables ao interesado, deixase de prestarse o servizo, devolverase a cantidade entregada salvo no caso de que exercese a actividade.

4. As taxas aquí reguladas son compatibles cos dereitos que proceda esixir como consecuencia da realización doutros aproveitamentos privativos ou utilizacións especiais do dominio público local.
5. Para o pagamento das sucesivas anualidades, os suxeitos pasivos deberán formular, dentro do primeiro mes de cada exercicio económico, unha declaración-liquidación dos metros lineais e sección das conducións que continúen ocupando, e ingresarán a cota resultante. A Sección Técnica da Área de Servizos comprobará a realidade do declarado e a Inspección de Tributos realizará, se é o caso, os procedementos de regularización tributaria e os expedientes sancionadores respecto das infraccións tributarias que resulten.
6. De conformidade co establecido no artigo 69 da Ordenanza xeral de xestión, poderán realizarse convenios para a xestión desta taxa.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación e sanción das infraccións que poidan cometerse, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza consta de nove artigos e foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o día 19 de decembro do 2008, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2009, e aplicaráse mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ARTIGO 1.

1. De conformidade co establecido no art. 59.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo coas disposicións do citado texto refundido, contidas especialmente entre os artigos 60 e 77.
2. Segundo o disposto no núm. 3 do art. 72, o Concello da Coruña procede a incrementar os tipos de gravame fixados con carácter xeral no apartado anterior do dito precepto, e déixaos establecidos nas contías que se determinan no artigo seguinte desta ordenanza ditada ao abeiro do disposto no art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ARTIGO 2. TIPOS DE GRAVAME.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana será do 0'6%.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica será do 0'6%.
3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens inmobles de características especiais, segundo o grupo de bens a que pertenzan, serán os seguintes:
 - a) 1,3% para os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo, e as centrais nucleares.
 - b) 0,6% para as presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente a regar.
 - c) 1,3% para as autoestradas, estradas e túneles.
 - d) 1,3% para os aeroportos e portos comerciais.
4. Establécense tipos diferenciados para os inmobles de natureza urbana, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para a valoración das construcións, o valor catastral que para cada un dos usos se recolle no seguinte cadro:

CÓDIGO - USO	VALOR CATASTRAL	TIPO DE GRAVAMEN
A- Almacén /estacionamento	Igual ou superior a 400.000 €	0.8%
C- Comercial	Igual ou superior a 600.000 €	0.8%
G- Ocio e Hostalaría	Igual ou superior a 1.000.000 €	0.8%

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados a que se refire este apartado só poderán aplicarse, como máximo, ao 10 por cento dos inmobles do termo municipal que, para cada uso, teñan maior valor catastral.

5. Aos inmobles de uso residencial que se encontren desocupados con carácter permanente aplicaráselle unha recarga do 50% da cota líquida do imposto.

Entenderanse como inmobles desocupados os seguintes:

- Aqueles que non estean dados de alta no servizo de subministración de auga ou teñan unha media trimestral de consumo inferior a 0,10 m³/día.
- Vivendas manifestamente desocupadas ou inhabitables. En todo caso, entenderase que están ocupadas aquelas vivendas nas que figure empadroadá algunha persoa.

O Concello elaborará un censo de vivendas desocupadas para os efectos de aplicar esta recarga. Os suxeitos pasivos presentarán a declaración de alta no dito censo no prazo dun mes que se contará dende a data en que a vivenda quede desocupada. O Concello poderá incluír de oficio no censo as vivendas que reúnan as condicións sinaladas no presente artigo, para o que se instruírá un expediente que se iniciará ofrecéndolle ao interesado un prazo de alegacións de quince días, durante o que se lle poñerán de manifesto os elementos de proba que consten no expediente. Con carácter previo á proposta de resolución outorgarase un prazo de quince días para que o interesado manifeste canto conveña ao seu dereito. A resolución que se dite dispoñendo a inclusión no censo de vivendas desocupadas seralle notificada ao interesado.

ARTIGO 3. NORMAS DE XESTIÓN.

Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, salvo que se modifícase o consignado neles.

ARTIGO 4. EXENCIÓNS

Ademais dos bens inmobles do artigo 62.1 e 2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:

- a) Inmobles urbanos cunha cota líquida que non supere o importe de 6 €.
- b) Inmobles rústicos cunhas cotas agrupadas relativas a un mesmo suxeito pasivo que non superen o importe de 12 €.

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

Esta bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do comezo das obras. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á súa terminación, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os sete períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. A dita bonificación concederáse por petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos sete períodos impositivos da súa duración e producirá efectos, se é o caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.
3. Terán dereito a unha bonificación do 95% na cota íntegra os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas. Estas bonificacións son compatibles cos demais beneficios fiscais determinados pola presente ordenanza.
4. Terán dereito a unha bonificación de entre o 20 e o 90 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

Esta bonificación concederáse por petición do interesado, exclusivamente para a vivenda que constituía a súa residencia habitual, entendéndose por residencia habitual aquela na que figure empadroadado, e sempre que o valor catastral da mesma non supere os 200.000 euros, de conformidade cos seguintes supostos:

- a) Bonificación do 90%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao Indicador de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).
- b) Bonificación do 70%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao IPREM multiplicado por 1,5 e superior á cantidade prevista na alínea a).
- c) Bonificación do 50%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao IPREM multiplicado por 2 e superior á cantidade prevista na alínea b)
- d) Bonificación do 20% cando a renda neta da unidade familiar, dividida polo número de membros, sexa superior ao IPREM multiplicado por 2.

Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos. A condición de familia numerosa acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

5. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cen da cota íntegra do imposto os bens inmo- bles de ensino universitario.
6. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cen da cota íntegra do imposto os bens inmo- bles excluídos da exención a que se refire o último párrafo da letra b) do apartado 2 do artigo 62 da Lei Reguladora das Facendas Locais.
7. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmo- bles destinados a vivenda habitual dos suxeitos pasivos deste imposto, en calquera dos seguintes supostos:
 - a) Que se instalaren sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.

Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4m² por cada 100 m² de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5 Kw por cada 100 m² de superficie construída.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitou e concedido a oportuna licenza municipal.

- b) Cando logo de pasar os controis administrativos e técnicos pertinentes, o inmovible sexa certificado coa máis alta cualificación da súa eficiencia enerxética.

Ningunha das anteriores bonificacións outorgarase cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar ou a propia certificación enerxética sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Estas bonificacións terán carácter rogado e fornecerán efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e acredítese ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. As solicitudes serán enviadas desde o Departamento de Facenda, coa documentación que as acompañe, aos Servizos Municipais de Medio Ambiente que, valorando que se reúnan os requisitos esixidos, formularán informe sobre a súa concesión.

DOCUMENTACIÓN:

O outorgamento da bonificación por instalación de sistemas de aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía solar estará condicionado a que o cumprimento dos anteriores requisitos quede acreditado mediante a achega do proxecto técnico ou memoria técnica, do certificado de montaxe, no seu caso, e do certificado de instalación debidamente dilixenciados polo organismo autorizado pola Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitou e concedido a oportuna licenza municipal, aportando a seguinte documentación:

- A Licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía renovable, segundo precítese para cada caso.
- A carta de pago da taxa pola licenza de obras que se tramitou.
- O certificado final das obras.
- A carta de pago polo imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- Especificacións técnicas dos sistemas instalados.

No caso de edificios con certificación enerxética será necesario aportar o Certificado de eficiencia enerxética validado por unha Entidade de Control da Edificación debidamente rexistrado, de acordo coa Orde de 3 de setembro de 2009, pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia e disposicións de desenvolvemento.

8. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, ao amparo do disposto no artigo 74.2 quater, os bens inmovibles de características especiais, que pertencen ao grupo de bens de aeroportos e portos comerciais, nos que se desenvolvan actividades

económicas que se declaren de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e de fomento do emprego. Aos efectos deste apartado considérase que concorren ditas circunstancias cando nos bens citados anteriormente se desenvolvan algunha das seguintes actividades económicas relacionadas co sector pesqueiro (extracción, produción, comercialización ou transformación de produtos da pesca), coa explotación de parques e recintos feirais, e con actividades náuticas. Ditas actividades económicas deben constituir a actividade principal do negocio.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple.

A bonificación establecida neste apartado ten carácter rogado, debendo solicitar do Pleno da Corporación a declaración de especial e interese ou utilidade municipal.

Unicamente será aplicable a bonificación, á superficie do inmovible, que con carácter exclusivo, está destinada ao desenvolvemento dalgunha das actividades económicas relacionadas anteriormente.

O outorgamento da bonificación regulada neste apartado está condicionada á aportación da seguinte documentación:

- Identificación do Ben Inmovible de Características Especiais para o que se solicita a bonificación mediante a referencia catastral.
- Acreditación da superficie do inmovible destinada, con carácter exclusivo, a algunha das actividades económicas relacionadas no parágrafo primeiro deste apartado, tendo en conta os usos recollidos en Catastro.
- No caso de Entidades con personalidade xurídica, acreditación da representación: documento acreditativo da persoa que ostenta a representación (poder notarial, copia de escrituras da entidade onde conste a representación ou calquera outro documento que o acredite).
- No caso de persoas físicas que actúen mediante representante: poder notarial, no seu caso, ou ben autorización firmada polo interesado e representante acompañado do NIF do interesado e do representante.
- Copia das escrituras de constitución e, no seu caso, posteriores modificacións no caso de entidades con personalidade xurídica.
- Certificado firmado polo administrador onde se acredite que as actividades de extracción, produción, comercialización ou transformación de produtos da pesca, ou ben as actividades de explotación de parques e recintos feirais constitúen a actividade principal do negocio. Dito certificado indicará, así mesmo, o volume de facturación, cifra de vendas, do exercicio inmediato anterior, con respecto á facturación total, que representa dita actividade principal.

Unha vez declarada polo Pleno que a actividade se considera de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ou de fomento do emprego, en exercicios posteriores, as sucesivas solicitudes dirixiranse á Xunta de Goberno Local, ou, no seu caso, ao órgano que ostente atribucións delegadas en materia de resolución de expedientes de beneficios fiscais, xunto coa documentación sinalada nos apartados anteriores.

9. Estas bonificacións son compatibles cos demais beneficios fiscais determinados pola presente Ordenanza

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- A partir do 1 de xaneiro de 2014 e ata o 31 de marzo de 2014 poderanse presentar solicitudes para que sexan de aplicación, no exercicio 2014, as bonificacións recollidas nos apartados 5, 6 e 7 do art. 5 da presente Ordenanza. Unha vez rematado dito prazo, as solicitudes terán efectos para o período impositivo seguinte.

Segunda.- Entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2016 poderanse presentar solicitudes para que sexa de aplicación no exercicio 2016 e seguintes, no seu caso, a bonificación recollida no apartado 2 do art. 5 da presente Ordenanza. Unha vez finalizado dito prazo, as solicitudes terán efectos para o período impositivo seguinte.

Terceira.- Entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2016 poderanse presentar solicitudes para que sexa de aplicación, no exercicio 2016, a bonificación recollida no apartado 9 do artigo 5 da presente Ordenanza. Unha vez finalizado dito prazo, as solicitudes terán efectos para o período impositivo seguinte.

Cuarta.- Entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2016 poderanse presentar solicitudes para que sexa de aplicación, no exercicio 2016, a bonificación recollida no apartado 4 do artigo 5 da presente Ordenanza. Unha vez finalizado dito prazo, as solicitudes terán efectos para o período impositivo seguinte.

Quinta.- Entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2018 poderanse presentar solicitudes para que sexa de aplicación, no exercicio 2018, a bonificación recollida no apartado 8 do artigo 5 da presente Ordenanza. Unha vez finalizado devandito prazo, as solicitudes terán efectos para o período impositivo seguinte.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de cinco artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 22 de decembro do 2017, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2018 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ARTIGO 1.

1. De conformidade co establecido no art. 59 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo coa devandita lei e as disposicións que a desenvolven.
2. Ao abeiro do disposto no art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello da Coruña procede a aprobar a presente ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a lei remite á súa determinación por parte da Corporación.

ARTIGO 2.

O imposto esixírase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ás que se aplicarán os coeficientes fixados na Disposición Adicional Primeira.

Cota Ano:		
		EUROS
1	Turismos:	
1.1	De menos de 8 cabalos fiscais	12,62
1.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais.....	34,08
1.3	De máis de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94
1.4	De máis de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	89,61
1.5	De 20 cabalos fiscais en diante	112,00
2	Autobuses:	
2.1	De menos de 21 prazas	83,30
2.2	De 21 a 50 prazas.....	118,64
2.3	De máis de 50 prazas.....	148,30
3	Camións:	
3.1	De menos de 1.000 kg. de carga útil	42,28
3.2	De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.....	83,30
3.3	De máis de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	118,64
3.4	De máis de 9.999 kg. de carga útil.....	148,30

4	Tractores:.....	
4.1	De menos de 16 cabalos fiscais.....	17,67
4.2	De 16 a 25 cabalos fiscais.....	27,77
4.3	De máis de 25 cabalos fiscais.....	83,30
5	Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
5.1	De menos de 1.000 e máis de 750 kg. de carga útil.....	17,67
5.2	De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.....	27,77
5.3	De máis de 2.999 kg. de carga útil.....	83,30
6	Outros vehículos:	
6.1	Ciclomotores.....	4,42
6.2	Motocicletas ata 125 c.c.....	4,42
6.3	Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.....	7,57
6.4	Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.....	15,15
6.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.....	30,29
6.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	60,58

ARTIGO 3. NORMAS DE XESTIÓN.

1. O instrumento acreditativo do pagamento deste imposto será a carta de pago debidamente diligenciada de que se produciu o ingreso da cota na Tesourería Municipal ou nalgunha entidade colaboradora para a xestión de tributos. Para a cobranza por medio do Padrón anual, estarase ao disposto no art. 86 da Ordenanza xeral de xestión.
2. Os titulares dos vehículos, cando lle comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma destes, sempre que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa dos devanditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas polo devandito concepto xeradas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obriga de acreditación o suposto de baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.
3. Poderase establecer a obriga do suxeito pasivo de liquidar a súa débeda tributaria, utilizando os impresos que, con este fin, dispoña a Administración Municipal.
4. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o pago das cotas anuais realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico.
5. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, salvo que se modifícase o consignado neles.

ARTIGO 4. EXENCIONS

Para poder obter as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 do artigo 93 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio e acreditar, mediante a presentación da documentación en que conste a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

Xunto coa petición de exención regulada no artigo 93 do mencionado texto legal, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado oficial acreditativo do grao e clase de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia, ou o correspondente organismo da Comunidade Autónoma competente en cada caso.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

No caso de tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

- Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.
- Fotocopia compulsada da tarxeta de características técnicas do vehículo.
- Fotocopia do DNI do titular.
- Fotocopia compulsada da Cartilla de Inspección Agrícola.

As exencións que, se é o caso, se concedan en calquera dos supostos regulados no presente artigo, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1. Os vehículos históricos e todos aqueles que a 31 de decembro de 2015, teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecese, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto. Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio dunha copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. O peticionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente do pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.
2. Os vehículos das clases turismo, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:
 - A) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.
Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto durante seis anos naturais desde a súa primeira matriculación.
 - B) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% da cota con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.
 - C) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidrógeno e GLP ou mixtos GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologada para devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75 % na cota en tanto utilicen os combustibles citados.

Para poder gozar das bonificacións a que se refire este apartado 2 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión presentando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. En todos os supostos, se se desexa que a bonificación produza efectos no mesmo período impositivo en que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse no prazo dun mes desde a matriculación. En caso de que a solicitude se presente con posterioridade, a bonificación producirá efectos para o período impositivo seguinte á data de presentación da dita solicitude, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta. As bonificacións reguladas no presente artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, disfrutará da mais alta.

As solicitudes serán enviadas dende o Departamento de Facenda e Xestión de Tributos, coa documentación que as acompaña e un informe respecto do cumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza, aos servizos municipais de Medioambiente que, valorando que se reúnan os requisitos esixidos, formularán o informe sobre a súa concesión. A resolución correspóndelle á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA. De conformidade co establecido no artigo 95.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as cotas establecidas no artigo 2 serán incrementadas pola aplicación dos seguintes coeficientes:

- Ás tarifas dos epígrafes 1.1, 6.1 e 6.2 aplicaráselles o coeficiente de 1,500.
- Ás tarifas dos epígrafes 1.2, 1.3, 2.1, 2.2, 2.3, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 5.3, 6.3 e 6.4 aplicaráselles un coeficiente de 1,784.
- Ás tarifas dos epígrafes 1.4, 1.5, 6.5 e 6.6 aplicaráselles o coeficiente de 2,000.

Aplicados os coeficientes sinalados procederase a redondear por exceso ou defecto a cantidade resultante ata o inmediato múltiplo de cinco.

Efectuadas esas operacións, as cotas serán as seguintes:

		EUROS
1	Turismos:	
1.1	De menos de 8 cabalos fiscais	18,95
1.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais.....	60,80
1.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais.....	128,35
1.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais.....	179,20
1.5	De 20 cabalos fiscais en diante	224,00
2	Autobuses:	
2.1	De menos de 21 prazas	148,60
2.2	De 21 a 50 prazas.....	211,65
2.3	De máis de 50 prazas.....	264,55
3	Camións:	
3.1	De menos de 1.000 kg. de carga útil	75,45
3.2	De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.....	148,60
3.3	De máis de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	211,65
3.4	De máis de 9.999 kg. de carga útil.....	264,55

4	Tractores:	
4.1	De menos de 16 cabalos fiscais.....	31,50
4.2	De 16 a 25 cabalos fiscais.....	49,55
4.3	De máis de 25 cabalos fiscais.....	148,60
5	Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
5.1	De menos de 1.000 e máis de 750 kg. de carga útil.....	31,50
5.2	De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.....	49,55
5.3	De máis de 2.999 kg. de carga útil.....	148,60
6	Outros vehículos:	
6.1	Ciclomotores.....	6,65
6.2	Motocicletas ata 125 c.c.....	6,65
6.3	Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.....	13,50
6.4	Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.....	27,00
6.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.....	60,60
6.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.....	121,15

SEGUNDA.

1. Tocante á aplicación das tarifas, o concepto das diversas clases de vehículos será o recollido no Real decreto 2822/98 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos, tendo en conta ademais, para resolver as dúbidas de cualificación que puidesen formularse, as seguintes normas:
 2. En todo caso, a rúbrica xenérica de tractores a que se refire o epígrafe 4 das tarifas, comprende os tractocamiões e os tractores de obras e servizos.
 3. A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 260 do Código de Circulación.
 4. Para resolver as dúbidas de cualificación que puidesen formularse, empregaranse subsidiariamente as seguintes normas:
- 1ª. Os vehículos definidos como mixtos, mixtos adaptables, furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflectido na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:
 - Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.
 - Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 750 kg. de carga útil, tributará como camión.
 - Os vehículos furgóns (clasificacións 24, 25 e 26 do Anexo II do Regulamento xeral de vehículos), tributarán para os efectos deste imposto, pola súa carga útil.
 - Os cualificados como vehículos - vivenda, tributarán como camión.
- 2ª. Os motocarros e cuatriciclos terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada. Nos casos nos que non teñan cilindrada tributarán como turismos pola súa potencia fiscal.

- 3ª. Os quads tributarán como cuadriciclos pola súa cilindrada.
- 4ª. Os Todo Terreo, tributarán como turismos segun a súa potencia fiscal.
- 5ª. No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.
- 6ª. No caso de remolques e semirremolques que pola súa capacidade non estean obrigados a ser matriculados, consideraranse como aptos para a circulación dende o momento que se expedise a certificación correspondente polo organismo competente ou, se é o caso, cando realmente estean en circulación.
- 7ª. As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

TERCEIRA.

Como normas complementarias que hai que ter en conta na xestión do imposto, aplicaranse as aprobadas pola Comisión de Goberno con datas 4 de xaneiro, 8 e 22 de maio de 1990.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de cinco artigos e tres disposicións adicionais, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 29 de decembro do 2015, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2016 e aplicárase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA FISCAL Nº 53

REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

53

ARTIGO 1. FUNDAMENTO

De conformidade co disposto nos artigos 15.1 e 59.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se esixirá conforme ao disposto no dito texto refundido e na presente ordenanza fiscal, ditada ao abeiro do establecido no art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO

 3. A falta de pago dun dos prazos dará lugar á perda do beneficio do fraccionamento, con expedición de certificación de descuberto pola parte pendente de pago, recargas e intereses correspondentes.
 4. En calquera momento o contribuínte poderá renunciar aos beneficios do aprazamento ou fraccionamento, mediante o ingreso da cota ou da súa parte pendente de pago, así como dos intereses vencidos, cancelándose a garantía constituída.
 5. Tendo en conta as condicións socioeconómicas da zona en que se executen as obras, a súa natureza e cadro de amortización, o custo, a base liquidable e o importe das cotas individuais, o Concello poderá acordar de oficio o pagamento fraccionado con carácter xeral para todos os contribuíntes, sen prexuízo de que eles poidan anticipar en calquera tempo os pagos que consideren oportunos.

ARTIGO 14. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN.

1. A exacción das contribucións especiais precisará a previa adopción polo Pleno de acordo de imposición en cada caso concreto.
2. O acordo relativo á realización dunha obra ou ao establecemento ou ampliación dun servizo que deba custearse mediante contribucións especiais non poderá executarse ata que se aprobase a ordenación concreta destas.
3. O acordo de ordenación ou ordenanza reguladora será de inescusable adopción e conterá a determinación do custo previo das obras e servizos, da cantidade que hai que repartir entre os beneficiarios e dos criterios de repartición. O acordo de ordenación ou ordenanza reguladora remitirase nas demais cuestións á presente Ordenanza xeral de contribucións especiais.

4. Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de contribucións especiais e determinadas as cotas que hai que satisfacer, estas seranlle notificadas individualmente a cada suxeito pasivo se este e o seu domicilio fosen coñecidos; noutro caso, notificarase por edictos. Os interesados poderán formular un recurso de reposición ante o Concello, que poderá versar sobre a procedencia das contribucións especiais, a porcentaxe do custo que deban satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asignadas.

ARTIGO 15.

1. Cando o Concello da Coruña colabore con outra entidade local na realización de obras ou no establecemento ou ampliación de servizos e sempre que se impoñan contribucións especiais, observaranse as seguintes regras:
 - a) Cada entidade conservará as súas competencias respectivas para os acordos de imposición e ordenación concretos.
 - b) Se algunha das entidades realizase as obras ou establecece ou ampliase os servizos coa colaboración económica da outra, corresponderalle á primeira a xestión e recadación da contribución especial, sen prexuízo do disposto no apartado anterior e do que resulte dos convenios que realizen.
2. No suposto de que o acordo concreto de ordenación non fose aprobado por unha das devanditas entidades, quedará sen efecto a unidade de actuación, adoptando separadamente cada unha delas as decisións que procedan.

ARTIGO 16. COLABORACIÓN CIDADÁ.

1. Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituírse en Asociación Administrativa de Contribuíntes e promover a realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servizos polo Concello, comprometéndose a sufragar a parte que corresponda proporcionar a este cando a súa situación financeira non o permitise, ademais da que lles corresponda segundo a natureza da obra ou servizo.
2. Ademais, os propietarios afectados pola realización das obras ou o establecemento ou ampliación do servizo promovidos polo Concello, poderán constituírse en Asociación Administrativa de Contribuíntes no período de exposición ao público do acordo de imposición e ordenación das contribucións especiais.

ARTIGO 17. ASOCIACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CONTRIBUÍNTES

Para a constitución das Asociacións Administrativas de Contribuíntes a que se refire o artigo anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, polo menos, os dous terzos das cotas que deban satisfacerse.

ARTIGO 18. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación e sanción das infraccións tributarias aplicaranse as normas contidas na Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de dezaioito artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 3 de decembro do 2004, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2005 e aplicaranse mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E CONTIDO.

De conformidade coas facultades conferidas no artigo 140 da Constitución e no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dítase a presente Ordenanza xeral de prezos públicos, que ten por obxecto establecer os principios xerais e normas comúns aplicables a tales ingresos.

ARTIGO 2. RÉXIME DOS PREZOS PÚBLICOS.

Os prezos públicos rexeranse polas seguintes normas:

- 1º. Polas contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, do que será supletorio o título III da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, conforme ao establecido na disposición adicional sétima desta.
- 2º. Polas ordenanzas reguladoras de cada un dos prezos públicos que o Concello acorde establecer, pola presente Ordenanza xeral e pola Ordenanza xeral de xestión, en canto as súas normas sexan aplicables a esta modalidade de ingresos.

ARTIGO 3. CONCEPTO.

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia do Concello, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- g) Que os servizos públicos ou as actividades administrativas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:
 1. Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.
 2. Cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- h) Que non se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

ARTIGO 4. SERVIZOS E ACTIVIDADES EXCLUÍDAS.

Non poderán existirse prezos públicos polos servizos e actividades seguintes:

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas.
- b) Iluminación de vías públicas.
- c) Vixilancia pública en xeral.
- d) Protección civil.
- e) Limpeza da vía pública.
- f) Ensino nos niveis de educación obrigatoria.

ARTIGO 5. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

1. Estará obrigado ao pagamento dos prezos públicos quen se beneficie dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.
2. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigadas ao pagamento polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.
3. A Compañía Telefónica Nacional de España non aboará ningunha cantidade en concepto de prezos públicos, e entenderanse substituídas as cantidades que puidesen corresponderlle pola compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o artigo 4.1 da Lei 15/1987, do 30 de xullo, de Tributación da Compañía Telefónica Nacional de España. 4. Quen pretenda non estar suxeito á obriga de pago ou ter dereito a algunha redución nas tarifas deberá solicitalo por escrito, alegando e acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión.

ARTIGO 6. CONTÍA.

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.
2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.
3. Entenderase, salvo mención en contrario na ordenanza reguladora do prezo e nos documentos acreditativos do pago, que a tarifa sinalada nas normas específicas non inclúe a cota do Imposto sobre o Valor Engadido que, se é o caso, deba repercutirse sobre a devandita tarifa. En consecuencia, o tipo de IVE aplicable e a cota resultante deberá consignarse expresa e separadamente.

ARTIGO 7. XESTIÓN

O Concello poderá esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación.

ARTIGO 8. COBRO.

1. A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.
2. Non obstante o establecido no apartado anterior, as ordenanzas reguladoras de cada prezo público poderán establecer a esixencia de depósito previo do importe total ou parcial, que deberá realizarse no momento de solicitar a prestación do servizo ou a reali-

zación da actividade. Nestes casos, a realización do depósito constituirase en requisito inescusable para que se inicie a actividade administrativa dirixida a prestar o servizo ou realizar a actividade.

Soamente estarán excusadas da realización do depósito previo as entidades públicas territoriais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo.

O ingreso do depósito previo non autoriza por si mesmo para a realización de actividades suxeitas a licenza, permiso ou autorización, cuxa execución deberá postergarse ata a obtención efectiva deste.

3. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente. Para estes efectos seguirase o procedemento previsto para a devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 9.

As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema cando transcorresen seis meses dende o seu vencemento sen que se puidese conseguir o seu cobro a pesar de térense realizado as xestións oportunas, que consistirán, como mínimo, na notificación individual ou colectiva da débeda e o anuncio de posta ao cobro neste último caso. Este último, que procederá nos supostos de notificación colectiva, publicárase mediante edictos que serán inseridos no Taboleiro da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, publicárase un anuncio nun dos diarios de maior circulación na provincia da Coruña.

ARTIGO 10.

As modalidades recoñecidas para o cobro serán as seguintes:

3. Por ingreso directo:
 - a) Mediante a obtención de boletos, entradas, tickets e formas análogas. Procederá naqueles supostos contemplados nas respectivas ordenanzas reguladoras dos prezos públicos nos que, previamente á prestación de servizo ou realización da actividade, o obrigado ao pagamento deba proverse dun documento acreditativo do ingreso que o faculte para aquilo que pretenda conseguir.
 - b) Mediante carta de pago acreditativa de ter ingresado o depósito previo a que se refire o artigo 8 ou a liquidación do importe do prezo que lle fose notificada conforme á petición formulada polo interesado ou por terse detectado a utilización dun servizo sen solicitude ou autorización previa.
4. Por recibo: Cando se trate de servizos ou actividades continuados no tempo, unha vez iniciada a prestación e ingresado o importe que corresponda ao primeiro período, aboaranse os sucesivos de acordo co seguinte procedemento:
 - a) Producida a alta a través da solicitude ou declaración formulada polo interesado e ingresada a cota correspondente ao primeiro período, incluírase o suxeito pasivo nun Padrón de elaboración periódica no que figurarán os datos esenciais necesarios para a configuración da débeda, conforme á natureza do prezo público e o importe deste no período a que se refira.
Aprobado o Padrón, anunciarase mediante edictos a súa exposición ao público, para que poidan formularse as reclamacións que se estimen procedentes e pro-

cederase ao cobro mediante a remisión, ao domicilio do debedor que figure no Padrón e a través de correo ordinario, dun documento cobratorio que servirá como xustificante do pago unha vez que dilixenciase o ingreso en forma mecánica a Tesourería Municipal ou as entidades colaboradoras na recadación de ingresos deste Concello.

Admitirase a domiciliación bancaria das débedas que teñan carácter periódico e a Xunta de Goberno Local poderá acordar este procedemento de cobro con carácter obrigatorio.

Os prezos públicos de xeración periódica e cobro anual esixiranse nos prazos do artigo 87 do Regulamento xeral de recadación. Os de cobro trimestral terán un prazo de ingreso non inferior aos trinta días contados dende o primeiro día do segundo mes de cada trimestre natural, e entenderanse requiridos para o pago os obrigados dende o devandito día.

- b) A baixa no Padrón producirase por petición do interesado e a súa falta provocará a continuidade na cobranza, aínda que se cesase no uso ou actividade. Poderá producirse a baixa de oficio cando conste de xeito fidedigno á Administración municipal a cesación do motivo que orixinou a esixencia do prezo.
5. Por convenio de xestión: Cando a repetición de actividades dunha persoa ou entidade, a natureza do prezo e a claridade dos elementos determinantes da débeda e do seu importe o permitan, poderán realizarse convenios para a xestión de cobro dos prezos públicos, que en ningún caso poderán implicar unha diminución dos ingresos que correspondan aos servizos prestados ou actividades realizadas.

ARTIGO 11.

1. A falta de solicitude ou da obtención de licenza non impedirá, en ningún caso, proceder á esixencia do prezo público naqueles casos en que se está utilizando un servizo ou realizando unha actividade. Corresponde á oficina xestora do prezo ou á Inspección de Ingresos Municipais a iniciación do expediente dirixido á esixencia das cantidades non ingresadas e, se é o caso, á inclusión do debedor no Padrón dos exercicios sucesivos. As actuacións da Inspección rexeranse polas normas contidas no Regulamento do servizo.
2. En caso de falta de pago das débedas xiradas por parte do obrigado ao pagamento, procederase a poñelo en coñecemento da oficina xestora do prezo para que adopte as medidas oportunas co fin de proceder á inmediata retirada do servizo que se presta ou da actividade que se vén realizando ata que se poña ao corrente das súas obrigas. Os restantes servizos municipais prestarán a asistencia que proceda para a execución dos acordos que se diten neste sentido.
No expediente que se tramite para poñer fin ao uso do servizo ou á realización da actividade por falta de pago, poderán propoñerse as sancións que procedan pola infracción da normativa de calquera orde.

ARTIGO 12.

FIXACIÓN.

1. O establecemento ou a modificación dos prezos públicos corresponderalle ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local.
2. O establecemento dos prezos públicos requirirá a aprobación dunha ordenanza reguladora que conterá as seguintes determinacións:
 - a) Obxecto e obrigado ao pago.

- b) Base de cálculo da cantidade que hai que pagar e tipo máximo aplicable, cando se fixe por unha porcentaxe. Nos demais casos, expresaranse os elementos e factores que determinen a contía máxima da débeda.
- c) Se é o caso, destino ou fin concreto que vaia darse ao produto da percepción. En xeral, e se non se determina outra cousa, non terán carácter finalista, destinándose ao financiamento do orzamento municipal.
- d) O servizo encargado da súa xestión. Se non se establece expresamente, entenderase que a súa xestión encoméndase aos servizos xerais do Concello, atendendo á especialización funcional destes.
- e) Delegación a favor da Xunta de Goberno Local, se é o caso, da determinación da tarifa que hai que pagar e demais elementos determinantes da obriga e da forma de xestión do prezo público.

ARTIGO 13. RECADACIÓN E XESTIÓN.

1. A recadación axustarase ao disposto na normativa xeral do Estado sobre cobro dos dereitos da Facenda Pública e na Ordenanza xeral de xestión.
2. A Xunta de Goberno Local poderá encomendar a organismos autónomos dependentes do Concello a xestión e recadación de determinados prezos públicos correspondentes aos servizos a cargo dos devanditos organismos, agás cando os prezos non cubran o seu custo. Tal atribución poderá facerse, así mesmo e en iguais termos, respecto dos consorcios.

ARTIGO 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

Sen prexuízo das infraccións doutra orde e das sancións que por elas se impoñan, o incumprimento das normas e a defraudación dos dereitos que lle correspondan ao Concello en materia de prezos públicos será cualificado e sancionado aplicando as normas contidas nos artigos 45 e seguintes da Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Deberán entenderse desestimadas, cando non recaia resolución dentro do prazo en que teñen que ser resoltos, os procedementos de exercicio do dereito de petición e os de impugnación de actos e disposicións, así como todos aqueles en que unha norma con rango de lei ou de Dereito Comunitario Europeo estableza o contrario.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de catorce artigos e unha disposición adicional, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 5 de outubro de 2004, comezará a rexer a partir do 1 de xaneiro do 2005 e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA XERAL DE RECADACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación de ordenanzas fiscais especificamente reguladoras da recadación dos seus tributos é unha das manifestacións da potestade regulamentaria que o ordenamento lles outorga ás entidades locais (arts. 15.3 do RDL 2/2004, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 106.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local).

O Concello da Coruña exerceu esta potestade mediante a aprobación da Ordenanza xeral de recadación municipal, que entrou en vigor o 01/01/1994, que foi obxecto de dúas modificacións posteriores, aprobadas polo Pleno mediante acordos do 08/01/1999 e do 12/11/2001, respectivamente.

No tempo transcorrido desde a última modificación do seu articulado, tiveron lugar importantes cambios normativos, derivados da promulgación de normas como a Lei 58/2003, xeral tributaria, o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo RD 939/2005 ou o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, sobre a revisión en vía administrativa, aprobado polo RD 520/2005.

Reviste unha importancia particular a modificación da Lei 7/1985, operada mediante a Lei 57/2003, de medidas para a modernización do Goberno local, que alterou substancialmente a distribución de competencias entre os distintos órganos nos municipios de gran poboación, modificou o sistema de recursos contra os actos de xestión recadatoria, introducindo a reclamación económico-administrativa e instaurou un órgano especializado no coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, o que deu lugar á creación do Tribunal Económico-Administrativo Municipal (TEAM).

Non se pode olvidar a reestructuración producida na organización da Tesourería Xeral, como centro directivo ao que lle corresponden as funcións públicas de Tesourería, Recadación e Contabilidade, por obra dos decretos da Alcaldía do 28 de maio e do 3 de xuño de 2004 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de maio de 2005. O dito acordo, que supuxo levar á práctica as previsións contidas na citada Lei 57/2003, traducíuse na creación da xefatura de servizo e das adxuntías (actualmente xefaturas de departamento) de Recadación e Contabilidade.

Era preciso, por tanto, acometer unha profunda modificación do texto da ordenanza vixente,

co obxectivo de lles dar unha resposta adecuada aos cambios tanto normativos como organizativos acaecidos e actualizar e pór ao día unha norma de especial transcendencia no ámbito da xestión económica municipal.

O texto que se propón consta de 63 artigos, divididos en 9 capítulos, tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

O capítulo 1.º contén os principios xerais, onde destacan as previsións establecidas nos artigos 1 e 3, de acordo co réxime legal aplicable. Optouse por unha regulación non exhaustiva da totalidade da materia recadatoria e unicamente se entrou no detalle daquelas cuestións que, pola súa especial relevancia ou por referírense a un tratamento especial, requirían un tratamento especial; remítuse todo o non expresamente regulado nesta á normativa legal ou regulamentaria de carácter xeral, singularmente á Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

Trátase, en definitiva, de evitar a reprodución sistemática da regulación contida nos ditos textos legais, prolixa e detallada de por si, coa finalidade de manter a vixencia do texto a salvo das modificacións normativas que, con relativa frecuencia, se producen neste terreo.

O capítulo 2.º contén a distribución das competencias entre os distintos órganos recadadores. Destaca a atribución á Xunta de Goberno Local da maior parte das funcións que, no réxime preexistente á Lei 57/2003, lle correspondían ao Alcalde. Iso é congruente coa preponderancia que a norma lle

outorga á Xunta nos municipios establecidos no título X da LBRL, como órgano colexiado esencial de colaboración na dirección política do concello.

Estrutúrase e pormenorízase a asignación específica de competencias no ámbito interno da Tesourería Xeral, no marco das atribuídas ao centro directivo nos artigos 196 do texto refundido da Lei de facendas locais, 135 e 137 do Regulamento orgánico municipal. Delimítase así o ámbito competencial propio do/a tesoureiro/a xeral, do xefe de servizo de Tesourería e do xefe de departamento de Recadación.

Os capítulos 3.º, 4.º e 5.º recollen aspectos esenciais do procedemento recadatorio no período voluntario e executivo e detéñense en cuestións como os medios de pago en efectivo; introducen os requisitos do pagamento por vía telemática, a descrición do procedemento de colaboración das entidades financeiras na xestión do cobro, a recadación das débedas de vencemento periódico, disposicións xerais do procedemento de prema, declaración de créditos incobrables e terceirías.

Cómpre destacar a regulación dos aprazamentos e fraccionamentos incluída no capítulo 3.º, que revisa o texto anterior para lles facilitar o acceso aos contribuíntes a esta modalidade de pago, así como a regulación dun plan de pagos personalizado que permita que os contribuíntes poidan facer efectivos, anticipada e fraccionadamente, determinadas débedas tributarias de vencemento periódico.

Para concluír, os capítulos do 6.º ao 9.º refírense, respectivamente, ao sistema de recursos administrativos e recollen a reclamación económico- administrativa contra os actos de xestión recadatoria, os ingresos nas contas operativas do concello, o réxime de responsabilidades e outras normas de carácter xeral.

ÍNDICE

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS XERAIS

SECCIÓN 1.^a. Carácter da ordenanza

Artigo 1.^o. Disposicións xerais

Artigo 2.^o.- Ámbito de aplicación

Artigo 3.^o.- Réxime legal

SECCIÓN 2.^a. Da xestión recadatoria

Artigo 4.^o.- Disposicións xerais

Artigo 5.^o.- Competencia

CAPÍTULO II. - ÓRGANOS RECADADORES

Artigo 6.^o.- Enumeración

Artigo 7.^o.- Atribucións do Pleno Artigo 8.^o.- Atribucións do Alcalde

Artigo 9.^o.- Atribucións da Xunta de Goberno Local

Artigo 10.^o.- Atribucións da Tesourería e do/da Tesoureiro/a Xeral

Artigo 11.^o.- Competencias do xefe de servizo de Tesourería

Artigo 12.^o.- Competencias do xefe de departamento de Recadación

CAPÍTULO III. - PAGO

Artigo 13.^o.- Lexitimación, lugar de pago e forma de pago

Artigo 14.^o.- Medios e momento do pago en efectivo

Artigo 15.^o.- Cheque

Artigo 16.^o.- Pago mediante tarxeta de crédito e débito

Artigo 17.^o.- Pago mediante transferencia bancaria

Artigo 18.^o.- Pago mediante domiciliación bancaria

Artigo 19.^o.- Pago mediante efectos timbrados e máquinas ou terminais informáticos rexistradores Artigo 20.^o.- Tempo do pago

Artigo 21.^o.- Aprazamento e fraccionamento

CAPÍTULO IV. -PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO

SECCIÓN 1.^a.- Disposicións xerais

Artigo 22.^o.- Recadación en período voluntario

Artigo 23.^o.- Iniciación e conclusión SECCIÓN 2.^a.- Ingresos da Tesourería

Artigo 24.^o.- Normas xerais

SECCIÓN 3.^a.- Ingresos a través das entidades de depósito que presten o servizo de Caixa

Artigo 25.^o.- Entidades autorizadas

Artigo 26.^o.- Supostos Artigo 27.^o.- Procedemento

SECCIÓN 4.^a.- Ingresos a través de entidades colaboradoras na recadación

Artigo 28.^o.- Autorización Artigo 29.^o.- Ingresos Artigo 30.^o.- Procedemento

SECCIÓN 5.^a.- Ingresos noutros órganos da Administración municipal e en organismos autónomos do concello

Artigo 31.^o.- Ingresos noutros órganos da Administración municipal

Artigo 32.^o.- Ingresos en organismos autónomos

SECCIÓN 6.^a.- Recadación de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva
Artigo 33.^o.- Modalidades de cobro
Artigo 34.^o.- Prazo de ingreso
Artigo 35.^o.- Anuncios de cobranza
Artigo 36.^o.- Procedemento e instrumentos de ingreso
Artigo 37.^o.- Domiciliación en entidades de depósito

CAPÍTULO V.- PROCEDEMENTO DE PREMA

SECCIÓN 1.^a.- Disposicións xerais
Artigo 38.^o. Recadación en período executivo
Artigo 39.^o.- Potestade de utilizar a vía de prema
Artigo 40.^o.- Competencia dos órganos de Recadación
Artigo 41.^o.- Carácter do procedemento
Artigo 42.^o.- Alleamento dos bens embargados. Composición da Mesa da Subasta

SECCIÓN 2.^a.- Adxudicación de bens ao concello
Artigo 43.^o.- Procedencia
Artigo 44.^o.- Inscripción e cancelación de cargas non preferentes

SECCIÓN 3.^a.- Créditos incobrables Artigo 45.^o.- Concepto
Artigo 46.^o.- Procedemento e declaración de crédito incobrable
Artigo 47.^o.- Efectos
Artigo 48.^o.- Baixas por referencia
Artigo 49.^o.- Revisión de fallidos e rehabilitación de créditos incobrables

SECCIÓN 4.^a.- Recadación polo concello de créditos a favor doutros entes municipais
Artigo 50.^o.- Procedemento

SECCIÓN 5.^a.- Terceirías
Artigo 51.^o.- Carácter e clases
Artigo 52.^o.- Procedemento
Artigo 53.^o.- Resolución
Artigo 54.^o.- Terceirías a favor do concello

CAPÍTULO VI.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 55.^o.- Disposición xeral

CAPÍTULO VII.- INGRESOS NAS CONTAS OPERATIVAS DO CONCELLO

Artigo 56.^o.- Normas xerais Artigo 57.^o.- Caixa Municipal
Artigo 58.^o.- Entidades colaboradoras Artigo 59.^o.- Outros ingresos

CAPÍTULO VIII.- RESPONSABILIDADES

Artigo 60.^o.- Esixibilidade

CAPÍTULO IX.- DEMAIS NORMAS XERAIS

Artigo 61.^o.- Anuncios nos boletíns oficiais
Artigo 62.^o.- Auxilio da autoridade
Artigo 63.^o.- Valores desaparecidos

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1.^a.- Créditos doutros entes públicos
DISPOSICIÓN ADICIONAL 2.^a.- Procedemento para a expedición de títulos executivos e obtención de estados de xestión
DISPOSICIÓN ADICIONAL 3.^a.- Xestión recadatoria de recursos de dereito privado
DISPOSICIÓN TRANSITORIA 1.^a.-
DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2.^a.-
DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-
DISPOSICIÓN FINAL.- Entrada en vigor

CAPÍTULO I.- PRINCIPIOS XERAIS

SECCIÓN 1.^a.- Carácter da ordenanza

ARTIGO 1.^o.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1. A presente ordenanza dítase, de conformidade co disposto no artigo 106.2 da Lei 7/195, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en desenvolvemento do que establece o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e as demais normas concordantes.
2. Contén as normas aplicables ao exercicio das competencias do Concello da Coruña sobre recadación, en canto este exerza directamente esta función.
3. En todo o non expresamente regulado nesta ordenanza, rexerá o que establecen as normas recollidas no parágrafo 1 do presente artigo e no artigo 3.^o desta.

ARTIGO 2.^o.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta ordenanza aplicarase en todo o termo municipal da Coruña, desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación. Así mesmo, queda sometida ás súas normas a xestión recadatoria de créditos e dereitos de titularidade municipal derivados da prestación de servizos fóra do termo municipal e aqueles que se xeren como consecuencia da prestación de servizos en réxime de mancomunidade, sempre que, segundo os estatutos correspondentes, lle corresponda percibir o seu importe ao Concello da Coruña.

ARTIGO 3.^o.- RÉXIME LEGAL

A xestión recadatoria municipal rexerase:

- a) Pola Lei xeral tributaria e as súas normas de desenvolvemento, incluídos o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo RD 939/2005 e o Regulamento de desenvolvemento da Lei 58/2003, sobre revisión en vía administrativa, aprobado polo RD 520/2005, do 13 de maio.
- b) Polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- c) Pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- d) Polos tratados, acordos, convenios e demais normas internacionais ou emanadas de entidades supranacionais, aplicables á dita xestión.
- e) Pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais leis da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco e de conformidade coa lexislación á que se refiren os apartados anteriores.
- f) Pola presente ordenanza e as súas normas de desenvolvemento.
- g) Polas ordenanzas reguladoras dos tributos e demais recursos obxecto da xestión recadatoria.

SECCIÓN 2ª.- Da xestión recadatoria

ARTIGO 4º.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1. A xestión recadatoria consiste no exercicio da función administrativa conducente ao cobro dos créditos tributarios e demais recursos de natureza pública de titularidade do concello.
2. O procedemento recadatorio será exclusivamente administrativo e constará de dous períodos, voluntario e executivo.
3. No período voluntario, os obrigados ao pago farán efectivas as súas débedas dentro dos prazos sinalados no artigo 20 desta ordenanza.
4. En período executivo, a recadación efectuarase coercitivamente, por vía de prema sobre o patrimonio do obrigado que non cumprise a obriga ao seu cargo en período voluntario.

ARTIGO 5º.- COMPETENCIA

A xestión recadatoria é a de exclusiva competencia do concello, atribúeselles aos órganos que se sinalan nesta ordenanza e realízase de acordo coas súas normas e co disposto no artigo 3.º anterior.

CAPÍTULO II.- ÓRGANOS RECADADORES

ARTIGO 6º.- ENUMERACIÓN

1. Son órganos da función recadatoria municipal:
 - a) O Pleno
 - b) O Alcalde
 - c) A Xunta de Goberno Local
 - d) A Tesourería Xeral
2. Pódenlle prestar o servizo de Caixa aos distintos órganos de recadación, os bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito, que en adiante serán denominadas entidades de depósito, coas que o concello así o conveña.
3. Son colaboradoras na recadación as entidades de depósito autorizadas para exercer a dita colaboración.
4. O concello poderá conferirlles a condición de colaboradoras a outras entidades e agrupacións de contribuíntes.
5. A autorización conferida ás entidades mencionadas nos apartados 2, 3 e 4 en ningún caso lles atribuirá o carácter de órganos de recadación municipal.

ARTIGO 7º.- ATRIBUCIÓNS DO PLENO

Compételle ao Pleno:

1. A formulación de terceirías de mellor dereito.
2. As demais competencias que lle atribúan normas de rango superior.

ARTIGO 8º.- ATRIBUCIÓN DO ALCALDE

Compételle ao Alcalde:

- a) Formular conflitos de competencia, en caso de urxencia.
- b) O exercicio a proposta do/da tesoureiro/a xeral, logo do ditame da Asesoría Xurídica, de accións civís ou penais fronte a aquelas persoas que impedisen ou dificultasen o cobro de débedas, en caso de urxencia.
- c) Solicitar información e esixir responsabilidade civil ou criminal, logo do informe da Asesoría Xurídica, en caso de existir cargas simuladas sobre os bens embargados, en caso de urxencia.
- d) Outorgar as escrituras de venda de inmobles que resulten alleados como consecuencia da providencia de prema.
- e) Solicitar o auxilio da autoridade.
- f) As competencias que lle atribúan expresamente as leis a aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lle asignen ao municipio e non se lles atribúan a outros órganos municipais.

ARTIGO 9º.- ATRIBUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Compételle á Xunta de Goberno Local:

- a) Acordar a adxudicación de bens ao concello.
- b) A formulación de terceirías de mellor dereito, por proposta do/da tesoureiro/a xeral, en casos de urxencia.
- c) A aceptación e constitución de hipoteca especial, logo do informe da Asesoría Xurídica.
- d) Fixar e/ou modificar o período de ingreso en voluntaria das débedas, a proposta da Tesourería Xeral.
- e) A declaración colectiva de prescrición.
- f) Acordar ou denegar a compensación de oficio ou por instancia de parte das débedas e créditos.
- g) A autorización de apertura de contas restrinxidas de recadación, por proposta do/da tesoureiro/a xeral.
- h) A concesión de autorización ás entidades de depósito para actuar como entidades colaboradoras e a aprobación das normas reguladoras pertinentes.
- i) Recabar información sobre movementos de contas bancarias.
- j) Autorizar a subscrición do convenio entre os acredores e o concursado, de acordo co disposto no capítulo I do título V da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.
- k) Autorizar a venda mediante adxudicación directa.
- l) A imposición, por proposta do/da tesoureiro/a xeral, de sancións derivadas de infraccións simples cometidas nos asuntos de trámite, así como por incumprimento de pedimentos de información.
- m) Resolver as terceirías formuladas polos interesados.
- n) Solicitar dos xuíces a autorización para entrada en domicilio.
- ñ) Decidir o nomeamento do/a funcionario/a técnico/a do concello ou a contratación dos servizos de empresas especializadas, en caso de que houber que practicar deslinde con ocasión de embargo de bens inmobles.
- o) A imposición, por proposta do/da tesoureiro/a xeral, de sancións por incumprimento dos deberes de información e por resistencia, escusa ou negativa ás actuacións da recadación, cando se trate de multa pecuniaria.
- p) Autorizar o outorgamento de oficio das escrituras de venda e expedir mandamento de cancelación de cargas.
- q) Conceder adiamentos e fraccionamentos cando a débeda total a adiar ou fraccionar exceda de 30.000,00 euros, e o sinalamento, aceptación ou dispensa de garantías.

As competencias a que se refiren os apartados anteriores serán delegables na Concellería responsable de Facenda ou órgano do mesmo rango que a substitúa ou ben no/na Tesoureiro/a Xeral, salvo aquelas que deban ser exercidas por proposta deste órgano.

ARTIGO 10º.- ATRIBUCIÓN DA TESOURERÍA E DO/DA TESOUREIRO/A XERAL

1. Correspóndelle á Tesourería Xeral, de conformidade co disposto no RD 1174/1987 do 18 de setembro e no art. 135 do Regulamento orgánico municipal, e en relación coa recadación dos recursos de dereito público de titularidade municipal, as seguintes funcións:
 - a) A dirección, planificación e coordinación da xestión recadatoria.
 - b) A dirección, planificación e coordinación sobre aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas, contas restrinxidas de recadación de tributos e réxime de ingresos de entidades colaboradoras.
 - c) O estudo, deseño e programación das actuacións e procedementos de recadación, así como a proposta de modificacións normativas que se refiran ao seu ámbito competencial.
 - d) A elaboración de sistemas de información e estatística relativos aos resultados da actividade recadatoria, co auxilio dos servizos municipais de Informática.
2. Das competencias atribuídas á Tesourería Xeral, correspóndelle ao/á Tesoureiro/a Xeral:
 - a) A xefatura superior dos servizos de Recadación.
 - b) Ditar a providencia de prema.
 - c) Ditar os actos administrativos para a declaración dos responsables solidarios ou subsidiarios dos debedores principais, cando for preceptivo, de acordo co que establecen a Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.
 - d) Declarar a responsabilidade solidaria do depositario polos bens embargados.
 - e) Conceder adiamentos e fraccionamentos cando a débeda global a adiar ou fraccionar sexa igual ou inferior a 30.000,00 euros.
 - f) Aprobar a liquidación de xuros de mora en débedas de contía superior a 3.000,00 euros.
 - g) Resolver os recursos administrativos que se formulen contra a providencia de prema e os demais actos subsequentes na xestión recadatoria, nos termos do artigo 55º desta ordenanza.
 - h) Designar o lugar onde os bens embargados deben ser depositados, ata a súa realización, e ao depositario.
 - i) Autorizar actos do depositario que excedan a mera custodia e que impliquen administración dos bens depositados.
 - j) Autorizar o alleamento de bens, mediante poxa, así como encargar a execución material das poxas a empresas ou profesionais especializados, previa tramitación do correspondente procedemento de contratación administrativa.
 - k) Decretar, unha vez autorizada a forma de adxudicación, a venda dos bens embargados e sinalar día, hora e local en que deberá realizarse, así como o tipo de poxa para licitar.
 - l) A fixación do tipo de licitación de bens embargados.
 - m) Presidir a Mesa de Licitación.
 - n) Autorizar a expedición de títulos acreditativos das débedas destruídos, subtraídos ou extraviados.
 - ñ) A declaración de debedores fallidos, créditos incobrables, da baixa en contas desfeitas e a declaración individual de prescripción.
 - o) A proposta de concesión de autorización a entidades de depósito para actuar como colaboradoras.
 - p) Autorizar a suspensión do procedemento de prema cando o importe das débedas exceda de 3.000,00 euros.

- q) Autorizar, por proposta do Departamento de Recadación, as baixas en contas das débedas premadas.
- r) Acordar a adopción de medidas cautelares para asegurar o cobro da débeda, nos casos e condicións establecidos na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.
- s) Informar os expedientes motivados por denuncias, queixas ou reclamacións presentadas contra o persoal recadador, propoñendo, no seu caso, a suspensión das súas funcións; así como instruír as dilixencias preceptivas en expedientes de alcance que se evidencien na xestión recadatoria.
- t) As restantes competencias non establecidas, asignadas expresamente na normativa estatal á Dirección Xeral de Recadación.

ARTIGO 11º.- COMPETENCIAS DO XEFE DE SERVIZO DE TESOURERÍA

Das competencias atribuídas á Tesourería Xeral, correspóndelle ao xefe de servizo de Tesourería:

- a) A conformidade ás propostas de resolución que deba remitirle ao/a Tesoureiro/a Xeral o Departamento de Recadación.
- b) A proposta ao/a Tesoureiro/a Xeral de expedición de providencia de prema.
- c) A rendición dos estados de Recadación.
- d) A admisión e control de ingresos nas caixas.
- e) A aprobación da liquidación de xuros de mora de débedas de contía inferior a 3.000,00 euros.
- f) Autorizar a suspensión do procedemento de prema cando o importe das débedas non exceda de 3.000,00 euros dando conta ao/a Tesoureiro/a Xeral.
- g) Solicitar dos órganos xestores unha certificación acreditativa de calquera clase de información con transcendencia recadatoria, en relación coas liquidacións tributarias ou outros ingresos de dereito público.
- h) Solicitar dos órganos xudiciais información sobre os procedementos que poidan afectar aos dereitos da Facenda Municipal.
- i) Supervisar e coordinar a conciliación dos saldos rexistrados nas aplicacións informáticas de xestión de ingresos –Recadación e Contabilidade, correspondentes ás débedas incluídas en cargos en executiva.
- j) Supervisar e coordinar a extracción da información relativa á aprobación de remesas de liquidacións, cobros e baixas, rexistrada na aplicación informática de xestión de ingresos – Recadación, previamente ao seu traspaso, mediante pasarela, á aplicación xestora do sistema de información contable da Administración local.
- k) A expedición de certificacións de pago de ingresos en vía executiva.
- l) O exercicio das funcións que lle encomende o/a Tesoureiro/a Xeral e as que lle delegue, das que ao/a Tesoureiro/a Xeral lle atribúe o artigo 10 da ordenanza.

O/a Tesoureiro/a Xeral poderá avogar para si o exercicio das funcións sinaladas neste artigo.

ARTIGO 12º.- COMPETENCIAS DO XEFE DO DEPARTAMENTO DE RECADACIÓN

Correspóndelle ao xefe do Departamento de Recadación exercer as seguintes funcións:

- a) A tramitación dos expedientes de prema e a acumulación ou detalle das débedas.
- b) A expedición de dilixencias de embargo.
- c) A levanza das contas de Recadación, a levanza do Rexistro xeral de fallidos e a admisión e control de ingresos nas contas restrinxidas de Recadación executiva.
- d) Expedir os mandamentos de anotación preventiva de embargo nos rexistros oficiais que correspondan.
- e) A proposta de declaración de fallidos ou prescrición dos créditos.
- f) A execución de garantías.

- g) 1.- Recabar información das persoas ou entidades depositarias de diñeiro en efectivo ou en contas, unha vez iniciado o período executivo, acerca da existencia de contas correntes ou de aforro que pertenzan a debedores da Facenda Municipal, con expresión dos seus números.
- 2.- Recabar información para el embargo, sobre bienes del deudor, de toda clase de personas ou institucións, salvo que tal facultade lles estea atribuída a outros órganos.
- h) Dirixir a práctica de embargos e a expedición das dilixencias de constancia de feitos e de incidencias que se produzan.
- i) Esixir dos depositarios e administradores a rendición de contas e o cumprimento das medidas precisas para a mellor administración e conservación dos bens.
- j) A valoración dos bens embargados e a solicitude dos informes técnicos precisos, co visto e prace do/a Tesoureiro/a Xeral.
- k) O requirimento aos debedores para que acheguen os títulos de propiedade dos bens embargados.
- l) A expedición de mandamentos aos rexistros da propiedade e de bens mobles, para que se libren as cualificacións reguladas na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.
- m) Formar parte ou presidir, por delegación do/a Tesoureiro/a Xeral, a Mesa de Subastas.
- n) Propoñerlle ao/á Tesoureiro/a Xeral a adxudicación directa por concurso de bens embargados.
- ñ) Expedir as dilixencias de ampliación ou levantamento de embargo.
- o) Remitirlle ao/á Tesoureiro/a Xeral o informe- proposta sobre a adxudicación de bens ao concello.
- p) A liquidación de custas.
- q) Precintar e adoptar as medidas cautelares precisas para evitar substitución ou levantamento de bens embargados, incluso ao embargo preventivo de bens e dereitos recollido na Lei xeral tributaria.
- r) Propoñerlle ao/á Tesoureiro/a Xeral, a través da xefatura de servizo de Tesourería, as declaracións de responsabilidade.

O/a Tesoureiro/a Xeral poderá avogar para si o exercicio das funcións sinaladas neste artigo.

CAPÍTULO III.- PAGO

ARTIGO 13.- LEXITIMACIÓN, LUGAR DE PAGO E FORMA DE PAGO

1. Pode efectuar o pago, en período voluntario ou período executivo, calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e o aprobe, xa o ignore o obrigado ao pago.

O terceiro que pague a débeda non estará lexitimado para exercer, no concello, os dereitos que lle corresponden ao obrigado ao pago.
2. O pagamento de débedas poderá realizarse na Caixa Municipal, nas entidades que, no seu caso, presten o servizo de caixa, nas entidades colaboradoras e demais persoas en entidades autorizadas para recibir o pago, directamente ou por vía telemática, cando así estea establecido na normativa vixente.
3. Os pagos realizados a órganos non competentes para recibilos ou a persoas non autorizadas para iso non liberarán o debedor da súa obriga de pago, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde en que incorra o preceptor que admita indebidamente o pago.

4. O pago das débedas poderase realizar en efectivo, mediante efectos timbrados e en especie.

ARTIGO 14.- MEDIOS E MOMENTO DO PAGO EN EFECTIVO

1. O pagamento das débedas e sancións tributarias que deba realizarse en efectivo poderás facerse sempre en diñeiro de curso legal.

Así mesmo, poderase realizar por algún dos seguintes medios, cos requisitos e condicións que, para cada un deles, se establecen nesta ordenanza e seguindo os procedementos que se dispoñan en cada caso:

- a) Cheque.
- b) Tarxeta de crédito e débito.
- c) Transferencia bancaria.
- d) Domiciliación bancaria.
- e) Calquera outros que se autorice polo Ministerio con competencias na materia.

Será admisible o pagamento por transferencia bancaria naqueles casos en que así se estableza expresamente nunha norma tributaria.

2. O pago en efectivo das débedas non tributarias efectuarase polos medios que autorice a súa propia normativa. Se non se dispuxer ningunha regra especial, o pago deberá realizarse polos medios citados no apartado 1, excepto os parágrafos b e c, que requirirán regulación expresa.
3. Enténdese pagada en efectivo unha débeda cando se realízase o ingreso do seu importe na Caixa Municipal, entidades colaboradoras, entidades que presten servizo de caixa ou demais persoas ou entidades autorizadas para recibiren o pagamento.
4. Cando o pago se realice a través de entidades de crédito ou outras persoas autorizadas, a entrega ao debedor do xustificante de ingreso liberará a este desde a data que se consigne no xustificante e polo importe que figure nel e quedará obrigada a entidade de crédito ou persoa autorizada fronte á Facenda Municipal desde o momento e polo dito importe, salvo que puiden comprobarse fidedignamente a inexactitude da data do importe que conste na validación do xustificante.
5. As ordes de pago dadas polo debedor ás entidades de crédito ou outras persoas autorizadas para recibiren o pagamento non producirán por si soas efectos fronte ao concello, sen prexuízo das accións que lle correspondan ao ordenante fronte á entidade ou persoa responsable do incumprimento.

ARTIGO 15º.- CHEQUE

1. Os pagamentos que se deban efectuar nas caixas municipais poderanse realizar mediante un cheque, que deberá reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:
 - a) Ser nominativo a favor do Concello da Coruña e librado contra Banco de España ou Caixa de Aforros da Praza.
 - b) Estar datado no mesmo día ou nos dous anteriores a aquel en que se efectuou a entrega.
 - c) Estar conformado ou certificado pola entidade librada.
 - d) O nome ou razón social do librador, que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade. Cando o redacte un/unha apoderado/a, figurará na antesinatura o nome completo do titular da conta corrente.

A entrega do cheque liberará o obrigado ao pagamento polo importe satisfeito, cando sexa feito efectivo. En tal caso, producirá efectos desde a data en que entrase na caixa correspondente.

ARTIGO 16.- PAGO MEDIANTE TARXETA DE CRÉDITO E DÉBITO

1. Será admisible o pago mediante de tarxetas de crédito e débito ante a Caixa Municipal e as entidades de crédito que, no seu caso, presten servizo de caixa, sempre que a tarxeta que se vaia utilizar se encontré incluída entre as que, para tal fin, sexan admitidas en cada momento polo concello e as ditas entidades.
2. O límite dos pagos que se vaian realizar virá determinado polo asignado pola entidade emisora individualmente a cada tarxeta e que, en ningún caso, poderá superar a cantidade que se estableza na orde do/a ministro/a competente na materia, correspondente por cada documento de ingreso. Non se poderá simultanear para un mesmo documento de ingreso con calquera outro dos medios de pago admitidos.
3. Os importes ingresados polos obrigados ao pago a través de tarxetas de crédito e débito non poderán ser minorados como consecuencia de descontos na utilización desas tarxetas ou por calquera outro motivo.
4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da Tesourería Xeral, poderá establecer condicións para utilizar este medio de pago por vía telemática.

ARTIGO 17º.- PAGO MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA

Cando así se indique na notificación, os pagamentos en efectivo poderanse efectuar mediante unha transferencia bancaria. O mandato da transferencia será por un importe igual ao da débeda, deberá expresar o concepto tributario concreto ao que corresponda o ingreso e conter o detalle pertinente cando o ingreso se refira e deba aplicarse a varios conceptos. Simultaneamente ao mandato de transferencia, os contribuíntes remitiránlle ao órgano recadador as declaracións que este corresponda e as cédulas de notificación, onde se indiquen a data da transferencia, o seu importe e o banco ou caixa de aforros utilizado na operación. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse efectuados na data en que teñan entrada nas contas municipais o, no seu caso, na entidade que preste o servizo de caixa. Os gastos de transferencia, se os houber, serán por conta do ordenante.

Regulamentariamente, estableceranse, no seu caso, as condicións para utilizar este medio de pagamento por vía telemática.

ARTIGO 18º.- PAGO MEDIANTE DOMICILIACIÓN BANCARIA

1. A domiciliación bancaria deberase axustar aos seguintes requisitos:
 - a) Que a persoa obrigada ao pagamento sexa titular da conta en que domicilie o pago e que a dita conta se encontre aberta nunha entidade de crédito.
 - O pagamento poderase domiciliar nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da dita conta autorice a domiciliación.
 - b) Que o obrigado ao pagamento lle comunique a súa orde de domiciliación á Tesourería Xeral, segundo os procedementos que se establezan en cada caso. O ordeante poderá autorizar expresamente na súa solicitude que o seu adeudo se extenda a calquera liquidación que polo/s conceptos/s que sinale se lle xire no futuro.
2. Os pagos entenderanse realizados na data de cargo en conta das ditas domiciliacións; considerarase xustificante do ingreso o que, para tal efecto, expida a entidade de depósito onde se encontre domiciliado o pagamento.

3. Naqueles casos en que o cargo en conta non se realice ou se realice fóra de prazo por causa non imputable ao obrigado ao pago, non se lle esixirán a este recargos, xuros de mora nin sancións, sen prexuízo dos xuros de mora que, no seu caso, corresponda liquidar e esixirlle á entidade responsable pola demora no ingreso.
4. Cando o concello dispoña expresamente a invalidez das domiciliacións por razóns xustificadas, notificaralle o acordo polo que se lle declare a invalidez ao obrigado ao pago e á entidade colaboradora.
5. Regulamentariamente, establecernase, no seu caso, as condicións para utilizar este medio de pago por vía telemática.

ARTIGO 19º.- PAGO MEDIANTE EFECTOS TIMBRADOS E MÁQUINAS OU TERMINAIS INFORMÁTICOS REXISTRADORES

O pago de débedas en caixas municipais deberase realizar mediante a utilización de efectos timbrados cando así o estableza a ordenanza fiscal reguladora do recurso de dereito público correspondente.

Tamén, cando así o estableza a dita ordenanza, o pago de determinadas débedas poderá acreditarse mediante a estampación ou emisión de selos municipais, polo importe que corresponda segundo tarifa, realizadas por máquinas ou terminais informáticos rexistradores.

Cando se utilicen selos municipais, estes adheriranse ao documento da súa razón e, de empregarse o sistema de estampación, esta practicarase sobre o documento correspondente facendo constar: concepto, importe, data, máquina ou terminal estampador e número da operación.

ARTIGO 20º.- TEMPO DO PAGO. PLAN DE PAGO PERSONALIZADO

1. As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberanse pagar nos prazos que estableza na normativa de cada tributo.

As débedas tributarias procedentes de liquidacións directas, de notificación individual, deberanse pagar dentro do prazo regulado no art. 62 da Lei 58/2003 xeral tributaria, salvo que o concello, no exercicio das súas competencias, estableza outro distinto.

2. O pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica efectuarase no prazo establecido no art. 34 desta ordenanza.
3. As débedas que deban aboarse mediante efectos timbrados pagaranse no momento da realización do feito imponible, se non se dispuxer outro prazo na súa normativa específica.
4. Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de prema, o pago da débeda tributaria deberase efectuar nos seguintes prazos:
 - a) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do dito mes ou, se este non for hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non for hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

5. Nos supostos nos que a lei de cada tributo o estableza, o ingreso da débeda dun obrigado tributario poderase suspender total ou parcialmente, sen achega de garantía e a solicitude deste, se outro obrigado presenta unha declaración ou autoliquidación da que resulte unha cantidade a devolver ou unha comunicación de datos, con indicación de que o importe da devolución que poida ser recoñecido se destine á cancelación da débeda cuxa suspensión se pretende.

O importe da débeda suspendida non poderá ser superior á devolución solicitada.

A débeda suspendida quedará total ou parcialmente extinguida no importe que proceda da devolución recoñecida, sen que sexan esixibles xuros de mora sobre a débeda cancelada con cargo á devolución.

6. Plan de pago personalizado.- Poderá anticiparse o pago das débedas de vencemento periódico mediante o seu fraccionamento, de conformidade coa regulación do Plan de pago personalizado que se desenvolve no presente apartado:

a) Concepto

- O Plan de pago personalizado é unha modalidade de pago a través da cal se poderán facer efectivas, anticipada e fraccionadamente, determinadas débedas tributarias de vencemento periódico incluídas nun plan de pago, domiciliándoas nunha entidade financeira. De acordo co establecido no art. 9.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécense senllas bonificacións do 3%, ata un importa máximo de 5.000,00 euros, sobre a cota íntegra do imposto sobre bens inmobles e sobre a cota do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, naqueles casos en que a persoa solicitante inclúa estes impostos no dito plan. Estas bonificacións serán compatibles cos demais beneficios fiscaís establecidos na Ordenanza fiscal n.º 51, reguladora do imposto sobre bens inmobles e na Ordenanza fiscal n.º 52, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

De acordo co establecido no art. 10 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o art. 161.2 da Lei xeral tributaria, no se esixirán xuros de mora nin, no seu caso, se iniciará o período executivo, nos adiamentos ou fraccionamentos derivados do acollemento ao Plan de pago personalizado, salvo que se produza o impago recollido na letra m) do presente apartado.

b) Requisitos

Para acollerse a este sistema, será necesario:

- i) Que se domicilien os pagos fraccionados nunha entidade financeira.
- ii) Estar ao corrente no pagamento de débedas tributarias e demais de dereito público co Concello da Coruña.
- iii) Que se formule a solicitude oportuna no impreso oficial aprobado polo Concello da Coruña e a través dos medios que se establezan para estes efectos.
- iv) Que a solicitude a realice o titular da conta en que se domicilie o pago.

- c) Tributos acollidos ao Plan de pago personalizado Os tributos, de vencemento periódico e notificación colectiva, incluídos no Plan de pago personalizado, son os seguintes:
 - i) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
 - ii) Imposto sobre actividades económicas.
 - iii) Imposto sobre bens inmoables.
 - iv) Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos de locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.
- i) Taxa pola entrada de vehículos desde a vía pública a edificios, locais e soares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular.
- d) Solicitude
 - i) As solicitudes de acollemento ao Plan de pago personalizado presentadas mediante un impreso oficial no Rexistro Xeral do Concello da Coruña, no Rexistro Electrónico do Concello da Coruña, a través de técnicas de telecomunicación ou telemáticas ou ben presencialmente nas oficinas municipais de atención postas ao servizo da cidadanía, así como nos lugares sinalados no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, producirán efecto no período impositivo seguinte ao da solicitude e permanecerán en vigor mentres non sexan expresamente revogadas polas persoas interesadas.
 - ii) Poderase convir coas entidades financeiras a súa colaboración na recepción das solicitudes ea súa remisión ao concello.
- e) Determinación do importe para a súa distribución en prazos ou fraccións.
 - i) O importe total das débedas acollidas ao Plan de pago personalizado que se terá en conta para realizar as operacións conducentes á distribución dos importes parciais que se cobrarán anticipadamente en cada prazo ou fracción será, con carácter xeral, o 95% da suma dos importes das liquidacións do exercicio anterior.
 - ii) Cada ano actualizaranse os importes das cotas en función dos datos tributarios do exercicio inmediato anterior.
- f) Modalidades do Plan de pago personalizado
As cantidades que a persoa solicitante se comprometa a anticipar polas débedas tributarias incluídas no Plan de pago personalizado distribuiranse en dúas, tres, catro, cinco ou seis cotas, a elección do solicitante.

O pago en dúas cotas realizarase nos meses de marzo e outubro; o pago en tres cotas realizarase nos meses de marzo, xullo e outubro; o pago en catro cotas realizarase nos meses de marzo, maio, xullo e outubro; o pago en cinco cotas realizarase nos meses de marzo, maio, xullo, setembro e outubro e o pago en seis cotas realizarase nos meses de marzo, maio, xullo, agosto, setembro e outubro.

Estes ingresos anticipados terán o carácter de pago a conta e faranse efectivos nas datas que correspondan segundo o seguinte cadro:

	1º pago	2º pago	3º pago	4º pago	5º pago	6º pago
2 cuotas/cotas	1 marzo	1 outubro				
3 cuotas/cotas	1 marzo	1 xullo	1 outubro			
4 cuotas/cotas	1 marzo	2 maio	1 xullo	1 outubro		
5 cuotas/cotas	1 marzo	2 maio	1 xullo	1 setembro	1 outubro	
6 cuotas/cotas	1 marzo	2 maio	1 xullo	1 agosto	1 setembro	1 outubro

En todo caso, o día 1 de outubro ou o inmediato hábil posterior, pasarase ao cobro a cantidade resultante da diferenza entre o importe das liquidacións acollidas ao Plan de pago personalizado correspondentes ao exercicio vixente e as cantidades entregadas a conta.

Cada contribuínte poderá acollerse ao Plan de pago personalizado para todos ou algún dos tributos sinalados na letra c) do presente apartado.

g) Modificacións a instancia do interesado.

i) O interesado no Plan de pago personalizado, mediante petición expresa, poderá solicitar a modificación do Plan en vigor, tanto no relativo á conta na que estea domiciliado o pago como na modalidade de cotas, de acordo co disposto nas letras seguintes. Así mesmo, poderá incluír novos tributos no Plan.

ii) As solicitudes de modificación poderanse presentar, mediante o impreso oficial, no Rexistro Xeral do Concello da Coruña, no Rexistro Electrónico do Concello da Coruña, a través de técnicas de telecomunicación ou telemáticas ou ben presencialmente nas oficinas municipais de atención postas ao servizo da cidadanía, así como nos lugares sinalados no art.

38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e producirán efecto no período impositivo seguinte ao da solicitude. Porén, as solicitudes que se presenten entre o 1 e o 31 de xaneiro de cada exercicio, producirán efectos no mesmo exercicio en que se solicite.

En todo caso, as solicitudes presentadas despois do 31 de xaneiro do ano en curso, producirán efecto a partir do exercicio seguinte.

h) Modificacións de oficio.

Cando se produza a baixa dalgunha inscrición da matrícula, por troco de titularidade ou por outras causas, que impliquen a baixa de oficio, quedará automaticamente excluída do Plan de pago personalizado, recalculándose o importe das cotas que resten por pagar conforme ao previsto no apartado i) seguinte.

i) Control de excesos.

Nos supostos de modificación á baixa das débedas asociadas a un Plan de pago personalizado, para evitar que o importe dos pagos fraccionados supere o importe das liquidacións definitivas acogidas al Plan de pago e, polo tanto, as correspondentes devolucións, se procederá ao recálculo do importe das cotas que resten por pagar. O mesmo recálculo terá lugar ao alza, no seu caso, cando por unha nova modificación ou polo impago dalgun prazo, desaparecese a previsión de exceso.

- j) **Baixa do Plan de pago personalizado**
Con carácter xeral, a baixa no Plan de pago personalizado producirase por instancia da persoa solicitante. A baixa solicitada producirá efecto nos mesmos termos que se establecen para a alta no Plan de pago personalizado na letra d) do presente apartado.
- f) **Imputación dos pagos anticipados**
As cantidades anticipadas polos contribuíntes a través deste sistema de pagos imputaranse ás liquidacións asociadas ao Plan de pago personalizado, conforme os seguintes criterios:
 - i) En primeiro lugar, atendendo á data de vencemento das débedas, aplicaranse ás de vencemento anterior.
 - ii) Ante débedas de igual vencemento, aplicarase primeiro ás de importe inferior.
 - iii) Ante débedas de igual importe, seguirase a orde secuencial do número de inscrición en matrícula fiscal de cada unha delas.
A parte das débedas ou o importe íntegro, no seu caso, que restase por pagar, pagarase o día 1 de outubro ou o inmediato hábil posterior, igualmente mediante domiciliación bancaria.
- m) **Impago.**
Se por causas imputables ao interesado non se fixer efectivo ao seu vencemento o importe da primeira cota, devirá inaplicable automaticamente este sistema especial de pago.
Neste caso, o importe total dos tributos poderase aboar sen recargo nos prazos ordinarios de pago. Se estes transcorreren sen realizar o seu ingreso, iniciárase o período executivo. Se, logo de facer efectivo o importe da primeira cota do plan non se fixer efectiva a última ao seu vencemento correspondente, iniciárase o período executivo pola cantidade pendente. En caso de impago de calquera das cotas por causas imputables ao interesado, non resultará aplicable ningunha bonificación derivada da adhesión ao Plan de pago personalizado.

ARTIGO 21º.- ADIAMENTO E FRACCIONAMENTO

- 1.- O pago das débedas tributarias e demais de dereito público poderá adiarse ou fraccionarse nos casos e na forma que se determina na presente Ordenanza.
- 2.- Os adiamentos e fraccionamentos concederaos a Administración municipal tras a petición das persoas ou entidades obrigadas ao pago, de conformidade coas regras dos apartados seguintes.
- 3.- Non serán susceptibles de adiamento ou fraccionamento de pago as seguintes débedas:
 - a) As de vencemento periódico e notificación colectiva que se achen en período voluntario de pago, salvo aquelas que se incorporen a un Plan de Pago Personalizado conforme ao previsto no art. 20.6 desta Ordenanza.
 - b) As débedas tributarias cuxa exacción realícese por medio de efectos timbrados.
 - c) As correspondentes a sancións que se achen en período voluntario de pago. No caso de que se presenten solicitudes respecto diso, entenderanse automaticamente denegadas, sen prexuízo da oportuna notificación da resolución.
 - d) Fora dos supostos das letras anteriores, as que se achen en período voluntario de pago, cuxo importe acumulado sexa inferior a 300,00 euros.

- e) As que se atopen en período executivo, cuxo importe global pendente por contribuínte sexa inferior a 300,00 euros.

4. Débedas adiables.

- a) Fora dos supostos indicados no punto anterior, poderá adiarse o pago da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición das persoas ou entidades interesadas, cando a súa situación económico-financeira impídalles, transitoriamente, efectuar o pago dos seus débitos. Tratándose de débedas en período executivo, a solicitude deberá alcanzar á totalidade das débedas da persoa ou entidade solicitante incursas no devandito período.
- b) O fraccionamento de pago, como modalidade de adiamento, rexeráse polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.
- c) A Tesourería dispoñerá o necesario para que as solicitudes fórmúlense en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de adiamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, achegando os documentos oportunos.
- d) O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá achegar ou, no seu caso, a dispensa deste deber.
- e) Os criterios xerais de concesión de adiamentos/fraccionamentos son:
 - i) Débeda entre 300,00 euros e 450,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 6 meses ou mensualidades.
 - ii) Débeda entre 450,01 euros e 600,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 9 meses ou mensualidades.
 - iii) Débeda entre 600,01 euros e 1.200,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou mensualidades.
 - iv) Débeda entre 1.200,01 euros e 3.000,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 15 meses ou mensualidades.
 - v) Débeda entre 3.000,01 euros e 4.500,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou mensualidades.
 - vi) Débeda entre 4.500,01 euros e 6.000,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 21 meses ou mensualidades.
 - vii) Débeda por importe superior a 6.000,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou mensualidades.
- f) Excepcionalmente, cando as persoas solicitantes sexan beneficiarias de Risga, Renda Social Municipal (RSM), Pensión non contributiva (PNC), Axudas de Emerxencia social ou previo informe da Traballadora ou Traballador Social de referencia que acredite a súa situación de vulnerabilidade social, poderá concederse o adiamento/fraccionamento conforme aos seguintes criterios:
 - i) Débeda entre 300,00 euros e 450,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou mensualidades.
 - ii) Débeda entre 450,01 euros e 600,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou mensualidades.

iii) Débeda entre 600,01 euros e 1.200,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou mensualidades.

iv) Débeda entre 1.200,01 euros e 3.000,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 30 meses ou mensualidades.

v) Débeda por importe superior a 3.000,00 euros.-
Poderá adiarse ou fraccionarse ata un máximo de 36 meses ou mensualidades.

g) Excepcionalmente, os períodos e prazos sinalados na letra e) poderán ampliarse ata un máximo de 15 anos cando a execución do patrimonio da persoa ou entidade obrigada poida afectar ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal.

h) A Tesourería determinará os documentos ou xustificantes que estime oportunos para acreditar a existencia de dificultades económico-financieiras que impidan de forma transitoria á persoa ou entidade solicitante efectuar o pago no prazo establecido.

i) Na petición de adiamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, as causas que motivan a solicitude de adiamento/fraccionamento, os prazos e restantes condicións que se solicitan e a garantía que se ofrece de entre as que constan no apartado seguinte deste artigo, así como acreditación do código IBAN e titularidade da conta bancaria para a domiciliación dos pagos resultantes da concesión.

5. Garantías.

a) Como regra xeral, as débedas adiadas ou fraccionadas deberán garantirse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, coas excepcións reguladas na Lei Xeral Tributaria.

En todo caso, coa solicitude achegarase o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade para formalizar a garantía necesaria no caso de que o adiamento/fraccionamento fose concedido. A garantía deberá achegarse dentro de prazo dos trinta días seguintes ao da notificación do acordo de concesión.

b) Cando se xustifique que non é posible obter o aval ou certificado, ou que con isto comprométese seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

i) Hipoteca inmobiliaria.

ii) Hipoteca mobiliaria.

iii) Prenda con ou sen desprazamento.

iv) Fianza persoal e solidaria.

v) Calquera outra que se estime pertinente.

Á solicitude deberá acompañarse declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval ou certificado, no que consten as xestións efectuadas respecto diso, debidamente documentadas.

c) A garantía deberá cubrir o importe do principal da débeda, dos xuros que xere o adiamento/fraccionamento máis o 25 % da suma de ambas as partidas, sen que en ningún caso o importe para garantir poida ser inferior á contía total da débeda no momento do adiamento/fraccionamento máis os xuros derivados do mesmo.

- d) No se esixirá garantía cando a débeda total a adiar ou fraccionar sexa igual ou inferior a 30.000,00 euros.
Cando se trate de adiamentos ou fraccionamentos de débedas en período executivo e no procedemento executivo realizouse anotación preventiva de embargo, en rexistro público, de bens de valor suficiente, considerárase garantida a débeda e non será necesario achegar nova garantía.
 - e) A garantía constituída mediante aval ou certificado deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos.
 - f) Poderase dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa ou entidade debedora careza de medios suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar o mentemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal. Se se solicita dispensa total ou parcial de garantía, a solicitude deberá vir acompañada de declaración responsable na que se manifeste a ausencia de bens ou a non posesión doutros que os ofrecidos en garantía.
6. Tramitación e resolución.
- a) Na tramitación das solicitudes de adiamento e fraccionamento examínase e avalíase a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ao disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulándose a correspondente proposta de resolución ao órgano competente para a súa aprobación.
 - b) Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denéganse as seguintes solicitudes:
 - i) As de reconsideración de adiamentos e fraccionamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundamentadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga de pago.
 - ii) As presentadas por contribuíntes que incumpren adiamentos ou fraccionamentos previamente concedidos, por causas que lles sexan imputables ou por non formalizar as garantías.
 - iii) As que correspondan a débedas illadas, cando a persoa ou entidade solicitante manteña algunha outra débeda co Concello, pendente de pago en vía executiva, sen regularizar.
 - c) A resolución notifícase conforme á normativa regulamentaria de aplicación, xunto co cálculo dos xuros e o procedemento para seguir en caso de falta de pagamento.
 - d) A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar desde o día en que a solicitude tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo, a solicitude poderase entenderse denegada.
7. Cálculo de xuros de mora.
- a) As cantidades que se adíen ou fraccionen devengarán os xuros de mora regulados na normativa tributaria ou orzamentaria, segundo trátase de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente.
 - b) No caso de concesión de adiamentos, os xuros calcularanse sobre a débeda adiada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario de pago e o vencemento do prazo concedido. Se o adiamento foi solicitado en período executi-

vo, a base para o cálculo dos xuros non incluírá a recarga do período executivo que corresponda. Os xuros devengados ingresaranse xunto coa débeda adiada.

- c) No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de mora por cada fracción de débeda, computándose o tempo desde o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo dos xuros non incluírá a recarga do período executivo que corresponda. Os xuros devengados por cada fracción ingresaranse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta.
 - d) En caso de denegación do adiamento ou fraccionamento de débedas:
 - i) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de mora de conformidade co previsto no art. 52.4 do Regulamento Xeral de Recadación.
 - ii) Se foi solicitado en período executivo, liquidaranse xuros de mora de conformidade co previsto no art. 72 do Regulamento Xeral de Recadación.
8. Prazos de ingreso, forma de pago e efectos da falta de pagamento.
- a) O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión do adiamento ou fraccionamento, que coincidirá co día 5 do mes a que se refiran ou, en caso de ser inhábil, co primeiro día hábil seguinte.
 - b) Os pagos serán realizados mediante domiciliación bancaria en conta aberta en entidade de depósito.
Nos adiamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pago, procederase a esixir o pago da débeda pola vía de prema ou ben a executar a garantía, de conformidade co disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa regulamentaria de aplicación.

CAPÍTULO IV.- PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO

SECCIÓN 1ª.- Disposicións xerais

ARTIGO 22º.- RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO

1. O importe das débedas cuxa xestión recadatoria en período voluntario sexa levada a cabo polos órganos de recadación do concello, ingresarase nas caixas municipais, directamente ou a través de entidades de depósito, nos casos e polos procedementos que se establecen no presente capítulo.
2. O importe das débedas cuxa xestión recadatoria a leven a cabo entidades ou órganos distintos, ingresarase nas caixas municipais nas modalidades e polos procedementos establecidos nas súas normas reguladoras e na sección 5.ª deste capítulo.
3. Cando unhas e outras sexan de vencemento periódico e notificación colectiva, ingresarase o seu importe segundo o disposto na sección 6.ª deste capítulo.

ARTIGO 23º.- INICIACIÓN E CONCLUSIÓN

O importe das débedas cuxa xestión recadatoria en período voluntario a leven a cabo os órganos de recadación do concello, ingresarase nas caixas municipais, directamente ou a través de entidades de depósito, nos casos e polos procedementos que se establecen no capítulo IV.

SECCIÓN 2ª.- Ingresos da Tesourería

ARTIGO 24º.- NORMAS XERAIS

1. A Tesourería Xeral recadará todos os dereitos de titularidade municipal.
2. Os ingresos poderanse realizar:
 - a) Directamente na Caixa da Tesourería.
 - b) A través das entidades de depósito que presten o servizo de Caixa nos locais da Tesourería.
 - c) A través das entidades colaboradoras a que se refire o artigo 28.º desta ordenanza.
3. Os ingresos realizaranse de luns a venres, excepto días non laborables. Os vencementos que coincidan cun sábado consideraranse trasladados ao primeiro día hábil seguinte.

SECCIÓN 3ª.- Ingresos a través das entidades de depósito que presten o servizo de Caixa

ARTIGO 25º.- ENTIDADES AUTORIZADAS

1. Poden prestar o servizo de Caixa na Tesourería, por medio de oficinas abertas nos seus locais, aquelas entidades de depósito con que, por proposta do dito órgano municipal, así o conveña o concello.
2. Estas entidades, sen prexuízo diso, poderán actuar como colaboradoras na recadación.

ARTIGO 26º.- SUPOSTOS

1. Realizarase o ingreso a través das entidades de depósito que presten o servizo de Caixa nos seguintes casos:
 - a) Cando o ingreso sexa requisito previo á presentación ou retirada de documentos no concello.
 - b) Cando correspondan a declaración-liquidacións ou autoliquidacións.
 - c) Cando correspondan a ingresos en efectivo de fianzas e/ou depósitos.
 - d) Cando se realicen ingresos de liquidacións practicadas polo concello e notificadas ao suxeito pasivo, que se encontran en período de ingreso en voluntaria.
 - e) Nos demais casos en que así o estableza o concello.
2. Os ingresos realizaranse de luns a venres, excepto días non laborables. Os vencementos que coincidan cun sábado quedan trasladados ao primeiro día hábil seguinte.

ARTIGO 27.- PROCEDEMENTO

1. Os ingresos realizaranse en contas restrinxidas abertas nas entidades citadas, tituladas: "Concello da Coruña. Conta restrinxida de Caixa".
2. Os ingresos nestas contas efectuaranse en efectivo, a través dos medios que establece o artigo 14º desta ordenanza.
3. Diariamente, a entidade entregaralle á Tesourería do concello unha relación xustificativa das cantidades ingresadas na conta restrinxida e os documentos acreditativos das contas a que corresponden, no seu caso.

4. O ingreso nas contas operativas do concello das cantidades recadadas rexeráse polo disposto no artigo 57º desta ordenanza.

SECCIÓN 4ª.- Ingresos a través de entidades colaboradoras na recadación

ARTIGO 28º.- AUTORIZACIÓN

1. Poderán prestar o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Facenda municipal as entidades de depósito autorizadas polo concello. A prestación do servizo non será retribuída.
2. As entidades que desexen actuar como colaboradoras solicitarán unha autorización do concello a través da Tesourería municipal, a cal irá acompañada dunha memoria xustificativa da posibilidade de recoller en soporte informático a información das operacións que deban realizar como colaboradoras.

Para valorar adecuadamente a conveniencia de conceder a autorización solicitada, o concello poderá considerar aqueles datos que sexan acreditativos da solvencia da entidade e da súa posible contribución ao servizo de colaboración na recadación. Para tal fin, poderá recabar os informes que considere oportunos.

O concello poderá aceptar ou non a petición e determinar a forma e as condicións de prestación do servizo. Se o acordo é denegatorio, será motivado.

O acordo notificaráselle á entidade peticionaria e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

A resolución deberase adoptar no prazo de tres meses. Unha vez transcorrido este prazo sen que houber solución, poderase entender desestimada a solicitude, na forma e cos efectos establecidos no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Previamente á iniciación do servizo, as entidades peticionarias deberanlle comunicar ao Concello os seguintes extremos:
 - a) Relación de todas as súas oficinas, o seu domicilio e a clave bancaria, dentro do termo municipal.
 - b) Data ou datas de comezo da prestación, que en ningún caso poderán exceder de dous meses, que comezarán a contar a partir do día do seu outorgamento.

Ademais, a entidade colaboradora deberá informar o concello de toda variación referente a altas e baixas, na operatividade das súas oficinas e cambios de denominación a que aquela se vexa sometida.

4. As entidades que posúan varias oficinas dentro do municipio relacionaranse co concello a través da súa oficina principal.
5. A Tesourería municipal efectuará o control e seguimento da actuación das entidades colaboradoras.

Para tal efecto, poderalle propor á Xunta de Goberno Local, e esta ordenar, a práctica de comprobacións sobre as ditas entidades.

As comprobacións referiranse exclusivamente á súa actuación como entidades colaboradoras e poderanse efectuar nas oficinas da entidade ou nos locais da Tesourería municipal.

As actuacións poderanse referir ao exame da documentación relativa a operacións concretas ou estenderse a actuación de colaboración das ditas entidades ou das súas oficinas durante un período determinado de tempo.

Para a práctica das comprobacións, as entidades deberán pór ao dispor do funcionariado designado para tal efecto toda a documentación que soliciten en relación coa actuación da entidade na súa condición de colaboradora e, en particular, extractos de contas correntes restrinxidas, documentos de ingreso e xustificantes de ingreso nas contas operativas do concello. Así mesmo, deberán permitir o acceso aos rexistros informáticos da entidade respecto das operacións realizadas na súa condición de colaboradora.

6. Sen prexuízo das responsabilidades que procedan en cada caso, a Xunta de Goberno Local, por proposta da Tesourería, poderá suspender temporalmente ou revogar definitivamente a autorización outorgada ás entidades de depósito para actuar como colaboradoras na recadación, restrinxir temporal ou definitivamente o ámbito territorial da súa actuación ou excluír a prestación do servizo de colaboración a algunha das súas oficinas, se as ditas entidades incumpriren as obrigas establecidas na presente ordenanza e nas demais normas aplicables ao servizo, as obrigas de colaboración coa Facenda municipal ou as normas tributarias en xeral.

En particular, a Xunta de Goberno Local poderá usar as facultades a que se refire o parágrafo anterior, cando se deren algunhas das seguintes circunstancias:

- a) Presentación reiterada da documentación que, como entidade colaboradora, debe achegar a Tesourería fóra dos prazos establecidos, de forma incompleta ou con graves deficiencias; manipulación dos datos contidos na dita documentación, en que deba custodiar a entidade ou en que deba entregar aos contribuíntes.
- b) Incumprimento das obrigas que as ditas entidades teñan de proporcionaren ou declararen calquera tipo de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria a que obrigan a Lei xeral tributaria e as demais disposicións aplicables para tal efecto.
- c) Colaboración ou consentimento no levantamento de bens embargados.
- d) Resistencia, negativa ou obstrución á actuación dos órganos e axentes de recadación.
- e) Non efectuar diariamente o ingreso das cantidades recadadas na conta restrinxida; non efectuar ou efectuar con atraso o ingreso das cantidades recadadas nas contas operativas do concello, cando se lle ocasionase un grave prexuízo á Facenda municipal ou a un particular.
- f) Inutilidade da autorización, manifestada polo nulo ou escaso volume dos ingresos realizados a través da entidade.

ARTIGO 29º.- INGRESOS

1. Os debedores á Facenda Municipal, teñan ou non contas abertas nas entidades colaboradoras, poderán ingresar nelas as seguintes débedas:
- a) As que resulten de declaración-liquidacións formuladas nos modelos regulamentariamente establecidos.

- b) As notificadas aos obrigados ao pago como consecuencia de liquidacións practica-
das pola Administración, tanto en período voluntario como en executiva, ben sexa
a notificación individual ou colectiva.
 - c) Calquera outras que determine o concello.
- 2. As entidades colaboradoras non se responsabilizarán da exactitude dos datos consig-
nados polos contribuíntes, excepto da do número de identificación fiscal do declarante
e deberán admitir os ingresos sen consideración ao posible vencemento dos prazos de
recadación, excepto que conste expresamente nos documentos de ingreso.
- 3. Porén, as entidades colaboradoras non poderán admitir:
 - a) Os ingresos cuxa realización sexa requisito previo á presentación ou retirada de
documentos no concello.
 - b) Os ingresos en efectivo de fianzas e/ou depósitos.

ARTIGO 30º. - PROCEDEMENTO

1. Os ingresos realizaranse en contas restrinxidas abertas nas entidades citadas, tituladas
"Concello da Coruña, cta. restrinxida de colaboración na recadación". O concello poderá
establecer que as ditas contas se leven con separación para os distintos tipos de ingre-
sos.
2. Os ingresos nestas contas efectuaranse en diñeiro de curso legal e outros medios habi-
tuais no tráfico bancario polo importe exacto das débedas. A admisión de calquera outro
medio de pago queda por discreción e risco da entidade.
3. As entidades colaboradoras admitirán os ditos ingresos todos os días que sexan labora-
bles para elas durante as horas de Caixa e aboaranos seguidamente na conta restrinxida.
Os vencementos que coincidan cun sábado consideraranse trasladados ao primeiro día
hábil seguinte.

Cando os ingresos se efectúen en sucursais ou oficinas que non poidan actuar directa-
mente sobre as contas restrinxidas autorizadas, as entidades disporán dun prazo de 10
días para aboalas nas ditas contas restrinxidas; respectarán, en todo caso, os prazos
senalados para a recadación, en caso de que lles foren comunicados.

4. Cando se trate de declaración-liquidacións, o/a obrigado/a ao pagamento presentaralle
ou remitiralle á entidade colaboradora o xogo de impresos completo en que se conteñan
aquelas.
5. Se o ingreso é consecuencia dunha liquidación practicada pola Administración munici-
pal e notificada á persoa obrigada ao pago, esta presentaralle ou remitiralle á entidade
colaboradora un "xustificante de aboamento" ou "talón de ingreso" segundo o modelo
establecido polo concello.
6. A entidade colaboradora deberá esixir a consignación do número de identificación fiscal
no documento correspondente e comprobar a exactitude do indicado número examinan-
do o documento acreditativo, que deberá ser exhibido por quen presente o documento
liquidatorio.
7. A entidade colaboradora chamada a admitir un ingreso para o concello comprobará pre-
viamente ao seu aboamento en conta:

- a) A coincidencia exacta do importe daquel co que debe figurar no “total que debe ingresar” da declaración-liquidación ou “xustificante de aboamento” ou talón de ingreso.
- b) Que nos documentos citados se consigne o nome, domicilio do suxeito pasivo, número de identificación fiscal, concepto e exercicio ou período a que corresponde o pago citado.
- c) Que o ingreso debe producir efecto no concello.

Se resultar conforme a comprobación anterior, a entidade colaboradora incluírá, no documento destinado para tal efecto dos que compoñen a declaración-liquidación ou no “xustificante de aboamento” ou “talón de ingreso”, unha certificación mecánica por medio da impresión da máquina contable ou manual por sinatura autorizada e, en todo caso, selo da entidade sobre os seguintes conceptos: data de ingreso, total ingresado, clave de banco ou caixa de oficina, así como que o ingreso se efectuou na conta restrinxida do concello.

- 8. As persoas obrigadas ao pago, nos casos para os que se estableza que poden presentar un documento de ingreso e a declaración-liquidación xunto coa documentación complementaria nun sobre cerrado. Farano de acordo coas seguintes normas:
 - a) Presentarán na entidade colaboradora o documento de ingreso ou a devolución en que constarán os datos esenciais da declaración-liquidación formulada, así como a cantidade que cómpre ingresar ou devolver resultante desta.
 - b) A dita entidade comprobará se o documento de ingreso está correctamente cuberto e certificará o ingreso correspondente coas formalidades e requisitos anteriormente citados. A entidade colaboradora conservará no seu poder o exemplar destinado a ela e entregaralle á persoa interesada os que lle correspondan.
 - c) O obrigado unirá á súa declaración-liquidación o exemplar para a Administración do seu documento de ingreso que, nun sobre cerrado, en cuxo anverso constará o seu nome e apelido, razón social ou denominación e concepto impositivo, entregará na propia entidade colaboradora para o remitir ao concello.
- 9. O ingreso das cantidades recadadas nas contas operativas do concello e o envío de documentos rexeranse polo que establece o artigo 58º desta ordenanza.
- 10. A realización de pagos por vía telemática terá lugar mediante un procedemento que consistirá basicamente nas seguintes accións:
 - Interacción do/a administrado/a co portal municipal, que determina a información necesaria para realizar o pago (identificación da débeda).
 - Conexión transparente co organismo encargado da validación do certificado dixital, mediante a redirección do formulario cos datos do pago.
 - Emisión da orde de pagamento cara á entidade financeira colaboradora para executalo.
 - Envío do xustificante unha vez confirmado o pago. Este xustificante presentarase nun formato que lle permita á persoa administrada tanto o almacenamento dixital no seu ordenador como a súa impresión.
 - Recepción polo concello da información sobre o estado da transacción, en que se inclúa o “n.º de referencia completo” (NRC), en caso de que se resolverse satisfactoriamente. Habilitarase un mecanismo de consulta en liña para validar o NRC.

SECCIÓN 5ª.- Ingresos noutros órganos da Administración municipal e en organismos autónomos do concello

ARTIGO 31º.- INGRESOS NOUTROS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

A Xunta de Goberno Local, por proposta do/a Tesoureiro/a Xeral, poderá autorizar ingresos provisionais nas caixas situadas nas dependencias de órganos da Administración municipal distintos da Tesourería cando existan razóns de economía, eficacia ou mellor prestación do servizo ás persoas usuarias. Así mesmo, cando concorran as ditas razóns, as ordenanzas fiscais de cada tributo poderán autorizar a recadación de taxas e prezos públicos por órganos distintos aos da Tesourería. En todo caso, deberán aplicarse, como mínimo, as seguintes normas:

- a) De todo ingreso deberá entregarse xustificante. Os talonarios de xustificantes estarán previamente numerados e serán controlados pola Tesourería.
- b) De cada ingreso quedará unha copia ou resgardo coa mesma numeración que o xustificante orixinal, na caixa auxiliar.
- c) Os fondos serán trasladados á conta operativa do concello que estableza a Tesourería, diariamente ou no prazo que sinala a Xunta de Goberno Local, por proposta do/a Tesoureiro/a Xeral, compatible co criterio de boa xestión.
- d) Diariamente ou no prazo que se estableza de conformidade co apartado anterior, remitiráselle á unidade de Caixa da Tesourería municipal a relación de ingresos realizados xunto cunha copia, os seus xustificantes e o documento acreditativo do traslado dos fondos á conta operativa do concello. Cando os ingresos se deriven da venda de entradas para espectáculos ou similares, substituirase a relación de ingresos por unha folia de despacho de billetes diaria e a conta de liquidación ao finalizar o espectáculo de que se trate.
- e) En cada caixa auxiliar, levarase un diario de ingresos que poderá estar constituído polas relacións de ingresos debidamente numeradas, foliadas e rubricadas polo caixeiro.
- f) Cando a confección e expedición de documentos e xustificantes de ingreso pretenda realizarse por medios informáticos ou telemáticos, requirirase unha autorización da Tesourería Xeral que se expedirá á vista do informe previo do servizo de Informática municipal sobre as condicións de integridade, seguridade e control da información, así como avaliación e compatibilidade co resto das aplicacións informáticas que conformen a arquitectura dos sistemas de xestión de ingresos, recadación e contabilidade.

ARTIGO 32º.- INGRESOS EN ORGANISMOS AUTÓNOMOS

- 1. Os ingresos cuxa xestión lles corresponda aos organismos autónomos do concello só poderán realizarse segundo se estableza en cada caso:
 - a) Nas contas operativas legalmente autorizadas abertas a nome do organismo en entidades de depósito.
 - b) Nas caixas de organismos.
 - c) En contas restrinxidas para a recadación abertas a entidades de depósito.
 - d) A través de entidades de depósito que presten o servizo de Caixa ou sexan nomeadas colaboradoras na recadación.
 - e) Excepcionalmente, cando os servizos deban prestarse en lugares afastados ou en horarios distintos dos habituais ou por outras razóns de estrita necesidade, poderán admitirse ingresos a través de persoas ou entidades solventes habilitadas para tal fin.

2. Todos os ingresos realizados directamente nas caixas ou unhas contas do organismo legalmente autorizadas serán rexistrados individual ou colectivamente e comprobados coas facturas, recibos e demais xustificantes de venda, servizo ou outra operación a que respondan.

Os fondos recadados nas caixas deberán ser trasladados diariamente ou en prazos o máis breve posibles ás contas do organismo, salvo nos casos en que a mesma caixa deba realizar pagos habituais, sen prexuízo do rexistro dos ingresos e pagos polos seus valores íntegros.

3. Os ingresos en contas restrinxidas deberán ser rexistrados no organismo a través dos seus propios documentos de xestión e comprobados periodicamente cos extractos ou outros documentos bancarios.

Se isto non for posible por realizarse os ingresos sen actuación previa do organismo, a entidade de depósito en que está aberta a conta deberalle enviar periodicamente os xustificantes de cada un dos ingresos realizados para rexistro e comprobación. En ningún caso se realizará o rexistro das operacións a través dos extractos bancarios.

Con cargo ás ditas contas restrinxidas, non se poderán efectuar máis pagos dos que teñan por obxecto situar o seu saldo nas contas operativas do organismo.

O ingreso nas contas operativas das cantidades recadadas rexirase polo disposto no artigo 59.º desta ordenanza.

4. Os ingresos a través de entidades de depósito que presten o servizo de caixa ou que sexan autorizadas para actuar como colaboradoras na recadación rexeranse polas normas que para os mesmos supostos se regulan nas seccións 1.ª e 4.ª do presente capítulo, adaptadas ás peculiaridades da xestión dos ingresos de cada organismo.
5. Os ingresos a través de persoas ou entidades alleas á Administración, habilitadas para recibilos deberán organizarse de forma que se garanta a integridade dos fondos recadados por conta da Facenda Municipal, sen prexuízo da prestación efectiva dos servizos e, en especial, de acordo coas seguintes normas:

- a) De todo ingreso deberá entregarse un xustificante.

Os talonarios de xustificantes estarán previamente numerados e controlados polo organismo.

- b) De cada ingreso deberá quedar copia ou resguardo coa mesma numeración que o xustificante orixinal, para rexistro e control do organismo.
- c) O organismo deberá realizar unha comprobación dos ingresos cos seus comprobantes.
- d) Os fondos deberán ser depositados en contas controladas polo organismo diariamente ou no menor prazo que sexa compatible con criterios de boa xestión.

SECCIÓN 6ª.- Recadación de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva

ARTIGO 33º.- MODALIDADES DE COBRO

A recadación de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva poderana realizar, segundo se estableza en cada caso:

- a) As unidades de recadación da Tesourería.

- b) As unidades de recadación dos organismos autónomos municipais que teñan ao seu cargo a xestión dos recursos.
- c) A Empresa Municipal de Aguas da Coruña respecto das taxas por prestación do servizo de rede de sumidoiros, recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos e por subministración e utilización de auga potable e calquera outros conceptos que así acorde o concello.
- d) Por calquera outra modalidade que estableza o concello para ingreso dos recursos da Facenda municipal.

ARTIGO 34º.- PRAZO DE INGRESO

1. O prazo de ingreso en período voluntario das débedas a que se refire o artigo anterior, que non teñan establecido un prazo específico nas súas normas, será único e abranguerá desde o día 1 de outubro ao 30 de novembro ou inmediato hábil posterior.
2. O alcalde, por proposta do/a Tesoureiro/a Xeral, cando as necesidades do servizo o aconsellen, poderá modificar o prazo sinalado no apartado anterior, sempre que o dito prazo non sexa inferior a dous meses.

A mesma facultade correspóndelle á autoridade competente dos organismos autónomos en relación cos recursos cuxa xestión recadatoria lles estea atribuída.

ARTIGO 35º.- ANUNCIOS DE COBRANZA

1. A comunicación do período de cobro levarase a cabo de forma colectiva e publicaranse os edictos correspondentes no Boletín Oficial da Provincia e nos locais do concello. Os ditos edictos poderanse divulgar a través dos medios de comunicación que se consideren adecuados. Cando se trate de recibos de organismos autónomos, os edictos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nos locais do ente correspondente.
2. O anuncio de cobranza deberá conter, cando menos:
 - a) O prazo de ingreso.
 - b) A modalidade de ingreso utilizable entre as enumeradas no artigo 33º desta orde-nanza.
 - c) Os lugares, días e horas de ingreso.
 - d) A advertencia de que, unha vez transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e terán dereito a percibir os recargos co-rrespondentes do período executivo, os xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.
3. O anuncio de cobranza poderá ser substituído por notificacións individuais.

ARTIGO 36º.- PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS DE INGRESO

1. A exacción destas débedas realizarase por recibo ou instrumento de ingreso composto de talón de ingreso e carta de pagamento que, no seu caso, será substituído daquel, de conformidade co disposto no apartado 3 seguinte.
2. Os recibos ou instrumentos de ingreso serán postos a disposición da Tesourería, cunha antelación de 15 días ao comezo do período de cobro.

De utilizarse procedementos informáticos para a súa confección, unha vez aprobada ma-

trícula ou padrón cobratorios, poranse á disposición da Tesourería o ficheiro de datos e o programa aplicable, para que o dito órgano emita ou solicite do servizo municipal de Informática a emisión daqueles recibos ou instrumentos.

Desde que o ficheiro de datos se poña á disposición da Tesourería, será inalterable, sen prexuízo das modificacións que o dito órgano autorice para cumprir resolución ou acordos dos órganos da Administración municipal competentes.

3. A Administración municipal poderá remitir ao domicilio coñecido dos suxeitos pasivos o instrumento de ingreso sinalado no apartado 1, que substituirá o recibo e será xustificante suficiente do pago, unha vez que fose debidamente estampada neste a dilixencia de ingreso correspondente polas caixas municipais ou entidades de depósito autorizadas.

En ningún caso será obrigatorio para o concello remitir o documento citado, de tal forma que a súa non recepción non exonera o suxeito pasivo da súa obriga de pago.

Nos anuncios de cobranza, deberá facerse constar este extremo.

4. Así mesmo, para este tipo de débedas, cando o debedor ou outra persoa que poida realizar o pago se presente no lugar de ingreso e por calquera circunstancia non estiver o recibo ou recibos, admitirase ao pago e expedirase o xustificante correspondente, sempre que o debedor figure inscrito nas listaxes cobratorias.

ARTIGO 37º.- DOMICILIACIÓN EN ENTIDADES DE DEPÓSITO

1. Os debedores poderán domiciliar o pago das débedas a que se refire esta sección en contas abertas en entidades de depósito.
2. Para iso, dirixirán unha comunicación ao órgano de recadación correspondente, ben directamente ou ben a través da entidade financeira domiciliataria, no modelo ou modelos que se establezan para tal efecto, cando menos dous meses antes do comezo do período recadatorio. Noutro caso, producirán efecto a partir do período seguinte.
3. As domiciliacións terán validez por un tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas pola persoa interesada, rexeitadas pola entidade de depósito ou o concello dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Neste último caso, notificaralles aos contribuíntes o acordo de invalidez da domiciliación.

Será razón suficiente para que a Administración municipal declare a invalidez da domiciliación, a non atención pola entidade de depósito ás liquidacións e recibos domiciliados enviados ao cobro, por inexistencia de saldo na conta de domiciliación.

4. Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para, por proposta da Tesourería Xeral, ditar as normas e instrucións precisas para xestionar cobros domiciliados a través de entidades colaboradoras.
5. O cargo das débedas nas contas domiciliatarias e conseqüente aboamento na conta restrinxida do concello deberase realizar na data que estableza a Tesourería ao presentar ao cobro nas entidades domiciliatarias as liquidacións correspondentes e, en todo caso, cando menos cunha antelación de sete días ao vencemento do período voluntario ao pago.

CAPÍTULO V.- PROCEDEMENTO DE PREMA

SECCIÓN 1ª.- Disposicións xerais

ARTIGO 38º. RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO

1. A recadación en período executivo iníciase de acordo co que dispón o artigo 161.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en relación cos importes non satisfeitos en período voluntario.
2. Unha vez iniciado o período executivo, a recadación executarase polo procedemento de prema, que se iniciará, á súa vez, mediante a notificación da providencia de prema á que se refire o artigo 70 do Regulamento xeral de recadación.

ARTIGO 39º.- POTESTADE DE UTILIZAR A VÍA DE PREMA

O concello ten potestade para utilizar a vía administrativa de prema na recadación executiva de débedas de dereito público, de conformidade co que dispón o artigo 2.º.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 4.1 da Lei reguladora das bases de réxime local.

ARTIGO 40º.- COMPETENCIA DOS ÓRGANOS DE RECADACIÓN

As unidades de recadación da Tesourería son competentes para recadar as seguintes débedas:

- a) As débedas de dereito público cuxa xestión recadatoria en período voluntario sexa de titularidade municipal.
- b) As que correspondan a outras administracións públicas con que se conviñese a recadación, sempre que sexan de dereito público e lles sexa aplicable a vía de prema.

Correspóndelle ao Departamento de Recadación da Tesourería o desenvolvemento das actuacións materiais necesarias para executar os actos que se diten no procedemento de prema.

Logo da autorización do/a Tesoureiro/a Xeral, o Departamento de Recadación poderá levar a cabo, logo do apercibimento, a execución subsidiaria das resolucións ou requirimentos ditados no procedemento de prema.

ARTIGO 41º.- CARÁCTER DO PROCEDEMENTO

1. O procedemento será exclusivamente administrativo; sendo privativa da Administración municipal a competencia para entendelo e resolver todas as súas incidencias. Non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. Non se suspenderá pola iniciación daqueles, salvo cando proceda de acordo co que establece a Lei orgánica 2/1987, do 18 de maio, de conflitos xurisdiccionais ou coas normas sobre concorrencia de procedementos.
2. O alcalde, logo do informe da Asesoría Xurídica, formularalles ás e aos xuíces e aos tribunais os conflitos que procedan segundo o establecido na lexislación sobre conflitos xurisdiccionais, cando entren a coñecer os procedementos de prema sen esgotar antes a vía administrativa.
3. O procedemento de prema iníciase e impúlsase de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma establecidos na normativa tributaria.

4. As dilixencias subscritas no procedemento de prema, que consignent feitos presenciados polo órgano ou axente de recadación no ámbito das súas competencias, presúmense certas en canto aos feitos, a súa data e manifestacións dos comparecentes.
5. As actuacións realizadas no procedemento de prema conformarán o expediente de prema, que comprenderá todos os débitos que teña a persoa interesada, por calquera concepto, co concello, ao se iniciar o expediente.

Poderanse acumular, aos débitos inicialmente perseguidos, os de sucesivos vencementos non satisfeitos en período voluntario e preceptivamente premados.

6. Corresponderalle ao Departamento de Recadación da Tesourería Xeral a instrución, xestión e seguimento dos expedientes de prema.
7. Sen prexuízo de que a tramitación dos expedientes de prema se soporte en papel, rexistrarse en soporte informático a través da aplicación de Xestión de ingresos-Recadación. Os documentos, sexa cal for o seu soporte, emitidos ou obtidos a través da dita aplicación, gozarán da validez e eficacia de documento orixinal sempre que o Departamento de Recadación garanta a súa autenticidade.
8. O Pleno poderá subscribir o convenio entre os acredores e o concursado, segundo o que dispón o capítulo I do título V da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

ARTIGO 42º.- ALLEAMENTO DOS BENS EMBARGADOS. COMPOSICIÓN DA MESA DA SUBHASTA

A Mesa estará composta polo/a Tesoureiro/a Xeral, que será o presidente, o xefe do Departamento de Recadación, o interventor xeral e un/unha funcionario/a que para tal efecto designe a Xunta de Goberno Local, que actuará como secretario/a. Todos eles poderán ser substituídos.

SECCIÓN 2ª.- Adxudicación de bens ao concello

ARTIGO 43 º.- PROCEDENCIA

1. Cando no procedemento de alleamento dos bens embargados non se adxudicasen algún ou algúns deles (inmóbiles ou mobles cuxa adxudicación poida interesarlle ao concello), o presidente da Mesa propoñeralle á Xunta de Goberno Local a súa adxudicación ao concello en pago das débedas non cubertas.
2. A Xunta de Goberno Local poderá non acordar a adxudicación cando existan circunstancias que permitan prever que os ditos bens non terán utilidade para o concello e se especificarán na resolución que se dite para tal efecto.
3. A adxudicación realizarase por valor igual ao débito perseguido, sen que exceda do 75% do valor que serviu de tipo inicial no proceso de alleamento.

Poderá solicitarse un informe da Asesoría Xurídica cando a complexidade xurídica do expediente o requira, cando as cargas ou gravames dos bens inmóbiles sexan superiores ao valor en que deban ser adxudicados ou en caso de concorreren as circunstancias mencionadas no apartado 2.º deste artigo.

ARTIGO 44º.- INSCRICIÓN E CANCELACIÓN DE CARGAS NON PREFERENTES

1. As fincas adxudicadas ao concello serán inscritas no Rexistro da Propiedade, en virtude da certificación expedida polo/a Tesoureiro/a Xeral, en que se farán constar as actuacións do expediente e os datos necesarios para a dita inscrición, en cumprimento do que dispón o artigo 26º do Regulamento hipotecario.
2. Así mesmo, expedirase un mandamento de cancelación das cargas non preferentes con relación aos créditos executados, de acordo co disposto no artigo 175, regra 2ª, do regulamento citado.

SECCIÓN 3ª.- Créditos incobrables

ARTIGO 45º.- CONCEPTO

Son créditos incobrables aqueles que non se poden facer efectivos no procedemento de recadación por resultaren fallidos os obrigados ao pago e os demais responsables, se os houber, por algunha das seguintes causas:

- a) Descoñecemento pola Administración municipal da existencia de bens ou dereitos embargables ou realizables a nome do/a debedor/a.
- b) Descoñecemento pola Administración municipal do paradiro do debedor e da existencia de bens ou dereitos da súa titularidade radicados dentro do termo municipal.

ARTIGO 46º.- PROCEDEMENTO E DECLARACIÓN DE CRÉDITO INCOBRABLE

1. Cando a imposibilidade de cobrar se produza por descoñecerse o paradiro do debedor ou debedores principais e dos responsables solidarios, consultarase a información sobre eles que figura na Administración tributaria municipal ou á cal teña acceso o Departamento de Recadación.

De todo iso, deixarase constancia no expediente.

De non se acharen bens, e unha vez realizado o trámite, remitiráselle o expediente ao/a Tesoureiro/a Xeral, con proposta, para que o dito órgano acorde a declaración de fallidos ou, no seu caso, ordene emendar os defectos que observe.

2. A inexistencia de bens embargables de debedores con domicilio coñecido no termo municipal xustificarase, no expediente de prema, a través das correspondentes dilixencias negativas de embargo de bens. Así mesmo, acreditarase a solicitude de información de contas do debedor en entidades de depósito e a inexistencia destas, así como a dirixida á Dirección Provincial da Tesourería da Seguridade Social acerca de información sobre salarios e pensións.

A carencia de bens ou dereitos de debedor domiciliado noutro termo municipal, xustificarase cun informe da Alcaldía correspondente acreditativo de non coñecérselle aqueles. Así mesmo, acreditarase a solicitude de información de contas do debedor en entidades de depósito e a inexistencia destas.

3. Atendendo aos criterios establecidos no Regulamento xeral de recadación, co fin de evitar o alleamento de bens de valor notoriamente superior ao dos débitos e a procura da eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, nas distintas fases de execución do procedemento de prema, observaranse as seguintes regras:

- a) Non se iniciarán actuacións de embargo respecto daqueles expedientes/debedores cuxa débeda acumulada pendente sexa igual ou inferior a 10,00 euros.
- b) Non se iniciará a execución de embargo sobre bens inmoables para aqueles expedientes/debedores cuxa débeda acumulada pendente sexa igual ou inferior a 300,00 euros. Respecto de tales débitos, proseguirase a investigación de bens conforme a orde de prelación legalmente establecida.
- c) Non se iniciará a execución de embargo de vehículos de tracción mecánica para aqueles expedientes/debedores cuxa débeda acumulada pendente sexa igual ou inferior a 60,00 euros.
- d) Non se iniciarán procedementos de declaración de responsabilidade subsidiaria respecto dos debedores declarados fallidos cuxo importe principal de débeda pendente sexa igual ou inferior a 300,00 euros.
- e) Non se iniciarán procedementos fronte aos sucesores das débedas tributarias respecto dos debedores cuxa débeda acumulada sexa igual ou inferior a 300,00 euros.

As débedas en que concorran as circunstancias

senaladas nos apartados anteriores producirán baixa provisional por insolvencia, unha vez esgotadas as actuacións de execución realizadas dentro dos límites establecidos en cada un deles.

- 4. En todo expediente de declaración de crédito incobrable se acreditará a imposibilidade de compensar a débeda, ben por non existir créditos recoñecidos por acto administrativo firme do concello a favor do debedor, ben por estar endosado a un terceiro co coñecemento do Departamento de Contabilidade municipal.

A dita acreditación realizarase a través dunha certificación expedida polo Departamento de Contabilidade municipal.

O prazo para emitir a dita certificación será de 30 días. Unha vez transcorrido sen que o Departamento de Recadación a recibise, continuarase o expediente coma se a certificación fose negativa, sen prexuízo de que, se for emitida con posterioridade e se acredítase a existencia de créditos recoñecidos a favor do debedor, se rehabilite o crédito.

- 5. Considerarase como caso de carencia de bens, só para os efectos da declaración de insolvencia, a posesión polo debedor de bens cuxa adxudicación ao concello non for acordada.
- 6. Unha vez demostrada a insolvencia e, no seu caso, o paradoiro descoñecido dos debedores principais e responsables solidarios, serán declarados fallidos polo/a Tesoureiro/a Xeral.

Indagarase, a continuación, a existencia ou non de responsables subsidiarios. Se non existiren, o crédito será declarado incobrable. Se existen responsables subsidiarios, o/a Tesoureiro/a Xeral ditará un acto administrativo de derivación de responsabilidade.

O acordo de declaración de crédito incobrable será trasladado ao Departamento de Contabilidade para os efectos da súa toma de razón e á Intervención Xeral para o seu control financeiro e comprobacións posteriores que a propia Intervención Xeral determine.

ARTIGO 47º.- EFECTOS

1. A declaración de crédito incobrable motivará a baixa en contas de crédito.
2. A dita declaración non impide o exercicio polo concello das accións que se poidan exercitar de acordo coas leis contra quen proceder, en tanto non se extinga a acción administrativa para o seu cobro.
3. Os créditos declarados incobrables, correspondentes a persoas físicas ou sociedades inscritas no Rexistro Mercantil, serán anotados nel segundo o mandamento expedido polo órgano de recadación competente. No sucesivo, o Rexistro comunicarlle ao dito órgano calquera acto relativo a esa entidade que se presente a inscrición.

ARTIGO 48º.- BAIXAS POR REFERENCIA

Unha vez declarado fallido un debedor, os créditos contra el, de vencemento posterior á declaración, consideraranse vencidos e poderán ser dados de baixa por referencia á dita declaración, se non existiren outros obrigados ou responsables.

ARTIGO 49º.- REVISIÓN DE FALLIDOS E REHABILITACIÓN DE CRÉDITOS INCOBRABLES

1. O Departamento de Recadación vixiará a posible solvencia sobrevivida aos obrigados e responsables declarados fallidos.
2. Se se der esa circunstancia, e de non mediar prescrición, procederá a rehabilitación dos créditos incobrados. Como consecuencia, reabrírase o procedemento executivo comunicándolle simultaneamente a determinación adoptada á oficina xestora correspondente para que practique unha nova liquidación dos créditos dados de baixa, co fin de que sexan expedidos os títulos executivos correspondentes, na mesma situación de cobro en que se encontraban no momento da declaración de fallido.

SECCIÓN 4ª.- Recadación polo concello de créditos a favor doutros entes municipais

ARTIGO 50º.- PROCEDEMENTO

1. A recadación en vía administrativa de prema dos créditos dos organismos autónomos municipais réxese polo disposto nesta ordenanza, coas seguintes particularidades:
 - a) A providencia de prema será expedida polo/a Tesoureiro/a Xeral, por proposta e logo dunha certificación previa acreditativa de que non se satisfixeron os débitos en período voluntario, expedida polo órgano competente dos organismos. Cando as débedas sexan inferiores á cantidade que fixe o concello como custo mínimo estimado de recadación executiva, só expedirán unha certificación e formularán unha proposta cando se acumulasen débitos do mesmo debedor por importe superior. As cantidades recadadas, a excepción de recargo de prema e costas, serán transferidas ás contas oficiais do organismo pola Tesourería municipal
2. A liquidación de xuros de mora será realizada polos órganos de recadación municipais, salvo cando se xire unha liquidación polo dito concepto con posterioridade ao pagamento da débeda premada, en cuxo caso lles corresponderá emitila aos organismos autónomos municipais.
3. A declaración de créditos incobrables efectuarana os órganos de Recadación municipais, que llo comunicarán ao organismo para a súa baixa en contas.

A rehabilitación dos ditos créditos poderase realizar tanto por iniciativa do propio organismo como dos órganos recadadores, nos mesmos casos que os créditos do concello. Neses casos, o organismo realizará unha nova proposta e os órganos recadadores continuarán o procedemento.

4. O disposto neste artigo seralles de aplicación aos créditos tributarios xestionados pola Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. A norma seralles igualmente aplicable, con excepción do establecido no seu apartado 1 b), a aqueloutros créditos tributarios cuxa xestión recadatoria estea atribuída á citada empresa.

SECCIÓN 5ª.- Terceirías

ARTIGO 51º.- CARÁCTER E CLASES

1. A reclamación en vía administrativa será un requisito previo para o exercicio da acción de terceiría nos xulgados e tribunais civís. A dita reclamación será tramitada e resolta polas normas contidas nesta sección.
2. A terceiría só se poderá fundar no dominio dos bens embargados ao debedor ou no dereito de terceirista a ser reintegrado do seu crédito con preferencia ao perseguido no expediente de prema.

ARTIGO 52º.- PROCEDEMENTO

1. Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, logo dun informe previo da Asesoría Xurídica, resolver as terceirías.
2. A dita competencia poderá ser delegada na concellería que teña delegadas as competencias sobre Facenda, que a exercerá tras un informe previo da Asesoría Xurídica.
3. No caso de terceirías de dominio, se os bens consisten en diñeiro, en efectivo ou en contas, consignaranse como Depósito na Caixa municipal ou ordenarase a súa retención en contas a disposición do órgano de recadación, segundo decida este.
4. Se os bens ou dereitos non poden conservarse nin sufrir deterioro ou quebranto substancial no seu valor en caso de demora, poderá acordarse o seu alleamento.
5. A reclamación de terceiría formularase por escrito dirixida á Xunta de Goberno Local, xunto cos documentos orixinais en que o terceirista funde o seu dereito e unha copia destes se desexa que os orixinais lle sexan devoltos, logo de seren cotexados.
6. Unha vez recibido o escrito no Departamento de Recadación, unirase ao expediente de prema, cualificarase a terceiría como de dominio ou mellor dereito e suspenderase ou proseguirase o procedemento sobre os bens controvertidos, segundo o disposto no artigo anterior.
7. Tal expediente de prema, co escrito en que se promove a terceiría e os documentos que o van acompañando, remitirase á Asesoría Xurídica, a cal deberá emitir un informe no prazo de quince días, onde se lle propoña á Xunta de Goberno Local a resolución que proceda en dereito.

ARTIGO 53º.- RESOLUCIÓN

1. A reclamación de terceiría resolverase no prazo máximo de tres meses, que comezarán a contar desde o día en que o escrito en que se promova entre no Rexistro Xeral do concello.

A resolución notificaráselles ás persoas interesadas. Unha vez notificada, enviaráselle unha copia da resolución e o xustificante da notificación á Asesoría Xurídica.

2. Se no prazo de tres meses non se notificase a resolución, terase por desestimada a reclamación, para os efectos de poder interpoñer a demanda xudicial correspondentes.
3. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, cando recaia resolución expresa nos xulgados civís, deberá promoverse dentro do prazo de quince días, que comezarán a contar desde a súa notificación.
4. Se, unha vez transcorridos dez días desde a finalización do prazo ultimamente sinalado non se xustificase documentalmente a interposición da demanda xudicial, proseguiranse os trámites do procedemento de prema que quedaron en suspenso.
5. A Asesoría Xurídica comunicarlles aos órganos que tramiten os procedementos de prema as sentenzas firmes ou definitivas que recaian naqueles procesos.

ARTIGO 54º.- TERCEIRÍAS A FAVOR DO CONCELLO

Cando ao se efectuar o embargo de bens resulte que estes xa están embargados por mor doutro procedemento executivo, xudicial ou administrativo, informarase ao/á Tesoureiro/a Xeral con detalle en cada caso preciso, para que llo comunique á Asesoría Xurídica co fin de que, se proceder, se exerciten as accións pertinentes en defensa do mellor dereito do concello.

CAPÍTULO VI.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS

ARTIGO 55º.- DISPOSICIÓN XERAL

1. Os actos de xestión recadatoria poderán ser obxecto de reclamación económico-administrativa no Tribunal Económico-Administrativo Municipal, de conformidade co que dispón o artigo 137 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.
2. Previamente e con carácter potestativo, caberá interpor un recurso de reposición, de acordo co disposto nos artigos 108 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
3. A resolución que se dite no procedemento económico-administrativo pon fin á vía administrativa e, contra ela, só caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo.

Para estes efectos, son actos susceptibles de reclamación económico-administrativa e, potestivamente, recursos de reposición, as providencias de prema ditadas polo/a Tesoureiro/a Xeral, así como os actos que, en execución delas, dite o xefe do Departamento de Recadación, na súa calidade de recadador municipal, que se entenderán realizados por delegación do/a Tesoureiro/a Xeral.

4. As unidades xestoras que teñan ao seu cargo a tramitación de expedientes, derivados de recursos ou reclamacións, en que recaese acordo ou non se ditase ningunha resolución, que anulen ou modifiquen os actos impugnados e que afecten ou se refiran a actos recadatorios, comunicaranos á Tesourería Xeral- Departamento de Recadación, no prazo de 10 días.

Comunicarán, así mesmo, dentro do dito prazo e na mesma forma, os acordos de suspensión dos prazos do procedemento recadatorio; todo iso sen prexuízo da obriga de informar deles ao Departamento de Contabilidade para a súa contabilización, no seu caso.

5. A garantía presentada nun órgano para a suspensión dunha débeda conservará a súa validez mentres se manteña a súa suspensión en vía administrativa, económico-administrativa ou contencioso- administrativa. Se a garantía perdeu a súa vixencia ou o importe que se garanta é superior, por recargos, xuros ou outras responsabilidades engadidas, deberase presentar unha nova garantía ou complementarase a anterior.

A garantía deberá cubrir o importe do acto impugnado, os xuros de mora que xere a suspensión e os recargos que puideren proceder no momento da solicitude da suspensión.

Cando a garantía consista en depósito de diñeiro ou valores públicos, os xuros de mora serán os correspondentes a un mes se cobre só o recurso de reposición. Se estendese os seus efectos á vía económico-administrativa, deberá cubrir ademais o prazo de seis meses se o procedemento da reclamación é abreviado, dun ano se o procedemento da declaración é xeral e de dous anos se a resolución é susceptible dun recurso de alzada ordinario.

CAPÍTULO VII.- INGRESOS NAS CONTAS OPERATIVAS DO CONCELLO

ARTIGO 56º.- NORMAS XERAIS

1. As cantidades percibidas polos distintos órganos, unidades administrativas e entidades no exercicio da función recadatoria serán ingresadas por estes nas contas operativas do concello que estableza a Tesourería, de acordo coas disposicións contidas no presente capítulo.
2. Cando as entidades que prestan o servizo de caixa, as colaboradoras na recadación e calquera outra persoa ou entidade que recada por conta do concello non efectúe os ingresos nas ditas contas nos prazos establecidos, a Tesourería esixirá o ingreso inmediato e practicará liquidación por xuros de mora que será notificada para o seu ingreso nas arcas municipais.
3. Tanto os atrasos nos ingresos como as demais anomalías na prestación dos servizos poderán dar lugar á suspensión temporal ou á revogación definitiva da autorización, sen prexuízo de que se esixan as responsabilidades doutra índole que puideren incorrer, para cuxo efecto se exercitarán as accións que procedan conforme a dereito.

ARTIGO 57º.- CAIXA MUNICIPAL

1. A suma total recadada nas caixas da Tesourería será ingresada diariamente nas contas operativas que se sinalen para tal efecto.

No suposto de que se conveña a prestación do servizo de Caixa con entidades de depósito,

estas ingresarán nas contas operativas do concello que se sinalen para tal efecto, os días 10, 20 e últimos de cada mes, as cantidades recadadas, respectivamente, en cada un dos períodos seguintes: desde o último día do mes anterior ata o día 9 incluído, desde o día 10 ao 19 incluído e desde o día 20 ao penúltimo, incluído.

Se os días 10 ou 20 son inhábiles, o ingreso en contas operativas realizarase o inmediato hábil posterior. Se é inhábil o último día do mes, o ingreso realizarase o inmediato hábil posterior.

2. Nos prazos, forma e soporte que estableza a Xunta de Goberno Local, por proposta da Tesourería, estas entidades entregarán na Tesourería os documentos e/ou a información necesarios para a xestión e seguimento dos ditos ingresos.

ARTIGO 58º.- ENTIDADES COLABORADORAS

1. As entidades colaboradoras centralizarán as operacións de ingresos e o envío á Tesourería da documentación correspondente, na oficina que se sinala para tal efecto, oficina que deberá encontrarse no termo municipal.
2. As entidades colaboradoras ingresarán nas contas operativas do concello o recadado en cada quincena dentro dos sete días hábiles seguintes ao fin de cada unha. Cada quincena comprenderá desde a fin da anterior ata o día 5 ou 20 seguinte ou ata o inmediato hábil posterior se o 5 ou o 20 son inhábiles.

Porén, o prazo quincenal poderá ser substituído polo dun mes cando o número de liquidacións recadadas, o seu importe ou as circunstancias de xestión así o aconsellen.

Para tales efectos, serán considerados días inhábiles os sábados.

Calquera que for o número de días inhábiles, o ingreso nas contas deberá producirse no mesmo mes en que finaliza a quincena correspondente.

3. Nos prazos, forma e soporte que estableza a Xunta de Goberno Local, por proposta da Tesourería, entregarán nesta o xustificante das cantidades ingresadas e os demais documentos e/ou a información necesarios para a xestión e seguimento dos ditos ingresos.

ARTIGO 59º.- OUTROS INGRESOS

1. As cantidades recadadas a través de contas restrinxidas para a recadación, sexan de taxas, sexan de calquera outro ingreso do concello ou dos seus organismos autónomos e calquera outras cantidades recadadas por persoa ou entidades por conta da Facenda municipal non comprendidas nos artigos anteriores, deberán transferirse ás contas operativas a nome do concello ou dos organismos autónomos correspondentes, nas datas establecidas nas súas normas reguladoras.
2. En defecto das ditas normas, os saldos existentes os días 10 e 25 de cada mes nas contas restrinxidas de recadación abertas nas distintas sucursais dunha entidade de depósito transferiranse á oficina principal da entidade no termo municipal.

Desde a dita oficina, os saldos totais resultantes ingresaranse os días 15 e último de cada mes.

Cando o último día do mes coincida con día inhábil, o ingreso trasladarase ao inmediato anterior en que este preste servizo.

3. Igualmente, en defecto de normas reguladoras especiais, as cantidades recadadas en caixas dos órganos xestores, organismos, persoas ou entidades validamente autorizadas para iso deberán ingresarse nas contas operativas do concello, non máis tarde de fin do mes en que fosen recadadas.

CAPÍTULO VIII.- RESPONSABILIDADES

ARTIGO 60º.- ESIXIBILIDADE

A esixencia de responsabilidade en que puiden incorrer o persoal ao servizo da Administración municipal no desempeño da función recadatoria axustarase ao disposto no título VII da Lei xeral orzamentaria e nas disposicións complementarias.

CAPÍTULO IX.- DEMAIS NORMAS XERAIS

ARTIGO 61º.- ANUNCIOS NOS BOLETÍNS OFICIAIS

Os anuncios que deban publicarse nos boletíns oficiais relacionados co procedemento recadatorio en xeral serán de inserción gratuíta.

ARTIGO 62º.- AUXILIO DA AUTORIDADE

1. As autoridades encargadas da orde pública prestarán a protección e o auxilio necesarios para o exercicio da xestión recadatoria.

ARTIGO 63º.- VALORES DESAPARECIDOS

Cando foren destruídos ou extraviados títulos acreditativos de débedas, xustificarase tal feito no expediente que, con este motivo, debe instruírse declarando a nulidade dos ditos títulos e solicitando do/a Tesoureiro/a Xeral autorización para expedir duplicados destes, co fin de non interromper a acción de cobro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª.- CRÉDITOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS

O concello, ao abeiro do disposto no artigo 15º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá convir con outras administracións ou entidades de dereito público a xestión recadatoria dos tributos que lles sexan propios. O convenio que se formalice deberá especificar: a) as competencias que se reserva a Administración ou entidade encomendante e as que se lle confiren ao concello, segundo, en todo caso, o disposto no apartado 2 do artigo 15º citado; b) o prazo de duración; c) canon de prestación do servizo; d) causas de extinción ou resolución; e) vías e forma de documentación das relacións interadministrativas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª.- PROCEDEMENTO PARA A EXPEDICIÓN DE TÍTULOS EXECUTIVOS E OBTENCIÓN DE ESTAS DE XESTIÓN

Unha vez finalizado o período de ingreso en voluntaria, confeccionarase, por medios informáticos, unha relación das liquidacións impagadas, clasificadas por exercicio e concepto de ingreso que, previas ás comprobacións oportunas, lle serán remitidas ao/a Tesoureiro/a Xeral, con proposta de expedición de dilixencia de constancia do débito; diferenciarase entre liquidacións en recibo e liquidacións directas.

As relacións dilixenciadas serán providenciadas de prema polo/a Tesoureiro/a Xeral.

O xefe de servizo de Tesourería realizará as operación de cargo na aplicación de Xestión de ingresos- Recadación e remitiránse posteriormente ao Departamento de Recadación as relacións providenciadas por medio dun prego de cargo.

Anualmente, o Departamento de Recadación renderá, a través do/a xefe/a de servizo de Tesourería, unha conta estado de xestión recadatoria en vía executiva que especificará, como mínimo:

Pendente de cobro do período anterior, cargos do período, recadado, baixas, insolvencias, prescricións e outras datas, pendente de cobro a período seguinte.

Coa conta correspondente ao último exercicio, xuntaranse: relación detallada de liquidacións pendentes de cobro, obtida e verificada informaticamente; factura de datas clasificada por cargo, concepto e exercicio; factura de pagos a conta.

A conta será comprobada polo Departamento de Contabilidade.

As instrucións para obtela, así como o formato e detalle das relacións de liquidacións pendentes de pago e da Conta estado de Xestión Recadatoria serán establecidos pola Tesourería.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª.- XESTIÓN DE RECURSOS DE DEREITO PRIVADO

A xestión recadatoria dos recursos de dereito privado rexerase polas normas que dite para tal efecto a Xunta de Goberno Local e que deberán incluír, entre outros, os seguintes extremos:

- Forma e procedemento de liquidación dos dereitos
- Modalidade de rexistro e control destes
- Prazo de ingreso
- Forma de ingreso
- Procedemento de execución.

En defecto das ditas normas e no que sexa aplicable, a dita xestión rexerase polo que dispón a presente ordenanza, con excepción do disposto no seu capítulo V.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA 1ª.-

Os expedientes en tramitación á entrada en vigor desta ordenanza rexeranse, en canto ás actuacións posteriores, polo que esta dispón.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2ª.-

1. Mediante resolución motivada da Concellería responsable de facenda, atendendo á operatividade da aplicación informática de xestión tributaria- recadación, se acordará a aplicación íntegra da regulación do Plan de pago personalizado que contempla o art. 20.6 desta Ordenanza, así como a implantación do sistema de aprazamentos e fraccionamentos previsto no art. 21 da mesma.
2. Entre tanto non se dite a resolución mencionada no apartado 1º, rexerá o disposto no art. 20.6, coas seguintes particularidades:
 - a) Os contribuíntes só poderán acollerse ao Plan de pago personalizado para o imposto sobre bens inmobles.

- b) Os contribuíntes únicamente poderán distribuir os seus pagos en 2 ou 6 cotas, á súa elección, facéndose efectivos nas datas especificadas na dita norma en relación con cada unha das modalidades.
 - c) Ás solicitudes presentadas ata o día 31/01/2016 non lles resultarán de aplicación as cotas mínimas previstas no apartado 20.6.b).iv) da Ordenanza.
3. Todos os contribuíntes que, con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, estiveran acollidos ao Pago con vencemento especial regulado nos arts. 5.8 e 6.2 da Ordenanza fiscal nº 51 reguladora do imposto sobre bens inmobles, pasarán a integrarse no Plan de pago personalizado na modalidade de dúas cotas fraccionadas, sen necesidade de efectuar nova solicitude e sen que lles resulten de aplicación as cotas mínimas previstas no art. 20.6.b) iv) da presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA 3ª-

A nova redacción da letra d) do art. 20.6 desta Ordenanza surtirá efectos para as solicitudes que se presenten a partir do día 1 de febreiro de 2018, permanecendo vixente a súa anterior redacción ata o 31 de xaneiro de 2018.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ou contradigan o disposto na presente Ordenanza e, en particular, a Ordenanza xeral de recadación do Excmo. Concello da Coruña vixente ata a entrada en vigor da presente Ordenanza xeral de recadación.

DISPOSICIÓN FINAL.- Entrada en vigor

O presente texto, que consta de 63 artigos, 3 disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final, comezará a rexer a partir do día seguinte á publicación do acordo de aprobación definitiva e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación, con excepción de lo previsto en los arts. 20.6 y 21 del mismo, que entrarán en vigor na data en que se dicte a Resolución á que se refire a Disposición transitoria 2ª.

ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN.

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS XERAIS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO.

De conformidade co disposto no artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, en exercicio da potestade regulamentaria que lle corresponde na orde tributaria, dita a presente Ordenanza xeral de xestión, que ten por obxecto establecer os principios básicos e as normas comúns a todos os tributos que constitúen o réxime fiscal deste municipio.

As normas contidas nesta ordenanza consideraranse parte integrante das respectivas ordenanzas reguladoras dos tributos en todo o que non estea especialmente regulado naquelas.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Esta ordenanza obrigará no termo municipal da Coruña e aplicarase a:

- Os tributos municipais que correspondan a bens situados, actividades desenvolvidas, rendementos orixinados e gastos realizados dentro do mesmo termo.
- A recarga provincial sobre o Imposto sobre Actividades Económicas e calquera outro tributo cuxa xestión fose encomendada ao Concello da Coruña.
- As taxas que se xeren como consecuencia da prestación de servizos en réxime de mancomunidade, consorcio ou calquera outra forma de asociación, sempre que, segundo os estatutos ou acordos da entidade, lle corresponda percibir as cotas ao Concello da Coruña.
- As restantes taxas por prestación de servizos establecidos e financiados polo Concello, aínda cando a execución da prestación se realice, en parte, noutro termo municipal, sempre que a solicitude do servizo e o inicio ou calquera das actividades en que a prestación consista teñan lugar dentro dos límites do municipio da Coruña.

ARTIGO 3. NORMATIVA.

1. Os tributos establecidos e xestionados polo Concello da Coruña rexeranse por:

- A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e normas de desenvolvemento, sen prexuízo dos tratados e convenios internacionais.
- A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e demais lexislación do Estado sobre a materia, ditada ao abeiro dos artigos 149.1.18ª e 133 da Constitución.
- Os regulamentos xerais de Recadación e Inspección, o Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei

58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, e os restantes regulamentos estatais que desenvolven a materia tributaria, en canto sexan obrigatorios para as entidades locais ou poidan ser aplicados con carácter supletorio.

- Polas leis da Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias que lle están recoñecidas pola Constitución e o Estatuto.
 - Polas ordenanzas xerais de Xestión, Inspección e Recadación, así como polas ordenanzas reguladoras dos tributos establecidos polo Concello da Coruña.
 - Polas instrucións e ordes de servizo ditadas polo Alcalde.
2. A Xunta de Goberno poderá emanar disposicións interpretativas e aclaratorias das ordenanzas.

ARTIGO 4. COMPETENCIAS.

É competencia do Pleno:

1. A determinación dos recursos propios de carácter tributario.
2. A aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais.
3. A delegación na Comunidade Autónoma ou noutras entidades locais de ámbito superior ao municipio, das facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos propios e a aprobación da ordenanza que precise o alcance e contido da delegación.
4. A condonación das débedas tributarias cando o dispoña unha lei, na contía e cos requisitos que nela se determinen.
5. A aceptación das delegacións de competencias que, en material tributaria, realicen outras administracións públicas.
6. Aqueloutras que sexan atribuídas ao Pleno por normas especiais e, en todo caso, as que deban corresponder ao Pleno por esixir unha maioría especial.

É competencia da Xunta de Goberno Local:

1. A aprobación dos proxectos de ordenanzas.
2. A aprobación das liquidacións tributarias, incluso as que son obxecto de notificación colectiva por estar incluídas en padróns ou matrículas fiscais.
3. A resolución dos expedientes incoados por infraccións e a imposición de toda clase de sancións tributarias.
4. As resolucións de reclamacións e recursos en vía administrativa.
5. A suspensión da execución dos actos de xestión tributaria e o reembolso do custo das garantías presentadas, se é o caso.
6. A condonación de sancións tributarias, conforme ao establecido no artigo 44 desta ordenanza.
7. Recoñecer o dereito dos suxeitos pasivos á devolución de ingresos indebidamente efectuados con ocasión do pagamento das súas débedas tributarias, así como acordar a execución da devolución, calquera que sexa o órgano xudicial ou administrativo que recoñecese o dereito.
8. Autorizar e subscribir acordos con entidades, institucións e organismos representativos de intereses ou sectores sociais, laborais, empresariais ou profesionais, para conseguir a colaboración social na xestión tributaria ou para dar cumprimento ás previsións das ordenanzas e restantes normas reguladoras dos tributos.
9. Rectificar os erros materiais ou de feito e os aritméticos padecidos nos actos de xestión tributaria da súa competencia.

10. A contestación das informacións tributarias que teñan carácter vinculante, a proposta do xefe do servizo.
11. En xeral, cantas competencias lle atribúan as leis ou as ordenanzas, así como aquelas que, correspondéndolle ao municipio, non estean expresamente atribuídas a outros órganos do mesmo.

As facultades que lle corresponden á Xunta de Goberno Local poden ser delegadas a favor dos tenentes de alcalde, nos demais membros da Xunta de Goberno Local, se é o caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares, de acordo coa lexislación de réxime local.

É competencia do alcalde:

Ditar instrucións e ordes de servizo para a aplicación dos tributos, así como aprobar os modelos e impresos que vaian ser utilizados para a xestión.

ARTIGO 5. RESPONSABLES DAS ÁREAS ADMINISTRATIVAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

Sen prexuízo das tarefas que corresponden aos respectivos postos de traballo, no Servizo de Xestión Tributaria, son persoas responsables do despacho ou tramitación dos expedientes:

- O Xefe de Servizo, respecto daqueles expedientes cuxo coñecemento e resolución lle corresponda ao Pleno.
- O Adxunto do Xefe de Servizo en Facenda, respecto daqueles expedientes que non estean atribuídos expresamente á xestión dunha dependencia inferior ou esixían a coordinación de varias delas.
- Os Xefes de Sección de Facenda, respecto dos recursos, reclamacións, peticións ou certificados que se soliciten no ámbito dos impostos confiados á súa xestión.
- Os Xefes de Unidade, respecto da tramitación das declaracións tributarias, os requirimentos para a súa presentación e as liquidacións correspondentes.

A identificación dos responsables da tramitación dos procedementos a que se refire o artigo 8.1 f) desta ordenanza, e nos demais casos en que sexa precisa a dita identificación, corresponderalle ao alcalde ou ao concelleiro en quen delegue, despois do informe previo do xefe do servizo.

ARTIGO 6. CONTROL INTERNO.

Correspóndelle á Intervención, en canto á xestión fiscalizadora de ingresos:

- a) Fiscalizar os actos administrativos de xestión tributaria, dando conta á Corporación das faltas, atrasos ou deficiencias que se observen e propoñer as medidas oportunas para corrixilas e propulsar o descubrimento da riqueza oculta.
- b) Informar nos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- c) Intervir nas operacións de Tesourería e Recadación.
- d) Calquera outra función encomendada á Intervención na normativa vixente.

CAPÍTULO II. RECURSOS

ARTIGO 7. RECURSOS DO CONCELLO.

1. A Facenda do Concello estará constituída polos seguintes recursos:
 - a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereitos privados.
 - b) Os tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais e impostos e as recargas esixibles sobre os impostos das comunidades autónomas ou doutras entidades locais.
 - c) As participacións nos tributos do Estado e as comunidades autónomas.
 - d) As subvencións.
 - e) Os percibidos en concepto de prezos públicos.
 - f) O produto das operacións de crédito.
 - g) O produto das multas e sancións no ámbito das súas competencias.
 - h) As demais prestacións de dereito público.
2. A xestión dos recursos tributarios enunciados na letra b) do número 1 anterior rexeráse polas prescricións desta ordenanza en todo o non previsto nas súas ordenanzas particulares. As súas normas aplicaranse con carácter supletorio respecto da xestión dos demais recursos da Facenda municipal.
3. Para a xestión dos tributos e das cantidades que como ingresos de dereito público deba percibir a Facenda municipal, esta exercerá as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado e actuará conforme aos procedementos administrativos correspondentes que se rexerán polas ordenanzas xerais e as particulares de cada exacción.

CAPÍTULO III. DOS DEREITOS E GARANTÍAS DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS

SECCIÓN 1ª

Dos dereitos dos obrigados tributarios

ARTIGO 8. DEREITOS E GARANTÍAS DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Constitúen dereitos dos obrigados tributarios, entre outros, os seguintes:
 - a) Dereito a ser informado e asistido pola Administración municipal sobre o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas tributarias.
 - b) Dereito a obter, nos termos previstos nesta ordenanza, as devolucións derivadas da normativa de cada tributo e as devolucións de ingresos indebidos que procedan, con aboamento do interese de demora previsto no artigo 40 desta ordenanza, sen necesidade de efectuar requirimento para o efecto.
 - c) Dereito a ser reembolsado, na forma fixada nesta ordenanza, do custo dos avais e outras garantías proporcionados para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda, se o dito acto ou débeda é declarado total ou parcialmente improcedente por sentenza ou resolución administrativa firme, con aboamento do interese legal sen necesidade de efectuar requirimento para o efecto, así como á redución proporcional da garantía proporcionada nos supostos de estimación parcial do recurso ou da reclamación interposta.

- d) Dereito a empregar as linguas oficiais no territorio da Comunidade Autónoma, de acordo co previsto no ordenamento xurídico.
- e) Dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que sexa parte.
- f) Dereito a coñecer a identidade das autoridades e do persoal ao servizo do Concello baixo cuxa responsabilidade se tramitan as actuacións e os procedementos tributarios nos que teña a condición de interesado.
- g) Dereito a solicitar unha certificación e copia das declaracións por el presentadas, así como dereito a obter a copia selada dos documentos presentados ante o Concello, sempre que a presenten xunto cos orixinais para o seu cotexo, e dereito á devolución dos orixinais dos devanditos documentos, no caso de que non deban obrar no expediente.
- h) Dereito a non proporcionar aqueles documentos xa presentados por eles mesmos e que se encontren en poder da Administración municipal, sempre que o obrigado tributario indique o día e procedemento no que os presentou.
- i) Dereito, nos termos legalmente previstos, ao carácter reservado dos datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración municipal, que só poderán ser utilizados para a aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada e para a imposición de sancións, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, salvo nos supostos previstos nas leis.
- j) Dereito a ser tratado co debido respecto e consideración polo persoal ao servizo da Administración municipal.
- k) Dereito a que as actuacións da Administración municipal que requiran a súa intervención se leven a cabo na forma que lle resulte menos gravosa, sempre que iso non prexudique o cumprimento das súas obrigas tributarias.
- l) Dereito a formular alegacións e a proporcionar documentos que serán tidos en conta polos órganos competentes ao redactar a correspondente proposta de resolución.
- m) Dereito a ser oído no trámite de audiencia, nos termos previstos nesta ordenanza.
- n) Dereito a ser informado dos valores dos bens inmoables que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión.
- ñ) Dereito a ser informado, ao comezo das actuacións de comprobación ou inspección sobre a súa natureza e alcance, así como dos seus dereitos e obrigas no curso de tales actuacións e a que estas se desenvolvan nos prazos previstos nesta ordenanza.
- o) Dereito ao recoñecemento dos beneficios ou réximes fiscais que resulten aplicables.
- p) Dereito a formular queixas e suxestións en relación co funcionamento da Administración municipal.
- q) Dereito a que as manifestacións con relevancia tributaria dos obrigados se recollan nas dilixencias redactadas nos procedementos tributarios.
- r) Dereito dos obrigados a presentar ante a Administración municipal a documentación que estimen conveniente e que poida ser relevante para a resolución do procedemento tributario que se estea desenvolvendo.

- s) Dereito a obter unha copia pola súa conta dos documentos que integren o expediente administrativo no trámite de posta de manifesto do propio expediente nos termos previstos nesta ordenanza.

Este dereito poderá exercitarse en calquera momento no procedemento de prema.

SECCIÓN 2ª.

Da efectividade dos dereitos do obrigado tributario

ARTIGO 9. DEBER DE INFORMACIÓN E ASISTENCIA AOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. A Administración municipal deberá prestarlles aos obrigados tributarios a necesaria información e asistencia sobre os seus dereitos e obrigas.
2. A actividade á que se refire o apartado anterior instrumentarase, entre outras, a través das seguintes actuacións:
 - a) Publicación de textos actualizados das normas tributarias.
 - b) Comunicacions e actuacións de información efectuadas polos servizos destinados para tal efecto nos órganos da Administración tributaria.
 - c) Contestacións a consultas escritas.
 - d) Actuacións previas de valoración.
 - e) Asistencia aos obrigados na realización de declaracións, autoliquidacións e comunicacións tributarias.

ARTIGO 10. PUBLICACIÓN DAS NORMAS TRIBUTARIAS.

O Concello publicará cada ano as ordenanzas fiscais e as de xestión, inspección e recadación, que estarán a disposición do público, polo menos, nas oficinas municipais. Poderanse obter copias de todas ou dalgunha delas despois do pagamento previo da taxa regulada na Ordenanza fiscal núm. 1. O acceso a través de internet ás publicacións a que se refire o presente artigo será, en todo caso, gratuíto. Nas oficinas municipais estarán a disposición dos interesados os acordos e as resolucións que establezan criterios interpretativos e as instrucións ditadas por escrito que teñan transcendencia fronte a eles.

ARTIGO 11.COMUNICACIÓNS E ACTUACIÓNS DE INFORMACIÓN.

1. A Administración municipal informará os contribuíntes dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria, facilitará a consulta ás bases informatizadas onde se conteñen os devanditos criterios e poderá remitir comunicacións destinadas a informar sobre a tributación de determinados sectores, actividades ou fontes de renda.
2. A Administración municipal deberá subministrar, por petición dos interesados, o texto íntegro de consultas ou resolucións concretas, suprimindo toda referencia aos datos que permitan a identificación das persoas ás que afecten.
3. As actuacións de información previstas neste artigo poderanse efectuar mediante o emprego e a aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

ARTIGO 12. CONSULTAS TRIBUTARIAS ESCRITAS.

1. Os obrigados poderán formularlle á Administración municipal consultas respecto ao réxime, á clasificación ou á cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.

2. As consultas tributarias escritas formularanse antes da finalización do prazo establecido para o exercicio dos dereitos, a presentación de declaracións ou autoliquidacións ou o cumprimento doutras obrigas tributarias. A consulta formularase mediante un escrito dirixido ao órgano competente para a súa contestación.
3. Así mesmo, poderán formular consultas tributarias os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos, asociacións de consumidores, asociacións ou fundacións que representen intereses de persoas con discapacidade, asociacións empresariais e organizacións profesionais, así como as federacións que agrupen os organismos ou entidades antes mencionados, cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.
4. A Administración municipal arquivará, con notificación ao interesado, as consultas que non reúnan os requisitos necesarios para a súa identificación e non sexan emendadas por requirimento do Concello.
5. A competencia para contestar as consultas corresponderalle á Xunta de Goberno Local ou ao concelleiro en quen delegue.
6. A Administración municipal deberá contestar por escrito as consultas que reúnan os requisitos establecidos no prazo de seis meses dende a súa presentación. A falta de contestación no devandito prazo non implicará a aceptación dos criterios expresados no escrito da consulta.
7. A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes, nos termos previstos neste artigo, para os órganos e entidades da Administración municipal encargados da aplicación dos tributos na súa relación coa persoa que consulta.
Mentres non se modifique a lexislación ou a xurisprudencia aplicable ao caso, aplicaránselle á persoa que consulta os criterios expresados na contestación, sempre e cando a consulta se formulase no prazo ao que se refire o apartado 2 e non se alterasen as circunstancias, antecedentes e demais datos recollidos no escrito de consulta.
Os órganos da Administración municipal encargados da aplicación dos tributos deberán aplicar os criterios contidos nas consultas tributarias escritas a calquera obrigado, sempre que exista identidade entre os feitos e as circunstancias do devandito obrigado e os que se inclúan na contestación á consulta.
8. Non terán efectos vinculantes para a Administración municipal as contestacións ás consultas formuladas no prazo ao que se refire o apartado 2 que formulen cuestións relacionadas co obxecto ou a tramitación dun procedemento, recurso ou reclamación iniciado con anterioridade.
9. A presentación e contestación das consultas non interromperá os prazos establecidos nas normas tributarias para o cumprimento das obrigas tributarias.
10. A contestación ás consultas tributarias escritas terá carácter informativo e o obrigado tributario non poderá interpoñer ningún recurso contra a dita contestación. Poderá facelo contra o acto ou actos administrativos que se diten posteriormente en aplicación dos criterios manifestados na contestación.

ARTIGO 13. OBRIGA DE RESOLVER.

A Administración municipal está obrigada a resolver expresamente todas as cuestións que se formulen nos procedementos de xestión tributaria iniciados de oficio ou por instancia de parte, así como a notificar a dita resolución, excepto nos procedementos relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación e cando se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou a desistencia dos interesados. Os actos de liquidación, os que resolvan recursos e reclamacións, os que deneguen a suspensión da execución de actos de xestión tributaria, así como cantos outros se establezan na normativa vixente, serán motivados con referencia aos feitos e fundamentos de dereito.

ARTIGO 14. OBTENCIÓN DE DOCUMENTOS.

1. O contribuínte ten dereito a obter unha copia dos documentos que figuren no expediente no que sexa parte e que teñan que ser tidos en conta polo órgano competente á hora de ditar resolución, salvo que afecten a intereses de terceiros ou á intimidade doutras persoas ou que así o dispoña unha lei. Nas actuacións de comprobación e investigación, estas copias facilitaráselle no trámite de audiencia ao interesado.
2. Para garantir a confidencialidade das informacións e a identidade dos actuantes, requírase do contribuínte a súa debida identificación deixando copia do DNI. Ademais, se actúa por medio de representante, este deberá acreditar a súa condición de tal. A petición de copia debe realizarse por escrito e a entrega acreditarase mediante a sinatura de conformidade do contribuínte a unha dilixencia que se redactará no propio escrito de petición no que constará unha relación ou índice dos documentos facilitados e número de folios. O contribuínte deberá aboar a taxa regulada na Ordenanza Fiscal nº 1.

ARTIGO 15. DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

1. A Administración municipal devolveralles aos obrigados tributarios, aos suxeitos infractores ou aos sucesores duns e doutros, os ingresos que indebidamente se realizasen na Caixa Municipal con ocasión do cumprimento das súas obrigas tributarias ou do pagamento de sancións, conforme ao establecido no artigo 93 desta ordenanza.
2. Coa devolución de ingresos indebidos a Administración tributaria aboará o interese de demora regulado no artigo 40 desta ordenanza, sen necesidade de que o obrigado tributario o solicite. Para estes efectos, o interese de demora xerárase dende a data en que se realízase o ingreso indevido ata a data en que se ordene o pagamento da devolución.

As dilacións no procedemento por causa imputable ao interesado non se terán en conta para os efectos do cómputo do período a que se refire o parágrafo anterior.

3. Cando se proceda á devolución dun ingreso indevido derivado dunha autoliquidación ingresada en varios prazos, entenderase que a cantidade devolta se ingresou no último prazo e, de non resultar cantidade suficiente, a diferenza considerárase satisfeita nos prazos inmediatamente anteriores.

ARTIGO 16. REEMBOLSO DO CUSTO DE GARANTÍAS.

1. A Administración municipal reembolsará, logo de acreditar previamente o seu importe, o custo das garantías proporcionadas para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda se o dito acto ou débeda é declarado improcedente por sentenza ou resolución administrativa firme. Cando o acto ou a débeda se declare parcialmente improcedente, o reembolso alcanzará á parte correspondente do custo das garantías.
2. Procedemento: As solicitudes de reembolso de custos de avais iniciaranse por instancia do interesado e serán tramitadas pola sección correspondente da Adxuntía de Xestión Tributaria e Facenda, polas unidades de Recadación, ou pola unidade administrativa que teña encomendada a xestión do tributo, se é o caso. A resolución corresponderalle á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das facultades de delegación que a esta lle corresponden.

No escrito de iniciación, dirixido á Xunta de Goberno Local, faranse constar as seguintes circunstancias:

- a) Nome e apelidos ou denominación social e número de identificación fiscal e domi-

cilio do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente, así como o domicilio para os efectos de notificacións.

- b) Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- c) Lugar e data.
- d) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresa por calquera medio.

Xunto coa solicitude de reembolso achegaranse os seguintes datos ou documentos:

- a) Copia autenticada da resolución administrativa ou xudicial pola que se declara improcedente total ou parcialmente o acto administrativo impugnado cuxa execución se suspenda, con mención da súa firmeza.
- b) Acreditación do importe ao que ascendeu o custo das garantías cuxo reembolso se solicita. No suposto de avais deberá achegarse o certificado expedido pola entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que concedeu o aval, no que se farán constar as cantidades satisfeitas a ela pola concesión, o mantemento ou a cancelación do aval, con expresión da cantidade avalada, así como a copia do aval presentado. En relación co resto de garantías a que se refire o artigo 2 do Real decreto 136/2000, do 4 de febreiro, deberá acreditarse o pago efectivo dos gastos mencionados nos parágrafos b) e d) do apartado 1 do artigo 3 do mesmo real decreto, así como a data de constitución do depósito a que se refire o parágrafo c) do mesmo precepto.
- c) Declaración expresa do medio elixido polo que vaia efectuarse o reembolso, podendo optar por:
 - a') Transferencia bancaria, indicando o número de código de conta e entidade bancaria.
 - b') Compensación, nos termos do Regulamento xeral de recadación.

Se o escrito de iniciación non reunise os datos expresados ou non achegase a documentación precisa, a unidade xestora requirirá ao interesado para que emende a falta ou presente os documentos no prazo de dez días, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa petición e arquivase o expediente despois da declaración previa de caducidade. Non obstante, se o interesado solicitase que a Administración municipal declare que se produciu a dita desistencia esta quedará obrigada a resolver sobre tal solicitude. O prazo anterior poderá ser ampliado por petición do interesado ou por iniciativa do órgano instrutor, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

Finalizadas as actuacións, a oficina xestora daralle audiencia ao interesado para que poida alegar o que considere conveniente ao seu dereito. Poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas máis cás aducidas polo interesado.

A Xunta de Goberno Local ditará resolución e notificaraa nun prazo máximo de seis meses que se contará a partir da data en que o escrito de solicitude do interesado tivese entrada no Rexistro do Concello.

Transcorrido o prazo para ditar resolución sen que esta se ditase, poderase entender desestimada a solicitude, para os efectos de interpoñer contra a resolución presunta o correspondente recurso ou reclamación. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo será adoptada pola Administración municipal sen ningunha vinculación ao sentido do silencio.

Contra a resolución que poña fin a este procedemento poderase interpoñer unha reclamación económico-administrativa despois do recurso potestativo de reposición previo regulado no artigo 94 desta ordenanza.

3. Co reembolso dos custos das garantías, a Administración municipal aboará o interese legal vixente ao longo do período no que se xere sen necesidade de que o obrigado tributario o solicite. Para estes efectos, o interese legal xerarase dende a data debidamente acreditada en que se incorrese nos ditos custos ata a data en que se ordene o pagamento.
4. O disposto no presente artigo non será de aplicación respecto das garantías establecidas pola normativa propia de cada tributo para responder do cumprimento das obrigas tributarias.

CAPÍTULO IV. ELEMENTOS DA RELACIÓN TRIBUTARIA

SECCIÓN 1ª.

Da obriga de contribuír

ARTIGO 17. O FEITO IMPOÑIBLE.

Cada ordenanza particular, salvo as reguladoras dos impostos obrigatorios, definirán o feito imponible e completaran mediante a mención das situacións en que nace a obriga de contribuír e as causas de non suxeición.

ARTIGO 18. BENEFICIOS FISCAIS.

En materia de tributos locais non se admitirán outros beneficios fiscais máis cóos recoñecidos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais. As ordenanzas fiscais particulares poderán recoñecer beneficios fiscais nos supostos e cos requisitos e límites establecidos pola lei.

ARTIGO 19. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. As ordenanzas dos tributos regularán os beneficios fiscais aplicables a cada un deles, así como o procedemento para o seu recoñecemento e aplicación. Os beneficios fiscais establecidos en disposicións legais que non sexan de réxime local, rexeranse pola norma que os crease.
2. Salvo que as leis establezan outra cousa, a aplicación dos beneficios fiscais en tributos locais requirirá a petición escrita da parte interesada e producirán efectos dende a data da solicitude ou, nos tributos periódicos, dende o período inmediato seguinte a ela, sempre que no devandito momento se reúnan os requisitos esixidos para o seu goce. Na petición farase constar:
 - Nome, razón social e domicilio do suxeito pasivo.
 - Normativa que invoca para xustificar a súa solicitude de aplicación do beneficio fiscal, salvo que este apareza recollido na propia ordenanza fiscal reguladora do tributo.
 - Xustificación do cumprimento dos requisitos esixidos para acceder ao réxime de bonificacións e exencións pretendidos, presentando orixinais ou copias autenticadas dos documentos en que se acredite o seu dereito.
 - Os demais aspectos recollidos na ordenanza particular de cada imposto, taxa ou contribución especial.

3. A resolución pola que se conceda o dereito a gozar do beneficio fiscal precisará, se é o caso:
- 1º. O tributo e período a que se refira.
 - 2º. A súa duración, en caso de que sexa temporal.
 - 3º. A porcentaxe de bonificación aplicable a cada período e se o é na cota ou na base.
 - 4º. A data de remate do beneficio fiscal, se é o caso, ou as circunstancias nas que se perderá.
 - 5º. As obrigas que incumban ao beneficiario, respecto da comprobación periódica do mantemento das condicións que xustificaron a concesión do beneficio fiscal.
 - 6º. As demais circunstancias establecidas na lei ou na ordenanza correspondente.
4. Cando por renuncia do suxeito pasivo ou por revogación do acto de concesión dun beneficio fiscal por incumprimento das condicións establecidas ou outras circunstancias, deba reintegrarse o importe do beneficio fiscal, aboaranse tamén os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, procedan.

SECCIÓN 2ª.

Dos obrigados tributarios

ARTIGO 20. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias.
2. Entre outros, son obrigados tributarios:
 - a) Os contribuíntes.
 - b) Os substitutos do contribuínte.
 - c) Os obrigados a realizar pagos fraccionados.
 - d) Os que reteñen.
 - e) Os obrigados a practicar ingresos a conta.
 - f) Os obrigados a repercutir.
 - g) Os obrigados a soportar a repercusión.
 - h) Os obrigados a soportar a retención.
 - i) Os obrigados a soportar os ingresos a conta.
 - j) Os sucesores.
 - k) Os beneficiarios de supostos de exención, devolución ou bonificacións tributarias, cando non teñan a condición de suxeitos pasivos.
3. Tamén terán o carácter de obrigados tributarios aqueles aos que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias formais.
4. Terán a consideración de obrigados tributarios, nas leis en que así se estableza, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición.
5. Terán así mesmo o carácter de obrigados tributarios os responsables aos que se refire o artigo 41 da LXT.
6. A concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo orzamento dunha obriga determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración municipal ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando a Administración municipal só coñeza a identidade dun titular efectuará e notificará

as liquidacións tributarias ao seu nome, quen estará obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. Para tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio dos restantes obrigados ao pagamento, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido. Para poder obter devandita división o importe da débeda tributaria deberá ser superior a 30€ e ademais a cota que resulte tras dividir a débeda, deberá ser superior a 6 € con carácter xeral e a 12 € no caso do Imposto sobre Bens Inmóveis. A aplicación da división requirirá a petición escrita da parte interesada e fornecerá efectos desde a data da solicitude ou, nos tributos periódicos, desde o decheño inmediato seguinte á mesma, sempre que, en devandito momento reúnanse os requisitos esixidos para o seu goce.

ARTIGO 21. SUXEITOS PASIVOS: CONTRIBUÍNTE E SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE.

1. É suxeito pasivo o obrigado tributario que, segundo a lei, debe cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a ela, sexa como contribuínte ou como substituto del. Non perderá a condición de suxeito pasivo quen deba repercutir a cota tributaria a outros obrigados, agás que a lei de cada tributo dispoña outra cousa.
2. É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito imponible.
3. É substituto o suxeito pasivo que, por imposición da lei e no lugar do contribuínte, está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a ela. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas, salvo que a lei sinala outra cousa.

ARTIGO 22. INEFICACIA DE PACTOS.

A posición do suxeito pasivo e os demais elementos da obriga tributaria non poderá ser alterada por actos ou convenios dos particulares. Tales actos e convenios non producirán efectos ante a Administración municipal, sen prexuízo das súas consecuencias xurídico - privadas.

ARTIGO 23. RESPONSABLES.

Para a esixencia de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, naqueles supostos en que a lei a admite, actuarase do seguinte xeito:

- 1º. A declaración de responsabilidade requirirá acto administrativo de derivación, ditado pola Xunta de Goberno Local ou o concelleiro en quen se delegase esta competencia, no que, despois da audiencia previa ao interesado, se declarará a responsabilidade, determinando o seu alcance e extensión. No expediente incorporaranse cantos documentos acrediten a concorrencia dos orzamentos de feito que dean lugar á responsabilidade de esixir. O acordo notificaráselle ao interesado e será requirido este para o pagamento da débeda. A notificación expresará:
 - Os elementos esenciais da liquidación.
 - O texto íntegro do acordo de declaración de responsabilidade.
 - Os medios de impugnación que poden ser exercitados contra o acto de declaración de responsabilidade, prazos para interpoñelos e órgano competente para coñecer tales recursos.
 - Lugar e forma en que terá que ser satisfeita a débeda e prazos para o seu ingreso, que serán os establecidos na Ordenanza xeral de recadación.
- 2º. A derivación da acción administrativa aos responsables subsidiarios requirirá a previa declaración de fallido do debedor principal e dos demais responsables solidarios, conforme ao procedemento previsto na Ordenanza xeral de recadación.

- 3º. A derivación da acción administrativa aos responsables solidarios iniciárase unha vez requirido o debedor principal en voluntaria e en executiva sen que realizase o ingreso.
- 4º. A responsabilidade alcanzará a totalidade da débeda tributaria esixida en período voluntario. Cando transcorrese o prazo voluntario de pago que se conceda ao responsable sen realizar o ingreso, iniciárase o período executivo e esixíranse as recargas e intereses que procedan. A responsabilidade non acadará as sancións, salvo as excepcións que se establezan por lei.

ARTIGO 24. IDENTIFICACIÓN DE INTERESADOS NO PROCEDEMENTO

Para garantir a confidencialidade das actuacións e a lexitimación de quen se presente nos procedementos de xestión tributaria, a presentación de solicitudes, alegacións, recursos, obtención de información sobre datos ou procedementos concretos e demais actos de trámite realizados polos interesados ou os seus representantes, esixirá a identificación destes mediante a exhibición do seu Documento Nacional de Identidade ou documento identificador equivalente. No expediente deixárase constancia mediante unha copia ou dilixencia expedida polo funcionario que o comprobou.

ARTIGO 25. REPRESENTACIÓN.

1. Os obrigados tributarios con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, que poderá ser un asesor fiscal, co que se entenderán as sucesivas actuacións administrativas, salvo que se faga manifestación expresa en contrario.
2. Para interpoñer recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigas no nome do obrigado tributario, solicitar devolucións de ingresos indebidos ou reembolsos e nos restantes supostos en que sexa necesaria a sinatura do obrigado tributario, a representación deberá acreditarse por calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado ante o órgano administrativo competente. Para estes efectos, serán válidos os documentos normalizados de representación que aprobe a Administración para determinados procedementos.
3. Para os actos de mero trámite presumirase concedida a representación.
4. Cando no marco da colaboración social na xestión tributaria, ou nos supostos que se prevexan regulamentariamente, se presente por medios telemáticos calquera documento ante a Administración municipal, o presentador actuará coa representación que sexa necesaria en cada caso. A Administración municipal poderá requirir, en calquera momento, a acreditación da dita representación, que poderá efectuarse de acordo co establecido no apartado 2 deste artigo.
5. Cando, de acordo co previsto no apartado 6 do artigo 20 desta ordenanza, concorran varios titulares nunha mesma obriga tributaria, presumirase outorgada a representación a calquera deles, salvo que se produza manifestación expresa en contrario. A liquidación que resulte das ditas actuacións deberá ser notificada a todos os titulares da obriga.
6. A falta ou insuficiencia do poder non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se acompañe aquel ou se corrixa o defecto dentro do prazo de 10 días, que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo competente.
7. Nos supostos de entidades, asociacións, herdanzas xacentes e comunidades de bens que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, actuará na súa representación o que a ostente, sempre que resulte acreditada en forma fidedigna e se non se ten designado representante considerárase como tal o que aparentemente exerza a xestión ou dirección e, no seu defecto, calquera dos membros ou partícipes que integren ou compoñan a entidade ou comunidade. Cando se requira a quen aparentemente exerza

a xestión ou a un calquera dos membros do ente, este poderá pedir que as restantes actuacións se leven a cabo co seu representante legal, se existise, facilitando no momento da súa petición o nome e domicilio e o documento en que se basea a atribución á persoa sinalada, da representación da comunidade ou ente. Logo da audiencia previa do designado como representante, dítase un acto de trámite contra o que non caberá ningún recurso, sen prexuízo dos que procedan contra a resolución.

8. Cando se actúa por medio de representante, entenderanse válidos os posteriores trámites que se dirixan a el, salvo revogación ou renuncia comunicada á Administración por escrito.

SECCIÓN 3ª.

Elementos de cuantificación da obriga tributaria principal e da obriga de realizar pagos a conta

ARTIGO 26. CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA.

A obriga tributaria principal e a obriga de realizar pagos a conta determinaranse a partir das bases tributarias, os tipos de gravame e os demais elementos previstos nel esta sección, segundo dispoña a ordenanza de cada tributo.

ARTIGO 27. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible é a magnitude dineraria ou doutra natureza que resulta da medición ou valoración do feito imponible.

ARTIGO 28. DETERMINACIÓN DA BASE IMPOÑIBLE.

1. A base imponible poderá determinarse polos seguintes métodos:

- a) Estimación directa.
 - b) Estimación obxectiva.
 - c) Estimación indirecta.
2. As bases impositivas determinaranse con carácter xeral a través do método de estimación directa. Non obstante, a lei poderá establecer os supostos en que sexa de aplicación o método de estimación obxectiva, que terá, en todo caso, carácter voluntario para os obrigados tributarios.
 3. A estimación indirecta terá carácter subsidiario respecto dos demais métodos de determinación e aplicase cando se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 30 desta ordenanza.

ARTIGO 29. ESTIMACIÓN DIRECTA.

O método de estimación directa poderá ser utilizado polo contribuínte e pola Administración de acordo co disposto na normativa de cada tributo. Para estes efectos, a Administración utilizará as declaracións ou os documentos presentados, os datos consignados en libros e rexistros comprobados administrativamente e os demais documentos, xustificantes e datos que teñan relación cos elementos da obriga tributaria.

ARTIGO 30. ESTIMACIÓN INDIRECTA.

1. O método de estimación indirecta aplicárase cando a Administración non poida dispoñer dos datos necesarios para a determinación completa da base imponible como consecuencia dalgunha das seguintes circunstancias:
 - a) Falta de presentación de declaracións ou presentación de declaracións incompletas ou inexactas.
 - b) Resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora.
 - c) Incumprimento substancial das obrigas contables ou rexistras.
 - d) Desaparición ou destrución, aínda por causa de forza maior, dos libros e rexistros contables ou dos xustificantes das operacións anotadas neles.
2. As bases ou os rendementos determináranse mediante a aplicación de calquera dos seguintes medios ou de varios deles conxuntamente:
 - a) Aplicación dos datos e antecedentes dispoñibles que sexan relevantes para o efecto.
 - b) Utilización daqueles elementos que indirectamente acrediten a existencia dos bens e das rendas, así como dos ingresos, vendas, custos e rendementos que sexan normais no respectivo sector económico, atendidas as dimensións das unidades produtivas ou familiares que deban compararse en termos tributarios.
 - c) Valoración das magnitudes, índices, módulos ou datos que concorran nos respectivos obrigados tributarios, segundo os datos ou antecedentes que se posúan de supostos similares ou equivalentes.
3. Cando resulte aplicable o método de estimación indirecta, seguirase o procedemento previsto no Regulamento de inspección de tributos.

ARTIGO 31. BASE LIQUIDABLE.

A base liquidable é a magnitude resultante de efectuar, se é o caso, na base imponible as reducións establecidas na lei.

ARTIGO 32. TIPO DE GRAVAME.

1. O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe que se aplica á base liquidable para obter como resultado a cota íntegra.
2. Os tipos de gravame poden ser específicos ou porcentuais, e deberán aplicarse segundo dispoña a ordenanza propia de cada tributo a cada unidade, conxunto de unidades ou tramo da base liquidable.
O conxunto de tipos de gravame aplicables ás distintas unidades ou tramos de base liquidable nun tributo denominárase tarifa.
3. As ordenanzas poderán prever a aplicación dun tipo cero, así como de tipos reducidos ou bonificados.

ARTIGO 33. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria determinárase:
 - a) Aplicando o tipo de gravame á base liquidable.
 - b) Segundo cantidade fixa sinalada para o efecto.
2. Para o cálculo da cota íntegra poderán utilizarse os métodos de determinación previstos no apartado 2 do artigo 28 desta ordenanza.

3. A cota íntegra deberá reducirse de oficio cando da aplicación dos tipos de gravame resulte que a un incremento da base corresponde unha porción de cota superior ao dito incremento. A redución deberá comprender polo menos o devandito exceso.

Exceptúanse desta regra os casos en que a débeda tributaria deba pagarse por medio de efectos timbrados.

4. O importe da cota íntegra poderá modificarse mediante a aplicación das reducións ou límites que a lei de cada tributo estableza en cada caso.
5. A cota líquida será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as deducións, bonificacións, adicións ou coeficientes previstos, se é o caso, en ordenanzas de cada tributo.
6. A cota diferencial será o resultado de minorar a cota líquida no importe das deducións, pagos fraccionados, retencións, ingresos a conta e cotas, conforme á normativa de cada tributo.

SECCIÓN 4ª.

A débeda tributaria

ARTIGO 34. DETERMINACIÓN.

1. A débeda tributaria estará constituída pola cota ou cantidade para ingresar que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagos a conta.
2. Ademais, a débeda tributaria estará integrada, se é o caso, por:
 - a) O interese de demora.
 - b) As recargas por declaración extemporánea.
 - c) As recargas do período executivo.
 - d) As recargas esixibles legalmente sobre as bases ou as cotas, a favor do Concello da Coruña ou doutros entes públicos.
3. As sancións tributarias que poidan impoñerse de acordo co disposto no capítulo V desta ordenanza non formarán parte da débeda tributaria, pero na súa recadación aplicaranse as normas incluídas na Ordenanza xeral de recadación do Concello da Coruña.

ARTIGO 35. EXTINCIÓN DA DÉBEDA TRIBUTARIA.

1. As débedas tributarias poderán extinguirse por pago, prescrición, compensación ou condonación e polos demais medios previstos nas leis.
2. O pagamento, a compensación, a dedución sobre transferencias ou a condonación da débeda tributaria ten efectos liberatorios exclusivamente polo importe pagado, compensado, deducido ou condonado.

ARTIGO 36. O PAGAMENTO.

1. O pagamento da débeda tributaria deberá facerse polos medios, na forma e no prazo que determina a Ordenanza xeral de recadación do Concello da Coruña.
Así mesmo esta ordenanza regulará os requisitos e as condicións para que o pago poida efectuarse empregando técnicas e medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

ARTIGO 37. PRAZOS PARA O PAGAMENTO.

1. As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberán pagarse nos prazos que estableza a normativa de cada tributo.
2. No caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración municipal, procedentes de liquidacións directas de notificación individual, o pagamento en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:
 - a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte
3. O pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras deberá efectuarse nos prazos sinalados na Ordenanza xeral de recadación.

A Administración municipal poderá modificar o prazo sinalado no parágrafo anterior sempre que o devandito prazo non sexa inferior a dous meses.
4. As débedas que deban aboarse mediante efectos timbrados pagaranse no momento da realización do feito impositivo, se non se dispón outro prazo na súa normativa específica.
5. Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de prema, o pago da débeda tributaria deberá efectuarse nos seguintes prazos:
 - a) Se a notificación da providencia se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do devandito mes ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do mes seguinte ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
6. Nos supostos nos que a ordenanza de cada tributo o estableza, o ingreso da débeda dun obrigado tributario poderá suspenderse total ou parcialmente, sen achega de garantía e por solicitude deste, se outro obrigado presenta unha declaración ou autoliquidación da que resulte unha cantidade que haxa que devolver ou unha comunicación de datos, con indicación de que o importe da devolución que poida ser recoñecido se destine á cancelación da débeda cuxa suspensión se pretende. O importe da débeda suspendida non poderá ser superior á devolución solicitada.

A débeda suspendida quedará total ou parcialmente extinguida no importe que proceda da devolución recoñecida, sen que sexan esixibles intereses de demora sobre a débeda cancelada con cargo á devolución.
7. O ingreso da débeda dun obrigado tributario suspenderase total ou parcialmente, sen achega de garantías, cando se comprobe que pola mesma operación se satisfixo á mesma ou outra Administración unha débeda tributaria ou se suportou a repercusión doutro imposto, sempre que o pagamento realizado ou a repercusión suportada fose incompatible coa débeda esixida e, ademais, neste último caso, o suxeito pasivo non teña dereito á completa dedución do importe suportado indebidamente.

ARTIGO 38. RECARGAS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUIRIMENTO PREVIO

1. As recargas por declaración extemporánea son prestacións accesorias que deben satisfacer os obrigados tributarios como consecuencia da presentación de autoliquidacións ou declaracións fóra de prazo sen requirimento previo da Administración municipal.
Para os efectos deste artigo, considérase requirimento previo calquera actuación administrativa realizada con coñecemento formal do obrigado tributario conducente ao recoñecemento, regularización, comprobación, inspección, aseguramento ou liquidación da débeda tributaria.
2. Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa dentro dos tres, seis ou 12 meses seguintes ao termo do prazo establecido para a presentación e o ingreso, a recarga será do cinco, 10 ou 15 por 100, respectivamente. A devandita recarga calcularase sobre o importe que hai que ingresar resultante das autoliquidacións ou sobre o importe da liquidación derivado das declaracións extemporáneas e excluírá as sancións que puidesen esixirse e os intereses de demora xerados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa unha vez transcorridos 12 meses dende o termo do prazo establecido para a presentación, a recarga será do 20 por 100 e excluírá as sancións que puidesen esixirse. Nestes casos, esixiranse os intereses de demora polo período transcorrido dende o día seguinte ao termo dos 12 meses posteriores á finalización do prazo establecido para a presentación ata o momento en que a autoliquidación ou declaración se presentase.

Nas liquidacións derivadas de declaracións presentadas fóra de prazo sen requirimento previo non se esixirán intereses de demora polo tempo transcorrido dende a presentación da declaración ata a finalización do prazo de pago en período voluntario correspondente á liquidación que se execute, sen prexuízo das recargas e intereses que corresponda esixir pola presentación extemporánea.

3. Cando os obrigados tributarios non efectúen o ingreso nin presenten a solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación ao tempo da presentación da autoliquidación extemporánea, a liquidación administrativa que proceda por recargas e intereses de demora derivada da presentación extemporánea segundo o disposto no apartado anterior non impedirá a esixencia das recargas e intereses do período executivo que correspondan sobre o importe da autoliquidación.
4. Para que poida ser aplicable o disposto neste artigo, as autoliquidacións extemporáneas deberán identificar expresamente o período impositivo de liquidación ao que se refiren e deberán conter unicamente os datos relativos ao dito período.

ARTIGO 39. RECARGAS DO PERÍODO EXECUTIVO

1. As recargas do período executivo xéranse co inicio do dito período, de acordo co establecido no artigo 161 da LXT.
As recargas do período executivo son de tres tipos: recarga executiva, recarga de prema reducida e recarga de prema ordinaria.
As devanditas recargas son incompatibles entre si e calcúlanse sobre a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario.
2. A recarga executiva será do cinco por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de prema.

3. A recarga de prema reducida será do 10 por 100 e aplicárase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga antes da finalización do prazo previsto no apartado 5 do artigo 37 desta ordenanza para as débedas con prema.
4. A recarga de prema ordinaria será do 20 por 100 e será aplicable cando non concorran as circunstancias ás que se refiren os apartados 2 e 3 deste artigo.
5. A recarga de prema ordinaria é compatible cos intereses de demora. Cando resulte esixible a recarga executiva ou a recarga de prema reducida non se esixirán os intereses de demora xerados dende o inicio do período executivo.

ARTIGO 40. INTERESES DE DEMORA.

1. O interese de demora é unha prestación accesoria que se lles esixirá aos obrigados tributarios e aos suxeitos infractores como consecuencia da realización dun pago fóra de prazo ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade que haxa que ingresar unha vez rematado o prazo establecido para o efecto na normativa tributaria, do cobro dunha devolución improcedente ou no resto de casos previstos na normativa tributaria.
A esixencia do interese de demora tributario non require a previa intimación da Administración municipal nin a concorrencia dun atraso culpable no obrigado.
2. O interese de demora esixírase, entre outros, nos seguintes supostos:
 - a) Cando remate o prazo establecido para o pagamento en período voluntario dunha débeda resultante dunha liquidación efectuada pola Administración municipal ou do importe dunha sanción, sen que o ingreso se realice.
 - b) Cando remate o prazo establecido para a presentación dunha autoliquidación ou declaración sen que fose presentada ou fose presentada incorrectamente, salvo o disposto no apartado 2 do artigo 38 desta ordenanza relativo á presentación de declaracións extemporáneas sen requirimento previo.
 - c) Cando se suspenda a execución do acto, salvo no suposto de recursos e reclamacións contra sancións durante o tempo que transcorra ata a finalización do prazo de pago en período voluntario aberto pola notificación da resolución que poña fin á vía administrativa.
 - d) Cando se inicie o período executivo, salvo o disposto no apartado 5 do artigo 39 desta ordenanza respecto aos intereses de demora cando sexa esixible a recarga executiva ou a recarga de prema reducida.
 - e) Cando o obrigado tributario obtivese unha devolución improcedente.
3. O interese de demora calcularase sobre o importe non ingresado en prazo ou sobre a contía da devolución cobrada de xeito improcedente, e resultará esixible durante o tempo ao que se estenda o atraso do obrigado, salvo o disposto no apartado seguinte.
4. Non se esixirán intereses de demora dende o momento en que a Administración municipal incumpra por causa imputable a ela algún dos prazos fixados nesta ordenanza para resolver ata que se dite a dita resolución ou se interpoña un recurso contra a resolución presunta. Entre outros supostos, non se esixirán intereses de demora a partir do momento en que se incumplan os prazos máximos para notificar a resolución das solicitudes de compensación, o acto de liquidación ou a resolución dos recursos administrativos,

sempre que, neste último caso, se acordase a suspensión do acto contra o que se recorreu.

O disposto neste apartado non se aplicará ao incumprimento do prazo para resolver as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento do pago.

5. Nos casos en que resulte necesaria a práctica dunha nova liquidación como consecuencia de ser anulada outra liquidación por unha resolución administrativa ou xudicial, conservaranse integramente os actos e trámites non afectados pola causa de anulación, con mantemento íntegro do seu contido, e esixencia do interese de demora sobre o importe da nova liquidación. Nestes casos, a data de inicio do cómputo do interese de demora será a mesma que, de acordo co establecido no apartado 2 deste artigo, correspondese á liquidación anulada e o interese xerárase ata o momento en que se ditase a nova liquidación, sen que o final do cómputo poida ser posterior ao prazo máximo para executar a resolución.
6. O interese de demora será o interese legal do diñeiro vixente ao longo do período no que aquel resulte esixible, incrementado nun 25 por 100, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.
Non obstante, nos supostos de aprazamento, fraccionamento ou suspensión de débedas garantidas na súa totalidade mediante un aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante un certificado de seguro de caución, o interese de demora esixible será o interese legal.

Sección 5ª

Garantía da débeda tributaria

ARTIGO 41. AFECCIÓN DE BENS

1. Os adquirentes de bens afectos por lei ao pagamento da débeda tributaria responderán subsidiariamente con eles, por derivación da acción tributaria, se a débeda non se paga.
2. Os bens e dereitos transmitidos quedarán afectos á responsabilidade do pago das cantidades, liquidadas ou non, correspondentes aos tributos que graven tales transmisións, adquisicións ou importacións, calquera que sexa o seu posuidor, salvo que este resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título, en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscribibles.

SECCIÓN 6ª

Da prescripción

ARTIGO 42. PRAZOS DE PRESCRIPCIÓN.

Prescribirán aos catro anos os seguintes dereitos:

- a) O dereito da Administración municipal para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación, comezando a contarse o prazo de prescripción dende o día seguinte a aquel no que finalice o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.
- b) O dereito da Administración municipal para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas, comezando a contarse o prazo de prescripción dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo de pago en período voluntario.
- c) O dereito a solicitar as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolu-

cións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías, comezando a contarse o prazo de prescrición dende o día seguinte a aquel en que finalice o prazo para solicitar a correspondente devolución; dende o día seguinte a aquel en que se realizou o ingreso indebido ou dende o día seguinte á finalización do prazo para presentar a autoliquidación se o ingreso indebido se realizou dentro do dito prazo; ou dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a sentenza ou resolución administrativa que declare total ou parcialmente improcedente o acto impugnado.

- d) O dereito a obter as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías, comezando a contarse o prazo de prescrición dende o día seguinte a aquel en que rematen os prazos establecidos para efectuar as devolucións derivadas da normativa de cada tributo ou dende o día seguinte á data de notificación do acordo onde se recoñeza o dereito a percibir a devolución ou o reembolso do custo das garantías.

ARTIGO 43. INTERRUPCIÓN DOS PRAZOS DE PRESCRICIÓN.

1. O prazo de prescrición do dereito a que se refire o parágrafo a) do artigo 42 desta ordenanza interrómtese:

- a) Por calquera acción da Administración municipal, realizada con coñecemento formal do obrigado tributario, conducente ao recoñecemento, á regularización, comprobación, inspección, aseguramento e liquidación de todos ou parte dos elementos da obriga tributaria.
- b) Pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase, polas actuacións realizadas con coñecemento formal do obrigado tributario no curso das devanditas reclamacións ou recursos, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición penal ou pola presentación de denuncia ante o Ministerio Fiscal, así como pola recepción da comunicación dun órgano xurisdiccional na que se ordene a paralización do procedemento administrativo en curso.
- c) Por calquera actuación fidedigna do obrigado tributario conducente á liquidación ou autoliquidación da débeda tributaria.

2. O prazo de prescrición do dereito a que se refire o parágrafo b) do artigo 42 desta ordenanza interrómtese:

- a) Por calquera acción da Administración municipal, realizada con coñecemento formal do obrigado tributario, dirixida de forma efectiva á recadación da débeda tributaria.
- b) Pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase, polas actuacións realizadas con coñecemento formal do obrigado no curso das ditas reclamacións ou recursos, pola declaración do concurso do debedor ou polo exercicio de accións civís ou penais dirixidas ao cobro da débeda tributaria, así como pola recepción da comunicación dun órgano xurisdiccional na que se ordene a paralización do procedemento administrativo en curso.
- c) Por calquera actuación fidedigna do obrigado tributario conducente ao pago ou extinción da débeda tributaria.

3. O prazo de prescrición do dereito ao que se refire o parágrafo c) do artigo 42 desta ordenanza interrómtese:
 - a) Por calquera actuación fidedigna do obrigado tributario que pretenda a devolución, o reembolso ou a rectificación da súa autoliquidación.
 - b) Pola interposición, tramitación ou resolución de reclamacións ou recursos de calquera clase.
4. O prazo de prescrición do dereito ao que se refire o parágrafo d) do artigo 42 desta ordenanza interrómtese:
 - a) Por calquera acción da Administración dirixida a efectuar a devolución ou o reembolso.
 - b) Por calquera actuación fidedigna do obrigado tributario pola que esixa o pago da devolución ou o reembolso.
 - c) Pola interposición, tramitación ou resolución de reclamacións ou recursos de calquera clase.
5. Producida a interrupción, iníciase de novo o cómputo do prazo de prescrición, salvo o establecido no apartado seguinte.
6. Cando o prazo de prescrición se interrompese pola interposición do recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, polo exercicio de accións civís ou penais, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición competente ou pola presentación de denuncia ante o Ministerio Fiscal ou pola recepción dunha comunicación xudicial de paralización do procedemento, o cómputo do prazo de prescrición iníciase de novo cando a Administración reciba a notificación da resolución firme que poña fin ao proceso xudicial ou que levante a paralización, ou cando se reciba a notificación do Ministerio Fiscal que devolva o expediente.
 Cando o prazo de prescrición se interrompese pola declaración do concurso do debedor, o cómputo do prazo de prescrición iníciase de novo no momento de aprobación do convenio do concurso para as débedas tributarias non sometidas a el. Con respecto ás débedas tributarias sometidas ao convenio do concurso, o cómputo do prazo de prescrición iníciase de novo cando aquelas resulten esixibles ao debedor. Se o convenio non fose aprobado, o prazo reiniciase cando se reciba a resolución xudicial firme que sinala a dita circunstancia.
 O disposto neste apartado non será aplicable ao prazo de prescrición do dereito da Administración municipal para esixir o pagamento cando non se acordase a suspensión en vía contencioso - administrativa.
7. Interrompido o prazo de prescrición para un obrigado tributario, o devandito efecto esténdese a todos os demais obrigados, incluídos os responsables. Non obstante, se a obriga é mancomunada e só se reclama a un dos obrigados tributarios a parte que lle corresponde, o prazo non se interrompe para os demais.
 Se existisen varias débedas liquidadas a cargo dun mesmo obrigado ao pago, a interrupción da prescrición só lle afectará á débeda á que se refira.

SECCIÓN 7ª

Da condonación

ARTIGO 44. A CONDONACIÓN.

1. As débedas tributarias só poderán condonarse en virtude de lei, na contía e cos requisitos que nela se determinen.
2. A competencia para a condonación das sancións corresponderalle discrecionalmente á Xunta de Goberno Local, logo da petición previa do interesado e cando a execución da sanción imposta afectase grave e substancialmente ao mantemento da capacidade produtiva, ao nivel de emprego, ou á economía do municipio, ou ben producise un grave quebranto para os intereses xerais do Concello.

CAPÍTULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

SECCIÓN 1ª.

A potestade sancionadora

ARTIGO 45. PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA

A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase de acordo cos principios de legalidade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade e non concorrencia. O principio de irretroactividade aplicarase con carácter xeral, non obstante as normas que regulen o réxime de infraccións e sancións tributarias e o das recargas terán efectos retroactivos respecto dos actos que non sexan firmes cando a súa aplicación resulte máis favorable para o interesado.

SECCIÓN 2ª

Concepto e clases de infraccións e sancións tributarias

ARTIGO 46. INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS.

1. Son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grao de negligencia que estean tipificadas e sancionadas como tales na Lei xeral tributaria, nas ordenanzas fiscais e demais disposicións que regulan a Facenda do municipio.
2. Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou patrimonio susceptible de imposición, que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis.
Entre outros, serán suxeitos infractores, os seguintes:
 - a) Os contribuíntes e os substitutos dos contribuíntes.
 - b) Os retores e os obrigados a practicar ingresos a conta.
 - c) Os obrigados ao cumprimento de obrigas tributarias formais.
 - d) A sociedade dominante no réxime de consolidación fiscal.
 - e) As entidades que estean obrigadas a imputar ou atribuír rendas ao seus socios ou membros.
 - f) O representante legal dos suxeitos obrigados que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria.

3. O suxeito infractor terá a consideración de debedor principal para os efectos do disposto no apartado 1 do artigo 41 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria en relación coa declaración de responsabilidade.
4. A concorrencia de varios suxeitos infractores na realización dunha infracción tributaria determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración ao pagamento da sanción.

ARTIGO 47. CUALIFICACIÓN.

1. As infraccións tributarias cualificaranse como leves, graves ou moi graves de acordo co disposto en cada caso nos artigos 191 a 206 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Cada infracción tributaria cualificarase de forma unitaria como leve, grave ou moi grave e, no caso de multas proporcionais, a sanción que proceda aplicárase sobre a totalidade da base da sanción que en cada caso corresponda, salvo no suposto do apartado 6 do artigo 191 da LXT.

2. Para os efectos do establecido neste capítulo, entenderase que existe ocultación de datos á Administración cando non se presenten declaracións ou se presenten declaracións nas que se inclúan feitos ou operacións inexistentes ou con importes falsos, ou nas que se omitan total ou parcialmente operacións, ingresos, rendas, produtos, bens ou calquera outro dato que incida na determinación da débeda tributaria, sempre que a incidencia da débeda derivada da ocultación en relación coa base da sanción sexa superior ao 10 por cento.

As ordenanzas particulares poderán especificar as infraccións e sancións correspondentes ao incumprimento dos deberes de índole xeral e conforme á lei de cada tributo, poderán especificar as infraccións e sancións correspondentes ao incumprimento dos deberes singulares establecidos por elas.

SECCIÓN 3ª Das sancións

ARTIGO 48. SANCIÓN.

1. As infraccións tributarias sancionaranse mediante a imposición de sancións pecuniarias e, cando proceda, de sancións non pecuniarias de carácter accesorio.
2. As sancións pecuniarias poderán consistir en multa fixa ou proporcional.

ARTIGO 49. SANCIÓN NON PECUNIARIAS POR INFRACCIÓN GRAVES OU MOI GRAVES.

1. Cando a multa pecuniaria imposta por infracción grave ou moi grave sexa de importe igual ou superior a 30.000 euros e se utilizase o criterio de graduación de comisión repetida de infraccións tributarias, poderanse impoñer, ademais, as seguintes sancións accesorias:
 - a) Perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a aplicar beneficios e incentivos fiscais de carácter rogado durante un prazo dun ano se a infracción cometida fose grave ou de dous anos se fose moi grave.

- b) Prohibición para contratar co Concello durante un prazo dun ano se a infracción cometida fose grave ou de dous anos se fose moi grave.
2. Cando a multa pecuniaria imposta por infracción moi grave sexa de importe igual ou superior a 60.000 euros e se utilizase o criterio de graduación de comisión repetida de infraccións tributarias, poderanse impoñer, ademais, as seguintes sancións accesorias:
- a) Perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a aplicar beneficios e incentivos fiscais de carácter rogado durante un prazo de tres, catro ou cinco anos, cando o importe da sanción imposta fose igual ou superior a 60.000, 150.000 ou 300.000 euros, respectivamente.
 - b) Prohibición para contratar co Concello durante un prazo de tres, catro ou cinco anos, cando o importe da sanción imposta fose igual ou superior a 60.000, 150.000 ou 300.000 euros, respectivamente.
3. Poderán impoñerse, igualmente, as sancións previstas no apartado 3 do artigo 186 da Lei xeral tributaria, directamente polo Concello ou dando conta ao órgano competente.

ARTIGO 50. CRITERIOS DE GRADUACIÓN DAS SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

1. As sancións tributarias graduaranse exclusivamente conforme aos seguintes criterios, na medida en que resulten aplicables:

- a) Comisión repetida de infraccións tributarias.

Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción da mesma natureza, xa sexa leve, grave ou moi grave, en virtude de resolución firme en vía administrativa dentro dos catro anos anteriores á comisión da infracción.

Para estes efectos terán a consideración de infraccións da mesma natureza aquelas definidas como tales pola Lei xeral tributaria.

Cando concorra esta circunstancia, a sanción mínima incrementarase nas seguintes porcentaxes, salvo que se estableza expresamente outra cousa:

- Cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción leve, o incremento será de cinco puntos porcentuais.
- Cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción grave, o incremento será de 15 puntos porcentuais.
- Cando o suxeito infractor fose sancionado por unha infracción moi grave, o incremento será de 25 puntos porcentuais.

- b) Prexuízo económico para a Facenda municipal.

O prexuízo económico determinarase pola porcentaxe resultante da relación existente entre:

1. A base da sanción; e
2. A contía total que deba ingresarse na autoliquidación ou pola adecuada declaración do tributo ou o importe da devolución inicialmente obtida.

Cando concorra esta circunstancia, a sanción mínima incrementarase nas seguintes porcentaxes:

- Cando o prexuízo económico sexa superior ao 10 por 100 e inferior ou igual ao 25 por

- 100, o incremento será de 10 puntos porcentuais.
- Cando o prexuízo económico sexa superior ao 25 por 100 e inferior ou igual ao 50 por 100, o incremento será de 15 puntos porcentuais.
- Cando o prexuízo económico sexa superior ao 50 por 100 e inferior ou igual ao 75 por 100, o incremento será de 20 puntos porcentuais.
- Cando o prexuízo económico sexa superior ao 75 por 100, o incremento será de 25 puntos porcentuais.

c) Acordo ou conformidade do interesado.

Nos procedementos de verificación de datos e comprobación limitada, salvo que se requira a conformidade expresa, entenderase producida a conformidade sempre que a liquidación resultante non sexa obxecto de recurso ou reclamación económico-administrativa. No procedemento de inspección aplicárase este criterio de graduación cando o obrigado tributario subscriba unha acta con acordo ou unha acta de conformidade.

Cando concorra esta circunstancia, a sanción que resulte da aplicación dos criterios previstos nos parágrafos anteriores deste apartado reducirase de acordo co disposto no artigo seguinte.

2. Os criterios de graduación son aplicables simultaneamente.

ARTIGO 51. REDUCCIÓN DAS SANCIÓNS.

1. A contía das sancións pecuniarias reducirase nas seguintes porcentaxes:

- a) Un 50 por 100 nos supostos de actas con acordo previstos no Regulamento de inspección de tributos.
- b) Un 30 por 100 nos supostos de conformidade.

2. O importe da redución efectuada conforme ao disposto no apartado anterior esixirase sen máis requisito que a notificación ao interesado, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Nos supostos previstos no parágrafo a) do apartado anterior, cando se interpuxese contra a regularización ou a sanción o correspondente recurso contencioso-administrativo ou, no suposto de terse presentado aval ou certificado de seguro de caución en substitución do depósito, cando non se ingresen en período voluntario as cantidades derivadas da acta con acordo, sen que o dito pago se poida aprazar ou fraccionar.
- b) Nos supostos de conformidade, cando se interpuxese recurso ou reclamación contra a regularización.

3. O importe da sanción que deba ingresarse pola comisión de calquera infracción, unha vez aplicada, se é o caso, a redución por conformidade á que se refire o parágrafo b) do apartado 1 deste artigo, reducirase no 25 por 100 se concorren as seguintes circunstancias:

- a) Que se realice o ingreso total do importe restante da dita sanción en período voluntario sen ter presentado solicitude de aprazamento ou fraccionamento de pago.
- b) Que non se interpoña recurso ou reclamación contra a liquidación ou a sanción.

O importe da redución efectuada de acordo co disposto neste apartado esixirase sen máis requisito que a notificación ao interesado, cando se interpuxese recurso ou reclamación en prazo contra a liquidación ou a sanción.

A redución prevista neste apartado non será aplicable ás sancións que procedan nos supostos de actas con acordo.

4. Cando segundo o disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo se esixa o importe da redución efectuada, non será necesario interpoñer recurso independente contra o dito acto se previamente se interpuxese recurso ou reclamación contra a sanción reducida.
Se se interpuxese recurso contra a sanción reducida entenderase que a contía á que se refire o devandito recurso será o importe total da sanción, e estenderanse os efectos suspensivos derivados do recurso á redución efectuada que se esixa.

ARTIGO 52. EXTINCIÓN DAS SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

1. As sanción s tributarias extínguense polo pago ou cumprimento, por prescrición do dereito para esixir o seu pagamento, por compensación, por condonación e polo falecemento de todos os obrigados a satisfacelas.
2. Será de aplicación ás sanción s tributarias o disposto na sección 4ª do capítulo IV desta ordenanza.
En particular, a prescrición do dereito para esixir o pago das sanción s tributarias regularase polas normas establecidas na sección 6ª do capítulo IV desta ordenanza citadas relativas á prescrición do dereito da Administración municipal para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas.
3. A recadación das sanción s regularase polas normas incluídas nesta ordenanza e na Ordenanza xeral de recadación.
4. As sanción s tributarias ingresadas indebidamente terán a consideración de ingresos indebidos para os efectos da Ordenanza xeral de xestión.

SECCIÓN 4ª

Procedemento sancionador en materia tributaria

ARTIGO 53. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

1. O procedemento sancionador en materia tributaria tramitarase de forma separada aos de aplicación dos tributos regulados nesta ordenanza, salvo renuncia do obrigado tributario, en cuxo caso tramitarase conxuntamente.
2. Nos supostos de actas con acordo e naqueloutros en que o obrigado tributario renunciase á tramitación separada do procedemento sancionador, as cuestión s relativas ás infracción s analizaranse no correspondente procedemento de aplicación dos tributos de acordo coa súa normativa reguladora, conforme se estableza regulamentariamente.

Nas actas con acordo, a renuncia ao procedemento separado farase constar expresamente nelas, e a proposta de sanción debidamente motivada, co contido previsto no apartado 4 do artigo 55 desta ordenanza, incluírase na acta con acordo.

3. A práctica de notificacións no procedemento sancionador en materia tributaria efectuarase de acordo co previsto na subsección 4ª, sección 2ª do capítulo VI desta ordenanza.

ARTIGO 54. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR EN MATERIA TRIBUTARIA.

1. O procedemento sancionador en materia tributaria iniciárase sempre de oficio, mediante a notificación do acordo do órgano competente, despois da moción previa subscrita polo xefe da sección correspondente da Adxuntía de Facenda, polo xefe da Inspección ou a través das dilixencias dos funcionarios da Inspección. A instrución do expediente corresponderalle ao xefe da dependencia administrativa á que corresponda a xestión do tributo, salvo que se dispoña outra cousa.

2. Os procedementos sancionadores que se incoen como consecuencia dun procedemento iniciado mediante declaración ou dun procedemento de verificación de datos, comprobación ou inspección non poderán iniciarse respecto á persoa ou entidade que fose obxecto do procedemento unha vez transcorrido o prazo de tres meses dende que se notificase ou se entendese notificada a correspondente liquidación ou resolución.

ARTIGO 55. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR EN MATERIA TRIBUTARIA.

1. Na instrución do procedemento sancionador serán de aplicación as normas especiais sobre o desenvolvemento das actuacións e procedementos tributarios.
 2. Os datos, probas ou circunstancias que obren ou fosen obtidos nalgún dos procedementos de aplicación dos tributos regulados nesta ordenanza e vaian ser tidos en conta no procedemento sancionador deberán incorporarse formalmente a el antes da proposta de resolución.
 3. No curso do procedemento sancionador poderanse adoptar medidas cautelares de acordo co disposto no Regulamento de inspección de tributos.
 4. Concluídas as actuacións, formularase a proposta de resolución na que se recollerán de forma motivada os feitos, a súa cualificación xurídica e a infracción que aqueles poidan constituír ou a declaración, se é o caso, de inexistencia de infracción ou responsabilidade.
- Na proposta de resolución concretarase, así mesmo, a sanción proposta con indicación dos criterios de graduación aplicados, con motivación adecuada da procedencia destes.

A proposta de resolución seralle notificada ao interesado, indicaráselle a posta de manifesto do expediente e concederáselle un prazo de 15 días para que alegue canto considere conveniente e presente os documentos, xustificantes e probas que estime oportunos.

5. Cando ao tempo de iniciarse o expediente sancionador se encontrasen en poder do órgano competente todos os elementos que permitan formular a proposta de imposición de sanción, esta incorporarase ao acordo de iniciación. O devandito acordo seralle notificado ao interesado, indicaráselle a posta de manifesto do expediente e concederáselle un prazo de 15 días para que alegue canto considere conveniente e presente os documentos, xustificantes e probas que estime oportunos.

ARTIGO 56. TERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

1. O procedemento sancionador en materia tributaria terminará mediante resolución ou por caducidade.
Cando nun procedemento sancionador iniciado como consecuencia dun procedemento de inspección o interesado preste a súa conformidade á proposta de resolución, entenderase dita e notificada a resolución polo órgano competente para impoñer a sanción, de acordo coa dita proposta, polo transcurso do prazo dun mes que se contará dende a data en que a dita conformidade se manifestou, sen necesidade de nova notificación expresa para o efecto, salvo que no devandito prazo o órgano competente para impoñer a sanción lle notifique ao interesado acordo con algún dos contidos esixidos para as actas de conformidade.
2. O procedemento sancionador en materia tributaria deberá concluír no prazo máximo de seis meses contados dende a notificación da comunicación de inicio do procedemento. Entenderase que o procedemento conclúe na data en que se notifique o acto administrativo de resolución.
3. A resolución expresa do procedemento sancionador en materia tributaria conterá a fixación dos feitos, a valoración das probas efectuadas, a determinación da infracción cometida, a identificación da persoa ou entidade infractora e a cuantificación da sanción que

se impón, con indicación dos criterios de graduación desta e da redución que proceda de acordo co previsto nesta ordenanza. Se é o caso, conterá a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade.

4. O vencemento do prazo establecido no apartado 2 deste artigo sen que se notificase a resolución expresa producirá a caducidade do procedemento.
A declaración de caducidade poderá ditarse de oficio ou por instancia do interesado e ordenará o arquivo das actuacións. Esta caducidade impedirá a iniciación dun novo procedemento sancionador.
5. O órgano competente para a imposición de sancións é a Xunta de Goberno Local ou concelleiro en quen delegue.

ARTIGO 57. RECURSOS CONTRA SANCIÓNS

1. O acto de resolución do procedemento sancionador poderá ser obxecto de recurso ou reclamación independente. No suposto de que o contribuínte impugne tamén a débeda tributaria, acumularanse ambos recursos ou reclamacións, sendo competente o que coñeza a impugnación contra a débeda.
 2. Poderase recorrer contra a sanción sen perder a redución por conformidade prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 51 desta ordenanza sempre que non se impugne a regularización.
- As sancións que deriven de actas con acordo non poderán ser impugnadas en vía administrativa. A impugnación da dita sanción en vía contencioso-administrativa supoñerá a esixencia do importe da redución efectuada.
3. A interposición en tempo e forma dun recurso ou reclamación administrativa contra unha sanción producirá os seguintes efectos:
 - a) A execución das sancións quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de proporcionar garantías ata que sexan firmes en vía administrativa.
 - b) Non se esixirán intereses de demora polo tempo que transcorra ata a finalización do prazo de pago en período voluntario aberto pola notificación da resolución que poña fin á vía administrativa.

CAPÍTULO VI. A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

SECCIÓN 1ª.

Principios xerais

ARTIGO 58. ÁMBITO DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.

1. A aplicación dos tributos comprende todas as actividades administrativas dirixidas á información e asistencia aos obrigados tributarios e á xestión, inspección e recadación, así como as actuacións dos obrigados no exercicio dos seus dereitos ou en cumprimento das súas obrigas tributarias e estará encomendada á Adxuntía de Xestión Tributaria e Facenda, integrada no Servizo de Xestión Tributaria, segundo o organigrama vixente no Concello, salvo aquelas exaccións que na súa ordenanza respectiva encomenden a súa administración a unha unidade distinta. Corresponde en todo caso á Adxuntía de Xestión Tributaria e Facenda a tramitación ou informe dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, concesión de beneficios fiscais, a proposta de circulares ou acordos de interpretación das ordenanzas, modelos de impresos e demais aspectos xerais da xestión tributaria.

2. As funcións de aplicación dos tributos exerceranse de forma separada á de resolución das reclamacións económico-administrativas que se interpoñan contra os actos ditados pola Administración.
3. A aplicación dos tributos desenvolverase a través dos procedementos administrativos de xestión, inspección, recadación e os demais previstos neste capítulo.

ARTIGO 59. COLABORACIÓN SOCIAL

1. As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como as entidades mencionadas no apartado 4 do artigo 20 desta ordenanza, estarán obrigadas a proporcionarlle á Administración tributaria municipal toda clase de datos, informes, antecedentes e xustificantes con transcendencia tributaria relacionados co cumprimento das súas propias obrigas tributarias ou deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas.
2. Para facer efectivo o devandito deber de colaboración establécense os seguintes procedementos:
 - a) Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta motivada da unidade administrativa encargada da xestión do tributo, coa conformidade do adxunto do Servizo de Xestión Tributaria e de Facenda, requirir dos citados obrigados os datos que se estimen necesarios para a xestión dos tributos. Cando se trate da petición masiva de datos relativos a un mesmo tributo, abondará con que a Xunta de Goberno autorice xenericamente as condicións do requirimento, en canto ás persoas, motivo e obxecto do requirimento, podendo ser comunicado polas oficinas xestoras.
 - b) A Inspección de Tributos, conforme ao seu regulamento, e os negociados ou unidades xestoras, poderán recadar directamente dos obrigados tributarios os datos e documentos que precisen para completar os expedientes que tramiten, cando os seus destinatarios coñezan a súa existencia por ser iniciados a raíz da súa propia declaración, ou por serlles comunicada a súa iniciación. Tamén poderán ser requiridos datos correspondentes a tributos periódicos e que se refiran aos datos consignados no correspondente censo.
3. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración municipal no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada e para a imposición das sancións que procedan, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, salvo nos casos expresamente autorizados pola lei, despois da autorización previa da Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 60. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

1. O Concello poderá establecer convenios de colaboración con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais, así como os procedementos de xestión e recadación.

Os convenios non poderán supoñer unha diminución das tarifas nin establecer beneficios fiscais non previstos na correspondente ordenanza.
2. Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios e ao Alcalde ditar as resolucións que sexan precisas para a súa execución.

3. Os convenios terán como contido mínimo o seguinte:
 - a) Obxecto do convenio.
 - b) Ámbito de aplicación obxectivo e subxectivo.
 - c) Prazo de duración e prórroga, se é o caso.
 - d) Normas de xestión e, entre elas, a forma de presentación de declaracións, prazos de pago, documentación que debe terse a disposición do Concello para a comprobación das bases impositibles, garantías do cumprimento e sancións por incumprimento, renuncia ao convenio e domicilio e forma de efectuar as notificacións.

ARTIGO 61. INSPECCIÓN

As actuacións da Inspección de Tributos réxense polo seu regulamento.

ARTIGO 62. RECADACIÓN

1. A xestión recadadora consiste no exercicio da función administrativa conducente á realización dos créditos tributarios e demais de Dereito Público de titularidade do Concello.
2. O procedemento recadador será exclusivamente administrativo e constará de dous períodos, voluntario e executivo.
3. A xestión recadadora municipal rexerase pola súa normativa específica e, en especial, pola Ordenanza xeral de recadación aprobada polo Concello.

SECCIÓN 2ª.

Especialidades dos procedementos administrativos en materia tributaria

Subsección 1

Fases dos procedementos tributarios

ARTIGO 63. INICIACIÓN E TERMINACIÓN DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS

1. As actuacións e procedementos tributarios poderán iniciarse de oficio ou por instancia do obrigado tributario, mediante autoliquidación, declaración, comunicación, solicitude ou calquera outro medio previsto na normativa tributaria.
2. Os documentos de iniciación das actuacións e procedementos tributarios deberán incluír, en todo caso, o nome e os apelidos ou razón social e o número de identificación fiscal do obrigado tributario e, se é o caso, da persoa que o represente.
3. O Concello poderá aprobar modelos e sistemas normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro medio previsto na normativa tributaria para os casos en que se produza a tramitación masiva das actuacións e procedementos tributarios. A Administración municipal poñerá a disposición dos obrigados tributarios os modelos mencionados nas condicións que sinala a normativa tributaria.
4. Poñerá fin aos procedementos tributarios a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se fundamente a solicitude, a imposibilidade material de continuálos por causas sobrevidas, a caducidade, o cumprimento da obriga que fose obxecto de requirimento ou calquera outra causa prevista no ordenamento tributario.

Subsección 2

Liquidacións tributarias

ARTIGO 64. LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS: CONCEPTO E CLASES

1. A liquidación tributaria é o acto resolutorio mediante o cal o órgano competente da Administración municipal realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da débeda tributaria ou da cantidade que, se é o caso, resulte a devolver ou a compensar de acordo coa normativa tributaria.
A Administración municipal non estará obrigada a axustar as liquidacións aos datos consignados polos obrigados tributarios nas autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro documento.
2. As liquidacións tributarias serán provisionais ou definitivas.
3. Terán a consideración de definitivas:
 - a) As efectuadas no procedemento inspector logo da comprobación e investigación previas da totalidade dos elementos da obriga tributaria, salvo o disposto no apartado 4 deste artigo.
 - b) As demais ás que a normativa tributaria outorgue tal carácter.
4. Nos demais casos, as liquidacións tributarias terán o carácter de provisionais. Poderán ditarse liquidacións provisionais no procedemento de inspección nos supostos determinados no Regulamento de inspección municipal.

ARTIGO 65. NOTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS

1. As liquidacións tributarias deberán sêrenlles notificadas aos obrigados tributarios nos termos previstos na subsección 4 do presente capítulo.
2. As liquidacións notificaranse con expresión de:
 - a) A identificación do obrigado tributario.
 - b) Os elementos determinantes da contía da débeda tributaria.
 - c) A motivación das liquidacións cando non se axusten aos datos consignados polo obrigado tributario ou á aplicación ou interpretación da normativa realizada por el, con expresión dos feitos e elementos esenciais que as orixinen, así como dos fundamentos de dereito.
 - d) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, órgano ante o que teñan que presentarse e prazo para a súa interposición.
 - e) O lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.
 - f) O seu carácter de provisional ou definitiva.
3. Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.
O aumento de base imponible sobre a resultante das declaracións deberá notificárselle ao contribuínte con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas leis.

Subsección 3

Obriga de resolver e prazos de resolución

ARTIGO 66. OBRIGA DE RESOLVER

1. A Administración municipal está obrigada a resolver expresamente todas as cuestións que se formulen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a devandita resolución expresa.
2. Non existirá obriga de resolver expresamente nos procedementos relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación polo obrigado tributario e nos que se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou a desistencia dos interesados.

Non obstante, cando o interesado solicite expresamente que a Administración municipal declare que se produciu algunha das referidas circunstancias, esta quedará obrigada a contestar a súa petición.

3. Os actos de liquidación, os de comprobación de valor, os que impoñan unha obriga, os que deneguen un beneficio fiscal ou a suspensión da execución de actos de aplicación dos tributos, así como cantos outros se dispoñan na normativa vixente, serán motivados con referencia sucinta aos feitos e fundamentos de dereito.

ARTIGO 67. PRAZOS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA

1. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución será o fixado pola normativa reguladora do correspondente procedemento, sen que poida exceder de seis meses, salvo que estea establecido por unha norma con rango de lei ou veña previsto na normativa comunitaria europea. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen prazo máximo, este será de seis meses.

O prazo contarase:

- a) Nos procedementos iniciados de oficio, dende a data de notificación do acordo de inicio.
- b) Nos procedementos iniciados por instancia do interesado, dende a data en que o documento tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Queda excluído do disposto neste apartado o procedemento de prema, cuxas actuacións poderán estenderse ata o prazo de prescrición do dereito de cobro.

2. Só para os efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente acreditar que se realizou un intento de notificación que conteña o texto íntegro da resolución.

Os períodos de interrupción xustificada que se especifiquen regulamentariamente e as dilacións no procedemento por causa non imputable á Administración municipal non se incluírán no cómputo do prazo de resolución.

3. Nos procedementos iniciados por instancia de parte, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa producirá os efectos que estableza a súa normativa reguladora. Para estes efectos, en todo procedemento de aplicación dos tributos deberase regular expresamente o réxime de actos presuntos que lle corresponda. En defecto da dita regulación, os interesados poderán entender estimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, salvo as formuladas nos procedementos de exercicio

do dereito de petición a que se refire o artigo 29 da Constitución e nos de impugnación de actos e disposicións, nos que o silencio terá efecto desestimatorio.

Cando se produza a paralización do procedemento por causa imputable ao obrigado tributario, a Administración municipal advertirao de que, transcorridos tres meses, poderá declarar a súa caducidade.

4. Nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se notificase resolución expresa producirá os efectos previstos na normativa reguladora de cada procedemento de aplicación dos tributos.
En ausencia de regulación expresa, produciranse os seguintes efectos:
 - a) Se se trata de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento ou, se é o caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas individualizadas, os obrigados tributarios poderán entender desestimados por silencio administrativo os posibles efectos favorables derivados do procedemento.
 - b) Nos procedementos susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame producirase a caducidade do procedemento.
5. Producida a caducidade, esta será declarada, de oficio ou por instancia do interesado, e ordenarase o arquivo das actuacións.

Esta caducidade non producirá, por si soa, a prescrición dos dereitos da Administración municipal, pero as actuacións realizadas nos procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición nin se considerarán requirimentos administrativos para os efectos previstos no apartado 1 do artigo 38 desta ordenanza.

As actuacións realizadas no curso dun procedemento caducado, así como os documentos e outros elementos de proba obtidos no dito procedemento, conservarán a súa validez e eficacia a efectos probatorios noutros procedementos iniciados ou que poidan iniciarse con posterioridade en relación co mesmo ou outro obrigado tributario.

Subsección 4ª

Notificacións

ARTIGO 68. LUGAR DE PRÁCTICA DAS NOTIFICACIÓNS.

1. Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, a notificación efectuarase no lugar sinalado para tal efecto polo obrigado tributario ou o seu representante ou, no seu defecto, no domicilio fiscal dun ou doutro. A posterior modificación desta domiciliación, para os tributos de cobros periódicos, deberá solicitarse antes dos tres meses da data do inicio do período de cobro. Se a solicitude se produce con posterioridade producirá efectos para o período de cobro do exercicio seguinte.
2. Nos procedementos iniciados de oficio, a notificación poderá efectuarse no domicilio fiscal do obrigado tributario ou do seu representante, no centro de traballo, no lugar onde se desenvolva a actividade económica ou en calquera outro adecuado para tal fin.

ARTIGO 69. PERSOAS LEXITIMADAS PARA RECIBIR AS NOTIFICACIÓNS.

1. Cando a notificación se efectúe no lugar sinalado para o efecto polo obrigado tributario ou polo seu representante, ou no domicilio fiscal dun ou doutro, se non están presentes no momento da entrega, poderá facerse cargo dela calquera persoa que se encontre no dito lugar ou domicilio e faga constar a súa identidade, así como os empregados da comunidade de veciños ou de propietarios onde radique o lugar sinalado para os efectos de notificacións ou o domicilio fiscal do obrigado ou do seu representante.

2. O rexeitamento da notificación realizado polo interesado ou o seu representante implicará que se teña por efectuada esta.

ARTIGO 70. NOTIFICACIÓN POR COMPARECENCIA

1. Cando non sexa posible efectuarlle a notificación ao obrigado tributario ou ao seu representante por causas non imputables á Administración municipal e intentada polo menos dúas veces no domicilio fiscal, ou no designado polo interesado se se trata dun procedemento iniciado por solicitude del, faranse constar no expediente as circunstancias dos intentos de notificación. Será suficiente un só intento cando o destinatario conste como descoñecido no dito domicilio ou lugar.
Neste suposto, citarase o obrigado ou o seu representante para seren notificados por comparecencia por medio de anuncios que se publicarán, por unha soa vez para cada interesado, no «Boletín Oficial do Estado».
A publicación, no «Boletín Oficial do Estado», efectuarase os luns, mércores e venres de cada semana.
Estes anuncios poderán expoñerse, así mesmo, na oficina da Administración tributaria correspondente ao último domicilio fiscal coñecido. No caso de que o último domicilio coñecido radicase no estranxeiro, o anuncio poderase expoñer no consulado ou sección consular da embaixada correspondente.
A Administración municipal poderá levar a cabo os anteriores anuncios mediante o emprego e utilización de medios informáticos, electrónicos e telemáticos nos termos que para cada caso se establezan.
2. Na publicación no Boletín Oficial constará a relación de notificacións pendentes con indicación do obrigado tributario ou do seu representante, o procedemento que as motiva, o órgano competente da súa tramitación e o lugar e prazo en que o destinatario delas deberá comparecer para ser notificado. En todo caso, a comparecencia deberá producirse no prazo de 15 días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no «Boletín Oficial del Estado». Transcorrido o devandito prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida para todos os efectos legais o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado.
3. Cando o inicio dun procedemento ou calquera dos seus trámites se entendan notificados por non ter comparecido o obrigado tributario ou o seu representante, teráselle por notificado das sucesivas actuacións e dilixencias do dito procedemento, e manterase o dereito que lle asiste a comparecer en calquera momento do procedemento. Non obstante, as liquidacións que se diten no procedemento e os acordos de alleación dos bens embargados deberán ser notificados de acordo co establecido nesta sección.

Subsección 5ª **Denuncia pública**

ARTIGO 71. DENUNCIA PÚBLICA

1. Mediante a denuncia pública poderanse poñer en coñecemento da Administración municipal feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións tributarias ou ter transcendencia para a aplicación dos tributos. A denuncia pública é independente do deber de colaborar coa Administración tributaria regulado nos artigos 93 e 94 da LXT.
2. Recibida unha denuncia, remitirase ao órgano competente para realizar as actuacións que puidesen proceder. Este órgano poderá acordar o arquivo da denuncia cando se considere infundada ou cando non se concreten ou identifiquen suficientemente os feitos ou as persoas denunciadas.

Poderanse iniciar as actuacións que procedan se existen indicios suficientes de veracidade nos feitos imputados e estes son descoñecidos para a Administración municipal. Neste caso, a denuncia non formará parte do expediente administrativo.

3. Non se considerará o denunciante interesado nas actuacións administrativas que se inicien como consecuencia da denuncia nin será informado do seu resultado. Tampouco estará lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos resultados das devanditas actuacións.

Subsección 6ª

Potestades e funcións de comprobación e investigación

ARTIGO 72. POTESTADES E FUNCIÓNS DE COMPROBACIÓN E INVESTIGACIÓN

1. A Administración municipal poderá comprobar e investigar os feitos, actos, elementos, actividades, explotacións, valores e demais circunstancias determinantes da obriga tributaria para verificar o correcto cumprimento das normas aplicables para o efecto.
2. No desenvolvemento das funcións de comprobación ou investigación, a Administración municipal cualificará os feitos, actos ou negocios realizados polo obrigado tributario con independencia da previa cualificación que este lles dese.
3. Os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras, ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron, terán carácter provisional. A Administración municipal poderá comprobar nun posterior procedemento de aplicación dos tributos a concorrencia de tales condicións ou requisitos e, se é o caso, regularizar a situación tributaria do obrigado sen necesidade de proceder á previa revisión dos ditos actos provisionais conforme ao disposto no Capítulo VII desta ordenanza.

SECCIÓN 3ª

Actuacións e procedementos de xestión tributaria

Subsección 1

Disposicións xerais.

ARTIGO 73. FORMAS DE INICIACIÓN DA XESTIÓN TRIBUTARIA

De acordo co previsto na normativa tributaria, a xestión tributaria iniciárase:

- a) Por unha autoliquidación, por unha comunicación de datos ou por calquera outra clase de declaración.
- b) Por unha solicitude do obrigado tributario, de acordo co previsto no artigo 63 desta ordenanza.
- c) De oficio pola Administración municipal.

ARTIGO 74. DECLARACIÓN TRIBUTARIA.

1. Considerarase declaración tributaria todo documento presentado ante a Administración onde se recoñeza ou manifieste a realización de calquera feito relevante para a aplicación dos tributos.
A presentación dunha declaración non implica aceptación ou recoñecemento polo obrigado tributario da procedencia da obriga tributaria.
Será obrigatorio consignar en todas as declaracións e demais documentos con trans-

cendencia tributaria que se dirixan ao Concello o Número de Identificación Fiscal dos interesados e, se é o caso, das persoas que os representen, así como o seu domicilio. Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu domicilio fiscal e o cambio deste á Administración tributaria municipal no prazo dun mes dende que tivese lugar o cambio. O cambio de domicilio fiscal non producirá efectos fronte á Facenda municipal ata que se cumpra co dito deber; non obstante, a Administración tributaria municipal poderá comprobar e rectificar de oficio o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios.

A declaración deberá presentarse dentro dos prazos determinados na normativa reguladora de cada tributo e, en xeral, dentro do mes seguinte a aquel en que se produza o feito imponible. As declaracións que teñan por obxecto o poñer en coñecemento da Administración as baixas ou variacións en elementos tributarios para a xestión de tributos de cobro periódico, presentaranse dentro do mes seguinte á data en que se produzan, e os seus efectos terán lugar no período impositivo seguinte ao día da súa presentación, salvo que a respectiva ordenanza indique o contrario.

2. As opcións que segundo a normativa tributaria se deban exercitar, solicitar ou renunciar coa presentación dunha declaración non poderán rectificarse con posterioridade a ese momento, salvo que a rectificación se presente no período regulamentario de declaración.

ARTIGO 75. AUTOLIQUIDACIÓNS.

1. As autoliquidacións son declaracións nas que os obrigados tributarios, ademais de lle comunicar á Administración municipal os datos necesarios para a liquidación do tributo e outros de contido informativo, realizan por si mesmos as operacións de cualificación e cuantificación necesarias para determinar e ingresar o importe da débeda tributaria ou, se é o caso, determinar a cantidade que resulte para devolver ou para compensar.
2. As autoliquidacións presentadas polos obrigados tributarios poderán ser obxecto de verificación e comprobación polo Concello, que efectuará, se é o caso, a liquidación que proceda.
3. Cando un obrigado tributario considere que unha autoliquidación prexudicou de calquera modo os seus intereses lexítimos, poderá instar a rectificación da dita autoliquidación. Cando a rectificación dunha autoliquidación orixine unha devolución derivada da normativa do tributo e transcorren seis meses sen que se ordenase o pago por causa imputable á Administración municipal, esta aboará o interese de demora do artigo 40 desta ordenanza sobre o importe da devolución que proceda, sen necesidade de que o obrigado o solicite. Para estes efectos, o prazo de seis meses comezará a contarse a partir da finalización do prazo para a presentación da autoliquidación ou, se este conclúise, a partir da presentación da solicitude de rectificación. Cando a rectificación dunha autoliquidación orixine a devolución dun ingreso indebido, a Administración municipal aboará o interese de demora nos termos sinalados no apartado 2 do artigo 15 desta ordenanza.

ARTIGO 76. COMUNICACIÓN DE DATOS.

Considérase comunicación de datos a declaración presentada polo obrigado tributario ante a Administración municipal para que esta determine a cantidade que, se é o caso, resulte para devolver. Entenderase solicitada a devolución mediante a presentación da citada comunicación.

ARTIGO 77. DECLARACIÓNS, AUTOLIQUIDACIÓNS E COMUNICACIÓNS COMPLEMENTARIAS OU SUBSTITUTIVAS.

1. Os obrigados tributarios poderán presentar autoliquidacións complementarias, ou declaracións ou comunicacións complementarias ou substitutivas, dentro do prazo establecido para a súa presentación ou con posterioridade á finalización do dito prazo, sempre que non prescribise o dereito da Administración municipal para determinar a débeda tributaria. Neste último caso terán o carácter de extemporáneas.
2. As autoliquidacións complementarias terán como finalidade completar ou modificar as presentadas con anterioridade e poderanse presentar cando delas resulte un importe para ingresar superior ao da autoliquidación anterior ou unha cantidade para devolver ou para compensar inferior á anteriormente autoliquidada. Nos demais casos, estarase ao disposto no apartado 3 do artigo 75 desta ordenanza.
Non obstante o disposto no parágrafo anterior e salvo que especificamente se estableza outra cousa, cando con posterioridade á aplicación dunha exención, dedución o incentivo fiscal se produza a perda do dereito á súa aplicación por incumprimento dos requisitos a que estivese condicionado, o obrigado tributario deberá incluír na autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se producise o incumprimento a cota ou cantidade derivada da exención, dedución ou incentivo fiscal aplicado de forma indebida nos períodos impositivos anteriores xunto cos intereses de demora.
3. Os obrigados tributarios poderán presentar declaracións ou comunicacións de datos complementarias ou substitutivas, facendo constar se se trata dunha ou outra modalidade, coa finalidade de completar ou substituír as presentadas con anterioridade.

Subsección 2

Procedementos de xestión tributaria

ARTIGO 78. PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA

1. Son procedementos de xestión tributaria, entre outros, os seguintes:
 - a) O procedemento de devolución iniciado mediante autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos.
 - b) O procedemento iniciado mediante declaración.
 - c) O procedemento de verificación de datos.
 - d) O procedemento de comprobación de valores.
 - e) O procedemento de comprobación limitada.

Ademais tamén son procedementos de xestión tributaria:

- a) A petición de certificados
- b) O procedemento para a declaración de conflito en aplicación da norma tributaria.
- c) Procedemento para a confección e aprobación de padróns para o cobro de tributos periódicos.

ARTIGO 79. PROCEDEMENTO DE DEVOLUCIÓN INICIADO MEDIANTE AUTOLIQUIDACIÓN, SOLICITUDE OU COMUNICACIÓN DE DATOS.

1. O procedemento de devolución iníciase mediante a presentación dunha autoliquidación da que resulte cantidade para devolver, mediante a presentación dunha solicitude de devolución ou mediante a presentación dunha comunicación de datos.
2. O procedemento de devolución terminará polo acordo no que se recoñeza a devolución

solicitada, por caducidade ou polo inicio dun procedemento de verificación de datos, de comprobación limitada ou de inspección. En todo caso manterase a obriga de satisfacer o interese de demora sobre a devolución que finalmente se poida efectuar.

ARTIGO 80. PROCEDEMENTO INICIADO MEDIANTE DECLARACIÓN.

1. Cando a normativa do tributo así o estableza, a súa xestión iniciárase mediante a presentación dunha declaración polo obrigado tributario na que manifeste a realización do feito impositivo e comunique os datos necesarios para que a Administración municipal cuantifique a obriga tributaria mediante a práctica dunha liquidación provisional.
2. A Administración municipal poderá iniciar de novo este procedemento para a liquidación do tributo dentro do prazo de prescrición cando o procedemento iniciado mediante declaración terminase por caducidade.
3. A Administración municipal deberá notificar a liquidación nun prazo de seis meses dende o día seguinte á finalización do prazo para presentar a declaración ou dende o seguinte á comunicación da Administración pola que se inicie o procedemento no suposto ao que se refire o apartado 2 do artigo anterior. No suposto de presentación de declaracións extemporáneas, o prazo de seis meses para notificar a liquidación comezará a contarse dende o día seguinte á presentación da declaración. A normativa de cada tributo poderá sinalar prazos diferentes para notificar a liquidación.
4. Para os efectos do previsto no apartado anterior, a Administración municipal poderá utilizar os datos consignados polo obrigado tributario na súa declaración ou calquera outro que obre no seu poder, poderá requirir ao obrigado para que aclare os datos consignados na súa declaración ou presente xustificante deles e poderá realizar actuacións de comprobación de valores.
5. Realizadas as actuacións de cualificación e cuantificación oportunas, a Administración notificará, sen máis trámite, a liquidación que proceda, salvo o disposto no parágrafo seguinte.

Cando se realizasen actuacións de acordo co disposto no apartado 4 deste artigo e os datos ou valores tidos en conta pola Administración municipal non se correspondan cos consignados polo obrigado na súa declaración, deberá facerse mención expresa desta circunstancia na proposta de liquidación, que deberá notificarse, cunha referencia sucinta aos feitos e fundamentos de dereito que a motiven, para que o obrigado tributario alegue o que conveña ao seu dereito.

Nas liquidacións que se diten neste procedemento non se esixirán intereses de demora dende a presentación da declaración ata a finalización do prazo para o pago en período voluntario, sen prexuízo da sanción que poida proceder.

ARTIGO 81. PROCEDEMENTO DE VERIFICACIÓN DE DATOS.

1. A Administración municipal poderá iniciar o procedemento de verificación de datos nos seguintes supostos:
 - a) Cando a declaración ou autoliquidación do obrigado tributario teña defectos formais ou incorra en erros aritméticos.
 - b) Cando os datos declarados non coincidan cos contidos noutras declaracións presentadas polo mesmo obrigado ou cos que obren en poder da Administración municipal.

- c) Cando se aprecie unha aplicación indebida da normativa que resulte patente da propia declaración ou autoliquidación presentada ou dos xustificantes presentados con ela.
 - d) Cando se requira a aclaración ou xustificación dalgún dato relativo á declaración ou autoliquidación presentada, sempre que non se refira ao desenvolvemento de actividades económicas.
2. O procedemento de verificación de datos poderase iniciar mediante requirimento da Administración municipal para que o obrigado tributario aclare ou xustifique a discrepancia observada ou os datos relativos á súa declaración ou autoliquidación, ou mediante a notificación da proposta de liquidación cando a Administración municipal conte con datos suficientes para formulala.
 3. Cando o obrigado tributario manifeste a súa desconformidade cos datos que obren en poder da Administración municipal, aplicase o disposto no apartado 4 do artigo 108 da LXT.
 4. Con carácter previo á práctica da liquidación provisional, a Administración municipal deberá comunicarlle ao obrigado tributario a proposta de liquidación para que alegue o que conveña ao seu dereito. A proposta de liquidación provisional deberá ser en todo caso motivada cunha referencia sucinta aos feitos e fundamentos de dereito que fosen tidos en conta nela.

ARTIGO 82. PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN DE VALORES

1. A Administración poderá proceder á comprobación de valores, salvo que o obrigado tributario declarese utilizando os valores publicados pola propia Administración en aplicación dalgún dos citados medios.

O procedemento poderase iniciar mediante unha comunicación da Administración ou, cando se conte con datos suficientes, mediante a notificación conxunta das propostas de liquidación e valoración a que se refire o apartado 3 deste artigo.

O prazo máximo para notificar a valoración e, se é o caso, a liquidación prevista neste artigo será de seis meses.

2. A Administración deberá notificarlles aos obrigados tributarios as actuacións que precisen da súa colaboración. Nestes supostos, os obrigados deberán facilitarlle á Administración tributaria municipal a práctica das ditas actuacións.
3. Se o valor determinado pola Administración é distinto ao declarado polo obrigado tributario, aquela, ao tempo de notificar a proposta de regularización, comunicará a proposta de valoración debidamente motivada, con expresión dos medios e criterios empregados. Transcorrido o prazo de alegacións aberto coa proposta de regularización, a Administración notificará a regularización que proceda á que deberá achegarse a valoración realizada.

Os obrigados tributarios non poderán interpoñer recurso ou reclamación independente contra a valoración, pero poderán promover a taxación pericial contraditoria ou formular calquera cuestión relativa á valoración con ocasión dos recursos ou reclamacións que, se é o caso, interpoñan contra o acto de regularización.

4. Nos supostos nos que a lei estableza que o valor comprobado debe producir efectos res-

pecto a outros obrigados tributarios, a Administración quedará vinculada por ese valor en relación cos demais interesados.

Cando nun procedemento posterior o valor comprobado se aplique a outros obrigados tributarios, estes poderán promover a súa impugnación ou a taxación pericial contraditoria.

5. Se da impugnación ou da taxación pericial contraditoria promovida por un obrigado tributario resultase un valor distinto, o devandito valor será aplicable aos restantes obrigados tributarios aos que fose de aplicación o dito valor en relación coa Administración, tendo en consideración o disposto no segundo parágrafo do apartado anterior.

ARTIGO 83. PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA

1. No procedemento de comprobación limitada a Administración municipal poderá comprobar os feitos, actos, elementos, actividades, explotacións e demais circunstancias determinantes da obriga tributaria.
2. Neste procedemento, a Administración municipal poderá realizar unicamente as seguintes actuacións:
 - a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións e dos xustificantes presentados ou que se requiran para o efecto.
 - b) Exame dos datos e antecedentes en poder da Administración municipal que poñan de manifesto a realización do feito imponible ou do presuposto dunha obriga tributaria, ou a existencia de elementos determinantes dela non declarados ou distintos aos declarados polo obrigado tributario.
 - c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial con excepción da contabilidade mercantil, así como o exame das facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas nos ditos libros, rexistros ou documentos.
 - d) Requirimentos a terceiros para que proporcionen a información que se encontren obrigados a subministrar con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.
3. As actuacións de comprobación limitada iniciaranse de oficio por acordo do órgano competente. O inicio das actuacións de comprobación limitada deberá notificárselles aos obrigados tributarios mediante unha comunicación que deberá expresar a natureza e alcance das ditas actuacións e informará sobre os seus dereitos e obrigas no curso de tales actuacións.

Cando os datos en poder do Concello sexan suficientes para formular a proposta de liquidación, o procedemento poderá iniciarse mediante a notificación da dita proposta.
4. Con carácter previo á práctica da liquidación provisional, a Administración tributaria municipal deberá comunicarlle ao obrigado tributario a proposta de liquidación para que alegue o que conveña ao seu dereito.
5. Ditada resolución nun procedemento de comprobación limitada, o Concello non poderá efectuar unha nova regularización en relación co obxecto comprobado ao que se refire o parágrafo a) do apartado 2 anterior salvo que nun procedemento de comprobación limitada ou inspección posterior se descubran novos feitos ou circunstancias que resulten de actuacións distintas das realizadas e especificadas na dita resolución.
6. Os feitos e os elementos determinantes da débeda tributaria respecto dos que o obrigado tributario ou o seu representante prestase conformidade expresa non poderán ser impugnados salvo que probe que incorreu en erro de feito.

ARTIGO 84. PETICIÓN DE CERTIFICADOS.

1. Os certificados dos actos ou resolucións da Xunta de Goberno Local e dos acordos dos demais órganos Colexiados decisorios, así como dos antecedentes, libros e documentos relativos á xestión tributaria serán expedidos polo secretario co visto e prace da Xunta. A comprobación dos datos e a redacción do documento correspóndelle ao xefe de Negociado ou inspector, baixo a responsabilidade do adxunto ao Servizo de Xestión Tributaria e de Facenda, que acreditará que o certificado foi expedido polo funcionario correspondente e seguindo o procedemento establecido. Igualmente comprobará que o contido do certificado corresponde coa petición e que esta foi feita por persoa ou entidade lexitimada para o efecto.
2. Os funcionarios que expidan os certificados comprobarán que se satisfixeron as taxas correspondentes.
3. Cando non proceda a expedición do certificado por non estar acreditada a personalidade e lexitimidade do peticionario, por non existir datos ou outra circunstancia, o xefe da dependencia encargada da súa emisión comunicarllo a aquel para que manifeste o que estime conveniente ou renuncie ao solicitado. Neste caso, procederase á devolución do importe da taxa que se ingresase. Se mantén a súa petición e non se estima posible a emisión do documento, denegarase mediante unha resolución motivada da Xunta de Goberno Local, por proposta do xefe de Sección.
4. Aquelas peticións de certificados que soliciten datos que figuren en varias áreas de xestión municipal, serán elaborados por aquela á que afecte máis directamente, baseándose en informes emitidos polas outras.

ARTIGO 85. CONFLICTO EN APLICACIÓN DA NORMA TRIBUTARIA.

1. Entenderase que existe conflito na aplicación da norma tributaria cando se evite total ou parcialmente a realización do feito impositivo ou se minore a base ou a débeda tributaria mediante actos ou negocios nos que concorran as seguintes circunstancias:
 - a) Que, individualmente considerados ou no seu conxunto, sexan notoriamente artificiosos ou impropios para a consecución do resultado obtido.
 - b) Que da súa utilización non resulten efectos xurídicos ou económicos relevantes, distintos do aforo fiscal e dos efectos que se obtivesen cos actos ou negocios usuais ou propios.
2. O expediente para declarar conflito en aplicación da débeda tributaria, iniciárase mediante moción razoada do xefe de sección da Adxuntía de Facenda, ou da Inspección. Corresponderalle á Xunta de Goberno Local ou concelleiro en quen delegue, ditar a resolución pola que se dá inicio ao expediente, que se lle notificará ao interesado e lle concederá un prazo de 15 días para presentar alegacións e achegar ou propoñer as probas que estime procedentes.

Para que a Administración municipal poida declarar o conflito na aplicación da norma tributaria será necesario un informe previo favorable da Comisión consultiva a que se refire o artigo 159 da LXT.
3. Nas liquidacións que se realicen como resultado do disposto neste artigo esixírase o tributo aplicando a norma que correspondese aos actos ou negocios usuais ou propios ou eliminando as vantaxes fiscais obtidas, e liquidaranse intereses de demora, sen que proceda a imposición de sancións.

ARTIGO 86. PROCEDEMENTO PARA A CONFECCIÓN E APROBACIÓN DE PADRÓNS PARA O COBRO DE TRIBUTOS PERIÓDICOS

1. Nos casos en que así se determine na propia ordenanza do tributo, a Administración municipal procederá a confeccionar, á vista das declaracións dos interesados, os datos dos que teña coñecemento e a inspección administrativa, os correspondentes padróns ou matrículas de obrigados tributarios, que terán a consideración de rexistro permanente e público e que se conservará a través de calquera procedemento, incluído o informático, que o Concello estableza.

Poderanse confeccionar matrículas ou padróns comprensivos de diversos tributos.

2. A publicación dos padróns realizarase a través da súa consulta directa nos períodos de exposición pública fixados para o efecto e a través da emisión de informes e certificados do seu contido, os cales non poderán expedirse, cando se refiran aos datos persoais dos obrigados tributarios, salvo que se conte coa autorización destes ou sexan solicitados pola autoridade xudicial ou no ámbito da colaboración entre as Administracións Públicas.
3. Unha vez constituída a matrícula ou padrón, todas as altas, baixas e alteracións que nel teñan lugar deberán ser aprobadas en virtude de acto administrativo, susceptible de ser obxecto de reclamación ou recurso.
4. Os obrigados tributarios estarán obrigados a poñer en coñecemento da Administración municipal, dentro do mes natural seguinte a aquel en que se produza, toda modificación sobrevida que poida orixinar alta, baixa ou alteración no padrón. Se as leis reguladoras ou as ordenanzas particulares non establecesen outro prazo, as alteracións e baixas nos tributos periódicos producirán efectos o primeiro día do período impositivo seguinte á data da súa presentación, tal como se establece no artigo 74 da presente ordenanza. Non será necesario declarar as alteracións de elementos tributarios que non alteren a cota tributaria.
5. O Concello poderá non notificar expresamente as variacións derivadas de declaracións formuladas polo obrigado tributario sempre que a alteración introducida no Padrón se corresponda exactamente co contido da dita declaración.

As ordenanzas poderán sinalar os supostos en que non será preceptiva a notificación expresa dos cambios introducidos no Padrón sempre que así se lle advirta por escrito ao presentador da declaración, documento ou parte de alta.

6. Os padróns ou matrículas que inclúan tributos de cobro periódico serán aprobados para cada período impositivo por resolución da Xunta de Goberno Local.
7. O padrón ou matrícula aprobado expoñerase ao público mediante un edicto que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan examinalo e formular as alegacións ou presentar os recursos que estimen pertinentes.

CAPÍTULO VII. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

SECCIÓN 1ª.

Normas comúns

ARTIGO 87. MEDIOS DE REVISIÓN.

Os actos e as actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderán revisarse mediante:

- a) Os procedementos especiais de revisión.
- b) O recurso de reposición.
- c) As reclamacións económico-administrativas.

As resolucións firmes dos órganos económico-administrativos, así como os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións sobre os que recaese resolución económico-administrativa, non poderán ser revisados en vía administrativa, calquera que sexa a causa alegada, salvo nos supostos de nulidade de pleno dereito, rectificación de erros e recurso extraordinario de revisión. As resolucións dos órganos económico-administrativos poderán ser declaradas lesivas conforme ao previsto no art. 90 desta ordenanza.

Cando fosen confirmados por sentenza xudicial firme, non serán revisables en ningún caso os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións nin as resolucións das reclamacións económico-administrativas.

SECCIÓN 2ª.

Procedementos especiais de revisión

ARTIGO 88. CLASES DE PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.

Son procedementos especiais de revisión os de:

- a) Revisión dos actos nulos de pleno dereito.
- b) Declaración de lesividade de actos anulables.
- c) Revogación.
- d) Rectificación de erros.
- e) Devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 89. DECLARACIÓN DE NULIDADE DE PLENO DEREITO.

Poderase declarar a nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria, así como das resolucións dos órganos económico - administrativos, que puxesen fin á vía administrativa ou contra os que non se recorre en prazo, nos seguintes supostos:

- a) Que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Que fosen ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.
- c) Que teñan un contido imposible.
- d) Que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Que fosen ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido para iso ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

O procedemento para declarar a nulidade poderase iniciar por acordo do órgano que ditou o acto ou por instancia do interesado.

Poderase acordar de xeito motivado a non admisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recadar ditame do órgano consultivo, cando o acto non sexa firme en vía administrativa ou a solicitude non se basee nalgunhas das causas de nulidade anteriormente establecidas ou careza manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se desestimase en canto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

No procedemento daráselle audiencia ao interesado e serán oídos aqueles aos que recoñeceu dereitos o acto ou cuxos intereses resultaron afectados por el.

A declaración de nulidade requirirá ditame favorable do Consello Consultivo da Xunta de Galicia.

A competencia para a resolución deste recurso correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

O prazo máximo para notificar a resolución expresa será dun ano dende que sexa presentada a solicitude polo interesado ou dende que se lle notifique o acordo de iniciación de oficio do procedemento. Transcorrido este prazo sen que se notificase resolución expresa producirá os seguintes efectos:

A caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen que iso impida que poida iniciarse de novo outro procedemento con posterioridade.

A desestimación por silencio administrativo da solicitude, se o procedemento se iniciase por instancia do interesado.

A resolución expresa ou presunta ou o acordo de non admisión a trámite das solicitudes dos interesados poñerán fin á vía administrativa.

ARTIGO 90. DECLARACIÓN DE LESIVIDADE.

1. Fóra dos casos de nulidade de pleno dereito e de rectificación de erros, a Administración municipal non poderá anular en prexuízo dos interesados os seus propios actos e resolucións.

As resolucións do Tribunal económico - administrativo municipal non poderán ser revistadas en vía administrativa calquera que sexa a causa alegada, excepto os supostos de nulidade de pleno dereito e rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

2. A Administración municipal poderá declarar lesivos para o interese público os seus actos e resolucións favorables aos interesados que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, co fin de proceder á súa posterior impugnación en vía contencioso - administrativa.

As resolucións do Tribunal Económico - Administrativo Municipal poderán ser declaradas lesivas conforme ao disposto nos artigos 213 e 218 da Lei xeral Tributaria.

A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos catro anos dende que se notificou o acto administrativo e esixirá a previa audiencia de cantos aparezan como interesados no procedemento, por un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, para que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen pertinentes

Transcorrido o trámite de audiencia, o órgano encargado da tramitación formulará proposta de resolución e, unha vez formulada, deberá solicitar informe da Asesoría Xurídica municipal sobre a procedencia de que o acto sexa declarado lesivo.

3. Transcorrido o prazo de tres meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarou a lesividade producirase a caducidade do mesmo.

4. A competencia para a declaración de lesividade corresponde ao Concelleiro Delegado de Facenda, por delegación da Alcaldía -Presidencia.

ARTIGO 91. REVOGACIÓN.

1. A Administración municipal poderá revogar os seus actos en beneficio dos interesados cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, cando circunstancias sobrevidas que afecten a unha situación xurídica particular poñan de manifesto a improcedencia do acto ditado, ou cando na tramitación do procedemento se producise indefensión aos interesados.

A revogación non poderá constituír, en ningún caso, dispensa ou exención non permitida polas normas tributarias, nin ser contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

2. A revogación só será posible mentres non transcorrese o prazo de prescrición.
3. O procedemento de revogación iniciárase sempre de oficio, e será competente para declarala o órgano que se determine regulamentariamente, que deberá ser distinto do órgano que ditou o acto.
No expediente darase audiencia aos interesados e deberá incluírse un informe do órgano con funcións de asesoramento xurídico sobre a procedencia da revogación do acto.
4. O prazo máximo para notificar resolución expresa será de seis meses dende a notificación do acordo de iniciación do procedemento.
Transcorrido o prazo establecido no parágrafo anterior sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.
5. As resolucións que se diten neste procedemento poñerán fin á vía administrativa.

ARTIGO 92. RECTIFICACIÓN DE ERROS.

1. O órgano ou organismo que ditase o acto ou a resolución da reclamación rectificará en calquera momento, de oficio ou por instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos, sempre que non transcorrese o prazo de prescrición.
En particular, rectificaranse por este procedemento os actos e as resolucións das reclamacións económico- administrativas nos que se incorrese en erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.

A resolución corraxirá o erro na contía ou en calquera outro elemento do acto ou resolución que se rectifica.

2. O prazo máximo para notificar resolución expresa será de seis meses dende que presente a solicitude o interesado ou dende que se lle notifique o acordo de iniciación de oficio do procedemento.
O transcurso do prazo previsto no parágrafo anterior sen que se notificase resolución expresa producirá os seguintes efectos:
 - a) A caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen que iso impida que poida iniciarse de novo outro procedemento con posterioridade.
 - b) A desestimación por silencio administrativo da solicitude, se o procedemento se iniciase por instancia do interesado.

3. As resolucións que se diten neste procedemento serán susceptibles de recurso de reposición e de reclamación económico-administrativa.

ARTIGO 93. DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciárase de oficio ou por instancia do interesado, nos seguintes supostos:

Cando se producise unha duplicidade no pago de débedas tributarias ou sancións.

Cando a cantidade pagada fose superior ao importe que hai que ingresar resultante dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.

Cando se ingresasen cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorrer os prazos de prescrición.

Cando así o estableza a normativa tributaria.

2. Terán dereito a solicitar a devolución de ingresos indebidos e a obter a devolución dos ingresos declarados indebidos, as persoas ou entidades reguladas no artigo 14 do Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

3. O dereito a obter a devolución de ingresos indebidos poderá recoñecerse:

No procedemento para o recoñecemento do dereito cando se trate dos supostos previstos no punto 1 do presente artigo.

Nun procedemento especial de revisión.

En virtude da resolución económico-administrativa ou en virtude dunha resolución xudicial firme.

Nun procedemento de aplicación de tributos.

Nun procedemento de rectificación de autoliquidación por instancia do obrigado tributario o doutros obrigados no suposto previsto no apartado 3 do artigo 14 do Real decreto 520/2005.

Por calquera outro procedemento establecido na normativa comunitaria.

No procedemento de devolución de ingresos indebidos seralle de aplicación o disposto no apartado 2 do artigo 92 desta ordenanza.

4. Cando o procedemento se inicie por instancia do interesado a solicitude deberá dirixirse ao órgano competente para resolver e deberá conter, ademais do regulado no artigo 2 do Real decreto 520/2005, os seguintes datos:
Xustificación orixinal do ingreso indebido. Os xustificantes do ingreso poderán substituírse pola mención exacta dos datos identificadores do ingreso realizado, entre eles, a data e o lugar de ingreso e o seu importe.
Declaración expresa do medio elixido polo que vaia realizarse a devolución.

Os medios de pago polos que poida optar o interesado serán:

Transferencia bancaria, para cuxo efecto terá que facer constar na súa solicitude o número de conta e os datos da entidade bancaria; compensación de acordo coa normativa aplicable.

Se é o caso solicitude de compensación.

5. A instrución do expediente será realizada pola dependencia administrativa que teña encomendada a xestión do tributo. Antes da resolución, o expediente será remitido á Intervención Municipal para o seu informe e fiscalización, procedéndose a acordar o pago por resolución do mesmo órgano que aprobase a liquidación. Con carácter previo á resolución, o Concello notificaralle ao obrigado tributario a proposta de resolución para que no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación, presente alegacións e os documentos e xustificantes que estime necesarios. Poderase prescindir deste trámite cando se teñan en conta outros feitos ou alegacións máis cás realizadas polo obrigado tributario ou cando a contía proposta para devolver sexa igual á solicitada, excluídos os intereses de demora.
6. Cando o acto de aplicación dos tributos ou de imposición de sancións en virtude do cal se realizou o ingreso indebido adquirise firmeza, unicamente se poderá solicitar a súa devolución instando ou promovendo a revisión do acto mediante algún dos procedementos especiais de revisión establecidos nos parágrafos a), c) e d) do artigo 84 desta ordenanza.
7. Cando un obrigado tributario considere que a presentación dunha autoliquidación deu lugar a un ingreso indebido, poderá instar a rectificación da autoliquidación de acordo co disposto no apartado 3 do artigo 75 desta ordenanza.
8. Na devolución de ingresos indebidos liquidaranse intereses de demora de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 15 desta ordenanza.
9. As resolucións serán acordadas pola Xunta de Goberno Local ou por delegación desta, polo concelleiro da Área de Facenda.
10. As resolucións que se diten neste procedemento serán susceptibles de recurso potestativo de reposición e de reclamación económico-administrativa.

SECCIÓN 3ª.

Recurso de reposición

ARTIGO 94. OBXECTO E NATUREZA DO RECURSO DE REPOSICIÓN.

Os actos ditados pola Administración susceptibles de reclamación económico-administrativa poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición, de acordo co disposto no artigo 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, no título III do Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa e nesta sección. O recurso de reposición deberá interpoñerse, se é o caso, con carácter previo á reclamación económico-administrativa.

Se o interesado interpuxese o recurso de reposición non poderá promover a reclamación económico-administrativa ata que o recurso se resolverse de forma expresa ou ata que poida ser considerado desestimado por silencio administrativo.

Cando no prazo establecido para recorrer se interpuxesen recurso de reposición e reclamación económico-administrativa que tivesen como obxecto o mesmo acto, tramitarase o presentado en primeiro lugar e declarárase inadmisíbel o segundo.

Ao interpoñer o recurso de reposición o interesado fará constar que non impugnou o mesmo acto en vía económico-administrativa. Se pese a iso se acreditase a existencia dunha reclamación sobre o mesmo asunto e anterior ao recurso de reposición, declararase a non admisión deste último e remitirase ao expediente que poida existir ao tribunal económico-administrativo que estea tramitando a reclamación.

ARTIGO 95. INICIACIÓN E TRAMITACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN.

Competencia para resolver. Será competente para coñecer e resolver o recurso de reposición o órgano que ditase o acto administrativo impugnado.

Prazo de interposición. O recurso de reposición interpoñerase dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación do acto recorrible o do seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. O prazo para recorrer o acto de aprobación de padróns ou matriculas de contribuíntes ou obrigados ao pagamento, será dun mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pago.

Lexitimación. Poderán interpoñer o recurso de reposición os suxeitos pasivos e, se é o caso, os responsables dos tributos, así como os obrigados a efectuar o ingreso de Dereito Público de que se trate. Tamén poderá interpoñelo calquera outra persoa cuxos intereses lexítimos e directos resulten afectados polo acto administrativo de xestión.

Representación e dirección técnica. Os recorrentes poderán comparecer por si mesmos ou por medio de representante, sen que sexa preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

Posta de manifesto do expediente. Se o interesado precisase o expediente de xestión ou as actuacións administrativas para formular as súas alegacións, deberá comparecer para tal obxecto ante a oficina xestora do tributo a partir do día seguinte á notificación do acto administrativo que se impugna e antes de que remate o prazo de interposición do recurso. A unidade administrativa ou entidade que teña encomendada a xestión, baixo a responsabilidade do seu xefe, terá a obriga de poñer de manifesto o contido do expediente estritamente relacionado co acto obxecto de impugnación ou a documentación relativa ás actuacións administrativas concretas que fosen expresamente solicitadas e garden relación co acto impugnado. Unha vez presentado o recurso non se poderá exercer o dereito a examinar o expediente para os efectos de formular alegacións.

Presentación do recurso. O escrito de interposición do recurso presentarase en calquera dos rexistros do Concello da Coruña ou nas dependencias ou oficinas a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A instrución corresponderalle á oficina xestora do tributo ou á Inspección, se é o caso, que recadarán os informes necesarios para formular a proposta de resolución que se dirixirá ao órgano do que proceda o acto impugnado. Na resolución do recurso de reposición examínanse todas as cuestións que se deriven do expediente e que fosen formuladas no recurso.

O recurso será resolto no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte á súa presentación, con excepción dos supostos regulados nas letras J) e K) do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, nos que o prazo se computará dende o día seguinte ao que se formulen as alegacións ou se deixen transcorrer os prazos sinalados. O recurso entenderase desestimado cando non recaese resolución en prazo. A denegación presunta non exime da obriga de resolver o recurso.

ARTIGO 96. SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACTO CONTRA O QUE SE RECORREU EN REPOSICIÓN.

1. A mera interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado.
Non obstante, por solicitude do interesado suspenderase a execución do acto impugnado nos seguintes supostos:

Cando se presente algunha das garantías previstas no apartado 2 do presente artigo.

Sen necesidade de presentar garantía, cando se aprecie que ao ditalo se puido incorrer en erro aritmético, material ou de feito.

Trátándose de sancións que fosen obxecto de recurso de reposición, a súa execución quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de presentar garantías ata que sexan firmes en vía administrativa.

Se a impugnación afectase a un acto censual relativo a un tributo de xestión compartida, non se suspenderá en ningún caso, por este feito, o procedemento de cobro da liquidación que poida efectuarse. Iso sen prexuízo de que, se a resolución que se dite en materia censual afectase ao resultado da liquidación aboada, se realice a correspondente devolución de ingresos.

2. As garantías necesarias para obter a suspensión automática á que se refire o apartado anterior serán exclusivamente as seguintes:
 - a) Depósito de diñeiro ou valores públicos.
 - b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.
 - c) Fianza persoal e solidaria doutros contribuíntes de recoñecida solvencia, só para débitos inferiores a 301,01 €. A condición de fiador deberá recaer en dúas persoas físicas ou xurídicas que non teñan a condición de interesados no procedemento recadatorio cuxa suspensión solicítase que, de acordo cos datos de que dispoña o órgano competente para suspender, estean ó corrente nas súas obrigas tributarias co Concello da Coruña e presenten unha situación económica que lles permita asumir o pagamento da débeda. O documento que se aporte indicará o carácter solidario dos fiadores con expresa renuncia ós beneficios de división e excusión.
3. Se o recurso non afecta á totalidade da débeda tributaria, a suspensión referirase á parte contra a que se recorreu, e quedará obrigado o recorrente a ingresar a cantidade restante.
4. Cando deba ingresarse total ou parcialmente o importe derivado do acto impugnado como consecuencia da resolución do recurso, liquidarase interese de demora por todo o período de suspensión, sen prexuízo do previsto no apartado 3 do artigo 212 da LXT.
5. A garantía deberá cubrir o importe do acto impugnado, os intereses de demora que xere a suspensión e as recargas que puidesen proceder no momento da solicitude de suspensión. Cando a garantía consista en depósito de diñeiro ou valores públicos, os intereses de demora serán os correspondentes a un mes se cobre só o recurso de reposición. Se estendese os seus efectos pola vía económico - administrativa, deberá cubrir ademais o prazo de seis meses se o procedemento da reclamación é o abreviado, dun ano se o procedemento da reclamación é o xeral.

6. A solicitude de suspensión presentárase ante o órgano que ditou o acto, que será competente para tramitala e resolvela. A dita solicitude deberá ir necesariamente acompañada do documento en que se formalice a garantía presentada, constituída a favor do órgano competente. Cando a solicitude non se presente coa garantía a que se refire o apartado 2 do presente artigo, non producirá efectos suspensivos e terase por non presentada para todos os efectos, e procederase ao arquivo da solicitude e á súa notificación ao interesado.

ARTIGO 97. RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN.

1. Será competente para coñecer e resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acto contra o que se recorreu.
Tratándose de actos ditados por delegación e salvo que nesta se diga outra cosa, o recurso de reposición resolverao o órgano delegado.
2. O órgano competente para coñecer do recurso de reposición non poderá absterse de resolver, sen que poida alegarse dúbida racional ou deficiencia dos preceptos legais.
A resolución conterá unha exposición sucinta dos feitos e os fundamentos xurídicos adecuadamente motivados que servisen para adoptar o acordo.
3. O prazo máximo para notificar a resolución será dun mes contado dende o día seguinte ao de presentación do recurso.
No cómputo do prazo anterior non se incluírá o período concedido para efectuar alegacións aos titulares de dereitos afectados aos que se refire ao parágrafo segundo do apartado 3 do artigo 232 da LXT, nin o empregado por outros órganos da Administración para remitir os datos ou informes que se soliciten. Os períodos non incluídos no cómputo do prazo polas circunstancias anteriores non poderán exceder de dous meses.
Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que fose notificada resolución expresa, e sempre que se acordase a suspensión do acto contra o que se recorreu, deixará de xerarse o interese de demora nos termos previstos no apartado 4 do artigo 40 desta ordenanza.
4. Transcorrido o prazo dun mes dende a interposición, o interesado poderá considerar desestimado o recurso co obxecto de interpoñer a reclamación procedente.
5. Contra a resolución dun recurso de reposición non pode interpoñerse de novo este recurso.

SECCIÓN 4ª

Reclamacións económico - administrativas

ARTIGO 98.

Rexeranse polo disposto no Regulamento do órgano para a resolución das reclamacións económico - administrativas municipal.

As solicitudes de suspensión que acompañen as reclamacións económico - administrativas presentaranse ante o órgano que dictó o acto, que será o competente para tramitala e resolvela, salvo que se formule con dispensa de garantía, nese caso o órgano competente será o propio Tribunal Económico Administrativo Municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O disposto nesta ordenanza será de aplicación supletoria respecto á normativa reguladora dos recursos non tributarios establecidos e esixidos polo Concello.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza, que consta de 98 artigos e unha disposición adicional, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 29 de decembro do 2015, comezará a rexer o día 1 de xaneiro do 2016, e seguirá en vigor mentres non se modifique ou derrogue.

REGULAMENTO DA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS MUNICIPAIS.

TÍTULO I NORMAS XERAIS

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL

ARTIGO 1 FUNDAMENTO E LEXISLACIÓN APLICABLE.

De conformidade co disposto no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 4 do Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos, o Concello da Coruña realizará a inspección dos seus tributos propios e colaborará na daqueles cuxa xestión estea a cargo do Estado rexéndose, en canto ás funcións, facultades e actuacións da inspección se refire, polas seguintes normas:

- a) Pola Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local e demais disposicións vixentes nesta materia.
- b) Pola Lei xeral tributaria, en canto esta ou outra disposición de igual rango non preceptúe o contrario.
- c) Pola Ordenanza xeral de xestión do Concello da Coruña e as ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos.
- d) Polo Regulamento xeral da inspección dos tributos.
- e) Polo presente regulamento.
- f) Por cantas outras disposicións integren o ordenamento xurídico vixente e resulten de aplicación. En todo caso, terán carácter supletorio as demais disposicións xerais de Dereito Administrativo.

ARTIGO 2 FUNCIÓNS DA INSPECCIÓN TRIBUTARIA.

A inspección tributaria municipal desenvolverase mediante os servizos de “Inspección” e de “Inspección auxiliar”, e as súas funcións administrativas van dirixidas a:

- a) A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración.
- b) A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.
- c) A realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos.
- d) A comprobación do valor dos dereitos, rendas, produtos, bens, patrimonios, empresas e demais elementos, cando sexa necesaria para a determinación das obrigas tributarias.

- e) A comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención de beneficios ou incentivos fiscais e devolucións tributarias, así como para a aplicación dos réximes tributarios especiais.
- f) A información aos obrigados tributarios con motivo das actuacións inspectoras sobre os seus dereitos e obrigas tributarias e a forma en que deban cumprir estas últimas.
- g) A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.
- h) A realización de actuacións de comprobación limitada.
- i) O asesoramento e informe a órganos da Administración tributaria municipal.
- j) A realización das intervencións tributarias de carácter permanente ou non permanente.
- k) As demais que se establezan noutras disposicións ou lle sexan encomendadas polas autoridades competentes.

ARTIGO 3.

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local e, por delegación, ao concelleiro da Área de Facenda, a inspección e a iniciativa do servizo, sen máis limitacións que as determinadas pola lei, regulamentos e ordenanzas.

ARTIGO 4.

Exercerá a Xefatura da Inspección de Tributos Municipal o xefe de servizo de Xestión Tributaria, a cuxo cargo estarán todos os traballos de organización e coordinación, e en tal aspecto corresponderalle:

- 1º) Dirixir a Inspección de Tributos Municipal.
- 2º) Perseguir as ocultacións e defraudacións contra a Facenda municipal.
- 3º) Ordenar as visitas especiais e extraordinarias que tivesen que efectuarse e vixiar a súa iniciación, desenvolvemento e remate.
- 4º) Fomentar, inspeccionar e coordinar a función inspectora en todos os seus aspectos.
- 5º) Contestar ás consultas que se lle formulen.
- 6º) Acordar que se realicen cantas visitas de inspección sexan necesarias aos servizos económicos, recadacións, axencias e demais oficinas relacionadas cos ingresos municipais e solicitar autorización da Xunta de Goberno Local en todos os casos, comunicándolle á secretaria e aos xefes respectivos, cando as visitas teñan que levarse a cabo en servizos municipalizados, empresas mixtas ou organismos similares e, se é o caso, complementando a acción inspectora, para casos concretos e específicos, mediante a organización de equipos especiais compostos por un inspector e o persoal municipal, alleo á inspección, que cada actuación inspectora demandase.
- 7º) As demais funcións que lle asigne este regulamento.

ARTIGO 5 PLANIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS

1. O exercicio das funcións propias da Inspección dos Tributos adecuarase aos correspondentes plans de actuacións inspectoras, sen prexuízo da iniciativa dos actuarios de acordo cos criterios de eficacia e oportunidade.
2. Anualmente formaranse os correspondentes plans de actuación da inspección, que se-

rán aprobados polo concelleiro delegado de Facenda a proposta do xefe do servizo. O rendemento mínimo dos inspectores fixarase de acordo co establecido nos citados plans.

3. Os criterios que informan os Plans de Inspección faranse públicos mediante a colocación dunha nota informativa no taboleiro de anuncios da Área Económica.

ARTIGO 6 FACULTADES DA INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS.

1. As actuacións inspectoras realizaranse mediante o exame de documentos, libros, contabilidade principal e auxiliar, ficheiros, facturas, xustificantes, correspondencia con transcendencia tributaria, bases de datos informatizadas, programas, rexistros e arquivos informáticos relativos a actividades económicas, así como mediante a inspección de bens, elementos, explotacións e calquera outro antecedente ou información que deba facilitársele á Administración ou que sexa necesario para a esixencia das obrigas tributarias.
2. Cando as actuacións inspectoras o requiran, os funcionarios que desenvolvan funcións de inspección dos tributos poderán entrar, nas condicións que regulamentariamente se determinen, nos terreos, locais de negocio e demais establecementos ou lugares en que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación, se produzan feitos impositivos ou supostos de feito das obrigas tributarias ou exista algunha proba deles.

Se a persoa baixo cuxa custodia se encontrasen os lugares mencionados no parágrafo anterior se opuxese á entrada dos funcionarios da inspección dos tributos, precísarase a autorización escrita do concelleiro delegado por proposta do Xefe de servizo de Xestión Tributaria.

Cando no exercicio das actuacións inspectoras sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido do obrigado tributario, a Administración deberá obter o consentimento daquel ou a oportuna autorización xudicial.

3. Os obrigados tributarios deberán atender á inspección e prestaranlle a debida colaboración no desenvolvemento das súas funcións.
- O obrigado tributario que fose requirido pola inspección deberá presentarse, por si ou por medio de representante, no lugar, día e hora sinalados para a práctica das actuacións, e deberá achegar ou ter a disposición da inspección a documentación e demais elementos solicitados.
- Excepcionalmente, e de forma motivada, a inspección poderá requirir a comparecencia persoal do obrigado tributario cando a natureza das actuacións que se van realizar así o esixa.

4. Os funcionarios que desempeñen funcións de inspección serán considerados axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición, se son requiridos para iso, fóra das oficinas públicas.

As autoridades públicas prestaranlles a protección e o auxilio necesario aos funcionarios para o exercicio das funcións de inspección.

ARTIGO 7. DOCUMENTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN

As actuacións da inspección dos tributos documentaranse en:

- a) Comunicacións. Son documentos a través dos cales a Administración lle notificará ao obrigado tributario o comezo do procedemento ou outros feitos ou circunstancias.

cias relativos a el ou efectúa os requirimentos que sexan necesarios a calquera persoa ou entidade. As comunicacións poderán incorporarse ao contido das dilixencias que se estendan.

Nas comunicacións farase constar o lugar e a data da súa expedición, a identidade da persoa ou entidade e o lugar aos que se dirixen, a identificación e a sinatura de quen as remita e os feitos ou circunstancias que se comunican ou o contido do requirimento que a través delas se efectúa.

- b) Dilixencias Son documentos públicos que se redactan para facer constar feitos, así como as manifestacións do obrigado tributario ou persoa coa que se entendan as actuacións. As dilixencias non poderán conter propostas de liquidacións tributarias.

Nas dilixencias constarán o lugar e a data da súa expedición, así como a dependencia, oficina, despacho ou domicilio onde se redacten, a identificación dos funcionarios ou axentes da inspección que subscriban a dilixencia, o nome e apelidos, número de documento nacional de identidade e a sinatura, se é o caso, da persoa coa que se entendan as actuacións, así como o carácter ou a representación con que intervén, a identidade do obrigado tributario a quen se refiran as actuacións e, finalmente, os propios feitos ou circunstancias que constitúen o contido propio da dilixencia.

Das dilixencias que se redacten entregaráselle sempre un exemplar á persoa coa que se entendan as actuacións. Se se negase a recibilo, seralle remitido por calquera dos medios admitidos en dereito.

Cando a natureza das actuacións inspectoras cuxo resultado se reflecta nunha dilixencia non requira a presenza dunha persoa coa que se entendan tales actuacións, a dilixencia será asinada unicamente polos actuarios, e remitiráselle un exemplar desta ao interesado de acordo co dereito.

- c) Informes. Os órganos da Administración emitirán, de oficio ou por petición de terceiros, os informes que sexan preceptivos conforme co ordenamento xurídico, os que soliciten outros órganos e servizos das Administracións públicas ou os poderes legislativo e xudicial, nos termos previstos nas leis, e os que resulten necesarios para a aplicación dos tributos.
- d) Actas. Son os documentos públicos que redacta a inspección dos tributos co fin de recoller o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, propoñendo a regularización que estime procedente da situación tributaria do obrigado ou declarándoa correcta.

CAPÍTULO II

INSPECTORES

ARTIGO 8.

1. As funcións propias da Inspección de Tributos Municipais serán desenvolvidas por dúas clases de inspectores, que se denominarán “inspectores de tributos” e “inspectores auxiliares”. Tales funcións estarán provistas por funcionarios municipais do cadro de persoal pertencentes, respectivamente, ás Subescalas de técnicos e de administrativos ou auxiliares de Administración Xeral.

Así mesmo, as funcións dos inspectores auxiliares poderán ser provistas por outros funcionarios con nivel asimilado.

2. Os inspectores de tributos dependerán, en canto ao desempeño do seu cometido, do inspector xefe. Os inspectores auxiliares dependerán directamente dos inspectores de tributos, de acordo coa estrutura e adscrición que se estableza. Así mesmo, poderán encomendárseles funcións de colaboración material a outros funcionarios municipais co carácter de colaboradores da inspección.
3. Os inspectores serán provistos dun documento de identidade expedido pola Alcaldía Presidencia e que, cando deixen de desempeñar o cargo, terá que ser devolto. Para os mesmos efectos de identificación, os nomeamentos e remates de desempeño do cargo dos inspectores terán que ser publicados no Boletín Oficial da Provincia.
4. No desenvolvemento das súas funcións, os inspectores poderán facer uso das facultades descritas no artigo 6 deste título.

ARTIGO 9.

Será competencia dos inspectores auxiliares, baixo a dirección dos inspectores de tributos, a realización de todas as funcións auxiliares, talles como actuacións de comprobación, investigación e toma de datos, así como toda actuación conxunta cos inspectores que, a xuízo da Xefatura do Servizo, fose necesaria.

ARTIGO 10.

Será competencia dos inspectores de tributos o exercicio das funcións que para o servizo prevé o artigo 2 deste regulamento, así como cumprir os deberes e realizar os traballos que reclame o Xefe de servizo a teor das atribucións que lle confire o artigo 4.

ARTIGO 11.

No desempeño das súas funcións, os inspectores de tributos, os inspectores auxiliares e o persoal colaborador observarán a máis exquisita cortesía. Os inspectores e os inspectores auxiliares deberán informar os obrigados tributarios sobre os seus deberes e dereitos na orde tributaria, e sobre a conduta que deben seguir nas súas relacións coa Administración municipal, apoiando as súas razóns con textos legais.

ARTIGO 12.

Os inspectores de tributos e os inspectores auxiliares deberán gardar sxiilo rigoroso e observar estrito segredo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu cargo.

ARTIGO 13.

Os cargos de inspectores serán incompatibles co exercicio de toda industria ou comercio e co desempeño da profesión de axente comercial, comisionista, representante, axente de publicidade, de seguros ou outras actividades análogas, e non poderán tampouco desempeñar cargos retribuídos ou gratuítos de conselleiro, administrador, empregado ou asesor de calquera empresa suxeita a tributación do municipio.

ARTIGO 14.

Tanto os inspectores de tributos como os inspectores auxiliares serán considerados axentes da autoridade cando leven a cabo as funcións inspectoras que lles correspondan. As autoridades públicas prestarán o auxilio necesario para o exercicio da función inspectora.

TÍTULO II PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN

CAPÍTULO I

NORMAS XERAIS

ARTIGO 15. OBXECTO DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN

1. O procedemento de inspección terá por obxecto comprobar e investigar o adecuado cumprimento das obrigas tributarias e nel procederase, se é o caso, á regularización da situación tributaria do obrigado mediante a práctica dunha ou varias liquidacións.
2. A comprobación terá por obxecto os actos, elementos e valoracións consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións.
3. A investigación terá por obxecto descubrir a existencia, se é o caso, de feitos con relevancia tributaria non declarados ou declarados incorrectamente polos obrigados tributarios.

ARTIGO 16 MEDIDAS CAUTELARES NO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN.

1. No procedemento de inspección poderanse adoptar medidas cautelares debidamente motivadas para impedir que desaparezan, que se destrúan ou alteren as probas determinantes da existencia ou o cumprimento de obrigas tributarias ou que se negue posteriormente a súa existencia ou exhibición.
As medidas poderán consistir, se é o caso, no precintado, depósito ou incautación das mercancías ou produtos sometidos a gravame, así como de libros, rexistros, documentos, arquivos, locais ou equipos electrónicos de tratamento de datos que poidan conter a información de que se trate.
2. As medidas cautelares serán proporcionadas e limitadas temporalmente aos fins anteriores sen que poidan adoptarse aquelas que poidan producir un prexuízo de difícil ou imposible reparación.
3. As medidas adoptadas deberán ser ratificadas polo órgano competente para liquidar no prazo de 15 días dende a súa adopción e levantarase se desaparecen as circunstancias que as motivaron.

CAPÍTULO II

INICIACIÓN E DESENVOLVEMENTO

ARTIGO 17 INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN

1. O procedemento de inspección comezase:
 - a) De oficio.
 - b) Por petición do obrigado tributario, nos termos establecidos no artigo 19 deste regulamento.

2. Os obrigados tributarios deben ser informados ao comezo das actuacións do procedemento de inspección sobre a natureza e alcance destas, así como dos seus dereitos e obrigas no curso de tales actuacións.

ARTIGO 18 ALCANCE DAS ACTUACIÓNS DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN.

1. As actuacións do procedemento de inspección poderán ter carácter xeral ou parcial.
2. As actuacións inspectoras terán carácter parcial cando non afecten á totalidade dos elementos da obriga tributaria no período obxecto da comprobación e en todos aqueles supostos que se sinalen regulamentariamente. Noutro caso, as actuacións do procedemento de inspección terán carácter xeral en relación coa obriga tributaria e período comprobado.
3. Cando as actuacións do procedemento de inspección terminasen cunha liquidación provisional, o obxecto destas non poderá regularizarse novamente nun procedemento de inspección que se inicie con posterioridade salvo que concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo a) do artigo 30 deste regulamento e exclusivamente en relación cos elementos da obriga tributaria afectados polas devanditas circunstancias.

ARTIGO 19 SOLICITUDE DO OBRIGADO TRIBUTARIO DUNHA INSPECCIÓN DE CARÁCTER XERAL.

1. Todo obrigado tributario que estea sendo obxecto dunhas actuacións de inspección de carácter parcial poderalle solicitar á Administración que estas teñan carácter xeral con respecto ao tributo e, se é o caso, períodos afectados, sen que tal solicitude interrompa as actuacións en curso.
2. O obrigado tributario deberá formular a solicitude no prazo de 15 días dende a notificación do inicio das actuacións inspectoras de carácter parcial.
3. A Administración deberá ampliar o alcance das actuacións ou comezar a inspección de carácter xeral no prazo de seis meses dende a solicitude. O incumprimento deste prazo determinará que as actuacións inspectoras de carácter parcial non interrompan o prazo de prescrición para comprobar e investigar o mesmo tributo e período con carácter xeral.

ARTIGO 20 PRAZO DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

1. As actuacións do procedemento de inspección deberán concluír no prazo de 12 meses contado dende a data de notificación ao obrigado tributario do seu comezo. Entenderase que as actuacións rematan na data en que se notifique ou se entenda notificado o acto administrativo resultante delas. Para os efectos de entender cumprida a obriga de notificar e de computar o prazo de resolución serán aplicables as regras contidas na Ordenanza xeral de xestión.

Non obstante, poderá ampliarse o devandito prazo, co alcance e requisitos que regulamentariamente se determinen, por outro período que non poderá exceder de 12 meses, cando nas actuacións concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando revistan especial complexidade. Entenderase que concorre esta circunstancia atendendo ao volume de operacións da persoa ou entidade, a dispersión xeográfica das súas actividades, a súa tributación en réxime de consolidación fiscal ou en réxime de transparencia fiscal internacional e naqueloutros supostos establecidos regulamentariamente.

- b) Cando no seu transcurso se descubra que o obrigado tributario lle ocultou á Administración tributaria algunha das actividades empresariais ou profesionais que realice.
Os acordos de ampliación do prazo legalmente previsto serán, en todo caso, motivados, con referencia aos feitos e fundamentos de dereito.
- 2. A interrupción inxustificada do procedemento inspector por non realizar ningunha actuación durante máis de seis meses por causas non imputables ao obrigado tributario ou o incumprimento do prazo de duración do procedemento ao que se refire o apartado 1 deste artigo non determinará a caducidade do procedemento, que continuará ata a súa terminación, pero producirá os seguintes efectos respecto ás obrigas tributarias pendentes de liquidar:
 - a) Non se considerará interrompida a prescrición como consecuencia das actuacións inspectoras desenvolvidas ata a interrupción inxustificada ou durante o prazo sinalado no apartado 1 deste artigo.
Nestes supostos, entenderase interrompida a prescrición polo reinicio das actuacións con coñecemento formal do interesado tras a interrupción inxustificada ou a realización de actuacións con posterioridade á finalización do prazo ao que se refire o apartado 1 deste artigo. En ambos os supostos, o obrigado tributario terá dereito a ser informado sobre os conceptos e períodos a que alcanzan as actuacións que vaian realizarse.
 - b) Os ingresos realizados dende o comezo do procedemento ata o reinicio das actuacións que fosen imputados polo obrigado tributario ao tributo e período obxecto das actuacións inspectoras terán o carácter de espontáneos para os efectos do artigo 38 da Ordenanza xeral de xestión.
Terán, así mesmo, o carácter de espontáneos os ingresos realizados dende o comezo do procedemento ata a primeira actuación efectuada con posterioridade ao incumprimento do prazo de duración do procedemento previsto no apartado 1 deste artigo e que fosen imputados polo obrigado tributario ao tributo e período obxecto das actuacións inspectoras.
- 3. O incumprimento do prazo de duración ao que se refire o apartado 1 deste artigo determinará que non se esixan intereses de demora dende que se produza o dito incumprimento ata o remate do procedemento.
- 4. Cando se pase o tanto de culpa á xurisdición competente ou se remita o expediente ao Ministerio Fiscal de acordo co previsto no apartado 1 do artigo 180 da Lei xeral tributaria, o dito traslado producirá os seguintes efectos con respecto ao prazo de duración das actuacións inspectoras:
 - a) Considerarase como un suposto de interrupción xustificada do cómputo do prazo das ditas actuacións.
 - b) Considerarase como causa que posibilita a ampliación de prazo, de acordo co disposto no apartado 1 deste artigo, no suposto de que o procedemento administrativo debese continuar por producirse algún dos motivos aos que se refire o apartado 1 do artigo 180 da Lei xeral tributaria.
- 5. Cando unha resolución xudicial ou económico - administrativa ordene a retroacción das actuacións inspectoras, estas deberán finalizar no período que reste dende o momento ao que se retrotraian as actuacións ata a conclusión do prazo ao que se refire o apartado 1 deste artigo ou en seis meses, se aquel período fose inferior. O citado prazo computarase dende a recepción do expediente polo órgano competente para executar a resolución. O disposto no parágrafo anterior tamén se aplicará aos procedementos administrativos

nos que, con posterioridade á ampliación do prazo, se pasase o tanto de culpa á xurisdición competente ou se remitise o expediente ao Ministerio Fiscal e debesen continuar por producirse algún dos motivos a que se refire o apartado 1 do artigo 180 da Lei xeral tributaria. Neste caso, o citado prazo computarase dende a recepción da resolución xudicial ou do expediente devolto polo Ministerio Fiscal polo órgano competente que deba continuar o procedemento.

CAPÍTULO III

LUGAR E TEMPO DAS ACTUACIÓNS.

ARTIGO 22. LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

1. As actuacións inspectoras poderán desenvolverse indistintamente, segundo determine a inspección:
 - a) No lugar onde o obrigado tributario teña o seu domicilio fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu domicilio, despacho ou oficina.
 - b) No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.
 - c) No lugar onde exista algunha proba, polo menos parcial, do feito impoñible ou do presuposto de feito da obriga tributaria.
 - d) Nas oficinas da Administración tributaria, cando os elementos sobre os que teñan que realizarse as actuacións poidan ser examinados nelas. A inspección poderá presentarse sen comunicación previa nas empresas, oficinas, dependencias, instalacións ou almacéns do obrigado tributario, entendéndose as actuacións con este ou co encargado ou responsable dos locais.
2. Os libros e demais documentación aos que se refire o apartado 1 do artigo 6 deste regulamento deberán ser examinados no domicilio, local, despacho ou oficina do obrigado tributario, na súa presenza ou na da persoa que designe, salvo que o obrigado tributario consinta o seu exame nas oficinas públicas. Non obstante, a inspección poderá analizar nas súas oficinas as copias en calquera soporte dos mencionados libros e documentos.
3. Tratándose dos rexistros e documentos establecidos por normas de carácter tributario ou dos xustificantes esixidos por estas aos que se refire o parágrafo c) do apartado 2 do artigo 83 da Ordenanza xeral de xestión, poderá requirirse a súa presentación nas oficinas da Administración tributaria para o seu exame.
4. Regulamentariamente poderanse establecer criterios para determinar o lugar de realización de determinadas actuacións de inspección.
5. Cando o obrigado tributario fose unha persoa con discapacidade ou con mobilidade reducida, a inspección desenvolverase no lugar que lle resulte máis apropiado a ela, de entre os descritos no apartado 1 deste artigo.

ARTIGO 23. HORARIO DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

1. As actuacións que se desenvolvan en oficinas públicas realizaranse dentro do seu horario oficial de apertura ao público e, en todo caso, dentro da xornada de traballo vixente.
2. Se as actuacións se desenvolven nos locais do interesado respectarase a xornada laboral de oficina ou da actividade que se realice neles, coa posibilidade de que poida actuarse de común acordo noutras horas ou días.

CAPÍTULO IV

TERMINACIÓN DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

ARTIGO 24. CONTIDO DAS ACTAS.

As actas que documenten o resultado das actuacións inspectoras deberán conter, polo menos, as seguintes mencións:

- a) O lugar e a data da súa formalización.
- b) O nome e apelidos ou razón social completa, o número de identificación fiscal e o domicilio fiscal do obrigado tributario, así como o nome, apelidos e número de identificación fiscal da persoa coa que se entenden as actuacións e o carácter ou representación con que intervéñen nelas.
- c) Os elementos esenciais do feito impositivo ou presuposto de feito da obriga tributaria e da súa atribución ao obrigado tributario, así como os fundamentos de dereito en que se basee a regularización.
- d) Se é o caso, a regularización da situación tributaria do obrigado e a proposta de liquidación que proceda.
- e) A conformidade ou desconformidade do obrigado tributario coa regularización e coa proposta de liquidación.
- f) Os trámites do procedemento posteriores á acta e, cando esta sexa con acordo ou de conformidade, os recursos que procedan contra o acto de liquidación derivado da acta, órgano ante o que tivesen que presentarse e prazo para interpoñelos.
- g) A existencia ou inexistencia, en opinión do actuario, de indicios da comisión de infraccións tributarias.
- h) As demais que se establezan regulamentariamente.

ARTIGO 25 VALOR PROBATORIO DAS ACTAS.

1. As actas redactadas pola inspección dos tributos teñen natureza de documentos públicos e fan proba dos feitos que motiven a súa formalización, salvo que se acredite o contrario.
2. Os feitos aceptados polos obrigados tributarios nas actas de inspección presúmense certos e só poderán rectificarse mediante proba de ter incorrido en erro de feito.

ARTIGO 26 CLASES DE ACTAS SEGUNDO A SÚA TRAMITACIÓN

1. Para os efectos da súa tramitación, as actas de inspección poden ser con acordo, de conformidade ou de desconformidade.
2. Cando o obrigado tributario ou o seu representante se negue a recibir ou subscribir a acta, esta tramitase como de desconformidade.

ARTIGO 27 ACTAS CON ACORDO

1. Cando para a elaboración da proposta de regularización deba concretarse a aplicación de conceptos xurídicos indeterminados, cando resulte necesaria a apreciación dos feitos determinantes para a correcta aplicación da norma ao caso concreto, ou cando sexa preciso realizar estimacións, valoracións ou medicións de datos, elementos ou características relevantes para a obriga tributaria que non poidan cuantificarse de forma certa, a Administración tributaria, con carácter previo á liquidación da débeda tributaria, poderá

concretar a devandita aplicación, a apreciación daqueles feitos ou a estimación, valoración ou medición mediante un acordo co obrigado tributario nos termos previstos neste artigo.

2. Ademais do disposto no artigo 24 desta ordenanza, a acta con acordo incluírá necesariamente o seguinte contido:
 - a) O fundamento da aplicación, estimación, valoración ou medición realizada.
 - b) Os elementos de feito, fundamentos xurídicos e cuantificación da proposta de regularización.
 - c) Os elementos de feito, fundamentos xurídicos e cuantificación da proposta de sanción que no seu caso proceda, á que será de aplicación a redución prevista no apartado 1 do artigo 51 da Ordenanza xeral de xestión, así como a renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.
 - d) Manifestación expresa da conformidade do obrigado tributario coa totalidade do contido a que se refiren os parágrafos anteriores.
3. Para a subscrición da acta con acordo será necesaria a concorrencia dos seguintes requisitos:
 - a) Autorización do órgano competente para liquidar, que poderá ser previa ou simultánea á subscrición da acta con acordo.
 - b) A constitución dun depósito, aval de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, de contía suficiente para garantir o cobro das cantidades que poidan derivarse da acta.
4. O acordo perfeccionarase mediante a subscrición da acta polo obrigado tributario ou o seu representante e a inspección dos tributos.
5. Entenderase producida e notificada a liquidación e, se é o caso, imposta e notificada a sanción, nos termos das propostas formuladas, se transcorridos 10 días contados dende o seguinte á data da acta non se lle notificase ao interesado o acordo do órgano competente para liquidar rectificando os erros materiais que puidese conter a acta con acordo.

Confirmadas as propostas, o depósito realizado aplicarase ao pago das ditas cantidades. Se se presentase aval ou certificado de seguro de caución, o ingreso deberá realizarse no prazo ao que se refire o apartado 2 do artigo 37 da Ordenanza xeral de xestión, sen posibilidade de aprazar ou fraccionar o pagamento.

6. O contido da acta con acordo entenderase integramente aceptado polo obrigado e pola Administración tributaria. A liquidación e a sanción derivadas do acordo só poderán ser obxecto de impugnación ou revisión en vía administrativa polo procedemento de declaración de nulidade de pleno dereito previsto no artigo 89 da Ordenanza xeral de xestión, e sen prexuízo do recurso que poida proceder en vía contencioso-administrativa pola existencia de vicios no consentimento.
7. A falta de subscrición dunha acta con acordo nun procedemento inspector non poderá ser motivo de recurso ou reclamación contra as liquidacións derivadas de actas de conformidade ou desconformidade.

ARTIGO 28 ACTAS DE CONFORMIDADE

1. Con carácter previo á sinatura da acta de conformidade concederáselle trámite de audiencia ao interesado para que alegue o que conveña ao seu dereito.

2. Cando o obrigado tributario ou o seu representante manifeste a súa conformidade coa proposta de regularización que formule a inspección dos tributos, farase constar expresamente esta circunstancia na acta.
3. Entenderase producida e notificada a liquidación tributaria de acordo coa proposta formulada na acta se, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á data da acta, non se lle notificase ao interesado acordo do órgano competente para liquidar, con algún dos seguintes contidos:
 - a) Rectificando erros materiais.
 - b) Ordenando completar o expediente mediante a realización das actuacións que procedan.
 - c) Confirmando a liquidación proposta na acta.
 - d) Estimando que na proposta de liquidación existiu erro na apreciación dos feitos ou indebida aplicación das normas xurídicas e concedéndolle ao interesado prazo de audiencia previo á liquidación que se efectúe.
4. Para a imposición das sancións que poidan proceder como consecuencia destas liquidacións será de aplicación a redución prevista no apartado 1 do artigo 51 da Ordenanza xeral de xestión.
5. Aos feitos e elementos determinantes da débeda tributaria respecto dos que o obrigado tributario ou o seu representante prestou a súa conformidade, seralles de aplicación o disposto no apartado 2 do artigo 25 deste regulamento.
6. Nas actas de conformidade seguiranse os seguintes trámites:
 - a) Formalizada a acta, de acordo co previsto neste regulamento, o inspector realizará o informe complementario.
 - b) Procederase, se é o caso, á aprobación do acto administrativo de liquidación por parte do órgano municipal competente, segundo prevén o artigo 30 deste regulamento.
 - c) O expediente remitirase á Intervención para a súa fiscalización e toma de razón.
 - d) A liquidación aprobada notificaráselle ao interesado na forma legalmente prevista.

ARTIGO 29. ACTAS DE DESCONFORMIDADE

1. Con carácter previo á sinatura da acta de desconformidade concederáselle trámite de audiencia ao interesado para que alegue o que conveña ao seu dereito.
2. Cando o obrigado tributario ou o seu representante non subscriban a acta ou manifesten a súa desconformidade coa proposta de regularización que formule a inspección dos tributos, farase constar expresamente esta circunstancia na acta, á que se acompañará un informe do actuario no que se expoñan os fundamentos de dereito en que se basee a proposta de regularización.
3. No prazo de 15 días dende a data en que se redactase a acta ou dende a súa notificación, o obrigado tributario poderá formular alegacións ante o órgano competente para liquidar.
4. Antes de ditar o acto de liquidación, o órgano competente poderá acordar a práctica de actuacións complementarias nos termos que se fixen regulamentariamente.
5. Recibidas as alegacións, o órgano competente ditará a liquidación que proceda, que lle será notificada ao interesado.

6. Nas actas de desconformidade, unha vez cumpridos os trámites anteriores e emitido o informe pola oficina xestora do respectivo tributo ou manifestada a súa conformidade co da inspección, observarase o disposto nos números a), b), c) e d) do apartado 6 do artigo precedente.

ARTIGO 30. LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS NO PROCEDIMENTO DE INSPECCIÓN.

Poderán ditarse liquidacións provisionais no procedemento de inspección nos seguintes supostos:

- a) Cando algún dos elementos da obriga tributaria se determine en función dos correspondentes a outras obrigas que non fosen comprobadas, que fosen regularizadas mediante liquidación provisional ou mediante liquidación definitiva que non fose firme, ou cando existan elementos da obriga tributaria cuxa comprobación con carácter definitivo non fose posible durante o procedemento, nos termos que se establezan regulamentariamente.
- b) Cando proceda formular distintas propostas de liquidación en relación cunha mesma obriga tributaria. Entenderase que concorre esta circunstancia cando o acordo ao que se refire o artigo 27 deste regulamento non inclúa todos os elementos da obriga tributaria, cando a conformidade do obrigado non se refira a toda a proposta de regularización, cando se realice unha comprobación de valor e non sexa o obxecto único da regularización e no resto de supostos que estean previstos regulamentariamente.

ARTIGO 31

Corresponderalle á Xunta de Goberno Local ditar os actos administrativos de liquidación tributaria que procedan.

ARTIGO 32

A actuación da Inspección de Tributos exclúe a posibilidade por parte do contribuínte de promover voluntariamente a súa regularización tributaria ante as oficinas xestoras incorrendo, se así o fíxese, na infracción que en cada caso se aprecie.

CAPÍTULO V

DISPOSICIÓNES ESPECIAIS

ARTIGO 33 APLICACIÓN DO MÉTODO DE ESTIMACIÓN INDIRECTA

1. Cando resulte aplicable o método de estimación indirecta, a inspección dos tributos achegará xunto coas actas incoadas para regularizar a situación tributaria dos obrigados tributarios un informe razoado sobre:
 - a) As causas determinantes da aplicación do método de estimación indirecta.
 - b) A situación da contabilidade e rexistros obrigatorios do obrigado tributario.
 - c) A xustificación dos medios elixidos para a determinación das bases, rendementos ou cotas.
 - d) Os cálculos e as estimacións efectuados en virtude dos medios elixidos.
2. A aplicación do método de estimación indirecta non requirirá acto administrativo previo

que o declare, pero nos recursos e reclamacións que procedan contra os actos e liquidacións resultantes poderán formularse a procedencia da aplicación do devandito método.

3. Os datos, documentos ou probas relacionados coas circunstancias que motivaron a aplicación do método de estimación indirecta unicamente poderán ser tidos en conta na regularización ou na resolución dos recursos ou reclamacións que se interpoñan contra ela nos seguintes supostos:
 - a) Cando se proporcionen con anterioridade á proposta de regularización. Neste caso, o período transcorrido dende a apreciación das devanditas circunstancias ata a achega dos datos, documentos ou probas non se incluírá no cómputo do prazo ao que se refire o artigo 20 deste regulamento.
 - b) Cando o obrigado tributario demostre que os datos, documentos ou probas proporcionados con posterioridade á proposta de regularización foron de imposible presentación no procedemento. Neste caso, ordenarase a retroacción das actuacións ao momento en que se apreciaron as mencionadas circunstancias.

ARTIGO 34 INFORME PRECEPTIVO PARA A DECLARACIÓN DO CONFLITO NA APLICACIÓN DA NORMA TRIBUTARIA

1. De acordo co establecido no artigo 15 da Lei xeral tributaria, para que a inspección dos tributos poida declarar o conflito na aplicación da norma tributaria deberá emitirse previamente un informe favorable da Comisión consultiva que se constitúa, nos termos que se establezan regulamentariamente, por dous representantes do órgano competente para contestar as consultas tributarias escritas, actuando un deles como presidente, e por dous representantes da Administración tributaria actuante.
2. Cando o órgano actuante estime que poden concorrer as circunstancias previstas no apartado 1 do citado artigo 15 comunicarllo ao interesado, e concederlle un prazo de 15 días para presentar alegacións e proporcionar ou propoñer as probas que estime procedentes.
Recibidas as alegacións e efectuadas, se é o caso, as probas procedentes, o órgano actuante remitiralle o expediente completo á Comisión consultiva.
3. O tempo transcorrido dende que se lle comunique ao interesado a procedencia de solicitar o informe preceptivo ata a recepción do dito informe polo órgano de inspección será considerado como unha interrupción xustificada do cómputo do prazo das actuacións inspectoras previsto no artigo 20 deste regulamento.
4. O prazo máximo para emitir o informe será de tres meses dende a remisión do expediente á Comisión consultiva. O devandito prazo poderá ser ampliado mediante acordo motivado da comisión consultiva, sen que esta ampliación poida exceder dun mes.
5. Transcorrido o prazo ao que se refire o apartado anterior sen que a Comisión consultiva emitise o informe, reiniciarase o cómputo do prazo de duración das actuacións inspectoras, e manterase a obriga de emitir o devandito informe, aínda que se poderán continuar as actuacións e, se é o caso, ditar a liquidación provisional respecto dos demais elementos da obriga tributaria non relacionados coas operacións analizadas pola Comisión consultiva.
6. O informe da Comisión consultiva vinculará ao órgano de inspección sobre a declaración do conflito na aplicación da norma.

7. O informe e os demais actos ditados en aplicación do disposto neste artigo non serán susceptibles de recurso ou reclamación, pero nos que se interpoñan contra os actos e liquidacións resultantes da comprobación poderá formularse a procedencia da declaración do conflito na aplicación da norma tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente regulamento, que consta de 34 artigos, foi aprobado polo Pleno na sesión realizada o día 19 de decembro do 2008, comezará a rexer a partir do 1 de xaneiro do 2009 e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLA SUBMINISTRACIÓN E UTILIZACIÓN DE AUGA POTABLE E SERVIZOS AUXILIARES.

CAPÍTULO I.- NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación coa Disposición adicional primeira da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o Concello da Coruña establece unha prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de subministración e utilización de auga potable no Termo Municipal da Coruña, a que se refire o artigo 20. 4 t) do propio Real Decreto Legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza.

A prestación do servizo de subministración da auga potable debe considerarse como un dereito do ser humano a dispoñer de auga suficiente, salubre, aceptable, e asequible para o uso persoal e doméstico.

As tarifas e demais dereitos económicos, pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. A prestación de servizos obxecto das tarifas e demais dereitos económicos regulados na presente ordenanza é a subministración de auga potable, tanto doméstica como non doméstica, as ampliacións, modificacións ou reformas e melloras nas redes de distribución solicitadas por un cliente ou usuario do servizo, as actuacións de reconexión de subministracións, as comprobacións de contador efectuadas e as ampliacións de rede derivadas do desenvolvemento do planeamento urbanístico, así como aquelas outras accesorias ao servizo de subministración de auga potable.

Os devanditos servizos públicos serán prestados pola entidade subministradora, Empresa Municipal de Augas da Coruña, SA (EMALCSA), sociedade mercantil de capital público integralmente subscrito polo Concello da Coruña, con suxeición ao disposto no Regulamento para a prestación do servizo de Abastecemento de Augas da Coruña vixente.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Están obrigados ao pagamento os titulares do contrato de subministración, solicitantes ou destinatarios dos servizos. Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios da subministración ou servizos regulados nesta ordenanza

CAPÍTULO II.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS.

ARTIGO 3. ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS.

Os usos domésticos están definidos no artigo 2 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

O prezo pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable a usos domésticos estará constituído por dous elementos tarifarios: un de carácter fixo pola dispoñibilidade do servizo de abastecemento, e outro de carácter variable en función da súa utilización efectiva medida polo volume, expresado en metros cúbicos, de auga consumida.

3.1. TARIFA XERAL PARA USOS DOMÉSTICOS.

3.1.1. COTA FIXA.

En concepto de cota fixa da tarifa de auga por dispoñibilidade do servizo, e como cantidade fixa aboable periodicamente a toda subministración en vigor, aplicaráselle os importes mensuais de acordo co caudal nominal do contador instalado, en zona de uso común do inmovible e de fácil e libre acceso, en m³/hora, definido segundo a UNE en 14154-1, e que se indican na Táboa 1.

No caso de que varias vivendas, ou locais, se sirvan dun mesmo contador, se o valor que corresponda aplicar segundo a táboa é menor que o resultado de multiplicar o número de vivendas e/ou locais polo prezo aplicado ao contador de 2,5 m³/h en euros/mes (IVE excluído), tomarase este último resultado.

Táboa 1. Tarifas por cota fixa

Caudal nominal	€/mes
2,5 m ³ /h ou inferior.....	5,00
3,5 m ³ /h.	11,54
6,0 m ³ /h.	16,63
10,0 m ³ /h.	28,99
15,0 m ³ /h	46,11
25,0 m ³ /h	90,48
40,0 m ³ /h	118,12
60,0 m ³ /h	184,64
100,0 m ³ /h	288,34
150,0 m ³ /h	415,83
250,0 m ³ /h	737,40
600,0 m ³ /h	1.661,85

No caso de subministracións eventuais controladas por contadores móbiles, e obras, en concepto de cota por dispoñibilidade do servizo, e como cantidade fixa aboable periodicamente, aplicaráselle os importes mensuais que en función do seu contador instalado, e segundo o seu caudal nominal, se indican na Táboa 2:

Táboa 2.- Tarifas cota fixa eventuais (mínimo 1 mes)

Caudal nominal	€/mes
3,5 m3/h. ou inferior.....	194,00
6,0 m3/h.	265,50
10,0 m3/h.	589,26

Nos casos en que sexa preciso utilizar equipos móbiles de medida, estes serán facilitados pola Entidade Subministradora, establecéndose unha fianza, en concepto de garantía sobre a súa devolución.

3.1.2. COTA VARIABLE

Establécese un prezo por metro cúbico consumido, distribuído en tres bloques segundo a táboa 3:

Táboa 3.- tarifa por bloques DOMÉSTICO

BLOQUE	€/m3
Bloque 1.- Ata 6 m3/mes	0,1354
Bloque 2.- De 7 a 15 m3/mes	0,3489
Bloque 3.- Máis de 15 m3/mes.....	0,3804

